



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 126

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 27 de outubro de 2015

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección de tres membros do Consello Social da Universidade da Coruña

Punto 2. Debate de toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. Mixto, pola que se regula a recuperación extraxudicial de débedas (doc. núm. 33884 (33907), 09/PPLC-000015)

Publicación da iniciativa, BOPG n° 422, do 25.02.2015

Punto 3. Comparecencias en pleno

41761 (09/CPP-000353)

Do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar do inicio do curso 2015-2016 no ensino non universitario de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n° 527, do 30.09.2015

Punto 4. Mocións

4.1 42291 (09/MOC-000141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sistema educativo en Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 38367, publicada no BOPG núm. 509, do 27.08.2015, e debatida na sesión plenaria do 29.09.2015)

Publicación da iniciativa, BOPG n° 531, do 07.10.2015

4.2.42301 (09/MOC-000142)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de camas hospitalarias e de persoal, así como a situación das listas de espera no Sergas. (Moción a consecuencia

da Interpelación núm. 37755, publicada no BOPG núm. 477, do 10.06.2015, e debatida na sesión plenaria do 29.09.2015)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 531, do 07.10.2015

4.3 42371 (09/MOC-000144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sustentabilidade do sistema sanitario público de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 39353, publicada no BOPG núm. 504, do 10.08.2015, e debatida na sesión plenaria do 20.09.2015)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 531, do 07.10.2015

Punto 5. Propositions non de lei en pleno

5.1 32229 (09/PNP-002339)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel, e sete deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a cobertura poboacional da vacinación contra a gripe

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 05.02.2015

5.2 36883 (09/PNP-002697)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para garantirles a todas as mulleres a posibilidade de acceso ás técnicas de reprodución asistida no Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 460, do 06.05.2015

5.3 38792 (09/PNP-002823)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia relativas aos datos incluídos na Memoria sobre a situación económica e social de Galicia do ano 2014, aprobada polo Consello Económico e Social de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 28.08.2015

5.4 39451 (09/PNP-002873)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen, e dous deputados/as máis

Sobre o inicio dunha campaña de concienciación contra a violencia de xénero dirixida ao medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 511, do 02.09.2015

5.5 40031 (09/PNP-002915)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a creación dunha comisión parlamentaria de estudo para o rural galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 511, do 02.09.2015

5.6 40391 (09/PNP-002940)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro, e dous deputados/as máis

Sobre a reanudación por parte da Xunta de Galicia das negociacións co Concello de Vigo para incluír o transporte urbano Vitrasa nos servizos do Plan de transporte metropolitano

Publicación da iniciativa, BOPG nº 515, do 09.09.2015

5.7 41477 (09/PNP-003008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para o mantemento do emprego e da produción nas plantas de Alcoa da Coruña e San Cibrao, así como a demanda ao Goberno central da modificación do marco regulador da enerxía eléctrica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 527, do 30.09.2015

5.8 42479 (09/PNP-003097)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da nova política de restrición dos investimentos anunciada polo grupo Volkswagen no sector dos compoñentes da automoción

Publicación da iniciativa, BOPG nº 534, do 14.10.2015

Punto 6. Interpelacións

6.1 32754 (09/INT-001222)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos resultados da política seguida en materia de dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 411, do 06.02.2015

6.2 34172 (09/INT-001261)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sánchez Bugallo, José Antonio, e dous deputados/as máis

Sobre a subsidación de préstamos de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 426, do 05.03.2015

6.3 41057 (09/INT-001540)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier

Sobre o pechamento de centros públicos de ensino no medio rural galego para o curso 2015-2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 520, do 16.09.2015

Punto 7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

7.1 42897 (09/POPX-000149)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a creación dunha dirección xeral para abordar o problema demográfico de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 539, do 21.10.2015

7.2 42920 (09/POPX-000150)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre os problemas que presenta o novo hospital de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 539, do 21.10.2015

7.3 42928 (09/POPX-000151)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as razóns do cesamento da Sra. conselleira de Sanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 539, do 21.10.2015

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 41074 (09/POP-003760)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel, e sete deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución dos datos turísticos en Galicia ao longo do ano 2015

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 23.09.2015

8.2 42491 (09/POP-003908)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da realización dunha investigación en relación coas novas referentes á intención dun grupo neonazi de sufragar a defensa dos presuntos autores do falecemento dunha persoa, de xeito violento, o 30 de decembro de 2014 nas inmediacións do estadio Manzanares, en Madrid

Publicación da iniciativa, BOPG nº 534, do 14.10.2015

8.3 40473 (09/POP-003710)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro, e Nóvoa López, Enrique

Sobre as previsións do Goberno galego para a licitación do proxecto construtivo de conexión do polígono industrial de San Cibrao das Viñas coa autovía A-52

Publicación da iniciativa, BOPG nº 515, do 09.09.2015

8.4 42128 (09/POP-003857)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e tres deputados/as máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para dotar a Costa da Morte dun servizo público de transporte de calidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 531, do 07.10.2015

8.5 41962 (09/POP-003841)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da remisión ao Parlamento de Galicia do informe elaborado por unha consultoría en relación co proxecto do novo hospital de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 531, do 07.10.2015

8.6 42549 (09/POP-003913)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da recuperación da vixencia do artigo 19 do Convenio único de persoal laboral da Xunta de Galicia nos centros de Benestar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 534, do 14.10.2015

8.7 42927 (09/PUP-000219)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e seis deputados/as máis

Sobre as previsións do novo conselleiro de Política Social respecto do acordo cos representantes sociais dos traballadores de novas quendas de traballo nas residencias de persoas maiores, centros de menores e centros de atención ás persoas con discapacidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 539, do 21.10.2015

8.8 42907 (09/PUP-000218)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para posibilitar o mantemento da actividade da frota do cerco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 539, do 21.10.2015

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

A señora presidenta, antes de entrar na orde do día, propón aos membros da Cámara que se garde un minuto de silencio como sinal de repulsa contra a violencia de xénero e na memoria da vítima de Ponte Sampaio. (Páx. 9.)

Todos os membros da Cámara e demais asistentes á sesión, postos en pé, gardan un minuto de silencio. (Páx. 9.)

Elección de tres membros do Consello Social da Universidade da Coruña. (Punto primeiro da orde do día.)

A señora presidenta anuncia que, en cumprimento do disposto no artigo 79 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, se vai proceder á elección de tres vacantes no Consello Social da Universidade da Coruña. (Páx. 9.)

A continuación, explica o procedemento que se vai seguir para a dita elección. (Páx. 9.)

O señor secretario, Balseiro Orol, fai o chamamento, por orde alfabética, das deputadas e dos deputados, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fan os deputados membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa. (Páx. 9.)

Efectuado o escrutinio, acadada a maioría simple, resultan elixidos membros do Consello Social da Universidade da Coruña, don Eduardo Álvarez González, don Luís Ramiro Díaz López e don Luís Felipe Lamas Gómez, (Páx. 9.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. Mixto, pola que se regula a recuperación extraxudicial de débedas. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sra. Iglesias Sueiro (M). (Páx. 10.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Jorquera Caselas (BNG) (Páx. 12.), Sra. Díaz Pérez (AGE) (Páx. 13.), Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 15.) e Sr. Trenor López (P). (Páx. 16.)

Rolda de réplica: Sra. Iglesias Sueiro (M). (Páx. 19.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. Mixto, pola que se regula a recuperación extraxudicial de débedas: rexeitada por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 20.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta comunícalle á Cámara que as preguntas ao Goberno números 41074, do Grupo Parlamentario Popular, 42491, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e 42907, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, se debaterán á última hora da tarde, a continuación da proposición non de lei número 5. (Páx. 20.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar do inicio do curso 2015-2016 no ensino non universitario de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 20.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Iglesias Sueiro (M) (Páx. 28.), Sr. Pombo Rodríguez (BNG) (Páx. 29.), Sr. Vázquez Díaz (AGE) (Páx. 31.), Sr. Docasar Docasar (S) (Páx. 33.) e Sr. Fariñas Sobrino (P) (Páx. 36.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 38.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 43.) Nesta rolda interveñen a Sra. Iglesias Sueiro (M). (Páx. 43.), o Sr. Pombo Rodríguez (BNG) (Páx. 44.), o Sr. Vázquez Díaz (AGE) (Páx. 45.), o Sr. Docasar Docasar (S). (Páx. 46.), o Sr. Fariñas Sobrino (P) (Páx. 48.) e o Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 49.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sistema educativo en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Docasar Docasar (S). (Páx. 51.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Iglesias Sueiro (M) (Páx. 53.), Sr. Pombo Rodríguez (BNG) (Páx. 54.), Sr. Ron Fernández (AGE) (Páx. 55.) e Sr. Fariñas Sobrino (P) (Páx. 56.)

Nova intervención do señor Docasar Docasar (S). (Páx. 57.)

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de camas hospitalarias e de persoal, así como a situación das listas de espera no Sergas. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta moción. (Páx. 58.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 58.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Martínez García (M) (Páx. 60.) e Sra. Acuña do Campo (S). (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Solla Fernández (AGE) (Páx. 62.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 63.)

A señora Prado Cores (BNG) interveñen para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate. (Páx. 64.)

Suspéndese a sesión ás tres e once minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e tres minutos.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sustentabilidade do sistema sanitario público de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta moción. (Páx. 65.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Acuña do Campo (S).* (Páx. 66.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 68.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 69.) e *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 70.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Santalices Vieira (P).* (Páx. 71.)

A señora Acuña do Campo (S) intervéñ para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate. (Páx. 73.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sistema educativo en Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de camas hospitalarias e de persoal, así como a situación das listas de espera no Sergas: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sustentabilidade do sistema sanitario público de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e sete deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a cobertura poboacional da vacinación contra a gripe. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 74.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Santalices Vieira (P).* (Páx. 75.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Martínez García (M).* (Páx. 77.) e *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 78.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 79.) e *Sra. Acuña do Campo (S)* (Páx. 80.)

O señor Santalices Vieira (P) intervéñ para posicionarse respecto das emenda e pechar o debate. (Páx. 81.)

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para garantirles a todas as mulleres a posibilidade de acceso ás técnicas de reprodución asistida no Sergas. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 82.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 82.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Gallego Calvar (S)* (Páx. 84.) e *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)* (Páx. 85.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 86.) e *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 87.)

A señora Iglesias Sueiro (M) intervén para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate. (Páx. 88.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Yolanda Díaz Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia relativas aos datos incluídos na Memoria sobre a situación económica e social de Galicia do ano 2014, aprobada polo Consello Económico e Social de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 88.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 90.), *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 91.), *Sra. Gallego Calvar (S)* (Páx. 92.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 93.)

Nova intervención da señora Díaz Pérez (AGE). (Páx. 94.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo e dous deputados/as máis, sobre o inicio dunha campaña de concienciación contra a violencia de xénero dirixida ao medio rural. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 95.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 96.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 98.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 99.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 100.) e *Sra Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 101.)

A señora Acuña do Campo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate. (Páx. 103.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a creación dunha comisión parlamentaria de estudo para o rural galego. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 104.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 106.), *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 107.), *Sr. García García (S)*. (Páx. 108.) e *Sra. García Pacín (P)*. (Páx. 109.)

Nova intervención do señor Sánchez García (AGE). (Páx. 111.)

Pregunta de D^a Cristina Isabel Romero Fernández e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución dos datos turísticos en Galicia ao longo do ano 2015.
(Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Romero Fernández (P)*. (Páx. 112.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*. (Páx. 112.)

Réplica da autora: *Sra. Romero Fernández (P)*. (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*. (Páx. 113.)

Pregunta de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas e D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da realización dunha investigación en relación coas novas referentes á intención dun grupo neonazi de sufragar a defensa dos presuntos autores do falecemento dunha persoa, de xeito violento, o 30 de decembro de 2014 nas inmediacións do estadio Manzanares, en Madrid.
(Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 114.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*. (Páx. 115.)

Réplica do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 115.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*. (Páx. 116.)

Pregunta de D. José Ramón Val Alonso e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para posibilitar o mantemento da actividade da frota do cerco. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Val Alonso (S)*. (Páx. 116.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar*. (Páx. 117.)

Réplica do autor: *Sr. Val Alonso (S)*. (Páx. 118.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar*. (Páx. 118.)

Suspéndese a sesión ás oito e corenta e cinco minutos da noite.

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA: A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non se procede á súa lectura. Non se xustificaron inasistencias.

Antes de entrar na orde do día, señorías, eu quero pedir que gardemos un minuto de silencio como sinal de repulsa contra a violencia de xénero e na memoria da última vítima, na madrugada do pasado sábado, en Ponte Sampaio.

(Todos os membros da Cámara, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas. Agardamos que non se repita nunca xamais.

Elección de tres membros do Consello Social da Universidade da Coruña

A señora PRESIDENTA: Entramos na orde do día co punto primeiro, de elección de tres membros do Consello Social da Universidade da Coruña.

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do 28 de setembro de 2015, tivo coñecemento das tres vacantes como membros do Consello Social da Universidade da Coruña de don Marcelino Castro-Rial Schuler, don Andrés Vicente Salgueiro Armada e dona Emma Lustres Gómez, por expiración do seu mandato o primeiro e por renuncia dos outros dous elixidos por esta Cámara. En cumprimento do disposto no artigo 79 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, procede elixir tres persoas para cubrir as vacantes.

A elección, de conformidade co disposto nos apartados 1.2 e 2 do artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia, será secreta, mediante papeletas e chamamento por orde alfabética. A expresión do voto efectuarase introducindo na urna a papeleta previamente entregada polos servizos da Cámara, na que constan os nomes dos candidatos propostos polos grupos parlamentarios, marcando cunha aspa (X) os recadros. Considérase voto en branco de non marcar ningún recadro. Considérase voto nulo cando se escribisen os nomes doutras persoas e outros sinais. E, efectuado o escrutinio, proclamaranse elixidos os candidatos se obteñen maioría simple.

Estanse empezando a repartir as papeletas. Polo tanto, unha vez que estean repartidas, comezaremos a votación por chamamento por orde alfabética, feito polo secretario da Mesa.

¿Todos os deputados e todas as deputadas teñen xa a papeleta? *(Pausa.)*

Prégolle ao vicepresidente primeiro e á señora vicesecretaria que se sitúen onde a urna para a recollida das papeletas. O señor secretario pode proceder ao chamamento das súas señorías.

(O señor secretario, Balseiro Orol, fai o chamamento, por orde alfabética, das deputadas e dos deputados, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fano os deputados membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa.)

A señora PRESIDENTA: ¿Queda algún deputado ou algunha deputada por exercer o seu voto? *(Negación.)*

Entón, procedemos ao escrutinio.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

A señora PRESIDENTA: Efectuado o escrutinio, deu o seguinte resultado: votos emitidos 71; votos a favor de don Eduardo Álvarez González, 20; votos a favor de don Luís Ramiro Díaz López, 42; votos a favor de don Luís Felipe Llamas Gómez, 42; votos en branco, 9.

Acadada a maioría simple, proclamamos elixidos membros do Consello Social da Universidade da Coruña a don Eduardo Álvarez González, don Luís Ramiro Díaz López e don Luís Felipe Llamas Gómez.

Rematado este punto, continuamos co desenvolvemento da orde do día, co punto 2, de textos lexislativos.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. Mixto, pola que se regula a recuperación extraxudicial de débedas

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para presentar a súa proposición de lei, a representante do Grupo Parlamentario Mixto, dona Carmen Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bo día a todas, señorías.

Bo día, presidenta.

O xerme desta proposición de lei que se presenta hoxe neste hemiciclo para a súa toma en consideración son os feitos que esta deputada presenciou no seu lugar de residencia. Unha empresa de cobro de morosos, cun estridente coche, percorre o lugar para facerse ben visible e pór en aviso as veciñas e veciños, que saen a ver qué pasa. O coche detense diante dunha das casas, das que sae unha muller maior e un home novo, aos que aldraxan, insultan, e todos e todas as que concorren ven como son humilladas e a súa honra e dignidade vulneradas. Todo para intentar cobrar unha débeda e deixar ben patente que esas persoas tiñan unha débeda, algo que pertence á súa intimidade.

O que alí ocorreu, segundo o meu criterio, non pode ter cabida nun Estado de dereito. Pero ante a impunidade coa que operan estas empresas de cobro, o baleiro legal respecto destas actuacións, dende o exercicio das funcións que o cargo de deputada me outorga, e coa colaboración de dúas avogadas –ás que saúdo, porque se atopan arriba–, Isabel Isorna Díaz, e Rocío Rodríguez Enríquez, que elaboraron a lei, presento esta proposición de lei perante este Parlamento para a súa toma en consideración.

Necesidade de regulación reivindicada polas principais asociacións que agrupan as empresas de recuperación extraxudicial de débedas, xa que España é un dos poucos estados da Unión Europea que carece de regulación nesta materia. O Estado español é un dos poucos a nivel europeo que adoece dunha total falta de regulación na materia de recuperación extraxudicial de débedas.

Ademais, a actual crise económica fixo aumentar notablemente os recobramentos das débedas e, polo tanto, os operadores dedicados a esta actividade.

O obxectivo do texto é evitar as prácticas ilícitas; por exemplo, a vulneración do dereito ao honor, á intimidade e á propia imaxe, coaccións, ameazas e vexacións, entre outras. Aínda que a maioría dos profesionais de recobro utilizan medios legais... (*Murmurios.*) Rogo silencio, porque case non me podo concentrar.

A señora PRESIDENTA: Perdón.

Silencio, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Aínda que a maioría dos profesionais de recobro utilizan medios legais e lícitos, hai outros que, coas súas actuacións, lesionan gravemente os dereitos fundamentais das persoas.

Así, resulta por todos coñecida a proliferación no noso país de empresas de cobro de non pagamentos que basean a súa xestión na difusión pública da condición de moroso, e no fustrigamento abusivo e atentatorio contra os dereitos das persoas. Algunhas destas entidades utilizan prácticas como enviar cobradores disfrazados que perseguen as persoas debedoras, comunicar a débeda ao seu entorno social, chamar por teléfono a altas horas da noite, utilizar unha linguaxe ofensiva ou incluso proferir ameazas.

Sobre esta cuestión tivo ocasión de pronunciarse o Tribunal Supremo, confirmando a condena a unha empresa de recuperación extraxudicial de débedas por intromisión ilexítima no dereito ao honor das persoas debedoras –Sentenza do Tribunal Supremo número 306/2001, do 2 de abril–.

Naquela ocasión, o Alto Tribunal considerou que a actuación dos empregados da empresa de cobros, que pretendían que as persoas que se atopaban presentes no establecemento e os veciños dos demandantes tiveran coñecemento da presunta morosidade dos debedores, tiña evidente carácter intimidante ou vexatorio.

No mesmo senso, existen numerosas sentenzas ditadas pola xurisprudencia menor, nas que se condena a empresas de cobro de non pagamentos por intromisión ilexítima no dereito ao honor. Por todas, a Sentenza da Audiencia Provincial de Ourense número 45000/2009, do 11 de febreiro, e tamén a Sentenza da Audiencia Provincial de Vizcaya número 358/2005, do 11 de maio.

Unha regulación do sector permitiría proporcionar instrumentos de protección para a cidadanía previos ao recurso vía xudicial. Co actual estado de cousa, as cidadás e cidadáns afectados por estas condutas, ¿que solución teñen? Pois, lamentablemente, ante esta situación de incerteza, só lles queda acudir á sede xudicial, carecendo o noso sistema de instrumentos de protección *ex ante*.

Exposta esta lamentable situación, señorías, o problema que nos ocupa é o da grande inseguridade xurídica existente neste eido. Produciuse no noso país un baleiro legal no sector da recuperación extraxudicial de débedas que xerou o caldo de cultivo idóneo para a proliferación de malas prácticas que, como sociedade, temos a responsabilidade de erradicar.

A necesidade de regulación non só vén reclamada dende hai tempo de xeito contundente polos tribunais de xustiza, senón tamén polas asociacións sectoriais, que reclaman un marco legal para o exercicio da súa profesión que lles aporte a máis elemental seguridade xurídica, que impida o intrusismo e que remate con comportamentos pouco éticos e ilícitos dalgunhas empresas integrantes do sector e que prexudican o resto.

Pois ben, dada a situación actual de incerteza que favorece a aparición e persistencia de condutas ilícitas, e, en ocasións, atentatorias contra os dereitos constitucionalmente recoñecidos, como o dereito ao honor, á intimidade e á propia imaxe, temos a responsabilidade como Cámara de colmar esta lagoa normativa para impedir na medida do posible que estes abusos se poidan perpetuar e producir.

A pesar de que a competencia para a aprobación dunha lei do contido que nos ocupa corresponde ao Congreso dos Deputados, non podemos obviar as responsabilidades que contén o noso papel como representantes da cidadanía do noso país perante a existencia deste problema, que está a afectar de forma grave aos dereitos das galegas e dos galegos. É por iso que presentamos esta proposición de lei para a súa toma en consideración por esta Cámara e posterior remisión ao Congreso, por ter atribuídas este as competencias na materia mencionada.

O texto que presentamos está baseado na lexislación europea comparada. Polo que respecta á elaboración do texto, dada a inexistencia total de regulación no noso Estado, baseámonos na abundante lexislación comparada europea, e fundamentalmente a existente en Francia, Alemaña, Italia, Grecia e Austria.

Do traballo realizado resultou o texto que agora se presenta, que ten como puntos máis destacados os seguintes:

Con respecto ao ámbito de aplicación da lei, este é extenso, entendendo incluídas non só aquelas persoas físicas ou xurí-

dicas que actúan por conta de terceiros que contratan os seus servizos, senón tamén as que recobran no seu propio nome, como titulares dun crédito, sexa cal sexa a súa forma societaria, como é o caso das entidades de crédito ou empresas financeiras. Todo iso coa finalidade de dificultar ao máximo a produción neste contexto de condutas contrarias á dignidade da persoa e constitutivas de delito.

Punto B. Con respecto aos requisitos e obrigas das empresas de recuperación extraxudicial de débedas, establécese no texto unha regulación pormenorizada dos mesmos dende un punto de vista técnico e de seguridade. Contempláronse tamén certas exixencias e cautelas con respecto ao persoal director e traballador das empresas que pretenden promover a profesionalización e a especialización das persoas que se dedican a un ámbito tan sensible como é o do cobro de non pagamentos.

Apartado C. Créase no texto legal un rexistro de empresas de recuperación de créditos, tal e como xa se contempla nas leis de estados do noso entorno, coma no texto italiano ou no grego. Este paso parécenos fundamental porque constitúe unha garantía para as propias empresas de cobro extraxudicial. Con esta medida, saberase a ciencia certa que entidades conforman o sector e posibilitarase a exixencia ás mesmas de certos requisitos, apoiando a aquelas que xa seguen na actualidade determinadas pautas incluídas en códigos éticos de cumprimento voluntario e erradicando a mala praxe no cobro ás persoas debedoras.

Apartado D. En canto ás actividades que comprenden a recuperación de créditos e procedemento de recobro, tense previsto que o procedemento para o recobro extraxudicial teña a súa propia canle procedimental. Tal previsión pretende ser un garante tanto para as empresas, que deste xeito contarán cun referente sólido das condutas que resulten lécitas e serán capaces de acreditar dun modo sinxelo a súa actuación conforme a dereito, como para as persoas debedoras, cuxa situación xurídica será de menor vulnerabilidade fronte ás malas prácticas. Tamén se contempla a posibilidade de levar a cabo un labor mediador, que finalice co pago do importe, sen necesidade de acudir á vía xudicial, pasando polo tratamento e conservación dos datos que necesariamente haberá de manexar a empresa de recuperación de créditos.

Apartado E —último apartado—. Con respecto ao procedemento sancionador, prevénse unha serie de condutas prohi-

bidar, coa finalidade de que o texto non quede nunha mera declaración de intencións ou nun código de boas prácticas. Resulta necesario prever que ocorrerá cando se produzan as infraccións que nel se establecen. Así, a presente lei dedica o seu título V ao tratamento das infraccións e sancións; unha parte na que se tivo moi presente a realidade do sector nos nosos días e a problemática xudicial suscitada conseguintemente. A competencia sancionadora é encomendada ao Banco de España, dentro do marco establecido polo artigo 7.6 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, que lle permite atribuír a competencia a este organismo a través do presente texto legal.

Trátase dun texto completo, que trata de abordar o tema que nos ocupa dende as múltiples perspectivas susceptibles de xerar conflito e que dota a sociedade de medios para erradicar, dunha vez por todas, a inseguridade xurídica presente no sector, que tanto dano vén facendo tanto á garantía dos dereitos cidadáns como á meirande parte dos profesionais do mesmo que traballan dunha maneira ética e acorde coa legalidade.

O tema da recuperación extraxudicial das débedas, polo que se expuxo ata o de agora, debería suscitar un interese transversal e máis aló dos propios grupos políticos da Cámara. É por iso que se apela neste intre á responsabilidade das súas señorías nun tema tan sensible como o que temos entre mans, para acadar un consenso que permita a aprobación da presente proposición de lei para a súa remisión ás Cortes do Estado español. Non pode ser doutro xeito, señorías, toda vez que está en xogo a defensa de dereitos constitucionais da cidadanía, como antes se dixo.

Moitas grazas. Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Iglesias.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Deputados, deputadas, bo día.

El zorro cobrador, el payaso cobrador, el romano, el cobrador del frac –non teño isto moi ben ordenado–... Se me per-

miten a brincadeira, unha das razóns polas que é necesaria a regulación da recuperación extraxudicial das débedas é para ver se dunha vez se acaba con esta horterada. Mais en absoluto pretendo frivolar, señoras e señores deputados, porque, brincadeiras á parte, estamos a falar dun tema moi serio.

Detrás desas figuras esperpénticas del zorro cobrador, el payaso cobrador, e outras figuras que parecen extraídas dunha película de Berlanga, ocúltanse moitas veces prácticas atentatorias contra os dereitos humanos máis elementais. Por iso quero comezar dando os parabéns, en nome do Grupo Parlamentar do BNG, ao Grupo Mixto por presentar esta proposición de lei.

O dereito do acredor a reclamar extraxudicialmente a débeda está contemplado no Código civil. Así, o artigo 1.096 establece que, cando o que deba entregarse sexa unha cousa determinada, o acredor pode compeler ao debedor a que realice a entrega. Porén, o exercicio deste dereito non pode con- levar condutas atentatorias contra os dereitos fundamentais.

Quero lembrar que o artigo 18 da Constitución española reconece como un dereito fundamental da persoa o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. E por se este artigo pertencese á abondosa relación de dereitos recoñecidos na Constitución española que acabaron convertidos en papel mollado, lémbrolles tamén que o Pacto internacional de dereitos civís e políticos, subscrito polo Estado español, reconece o dereito á vida privada e familiar, e, concretamente, establece no seu artigo 17 que ninguén será obxecto de inxerencias arbitrarias ou ilegais na súa vida privada, a súa familia, o seu domicilio ou a súa correspondencia; nin de ataques ilegais á súa honra e reputación. Establece tamén que toda persoa ten dereito á protección da lei contra esas inxerencias e ataques.

Porén, o baleiro legal existente na recuperación extraxudicial das débedas provoca que as persoas debedoras estean nunha absoluta situación de inseguridade xurídica, e que dereitos fundamentais como o dereito ao honor, á intimidade e á propia imaxe sexan sistematicamente vulnerados.

Non dubidamos de que a maioría dos profesionais que se dedican ao cobro de débedas utilizan métodos legais e lícitos, pero a falla de regulación provoca que existan empresas e persoas que se valen de prácticas intimidatorias e coacti-

vas, de condutas vexatorias e denigrantes que atentan contra a dignidade das persoas. Trátase, ademais, dun problema en aumento; a crise provocou un forte incremento das débedas e da morosidade; un problema, ademais, agravado —como temos denunciado tantas veces neste Parlamento— polas dificultades de acceso ao financiamento que padecen pemeas e familias. Por outra banda, ese incremento das débedas e a morosidade provocou unha proliferación das empresas que operan no sector, dando lugar a múltiples casos de intrusismo e á proliferación de comportamentos pouco éticos por parte de moitos destes operadores.

Como di o grupo proponente na exposición de motivos da proposición de lei, o Estado español é o único Estado da Unión Europea no que non está regulado o recobro extraxudicial das débedas. Non hai ningunha lei, orde ministerial ou regulamento que —valla a redundancia— regule esta actividade; e incluso os propios tribunais de Xustiza reclaman dos poderes públicos remedio a esta situación. Como tamén o reclaman moitas empresas, para así acabar co intrusismo e as malas prácticas.

Nesta iniciativa, nesta proposición de lei, propónse —entre outras cousas— crear un rexistro de empresas; establecer os requisitos que estas empresas deben de cumprir para poder operar; establecer tamén os procedementos que deben seguir no exercicio do seu labor. Propónse regular o tratamento dos datos persoais para asegurar a protección da confidencialidade; propón tamén establecer un réxime sancionador.

Coincidimos con moitas das propostas contidas nesta proposición de lei, outras ofrécennos máis dúbidas, pero, en calquera caso, parécenos pertinente, parécenos necesario, regular, acabar co baleiro legal existente. Polo tanto, coincidimos —e isto é fundamental— co fondo que inspira esta proposición de lei porque está en xogo algo tan importante como a protección dos dereitos fundamentais. Por esa razón anuncio xa que o Bloque Nacionalista Galego vai votar a favor da toma en consideración desta proposición de lei, porque isto é o que se vai facer neste trámite: pronunciarnos sobre se admitimos a necesidade da súa toma en consideración. Creo que hai razóns evidentes, razóns abondosas, para así facelo; e, polo tanto, reitero o noso voto favorable.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor Jorquera.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Ten a palabra dona Yolanda Díaz Pérez.

A señora DÍAZ PÉREZ: Bos días a todos e a todas.

En primeiro lugar, anunciar o voto favorable da Alternativa a esta iniciativa, e mesmo tamén dar os parabéns porque cremos que, sen lugar a dúbidas, vén cubrir un baleiro relevante no ordenamento xurídico do noso Estado. Por tanto, claro que imos apoiar a mesma.

É certo —como plantexa a propia iniciativa— que na orde dos países da nosa contorna, Portugal e mesmo o Estado español son dos poucos que non teñen unha regulación que impida xustamente o espectáculo ou a vulneración de dereitos que o noso Estado está a permitir. Somos dos poucos que, como se ten recollido na iniciativa, efectivamente, carecemos desa regulación legal. Aínda que é certo que —como xa dixo o señor Jorquera— o artigo 1.096 do Código civil —aínda que é un texto de 1789 moi complexo, de moi atrás— fala da entrega das cousas, é certo que carecemos dunha regulación. E é certo tamén que o artigo 21 da actual norma da Lei de emprendemento do Estado incorpora só unha parte de recoñecemento extraxudicial das débedas nos casos particulares de concursos de acredores. Pero o certo e verdade é que no que atinxe ás chamadas empresas de recobros, ou ben no que atinxe á especial vulnerabilidade das persoas que están nunha situación de morosidade como consecuencia da crise, non hai ningún tipo de regulación no noso Estado.

Estaría ben que deramos datos, porque o certo e verdade é que dende o ano 2005, no que apenas había morosidade no noso Estado, os datos que temos xa do ano 2013 permiten falar de que as persoas acadan, no que atinxe ás débedas privadas, un incremento de incumprimento —é dicir, de imposibilidade material de pagalas— do 12 %. E mesmo tamén, segundo os datos que se coñecen, podemos ter en torno a entre 800 e 1.000 empresas que circulan e operan no tráfico mercantil con certas non opacidades, senón irregularidades manifestas no que atinxe ás vulneracións de dereitos.

Aínda que non hai unha regulación expresa, é certo que os tribunais veñen protexendo e veñen denunciando esta situación dende a primeira sentenza que se ditou no noso Estado,

que foi no ano 1995, o 30 de decembro de 1995, e que fixou ou condicionou as condicións que permiten avaliar como abusivas as prácticas que producen esas empresas ou mesmo como vulneradoras de dereitos fundamentais; entre eles o dereito á intimidade, o dereito á dignidade, o dereito ao honor das persoas afectadas por unha situación persoal de crise económica. Nun país, como dicimos sempre, no que é tremendo... É dicir, as empresas teñen dereito a quebrar e teñen procedementos específicos; sen embargo, as persoas que están afectadas por unha situación de crise que non causaron elas, pois, efectivamente, non teñen ningún tipo de procedemento especial a pesar das múltiples ocasións nas que nas Cortes Xerais –xa disoltas– os grupos que representamos si levaron iniciativas xustamente para permitir isto no que atinxe ás persoas afectadas.

¿De que se trata aquí? Do que se trata é xustamente de cubrir un baleiro legal. ¿De que se trata aquí? Trátase de protexer a vulnerabilidade das persoas afectadas. ¿De que se trata aquí? Trátase substancialmente de evitar eses espectáculos bochornosos que estamos case acostumadas a vivir, algo lamentable, insisto.

E no que atinxe á propia iniciativa que se plantexa por parte da señora Iglesias, nós imos darlle o visto bo, claro que si. O que pasa é que si que no trámite posterior temos, digamos, matices no propio formulamento da norma. Como, por exemplo, temos discrepancias sobre se debe ser o Ministerio do Interior o que rexente esta competencia, temos moitas discrepancias respecto de se debe ser o órgano reitor o Banco de España, o que debe xestionar este tipo de procedementos nas dúas partes, é dicir, na parte instrutora dos procedementos e na parte sancionadora. Cremos que debe haber proximidade, é dicir, debe de ser unha das competencias que teña a nosa nación e que poida, ademais, liderar para garantir a protección dos dereitos das persoas afectadas. Temos tamén discrepancias no que atinxe aos prazos, porque a norma esbozada –pero a iso iremos despois, máis adiante– fala de trinta días, por exemplo, no trámite de alegacións, cando, por exemplo, nun trámite ordinario xudicial son vinte días hábiles que nos colocarían nunha media de corenta ou corenta e cinco. É dicir, realmente hai aspectos que non compartimos da cuestión concreta, pero na globalidade da protección, dende logo, claro que si.

E, sobre todo, claro que si sorprende moito, porque acaba de haber unha modificación exprés na disposición adicional

primeira da Lei de axuízamento civil por parte do Partido Popular. Digo “exprés” porque se mudou algo moi relevante no que atinxe ás prescricións de débedas na cultura xurídica deste país, que pasan de quince anos a cinco anos, modificación exprés que fai o Partido Popular e que vai ter aspectos relevantes de protección para as persoas afectadas por esta cuestión. Pero si que houbo como un olvido por parte, dende logo, do lexislador da cobertura desta cuestión.

E, sen lugar a dúbidas, claro que é absolutamente relevante ao que insta a iniciativa, como fan outros estados, por exemplo no caso do Estado francés, da República Francesa, pois, efectivamente, o que fan é regulamentar aspectos pequenos pero relevantes respecto do que ten que ver co rexistro das empresas dedicadas ao recobro extraxudicial das débedas e mesmo tamén ese elemento central que é o que invoca esta norma, esta proposta, que é un procedemento específico para levalo adiante. Entón, son elementos centrais e, sobre todo, unha cuestión de globalidade tamén, e é que é protexer as vítimas desta crise que está sendo convertida nunha auténtica estafa, alén de todo ese escarnio público ao que se somete as persoas, que lamentablemente son moitas e están vivindo –insisto– estas consecuencias da propia crise.

E, por outra banda, o que si teñen dito os tribunais..., o que pasa que obrigar as persoas a meterse nun proceso xudicial na realidade actual, coas taxas, co que supón de dificultades o propio trámite da xustiza gratuíta e moitos outros elementos, é un factor de obstáculo absoluto. E si que o que ten dito a xustiza –algunhas das sentenzas se ditan na propia iniciativa, pero hai moitas dos tribunais galegos sobre esta cuestión– dende logo é que non pode permitirse a substitución da *vis coactiva* do Estado dende logo en aras dos intereses particulares ou privados dunha empresa que ademais atenta contra os dereitos fundamentais das persoas.

Por tanto, remato como empecei, os parabéns por esta iniciativa, e esperamos que siga para diante no trámite, a pesar de que despois, no caso de que saia adiante, nós teremos aportacións discrepantes respecto dalgunha das cuestións que se plantexan. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Díaz.

Polo Grupo Socialista, a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Eu vou comezar cun exemplo real, no que eu participei na miña profesión. Un home que, digamos, que se chama Manuel, é un bo home, tiña unha empresa de carpintería, máis ou menos con dez traballadores; funcionou moi ben durante moitos anos. A empresa era herdada do seu pai, que tamén era carpinteiro. Nun determinado momento, como consecuencia da crise, foille mal e a empresa chegou a ir a concurso. E agora mesmo está disolta e liquidada, xa non existe. E nun determinado momento, como tiña débedas, unha empresa de reclamación de débedas, cun coche de color amarelo vivía practicamente diante da súa casa, entraba no seu edificio e entregaba as cartas de reclamación de débedas á súa filla, que era menor de idade –segue sendo menor de idade–; poñían o coche diante do traballo da súa muller pese a que tiñan separación de bens. E, por suposto, chamábano por teléfono de maneira continua para ameazalo e coaccionalo.

No momento en que me chamou, eu coñecía á marxe da miña profesión. Eu falei con varias persoas, fundamentalmente con dúas indesexables –vouno dicir así porque eran indesexables–; mandei un par de fax, un burofax, ás persoas que me chamaban, ameacei cunha denuncia no xulgado e o tema acabou. E a partir de aí non volveu aparecer aquel coche e non volveron continuar as coaccións.

Este asunto existe, é un tema moi preocupante. Manuel Gallego acaba de contarme que hai uns días acudiu a un enterro e no enterro –dun debedor, entendemos– había un señor disfrazado de toureiro que era o cobrador dese debedor; e, polo tanto, a baixeza moral e ética chega ata eses límites.

Dito isto, imos votar a favor da toma en consideración desta proposición de lei, pero igual que existen “peros” por parte dos outros grupos, pola nosa beira tamén hai “peros”.

É verdade que non hai unha regulación específica a nivel nacional, pero o primeiro matiz que non entendemos é cal é a relación específica coa nosa comunidade autónoma, porque isto existe en todos os sitios, non só en Galicia. E, efectivamente, ao mellor o que necesitaríamos é unha lei estatal promovida polas propias Cortes.

Vou intentar explicar a nosa posición. En dereito hai un principio básico que é o da simplificación; e en política hai un principio básico tamén, que é aforrar na creación normativa, non son necesarias multitude de leis, e, de feito, temos a proba no propio Goberno do Partido Popular. Bombardeounos o presidente do Goberno o primeiro día que veu aquí na sesión de investidura e prometeu dez leis, quince, vinte... ¡Que máis dá que haxa moitas, o problema é que se apliquen! Polo tanto, o que é necesario son boas leis.

E na introdución da proposición dise que hai unha grande inseguridade xurídica, unha lagoa xurídica, que nós, o Grupo Parlamentario Socialista, non compartimos na súa totalidade. Porque é verdade que hai un texto magnífico do século XIX, pero magnífico, que é o Código civil, que regula a posible reclamación por parte do acreedor, é un dereito do acreedor, e está definido dende hai moito tempo esa relación de mandato na que se fala no propio texto. Non se extingue especificamente polas causas que nos din nesta proposición de lei. Entendemos, polo tanto, que sería necesaria a reforma do Código civil e pedilo expresamente nesta proposición de lei, e no texto non está.

Non sabemos se a reclamación que se regula e esa relación entre esas dúas persoas, o acreedor que contrata a empresa, é para todo tipo de reclamacións ou para algunhas específicas, porque tampouco se concreta. Hai unha lei de 1999, que é a Lei orgánica de protección de datos, os datos son dereitos fundamentais porque afectan a intimidade das persoas. Unha lei ordinaria non pode regular unha materia específica de lei orgánica e entrar en materias específicas de lei orgánica, como esta lei do ano 1999. Iso tamén podería orixinar problemas.

Hai tempo que hai unha Lei de mediación en asuntos civís e mercantís, dende o ano 2012. As sociedades limitadas e as sociedades anónimas están reguladas dende hai décadas, temos un Código penal, e calquera intimidación, coacción, ameaza, trato vexatorio, trato degradante, xa está tipificado e pode ser perseguido e pode ser castigado, e, de feito, castígase. Neste caso, no momento da ameaza pola miña parte –e digo así, “ameaza”, libremente, sen cortarme un pelo– de denuncia no xulgado, aquela empresa parou e deixou de ameazar a aquel señor.

E o procedemento sancionador do que falan os artigos 22 e seguintes da proposición de lei é realmente o procedemento

sancionador da Lei 30/1992, non hai excesivas diferenzas. Por iso, si, tamén entendemos que é necesario revisar a fondo e aportar entre todos para que esta proposición de lei, que nós imos votar a favor na súa toma en consideración, vaia adiante.

Esta é a sentenza do Tribunal Supremo do 2001 que marcou un antes e un despois; non suficientemente, porque só hai unha, e, se non hai máis, o Tribunal Supremo pouco pode dicir. Fáltannos as redes sociais. As redes sociais agora mesmo son medios de comunicación entre as persoas, e non están. Consideramos que son básicas, sobre todo para a xente máis xoven. E, por certo, sei de moita xente maior que utiliza as redes sociais.

Hai algunhas cuestións que nos provocan certo temor. Vou poñer un par de exemplos. Fálase dos datos recollidos e manexados por estas empresas e dise que se van procesar os que procedan de bases lexítimas verificándoos con varias fontes de información. ¿Quen son as fontes de información? Dá medo.

Respecto das infraccións, por exemplo, a ninguén lle escapa que non é o mesmo non ser correcto no trato cun debedor que que o día do seu enterro haxa un señor disfrazado de toureiro exixíndolle unha débeda á súa familia. Son absolutamente distintos. Polo tanto, se as sancións son diferentes, as infraccións son diferentes, a prescrición do prazo dunhas e doutras teñen que ser distintas; e, sen embargo, son idénticas, non hai diferenza segundo sexan menos graves ou máis.

E logo entendemos que hai certas dúbidas que nos gustaría que na volta se nos aclaren. Non entendemos por que a competencia sancionadora para estas empresas vai ser por parte do Banco de España. Supoñemos que será porque son entidades de crédito, pero entón ¿por que non se rexen polas normas das actividades de crédito? Non entendemos, exactamente igual que o Grupo da AGE, por que o libro-rexistro o ten que levar, desas operacións que se van facer, a Xefatura Superior da Comisaría Provincial de Policía Nacional, Local ou Autonómica, ou o posto da Garda Civil. Non entendemos qué teñen que ver as forzas e corpos de seguridade do Estado con esta lei. Non nos encaixa. É unha empresa que se dedica a unha actividade financeira, pero non deixa de ser unha empresa que se vai dedicar á reclamación extraxudicial de débedas.

Non entendemos, co paro que hai na nosa comunidade autónoma, co paro que hai no Estado, fundamentalmente de homes —que suelen ser os xestores aos que reclaman estas débedas— que teñen unha media de idade de 50 para arriba, que son realmente os parados de longa duración que teñen máis problemas para acceder ao emprego, por que as persoas que dirixan o persoal ao servizo destas empresas teñen que ser licenciados. Non entendemos por que teñen que ser licenciados en dereito, económicas, ciencias políticas ou equivalente, que non sabemos qué licenciatura é. Non entendemos por que o resto do persoal que está ao servizo destes órganos de dirección teñen que ter o título de ESO. Por exemplo, en Andalucía seguro que ben a metade da poboación xa non podería traballar, porque non teñen case nin o certificado escolar; porque é unha comunidade autónoma moi ampla e con moito problema de analfabetismo histórico. Non entendemos por que non hai equivalente á ESO, por exemplo a EXB. Eu xa non podería persoalmente realizar esta función.

E se é posible adoptar medidas provisionais no procedemento sancionador, que se di, ¿que significa que se poden acordar segundo as exixencias dos intereses xerais? Esperemos que eses intereses xerais se definan, que non sexa como aquel de Cascos, que era o interese xeral do fútbol para poñer novos canais de televisión.

En definitiva, imos votar a favor da toma en consideración porque cremos no debate, na democracia, pero entendemos que é necesario —e, sobre todo, porque queremos facer emendas a un texto para facelo mellor entre todos—.

Esperemos que o Partido Popular vote a favor.

O texto é, quizais, reiterativo, excesivo, plantexa problemas... E, sobre todo, queremos que este texto se mellore para protexer as persoas que realmente necesitan a defensa, que son os debedores —non as empresas, os debedores—.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Vilán.

Grupo Popular, ten a palabra o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Señorías.

Parabéns ás señoras letradas que elaboraron este texto, e tamén parabéns ao resto dos compañeiros que me antecederon na palabra e que foron facendo un relato quizais enriquecedor ou que enriquece o texto que se presentou.

Pero sigamos facendo unhas cantas reflexións sobre esta proposición de lei, que é unha proposición de lei para elevar ao Congreso dos Deputados pola que se regula a recuperación extraxudicial de débedas.

Vostede, señora Iglesias, xa recordou que a materia de recuperación extraxudicial se atopa fóra do noso marco competencial, e entón nós o que nos preguntamos é por que, se nós non temos esas competencias, imos elevar unha proposición de lei ao Congreso; ¿que gran solución estamos a aportar aquí, dende o noso Parlamento, que non se teña xa debatido no Congreso?; ou, ¿que situación de extrema gravidade se está a producir xusto nestes intres –que xa empeza a haber crecemento económico– que xustifique isto?

Ademais, hai que ter en conta tamén que esta solicitude imos facela un día despois da disolución das cámaras. Cremos, pois –no fondo da proposta...–, que vostede fai unha triple argumentación, fai alusión a unha falta total de regulación nesta materia.

Francamente señorías, como xa dicía a señora Vilán, por ser xenerosos podíamos dicir que isto non é exactamente así, non podemos confundir que non exista unha regulación específica sobre este tipo concreto de empresas cunha falta total de regulación desta materia. A recuperación extraxudicial non se esgota na actividade destas empresas, máis ben o correcto sería dicir que estas empresas representan tan só unha parte pequena dese proceso de endebedamento das familias e empresas, de dificultade para facer fronte aos pagos da mesma e da superación desa dificultade.

Como vostede di, esta ausencia total de regulación agrávase como consecuencia da crise económica da que estamos a saír pero cuxas consecuencias aínda sofren as familias e as pemes. Consecuencia de todo o anterior –e reproduzo as súas palabras–, infire vostede unha inseguridade xurídica que afecta as persoas debedoras que se atopan nunha situa-

ción de grande desprotección fronte ás malas prácticas que se poidan producir.

Vostede, en consecuencia, presenta este texto como se fora a solución dun suposto escenario de caos, similar á lei da selva, onde podemos visualizar o dano que provoca esta desregularización. Pois analicemos realmente se é así, e nos diferentes ámbitos nos que se poidan ver afectados as persoas debedoras –e, o que é máis importante, se este texto aporta algo en calquera deses ámbitos–.

Analicemos a perspectiva da persoa debedora como consumidor que ten os seus dereitos e que estes son vulnerados. Convén, en primeiro lugar, resaltar que a proposición de lei presentada contempla un ámbito de actuación que excede as competencias en materia de protección das persoas consumidoras. O artigo 3 da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, recolle claramente o concepto de consumidor pero, pola súa banda, o artigo 3 da proposición de lei obxecto desta intervención define a persoa debedora como aquela persoa que resulte ser titular da débeda obxecto de reclamación extraxudicial; e, con esta redacción de persoa debedora do artigo 3 que vostede fai, calquera persoa física ou xurídica –xa sexa particular, autónomo ou empresario– quedaría dentro do ámbito de aplicación da proposta.

Hai que destacar que algúns aspectos contemplados nesta proposición de lei non teñen tratamento nin lexislación sobre protección das persoas consumidoras; así, cando este cobro extraxudicial teña por destinatario un consumidor, este ten amparo na normativa de consumo. Ademais, esta protección non só se contempla na normativa estatal senón tamén no ámbito autonómico.

A Lei á que facía referencia –2/2012– recolle no seu artigo 37 o seguinte: “Manifestación de morosidade: as empresas só poderán manifestar que un consumidor se encontra en mora cando exista un recoñecemento do consumidor ou un título executivo que así o declare, sen prexuízo do dereito á existencia e das obrigas por parte daquelas”.

O artigo 82.16 recolle como infracción grave a seguinte: “Non remitir as gravacións das conversas cos consumidores no prazo establecido ou facelo sen cumprir cos requisitos exixidos para iso”.

O artigo 82.37, dentro das infracción graves, recolle a seguinte: “A manifestación unilateral da mora pola empresa en contra do establecido no artigo 37 desta lei”.

Polo tanto, no que respecta á protección das persoas debedoras en tanto son consideradas como persoas consumidoras, entendemos que existe un amparo normativo fronte ás posibles malas prácticas.

No que se refire á protección de datos das persoas debedoras –e, ademais, polos exemplos que se expoñen–, podería parecer que é xusto nese ámbito a clave da lexislación proposta, pero é que neste ámbito non se aporta tampouco ningunha novidade se hai unha regulación extensa sobre a protección de datos. Incluso existe unha axencia, como é a Axencia Española de Protección de Datos, encargada de velar polo cumprimento da normativa de protección de datos.

A Axencia Española de Protección de Datos ten a función de velar polo cumprimento desta lexislación e para iso dispón das potestades de inspeccionar e sancionar as infraccións que poida constatar; pero, o que é máis importante, a Axencia dispón de mecanismos extraxudiciais para facer cumprir os dereitos dos cidadáns. Sempre que existan probas ou indicios que se poidan acreditar, en cumprimento da Lei orgánica de protección de datos, pódese presentar unha denuncia poñendo estes feitos en coñecemento da Axencia e esta actuará garantindo o cumprimento deses dereitos. Todo isto, recalco, como xa dixen, sen necesidade de xudicialización.

Como vemos, a regularización proposta non aporta nada nin no eido da protección dos dereitos dos consumidores nin no eido da protección de datos. Ao mellor, señora Iglesias, onde incorpora a novidade esta proposición é no proceso de negociación extraxudicial para reestruturar as débedas e, incluso, por que non, este proceso podería incluír unha exoneración do pago dunha parte desas débedas nos casos onde a liquidación das mesmas implicaría un esforzo que se prolongaría ao resto da vida –aspecto importante, como recordou a señora Díaz–. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero, para isto, aprobouse nesta lexislatura a Lei de segunda oportunidade, señora Iglesias; esta lei inclúe medidas para a

reestruturación das débedas, grazas a esa norma o debedor pode levar a cabo unha negociación extraxudicial co seu acredor de forma que pode ir pagando a débeda e, ademais, é apoiado por unha nova figura que se crea na Lei que é a do mediador.

Por primeira vez, as persoas físicas poderán acollerse, igual que as persoas xurídicas, a un proceso similar –ou concurso de acredores– que permitiría, incluso, finalizar o proceso exonerando as débedas pendentes despois de atender o plan de pago acordado.

Continuemos.

Naqueles casos graves –e estoume a referir a aquelas infraccións da lexislación máis graves, a aquelas actuacións que implican unha vexación ou actuación denigratoria que atente contra a dignidade das persoas e dane ou lesione a honra das persoas afectadas, ou cando se aprecie unha finalidade que pretenda atemorizar ou coaccionar as empresas debedoras por medios vexatorios–, vostede recolle incluso que, cando houbera estes feitos que poidan ser constitutivos de ilícito penal non é válido o proceso administrativo sancionador que vostede está a propoñer. E recordo que vostede adica 25 artigos, dos 47 da lei, para este proceso. A instrución da causa penal prevalece sobre o mecanismo reflectido na proposición de lei que vostede trae aquí.

Señorías, se esta proposición non aporta nada no que se refire ao debedor na defensa dos seus dereitos como consumidor, ou na protección dos seus datos, e tampouco no procedemento para poder superar a situación de morosidade ou de dificultade para facer fronte ás súas débedas, e tampouco naqueles casos de infraccións que poidan ter consecuencias penais... En definitiva –para rematar, señorías–, se esta proposición non aporta nada, no que se refire ao debedor en canto á defensa e á protección dos seus dereitos, ou en canto a poder superar a situación de dificultade para facer fronte ás súas débedas, ¿que é o que nos está vostede realmente a propoñer? Pois basicamente, señora Iglesias, unha regulación para este gremio.

E, pola estrutura da proposición e polo que di na proposición que vostede trae a esta Cámara, parece que o que busca é lavar a imaxe dese sector, así que, por exemplo, dos corenta e sete artigos desta lei, vinte e cinco se adican a un procede-

mento sancionador –sancionador que non sería de aplicación porque se aplicaría só no caso de que non houbera responsabilidades civís ou penais en materia de protección de datos ou calquera outro ámbito no que puidera concorrer–.

Por outra banda, outórganse ao banco de España as competencias en control de inspeccións, co que parece que só serán de aplicación as débedas con entidades financeiras, deixando fóra todas aquelas débedas comerciais entre empresas –no que precisamente é onde as empresas de recobro fan o seu agosto–.

Discrepamos tamén no ámbito de aplicación, nos requisitos de persoal contratado polas empresas de recuperación que vostede propón, discrepamos nos prazos que vostede propón –tamén en onde incluír os corpos de seguridade–.

Pero en definitiva, señora Iglesias, no que discrepamos é nunha lei que non proporciona ningunha ferramenta para aquelas persoas, para aquelas familias, para aquelas empresas con problemas para afrontar o pago das súas débedas.

Señora Iglesias, traía aquí a esta Cámara unha lei que poida axudar ás familias, que poida axudar ás persoas e que poida axudar ás pequenas e medianas empresas e terá, por suposto, o apoio do noso grupo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de réplica, grupo parlamentario autor da proposición de lei, ten a palabra a señora Iglesias Sueiro do Grupo Parlamentario Mixto.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidenta.

Grazas aos grupos parlamentares que van apoiar co seu voto esta proposición de lei.

As miñas condolencias ao Partido Popular por non apoiala, así como tamén as miñas condolencias ao Partido Popular por non aprobar unha resolución que presentou esta deputada no debate do estado da Nación sobre a protección das denunciadas e testemuñas de casos de corrupción. Xa se ve o interese que teñen vostedes en rexenerar a democracia.

En España, señores deputados, ningunha persoa que non sexa xuíz ou xuíza está investida de autoridade para facer pagar a outra en contra da súa vontade, por moi lexítima que sexa a débeda reclamada. E quero lembrarllas que hai pouco tempo, moi pouco tempo, aconteceu en Betanzos un caso que nos demostra a necesidade de legislar sobre este tipo de actuacións: unha farmacéutica estaba traballando no seu establecemento, viuse interpelada, viuse insultada, viuse aldraxada por un destes cobradores diante dos seus clientes e das súas clientas e co agravante de que a débeda era dun familiar.

Tamén lle quero recordar o caso –xa que a lexislación funciona tan ben–: esta farmacéutica de Betanzos tivo que recorrer a outros mecanismos para defenderse que non estaban dentro do estado de dereito. E, por outro lado, quérolles recordar tamén, quero traer aquí o nome dunha muller que se di chamar Lola, que é de Lugo, unha muller galega, tamén, como a farmacéutica de Betanzos, que nun momento económico de agobio solicitou un préstamo de 10.00 euros; só recibiu 7.500 e, a causa do retraso nos pagos, a día de hoxe a débeda vai en 20.000 euros. E, aínda por riba deste abuso, desta usura de que é vítima esta cidadá, Lola ten que soportar o acoso telefónico na súa casa, tamén no seu traballo, tamén na vecindade, tamén na familia.

Hai un baleiro legal, señores, hai un baleiro legal e isto non o pode discutir ninguén, por moitos circunloquios e por moitos recovecos que lle dean vostedes ás historias, son prácticas que teñen que ter unha lexislación que protexa os que participan nelas, para evitar o acoso, a extorsión, a usura, o descubrimento e revelación de datos.

Vivimos nun momento de crise. Un informe dos colectivos, dos consumidores especialmente vulnerados, realizado por ADICAE, calcula que na Galiza hai un 28 % de persoas que non chegan a fin de mes e, delas, un 9 % está permanentemente en números vermellos. Moitas delas acoden, á desesperada, a microcréditos –estanos anunciando pola televisión, permiten vostedes a usura tamén–, (*Murmurios.*) a financeiras e a prestamistas como solución rápida e urxente. Pero eses créditos aplican un interese que roza a usura, sen que a clase política faga nada por evitalo.

Claro, son cidadáns vulnerables, pertencen aos estrados máis débiles da sociedade e a vostedes non lles importan; (*Mur-*

murios.) a vostedes impórtanlles as grandes empresas, non lles importan os individuos, as persoas.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Porque, ademais, en moitos casos, a ese capital prestado engádenselle os intereses de demora, máis penalizacións, máis gastos de execución, de tal xeito que unha débeda que era, ao mellor, de 5.000 euros, chega a poñerse nos 30.000 euros.

¡Vostedes verán! Eu teño a conciencia moi tranquila; vostedes, non sei.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Iglesias.

Procedemos á votación da toma en consideración desta proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados presentada polo Grupo Parlamentario Mixto.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. Mixto, pola que se regula a recuperación extraxudicial de débedas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA: Antes de continuar coa substanciación da orde do día, quero comunicar ás súas señorías unha alteración: as preguntas ao Goberno números 41074 do Grupo Popular, 42491 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 42907 do Grupo Parlamentario Socialista substanciáranse a última hora da tarde de hoxe, a conti-

nuación da proposición non de lei número 5, que será, en principio, a última que debateremos no día de hoxe.

Moitas grazas.

Continuamos co punto 3 de comparecencias en Pleno.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar do inicio do curso 2015-2016 no ensino non universitario de Galicia

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para a súa primeira intervención, o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Hoxe comparezo a petición propia para informar de como se produciu o inicio do curso 2015-2016 no ámbito do ensino non universitario de Galicia.

Comparezo dende o convencemento da importancia de render contas, igual que o meu antecesor no cargo cumpría sempre coa tarefa de informar esta Cámara con responsabilidade e transparencia.

Mais é certo que tamén houbo, noutros momentos, outras conselleiras que non daban a mesma relevancia a este feito.

Xa sei que dende a oposición querían adiantar este debate ao mes de setembro, cando aínda case non se comezaran as clases nin se pechara todo o proceso.

Xa sei que dende a oposición esquecían, de modo interesado, que a planificación do curso xa fora obxecto de debate o pasado mes de xuño; nese mes comparecín, tamén a petición propia, para explicar o desenvolvemento da LOMCE na ESO e no bacharelato, e avanzara xa a planificación do curso no cal estamos.

Tamén sei que, en todo este tempo, estiveron moi preocupados lanzando as habituais mensaxes de alarma e as habituais mensaxes de augurios de caos.

Mais neste case mes e medio de clases a realidade vén demostrar que o curso comezou con total normalidade, e cun abondoso traballo da administración educativa por atender aquelas situacións que se producen no arranque da actividade lectiva e dos servizos educativos complementarios.

Señorías, o comezo de cada curso escolar supón sempre un importante reto non exento de dificultades, non exento de dificultades porque implica atender un importante número de persoas e habilitar abondosos recursos humanos e materiais.

Entendemos garantida a calidade educativa e axeitar a atención para todo o alumnado galego. Grazas ao bo facer do persoal docente, podemos dicir que, un ano máis, dispoñemos dun cadro de persoal docente suficiente e que, en calquera caso, é axustado ás demandas reais que aparecen no arranque de curso.

Estamos a falar de algo máis de 400.000 alumnos e alumnas no ensino non universitario que retomaron as actividades lectivas no inicio de setembro.

No actual curso, sen contabilizar a formación profesional, a ratio total de alumnado en infantil, primaria, educación especial, ESO e bacharelato, ascende a algo máis de 350.000 alumnos, o que supón un lixeiro incremento do 0,4 %.

As únicas etapas nas cales diminúe o alumnado son educación infantil –un 1,7 % menos– e en educación especial –un 2 % menos–.

Hai que engadir que o número de estudantes nas ensinanzas artísticas –é dicir, música, danza, artes plásticas, deseño...– e ensinanzas deportivas supera os 11.500 matriculados.

E, se falamos da formación profesional, un ano máis fixemos unha oferta de prazas moi ampla e que superou a demanda por parte dos potenciais alumnos e alumnas.

Contamos tanto con ciclos formativos en réxime ordinario e modular, como con FP a distancia, formación profesional dual e formación profesional básica, estando nun número

superior aos 51.000 matriculados, como tamén aconteceu no curso pasado.

Estamos cunha oferta de prazas adecuada ao mercado laboral, que pensa na facilitación da inserción laboral dos estudantes de formación profesional e que, sobre todo, se rexe por criterios responsables, adecuados ás necesidades do mercado.

No tocante aos servizos complementarios, estamos a falar de que, en transporte escolar, 93.190 alumnos e alumnas de 784 centros educativos usan todos os días o transporte escolar.

E estamos a falar, tamén, de máis de 72.000 prazas de comedores escolares, xestionados directamente pola consellería, polas ANPA ou polos concellos.

En total, o departamento educativo da Xunta xestiona, de forma directa, 302 comedores escolares e outros 133 comedores de xeito indirecto; pola súa banda, as ANPA xestionan 136 comedores e, os concellos, 42.

Neste punto, quixera lembrar que o servizo de comedor escolar en Galicia –baseado na renda familiar– é, sen dúbida, un dos sistemas máis xustos socialmente e asequibles para as familias do conxunto do Estado español. Estamos a falar de que, practicamente, o 80 % dos usuarios pagan cero euros; estamos a falar de que, cos incrementos nominativos a nivel económico que recibimos da persoa que si paga en función da renda, somos capaces de incrementar o número de prazas nos últimos anos; e estamos a falar, en definitiva, de que as familias que teñen máis recursos poden pagar algo e as familias con menores recursos pois non pagan nada.

No tocante aos equipamentos físicos, aos edificios, aos centros educativos, Galicia ten unha ampla rede, máis de 1.400 centros educativos dos que practicamente o 80 % son públicos.

Obviamente, é misión da Administración velar para que en cada inicio de curso as instalacións estean axeitadas, estean adaptadas para atender as necesidades do conxunto das comunidades educativas.

A este respecto, creo que non é unha cuestión menor salientar o importante esforzo realizado durante os meses de

verán, e mesmo neste inicio do curso, para mellorar os centros educativos de Galicia.

E, sen dúbida, houbo tamén un esforzo en investimentos: estamos a falar de case 33 millóns de euros que se investiron, no pasado curso escolar, para poder ter uns mellores centros educativos para os nosos alumnos.

Estamos a falar, en concreto, de practicamente 21 millóns de euros no ámbito dos fondos Feder, estamos a falar tamén de 5 millóns de euros de FCI para reparacións de equipamentos; que a isto hai que sumarlle todas as partidas de RAM –máis de 4,2 millóns de euros– e, tamén, os 2,6 millóns de euros aportados polas deputacións provinciais froito de convenios entre a Xunta de Galicia e estas deputacións provinciais.

Moi significativo, tamén neste ámbito, é a importancia que se lle está a dar neste ano ao que ten que ver coa dixitalización da totalidade das aulas do ensino público de Galicia a partir de 5º de primaria –é dicir, 5º e 6º de primaria e os catro cursos da ESO–. Podemos falar de que a nosa intención é acadar o 100 % das aulas públicas dixitalizadas; estamos a falar de 2.727 aulas nas que se vai poder desenvolver o proceso educativo nun ambiente dixital, coas tecnoloxías necesarias para poder facelo así –5º e 6º de primaria e toda a ESO–.

E iso, sen dúbida, é unha aposta pola equidade, tanto social como pola equidade territorial, rachando a fenda entre o que é o espazo urbano e o espazo rural, e supón un importante investimento, neste caso para Amtega, superior aos 11 millóns de euros.

E, nesta liña, quixera tamén salientar e pór en valor, despois de catro anos da aplicación, a importancia que está a acadar e que acada o proxecto Abalar, onde 52.000 alumnos están desenvolvendo o proceso de aprendizaxe neste entorno; e tamén quería dicir que, unha vez que aplicamos esta nova dixitalización, imos ter máis de 100.000 alumnos, 102.000 alumnos que estudarán en aulas dixitais. Insisto, 5º e 6º de primaria e toda a ESO.

Tamén quixera salientar o esforzo que se está a facer en equipamentos no ámbito da formación profesional. A consellería está a executar, e executou, máis de 3,5 millóns de

euros en equipamentos para a formación profesional, que beneficiaron 46 centros, 3.541 alumnos de xeito directo e 118 ciclos formativos.

Trátase de dotar os centros de formación profesional de equipamentos de alto valor tecnolóxico –autómatas, robots, simuladores– para que poidan ser aplicados e poidan ser ferramentas de traballo nas salas de formación profesional, para que os alumnos que cursan formación profesional estean en contacto, dende o primeiro día, con aquelas maquinaria que dalgún xeito van a ser utilizadas no mundo laboral, e buscando sempre a maior cualificación para o alumno que está a estudar formación profesional.

Obviamente, ademais de incrementar as dotacións, de incrementar os equipamentos, tamén se realizaron importantes obras en materias de reparacións e de ampliacións no ámbito da formación profesional.

A verdade é que todo o dito debería de contribuír a evitar, ou intentar evitar, a frecuente tentación de desacreditar o traballo feito e o resultado acadado polo mero interese de desgastar, neste caso, a Administración educativa e desgastar o Goberno.

Outro ataque habitual, neste caso da oposición, ten que ver co rexeitamento –xa diría que case de oficio– que fai a oposición do que é a Lei orgánica de mellora da calidade educativa, do que é a LOMCE. (*Murmurios.*)

A aplicación da LOMCE está este ano no segundo ano; o ano pasado aplicouse con total normalidade no ámbito de primaria e de formación profesional básica, e este ano estase a facer tamén con total normalidade no ámbito de ESO e bacharelato.

Hai constantes críticas –están as hemerotecas para demostralo– pero o tempo, ao final, vén dar e quitar a razón –é sen dúbida o mellor xuíz–, e podemos dicir que non houbo roturas drásticas coa aplicación da LOMCE e si houbo unha adaptación á nosa realidade da Lei orgánica, e si houbo a introdución das mellores que plantexa esta nova lei.

Dixémolo xa en múltiples ocasións: o ano pasado, simplemente en primaria, simplemente en formación profesional básica, mellórase o currículo de primaria, refórzanse as

competencias básicas, incrementáanse as aulas de matemáticas, garátese que o galego sexa a lingua vehicular a igualdade con outras linguas (*Murmurios.*), foméntase o equilibrio territorial.

E temos unha formación profesional básica que me gustaría destacar, no sentido de que se plantexou unha oferta de títulos axeitada, acorde coas necesidades de Galicia e, sobre todo, tendo en conta que a formación profesional básica é unha medida de auténtica equidade social, xa que aos alumnos que a cursan lles estamos dando unha formación que, sen dúbida, de non tela, irían encamiñadas esas persoas a itinerarios vitais difíciles, xa que estamos a falar de alumnos con dificultades de aprendizaxe ou alumnos con necesidades educativas especiais. Co cal, estamos a falar de que a formación profesional básica é unha medida de equidade social.

E en coherencia con este traballo, e tamén co calendario previsto pola LOMCE, o curso 2015-2016 –o curso no cal estamos– arrancou en tempo e forma cos novos currículos de ESO e bacharelato adaptados. Obviamente, os novos currículos profundan nas medidas tamén impostas en primaria, reforzan a aprendizaxe por competencias, reforzan as matemáticas, potencian a autonomía dos centros permitíndolles aos alumnos poder configurar itinerarios educativos específicos –algo que é de moito interese–, dá opcións para que se poida construír un propio currículo formativo e tamén mantén, señorías, o equilibrio lingüístico entre as linguas oficiais de Galicia, co cal tamén se está aplicando cunha moi boa normalidade.

Quixera salientar tamén neste ámbito unha cuestión que foi moi novedosa por parte da LOMCE en secundaria e tamén en bacharelato: a boa acollida que tivo nos centros educativos galegos por parte do profesorado a posibilidade de ofertar materias de libre configuración tanto autonómicas como de centro.

Centrándonos nas materias de libre configuración autonómica –entre as que se atopan, por exemplo, oratoria e xadrez, que foron promovidas polo Grupo Parlamentario Popular en senllos acordos parlamentarios–, temos que dicir que neste ámbito das materias de libre configuración temos máis de 12.000 alumnos –en concreto, 12.386 alumnos e alumnas de ESO e bacharelato– que están cursando materias de libre

configuración autonómica. Por exemplo, na ESO, en materias como oratoria temos 2.722 alumnos; en investigación e tratamento da información temos 3.141 alumnos; en programación, 1.785 alumnos; en promoción de estilos de vida saudable, 1.629 alumnos; en xadrez, 684 alumnos; en educación financeira, 263 alumnos. É dicir, son materias que foron postas por primeira vez este ano no currículo académico dos centros, que están a recibir unha moi boa demanda por parte dos alumnos e que están orientadas, como acaban de ver vostedes, a dar unha formación especializada en materias que teñen que ver con aspectos fundamentais da vida en sociedade dos nosos futuros alumnos. Tamén en bacharelato: antropoloxía, 1.076 alumnos; robótica, 341 alumnos; literaturas hispánicas, por exemplo, 96 alumnos.

Ademais destas materias de libre configuración, cada centro puido tamén ofertar as súas propias materias de libre configuración, contribuíndo a deseñar currículos específicos en función das necesidades de cada centro e reforzando todo o que ten que ver coa autonomía dos centros. Nalgúns casos estas horas de libre configuración tamén se utilizaron para reforzar aspectos fundamentais da aprendizaxe, algúns centros optaron por reforzar matemáticas, por reforzar linguas ou outras materias.

Ben, ata o de agora ofrecín unha visión cuantitativa de grandes números do sistema educativo galego, do seu funcionamento e da súa adaptación á normativa vixente, pero quixera afondar tamén nunha cuestión que entendemos vital para entender os avances que se experimentaron nos últimos anos no sistema educativo e que ten que ver co modelo educativo. En Galicia nos últimos anos estivemos impulsando un modelo educativo propio, un modelo educativo que posibilitou que nos últimos anos o ensino galego vivise unha auténtica revolución silenciosa, non só no ámbito da promoción profesional senón no conxunto do sistema educativo, que permitiu á vez garantir a súa viabilidade e avanzar en equidade, avanzar en innovación e avanzar en modernidade.

Señorías, temos un bo sistema educativo do cal debemos sentirnos orgullosos, entre todos deberíamos axudar a pres-tixialo. ¿Temos cousas que mellorar? Por suposto, pero temos un bo sistema educativo.

Este novo sistema educativo fundaméntase en catro piares: acceso en igualdade de oportunidades aos beneficios da edu-

cación, modernización no ámbito dos idiomas, no ámbito das tecnoloxías e convivencia.

O acceso en igualdade de oportunidades á educación é algo fundamental, entendendo que a educación é o principal punto para garantir unha igualdade de oportunidades entre os cidadáns. Neste ámbito temos catro liñas de traballo e a primeira ten que ver co proceso de escolarización obrigatoria. Temos que dicir que, neste curso académico, o 95,7 % do alumnado que solicitou praza de 3 anos obtivo praza no centro educativo que puxo como primeira opción; é dicir, a inmensa maioría dos alumnos –o 95,7 %– obtivo praza naquel centro que solicitou como primeira opción, o cal quere dicir que a oferta de prazas está moi adecuada ás necesidades e ás demandas dos cidadáns e das persoas. Hai que pensar que non hai moito tempo estes datos eran moi baixos, moi baixos, e non quero insistir neste ámbito. Temos que dicir tamén que as prazas que se ofertan neste sentido son suficientes e que se adecúan ás necesidades das familias.

Segundo pilar: un ensino máis xusto e máis solidario, entendendo tamén que o ensino, como política pública, é un mecanismo de equidistribución de rendas, un mecanismo de auténtica xustiza social onde se están primando por parte da Administración os esforzos e as axudas a aquelas familias que máis o precisan. Vou salientar unha serie de liñas de traballo específicas:

Axudas para material escolar. Neste curso académico, 83.385 persoas –alumnos e alumnas– foron beneficiarias dunha axuda por parte da Administración autonómica de 50 euros ao mes para as familias que, digamos, teñen menores niveis económicos, menor poder adquisitivo. É dicir, estamos a falar de 83.385 alumnos que se beneficiaron directamente do cheque para material escolar tramitado en centros educativos e que puideron canxealo nas librerías por materiais educativos, co cal estamos a facer unha medida de discriminación positiva para as familias con menos recursos.

Fondo solidario de libros. Pese ao intento pola súa parte de desprestixialo, temos que dicir que se recolleron no conxunto dos centros educativos 216.146 manuais para terceiro e quinto de primaria e segundo e cuarto de ESO. Estes fondos solidarios complementáanse coas axudas directas que se lles deron ás familias para mercar libros, aí estamos a falar de 90.640 axudas directas que foron aportadas ás familias para

mercar libros. Por certo, tanto as axudas para mercar libros como para mercar material escolar eran complementarias, unha cuestión tamén importante que hai que salientar.

Terceiro eixo neste ámbito: melloras das competencias do alumnado. Aquí gustárame destacar un aspecto que entendemos que é moi importante para a calidade educativa do alumnado e para o progreso do alumnado, as bibliotecas escolares. Galicia tamén pode estar orgullosa da súa rede de bibliotecas escolares, é un orgullo e debemos agradecerlle aos seus responsables, á boa rede de bibliotecas escolares que temos en Galicia.

Os proxectos e os programas impulsados –como o Plan PLAMBE, o Plan LÍA, etc.– posibilitan que unha gran cantidade de alumnos –en concreto, 174.000 alumnos en 575 centros educativos– teña a posibilidade de estar nestes plans. E hai un resultado: nos últimos anos temos unha evolución e unha mellora salientable en algo tan importante para o proceso educativo do alumno como é a comprensión lectora, mellora que se debe en gran parte aos proxectos impulsados nas bibliotecas escolares. Tamén entendemos que esta mellora da comprensión lectora é moi importante para a igualdade de oportunidades entre o alumnado.

Contratos-programa. Contamos con 355 centros educativos con contratos-programa onde se desenvolven diferentes liñas de traballo orientadas a fomentar as competencias clave dos estudantes. Dentro deste abano de liñas de traballo, gustárame destacar aquela liña que vai orientada a reforzar e a reducir o fracaso escolar. Nese sentido, tamén creo que se pode dicir con normalidade que en Galicia nos últimos anos –dende o ano 2009 ata o momento– se foi reducindo o fracaso escolar, non como noutros momentos –entre 2005 e 2009– nos cales en vez de reducirse, ía incrementando. Nese sentido, entendemos que os contratos-programa tamén son unha ferramenta de traballo de grande interese para os docentes, para as familias e para o alumnado.

Cuarto pilar: un ensino máis equitativo e con máis atención á diversidade. Nós entendemos que a equidade, a auténtica equidade, é dar a cada alumno o que realmente precisa en función dos seus méritos e das súas necesidades educativas, non entendemos a equidade como un café para todos; creo que esa é unha diferenza entre algunhas intervencións que seguramente veremos e o plantexamento, neste caso, do Par-

tido Popular e do Goberno da Xunta de Galicia. Nós entendemos que a equidade ten que estar orientada a cada caso concreto para intentar beneficiar especialmente aqueles alumnos que teñen máis dificultades de aprendizaxe.

Un ano máis –e este curso académico é un ano máis– estamos a aplicar o Decreto 229/2011, de atención á diversidade, e a aplicación desta normativa o que está facendo é crear nos centros educativos auténticos contornos inclusivos e avanzar dun xeito decidido cara a unha educación máis inclusiva.

Quixera poñer en positivo algo do que tamén debemos sentirnos orgullosos como país, debemos sentirnos orgullosos da Rede de orientación educativa de Galicia, que, sen dúbida, é unha das mellores do Estado. Contamos con 3.500 profesionais –coidadores, PT, AEDES, profesores de linguaxe de signos, profesores en colaboración coa ONCE–, é dicir, contamos con 3.300 profesionais dedicados a fomentar o ensino inclusivo. Sen dúbida, unha das mellores redes do Estado e xa lles gustaría a moitas comunidades autónomas poder presentar este balance. Tamén lles gustaría a moitas comunidades autónomas poder manter o PROA e poder manter os contratos-programa, que se manteñen en Galicia con recursos propios. Basicamente, estes proxectos e estes programas están orientados a aqueles alumnos con máis dificultades de aprendizaxe.

E, sen dúbida, todo isto estase mellorando día a día. Sen ir máis lonxe, este curso académico tamén asinamos convenios con asociacións para garantir comedor e transporte escolar aos centros de educación especial, co cal podemos dicir que se avanza claramente cara a un ensino máis inclusivo.

Tamén neste curso está avanzándose cara a unha modernización. Esta modernización mídese fundamentalmente polo plurilingüismo, pola aprendizaxe de inglés, por ter máis idiomas e tamén polas novas tecnoloxías.

No ámbito dos idiomas estase corrixindo un déficit histórico do sistema educativo español e a aprendizaxe de idiomas o que está permitindo é dar máis oportunidades aos galegos do futuro e tamén estender unha medida de equidade social. Podemos dicir que máis do 75 % dos centros educativos sostidos con fondos públicos participan nalgunha das accións do Plan de potenciación de linguas estranxeiras, podemos

dicir que catro de cada cen alumnos en ensino obrigatorio –é dicir, en torno a 90.000– se benefician directamente dalgúns actividades que teñen que ver coas seccións bilingües, cos centros plurilingües, coa formación en escolas de idiomas, coas estadías no estranxeiro, etc.

Gustárame salientar fundamentalmente tres aspectos: por unha parte, a Rede de centros plurilingües incrementase este ano, este curso académico, con 30 novas incorporacións, estamos a falar de 257 colexios e estamos a falar de 36.000 estudantes. Hai máis seccións bilingües, estamos xa en 3.630 seccións bilingües, o que supón en torno a 53.300 estudantes que estudan en seccións bilingües. Tamén estamos a falar de auxiliares de conversa nativos, persoas que veñen a facilitar o contacto dos estudantes de Galicia coa súa lingua nativa, e estamos a falar de 454 auxiliares que se reparten polo conxunto da xeografía galega: por grandes concellos, por cidades, por concellos medios, por vilas pequenas e tamén por colexios no espazo rural. En definitiva, estamos a apostar dun xeito decidido pola aprendizaxe de idiomas.

Tamén estamos desenvolvendo neste curso académico un mandato deste Parlamento: estamos desenvolvendo a Lei Paz Andrade e podemos dicir que a aprendizaxe da lingua portuguesa está chegando a máis de 50 centros e a máis de 1.800 alumnos, co cal cúmprese, neste caso, un mandato parlamentario e está modernizándose tamén a aprendizaxe e apostando pola aprendizaxe de idiomas.

A modernización ten que ver tamén coas tecnoloxías, coa aplicación das tecnoloxías ao proceso educativo. É obvio que estamos nunha sociedade onde, cada vez máis, as tecnoloxías e o seu uso están presentes en todos os ámbitos da nosa vida e entendemos que a escola é o primeiro lugar onde –xunto coa familia, obviamente– os alumnos, os nenos e as nenas, teñen que interactuar, teñen que sacarlles rendemento ás novas tecnoloxías, teñen que saber que as novas tecnoloxías non son só para xogar ou para entreter, que son sobre todo para aprender e que ofrecen un amplo abano de posibilidades de aprendizaxe e de formación educativa.

Por iso se continúa neste ano co Proxecto Abalar –xa o dixeran anteriormente, estamos a falar de 52.000 alumnos–. Tamén apostamos e duplicamos neste caso o número de alumnos que están incluídos dentro do programa do libro dixital, é dicir, o

E-Dixgal; falamos de 104 centros educativos –de máis de 100 centros educativos– e estamos a falar de que neste curso académico se incrementan en 20, hai 20 colexios novos que se incrementan –6.000 alumnos–, e, sobre todo, o que estamos a facer é abrir unha liña de futuro porque, queirámolo ou non, as novas tecnoloxías están inseridas na nosa vida.

Cuarto pilar deste proceso educativo: a convivencia. Este é un aspecto máis cualitativo, pero entendemos que é un aspecto cualitativo que é clave para o éxito escolar e tamén é clave para o desenvolvemento integral dos alumnos.

Este curso que comezamos hai pouco máis dun mes é o primeiro curso no que se está a implementar a Estratexia galega para a convivencia escolar, o denominado Educonvives.gal. Isto foi aprobado por parte do Consello Galego de Convivencia en setembro deste ano e é certo que non partimos da nada, había un camiño xa feito que comezou coa aprobación, no ano 2011, da Lei de convivencia e participación e polo seu desenvolvemento posterior: o Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar, polo propio Decreto de convivencia xa citado ou tamén polo primeiro protocolo a nivel autonómico que ten que ver co TDH, co trastorno por déficit de atención e hiperactividade.

En Galicia, señorías, non existe un grave problema de convivencia, hai aspectos puntuais que obviamente hai que encauzar e hai que corrixir, pero ter e garantir un bo ambiente, un bo clima nas aulas é un factor indispensable e aí todos os pedagogos coinciden, é un factor indispensable para mellorar a calidade educativa, para garantir o éxito escolar, para facilitar o labor docente e tamén para ter un ensino realmente inclusivo.

Educonvives, a Estratexia galega de convivencia, fíxase unha serie de obxectivos. En primeiro lugar, potenciar a formación e a coordinación de todos os axentes implicados no proceso educativo: profesores, familias, docentes, outras institucións, etc. Tamén busca difundir as boas prácticas e os casos de éxito que existen para mellorar o clima na aula en Galicia. Busca tamén –e iso é moi importante– ter unha boa diagnose do panorama no ámbito da convivencia en Galicia, para iso vaise lanzar este curso académico unha enquisa específica da que posteriormente falarei en concreto. Tamén busca potenciar a creación de instrumentos que posibiliten que os centros poidan elaborar os seus plans de convivencia

e tamén definir a través de diferentes protocolos todo o que ten que ver cos procesos de aprendizaxe de colectivos con dificultades.

En relación co primeiro dos apartados xa hai actuacións en marcha. No ámbito da formación e a coordinación temos o Plan anual de formación do profesorado, que está orientado a plans específicos e, en certa medida, a plans específicos en materia de convivencia. Temos tamén liña de traballo e materiais para fomentar as relacións e a colaboración entre familias e centros, estamos potenciando unha rede de escolas de pais e nais e estamos tamén potenciando todo o que ten que ver coa mediación escolar.

Tamén na difusión de boas prácticas e casos de éxito, algo que entendemos importante para xerar unha cultura no ámbito da convivencia, hai que lembrar que a consellería promove un proxecto europeo, o Arbox, que está orientado á loita contra o fracaso escolar. Tamén contamos con diferentes espazos e recursos que están orientados a mellorar o ámbito da convivencia.

Obviamente, para poder planificar e para poder ter un coñecemento preciso e real da situación das nosas aulas é necesario ter información. E para ter a información, para ter unha boa diagnose, imos impulsar unha enquisa de amplo volume –estamos a falar de máis de 500.000 enquisas e, por certo, é a máis ampla nunca realizada nesta materia– que vai ser posta á disposición do alumnado, dos profesores, das familias, dos directores, do persoal non docente e que nos vai permitir ter unha moi boa radiografía da situación dos centros educativos no ámbito, por suposto, da convivencia.

Fíxose xa unha enquisa piloto, esa enquisa piloto que se fixo en novembro posibilitounos fixar unha folla de ruta e agora imos lanzar esta macro enquisa que, sen dúbida, nos vai posibilitar ter datos reais e precisos sobre a convivencia no conxunto do sistema educativo. A partir de aí, podemos planificar, a partir de aí os centros educativos poderán tamén elaborar os seus propios plans de convivencia que se basearán na autonomía propia dos centros e se basearán tamén en dar solución ás características e ás peculiaridades específicas de cada un dos centros. En definitiva, teremos información e, a partir dela, poderemos crear instrumentos que os centros educativos poidan impulsar para ter un mellor marco no cal desenvolver a actividade educativa. *(Aplausos.)*

Ademais, tamén quixera pór en valor outro aspecto importante ou que entendemos moi importante: atender as inqueanzas da comunidade educativa en ámbitos moi específicos. Para iso estamos a preparar unha serie de protocolos que son moi demandados por parte de docentes, de directores, de familias e que son, sobre todo, protocolos que van solucionar moitos problemas, que van solucionar situacións concretas e van mellorar a calidade de vida e, por suposto, a calidade de ensino a aquelas persoas que van poder beneficiarse da aplicación destes protocolos.

Estamos a falar, en primeiro lugar, dun protocolo de orientacións para garantir a igualdade de xénero, a non discriminación e a liberdade da identidade de xénero. Estamos a falar dun protocolo de actuación en urxencias sanitarias e atención educativa ao alumando con enfermidades crónicas, coas súas correspondentes addendas dedicadas á atención domiciliaria e á diabete. Tamén estamos a traballar no protocolo integral de protección de datos persoais e de identidade dixital, que suporá, por suposto, o cumprimento da Lei orgánica de protección de datos e tamén dá resposta a un acordo desta Cámara. Tamén estamos a afrontar a elaboración dun protocolo en materia de autismo para axudar os alumnos autistas, atendendo tamén un mandato parlamentario e para dar tamén resposta a unha demanda das familias.

Todo isto, estes catro protocolos que estamos elaborando e que están nun elevado nivel de elaboración xorden froito do diálogo cos colectivos implicados. De feito, estamos dialogando constantemente cos colectivos implicados, son partícipe da elaboración destes protocolos e o que se busca, o que estamos procurando nestes protocolos, é solucionar problemas concretos e dar unha mellor calidade de vida e unha mellor calidade educativa ás persoas que poidan encaixar dentro destes protocolos.

Tamén, e no marco desta estratexia de convivencia, imos colaborar coa Secretaría Xeral de Igualdade no cumprimento da resolución do último debate de autonomía sobre a posta en marcha dun plan de igualdade no ámbito educativo.

É dicir, con todas estas actuacións estamos facendo unha clara aposta, por parte da consellería e por parte da Xunta de Galicia, para ter unha escola inclusiva, unha escola para todos e para todas. *(Aplausos.)*

Señorías, coa miña exposición queda de manifesto que Galicia conta cun bo sistema educativo. Podemos sentirnos orgullosos del e, repítoo con toda a humildade, temos un bo sistema educativo. ¿Que é posible mellorar? Por suposto. ¿Que temos que seguir traballando? Por suposto. Pero Galicia, señorías, conta cun bo sistema educativo. Obviamente temos que seguir traballando e para iso temos que seguir profundando nas liñas previstas.

Xa para rematar, quero agradecer nesta miña primeira intervención o traballo feito polo equipo directivo da consellería que me honro de dirixir, polas xefaturas territoriais, polos equipos de inspección e orientación e, sobre todo, agradecer o traballo do persoal docente e non docente que traballa para a consellería. Todos xuntos, xunto coas familias, fomos capaces de ter un inicio de curso neste ano académico con total normalidade, un inicio de curso onde, como nos anos anteriores, como folla de ruta principal está a calidade e está a equidade do sistema educativo. Eu, como conselleiro, como político e tamén como pai, súmome ao conxunto dos galegos e das galegas que sentimos que estamos orgullosos da educación de Galicia, do sistema educativo galego.

Miren, non dubiden, señorías, critíqueno, pero non dubiden de que nos últimos anos o ensino galego mellorou moito, melloráronse os resultados educativos; avanzouse cara a un ensino máis inclusivo, máis xusto socialmente; avanzouse cara a un ensino máis adecuado á modernidade, adecuado aos novos tempos, un ensino onde se racionalizaron os recursos cos que se conta —fíxose máis con menos—, onde fomos capaces de pór á disposición de moitos o que antes era só duns poucos e onde o mérito de todo este proceso que houbo nos últimos anos —nos indicadores cuantitativos e cualitativos, nos indicadores comparativos con outras comunidades autónomas ou con outros países vese que se está a mellorar— é o mérito de todos. Isto non é un mérito da Administración educativa, non é un mérito do Goberno e non é un mérito dos políticos senón que é un mérito dos profesores, é un mérito das familias, é un mérito dos equipos directivos, dos servizos de inspección e, en conxunto, de toda a gran familia que forma o sistema educativo en Galicia.

En definitiva, ¿temos problemas? Por suposto. ¿Temos que seguir traballando? Por suposto. Pero creo que se está traballando na boa liña, traballouse e trabállase na boa liña. Creo

que é xusto, moi xusto, recoñecer que Galicia conta cun bo sistema educativo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

¡Caramba que balance fai o señor Román, o conselleiro de Educación, do curso 2015-2016!

Permítanme que eu dea lectura ao balance que sobre o mesmo tema fan as usuarias do sistema educativo, as ANPAS galegas, que a través dun comunicado denuncian a desorganización en canto á xestión e información sobre os libros de texto e o material escolar. Este curso é o primeiro logo da chamada implantación dos fondos solidarios, un procedemento que deixou fóra moitas familias e que provocou unha sobrecarga de traballo para as equipas directivas, que aínda hoxe non resolven as necesidades daquelas que tiñan dereito a libros pero que non os recibiron porque non había dabondo.

Aumentan os usuarios dos bancos de alimentos, señor conselleiro, ao comezo do curso polo esforzo económico que supón para as familias a adquisición de material escolar para os seus fillos e fillas. Non sei se leu vostede a información.

Isto deixa en evidencia os enormes erros da estrutura administrativa na xestión da devolución de libros mercados con cheque no curso anterior. Está moi lonxe de ser exacta e rigorosa, porque se lle reclaman libros a quen non os mercou, impútanselle materias a quen merca outras e faise recaer sobre as familias a responsabilidade de escusar o que unha administración caótica non foi quen de organizar.

No seu comunicado as ANPA seguen insistindo en que é necesario e que hai que seguir reivindicando o préstamo universal e gratuíto, porque ese sistema é o único que garante unha eficaz xestión dos bens públicos e a súa distribución,

xunto coa achega de valores educativos de participación, reutilización e colaboración.

Tamén reclaman as ANPA a imprescindible separación das funcións docentes das administrativas e que se dispoña de persoal suficiente, diferenciado e independente en cadansúa función.

Tamén consideran imprescindible seguir a reclamar que as decisións sobre material escolar, libros de texto, etc. ten que estar organizada e coordinada pola Consellería, respectando, sen dúbida, o dereito de cada docente na escolla do material didáctico que precise, pero impedindo cunha normativa comunmente aplicable a existencia de tantas peculiaridades como centros de ensino hai.

Ademais, expresan tamén —e isto para que non digan que estas ANPA maltratan os profesionais do ensino— o seu agradecemento ás profesionais do ensino, que, aínda coñecendo que non é a súa función, se ven forzadas por unha administración inoperante a compensar co seu traballo os erros alenos e porque son estas profesionais a única base sólida que sustenta que o sistema educativo aínda funcione.

Con respecto á incorporación dos cursos impares de secundaria e bacharelato, denuncian o retraso na elaboración e publicación dos currículos, a inexistente colaboración cos claustros de profesoras e profesores, o desprezo informativo ás familias e a absoluta falta de respecto co propio alumnado que se ía ver abocado a un cambio para el inevitable.

Isto todo fixo que todo o mundo implicado navegara sen compás por un inicio do curso que pretende marcar o futuro educativo da nosa sociedade. Non son só as ANPA, a opinión que vostede manifestou aquí só é a de vostede, o resto dos colectivos do centro educativo non opinan o mesmo, señor conselleiro.

Comisións Obreiras informa de que o profesorado non coñeceu ata o 29 de xuño, publicación no *Diario Oficial de Galiza*, o currículo de ESO e bacharelato. En Galiza, a orde pola que se estableceu o currículo de materias de configuración autonómica tampouco se publicou ata o 21 de xullo. Estas son datas nas que o profesorado xa non está nos centros. A Resolución pola que se ditan instrucións para implantación do currículo da ESO e bacharelato publicouse o 29 de xullo.

Denuncia Comisións Obreiras, este sindicato de clase, que a Administración xogou cos tempos de xeito interesado ao aplicar estas ordes xa avanzado o período non lectivo estival, para así evitar as protestas e a oposición do profesorado e imposibilitar a elaboración de currículos de materias de libre configuración dos centros.

A estas alturas, a maior parte das familias non sabe para que estudan as súas fillas as matemáticas aplicadas ou académicas, nin imaxinan canto os vai condicionar. Descoñecen que agora a relixión é a súa alternativa –son materias avaliables– e tiveron que decidir as materias de libre configuración en bacharelato sobre unha absoluta improvisación e cambiar a matrícula por circunstancias sobrevidas segundo as materias ían mudando en inviables porque non había matrícula dabondo ou porque directamente a administración non as autorizou.

Este curso, señor conselleiro, iníciase con sesenta e catro unidades menos en infantil e primaria en toda Galiza, especialmente, coma sempre, no maltratado medio rural galego. Isto supón cento dezaseis profesionais docentes menos. Hai centos de desprazamentos e supresións, perda de máis de sesenta prazas de catálogo en primaria e máis de trescentas profesionais desprazadas de todos os corpos. Tamén se incrementa a afinidade, tanto en primaria como en secundaria, con máis de duascientas cincuenta mestras e mestres a impartir materias afíns e con máis de mil docentes dando materias das que non son especialistas.

Deteriórase e redúcese a atención á diversidade en primaria cun comezo de curso sen cubrir vacantes anunciadas en audición e linguaxe e pedagogía terapéutica, por mor dun axuste na adxudicación con criterios economicistas e non tendo en conta as necesidades reais dos centros. Deteriórase a atención á diversidade tamén en secundaria por pouca dotación de persoal. E isto sumado á ampliación do horario lectivo provocou que se suprimiran todos os elementos de calidade que proviñan da LOXSE: apoios, reforzos, desdobramentos.

Tamén se incrementou a mobilidade provisional entre o profesorado dos distintos corpos. Un 10 % de prazas dos conservatorios son ocupadas por profesionais ás que non lles corresponde.

Hai insuficiencia na oferta de prazas na FP, deslocalización da oferta de FP básica –isto é moi grave para o rural–, polo

que os concellos periféricos a perden en gran parte; falta de recursos materiais para o desenvolvemento das ensinanzas profesionais da FP básica nos centros en que non se imparte ningún ciclo e, polo tanto, carecen de dotación previa; profe substituto que segue sen cobrar o verán; aumento de temporalidade do emprego –as taxas de interinidade, señor conselleiro, superan o 12 %– e, dende logo, o anuncio da taxa de reposición do 100 % responde claramente a intereses electorais. ¿Por que? Porque é unha medida insuficiente. ¿Por que? Porque non se recuperan os case tres mil postos de traballo perdidos desde que vostedes gobernan –¡tres mil postos de traballo!–, polo que realmente resulta imprescindible a eliminación da taxa de reposición e o establecemento dun plan de recuperación do emprego público.

Teñen vostedes moita présa, señoras e señores do Partido Popular. As enquisas dos vindeiros procesos electorais non lles son favorables –por moito que aplaudan en Europa os seus xenófobos e racistas compañeiros de ideoloxía o seu líder, don Mariano–, así que esta lei é de curto percorrido, unha lei que pon en perigo o ensino público e, sobre todo, o ensino público rural e que ataca sen piedade a igualdade de oportunidades.

Dimitan, váianse.

Moitas grazas, máis nada.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Moi bo día, señor conselleiro.

Volvemos á total normalidade que, por sétimo curso consecutivo, se acaba de anunciar desde este estrado por parte do señor conselleiro. Axeitada atención, suficiente plantilla docente axustada ás demandas e co sempre presente que seica se fixo máis con menos. Volta, con todo o respecto, señor conselleiro, ao de sempre: á publicidade e á propagan-

da por sétima vez, xa é a sétima vez. O anterior conselleiro anunciaba o ano pasado que era o seu sexenio, agora imos á sétima e esperemos, polo ben do ensino público, que sexa a última. Xa incluso anuncia o señor conselleiro unha enquisa de amplo volume á disposición dos centros.

Estamos diante dun curso que comezou xa hai tempo, mais que non é un curso calquera nin é un curso novo, o anterior xa foi un curso de ampla contestación da comunidade educativa galega contra unha lei, a LOMCE, totalmente prexudicial para os intereses da calidade educativa do ensino público galego.

Este ano é o segundo ano de implantación da LOMCE, rematou toda a primaria e comezamos coa ESO e co bacharelato. Nós xa vimos que comezou o novo curso tamén cunha ampla contestación por parte da comunidade educativa e seguro que continuará cando se intenten meter esas famosas avaliacións, agora de terceiro e sexto, e esas reválidas esquecidas da época do franquismo que seica queren volver. Ou sexa que non estamos diante dun curso calquera, estamos diante do sétimo curso da era Feijóo, estamos no segundo da aplicación dunha lei nociva no noso ensino que, sen ter desenvolvido a normativa necesaria para a súa implantación, provocou incerteza e desconcerto absoluto no profesorado e mesmo no alumnado. Houbo falla de formación, orientación e información ao profesorado sobre criterios e formulacións das novas programacións deste curso.

Vou poñer un exempliño porque todo vai ben: hai un centro que saía hai uns días no periódico na Terra Chá que dicía que non podía cursar optativas por falla de profesorado e incluso que non podería ofertar a FP Básica, habendo alumnos suficientes para a mesma, por falla de profesorado e non só neste curso, senón en toda a Terra Chá. Despois o conselleiro di aquí que hai oferta para todos.

Volverán, señor conselleiro, as contestacións da comunidade educativa contra a segregación do alumando que implanta a famosa LOMCE. De total normalidade, señor conselleiro, nada de nada.

É a sétima vez que estamos diante de recortes continuados ao ensino público. Non sei se fará máis o concertado, pero que faga menos o ensino público por ter menos recursos e menos profesorado, iso si é certo.

A Plataforma galega en defensa do ensino público comezou este ano denunciando, a principios do curso, a falla de profesorado, as aulas masificadas, a falla de medios nos centros, o caos educativo pola aplicación da LOMCE, polo descoñecemento das materias que se ían realizar, polos horarios e no comezo do curso mesmo.

Señor conselleiro, moitas comunidades educativas, ANPA, ao principio do curso, manifestáronse diante da súa Consellería reclamando solución aos graves problemas. ¿Lémbra-se? O CEIP do Pino, de Vite, de Cabana, de Rianxo, de Castro, de Lointra, de Ames, Perillo e moitos outros. É certo que, a base de reclamar, algún parche si se fixo, pero moitos problemas continúan.

E falamos de problemas como, por exemplo, o do CEIP de Vite, preto de Santiago, un centro referente para o alumnado con diversidade funcional, un centro que hai sete anos coa metade dos alumnos que necesitan axuda tiña o mesmo apoio que ten hoxe. Trinta e tres días, señor conselleiro, reclamando os pais e as nais deste centro solucións para a atención a esa diversidade na que vostede dixo aquí hai un ratiño que a Xunta de Galicia era pioneira. Mándelle os recursos que necesitan aos alumnos que máis o precisan.

¿Cal é a realidade, señor conselleiro, de facer máis con menos? ¿Que se pechan máis escolas públicas? Este ano corenta e oito unidades. Péchanse menos, si, na concertada e na privada, na que curiosamente se abren vinte e seis. Na pública pechamos e na privada abrimos: cinco de primaria e vinte e unha de FP, porque debe estar aí o negocio cando se lle nega á propia escola pública nas cidades abrir varias ofertas na FP e, en cambio, na concertada estase abrindo.

Trescentas vinte e sete unidades pechadas no público nos últimos catro anos, señor conselleiro, duascenas quince abertas na concertada e na privada. Faise máis na privada e menos na pública, señor conselleiro. Redúcese o profesorado, provocando moitos conflitos nos centros, masificación en moitas aulas, agrupamentos no rural, non substitución do profesorado con menos de quince días.

No comezo do curso denunciouse que hai preto de tres mil postos escolares menos na era Feijóo, trescentos centros sen a dotación de profesores necesarios para ofertar un bo ensi-

no público e duascentas unidades co número de alumnos por riba da ratio legal establecida.

É certo que hai máis orientadores que hai moitos anos, non podía ser doutra maneira; pero tamén é certo que o 60 % dos orientadores nomeados comparten un, dous, tres ou incluso máis centros. Denuncias continuas de ausencia de profesorado de pedagogía terapéutica, de audición e linguaxe, reclamación de coidadores en centros para alumnos que necesitan esa atención. Comeza un novo curso que marxina o ensino galego, señor conselleiro, marxínase o ensino en galego, porque continúa o retroceso dramático do ensino en galego. Continúase a impoñer un decreto de plurilingüismo, que de plurilingüismo non sei se terá moito, pero de eliminar o noso idioma si que entende. Equilibrio lingüístico chámalle o señor conselleiro a que desapareza o ensino no noso idioma no ensino infantil, equilibrio lingüístico chámalle o señor conselleiro a prohibir o galego nas materias científico-técnicas, equilibrio lingüístico chámalle o señor conselleiro a borrar na FP o noso idioma. Señor conselleiro, nós estamos pola aprendizaxe de idiomas, pero non por renunciar ao que nos deixaron os nosos pais, os nosos avós e os que viñeron antes de nós.

Señor conselleiro, con base no manifesto promovido pola Mesa pola Normalización Lingüística a prol do uso do noso idioma, ¿non será o momento de derogar o Decreto de plurilingüismo e aprobar outra norma que camiñe cara á plena normalización do ensino en galego?

Señor conselleiro, ¿ten pensado algunha medida para defender o uso do noso idioma diante das últimas denuncias pola discriminación dos mesmos en centros e incluso en escolas infantís?

Falaba o señor conselleiro –e quedame pouco tempo e non vou dar replicado a todo o que el plantexou– de que continúa un problema grave ao noso entender. El chámalle “café para todos”, nós chamámoslle “dereito a que o ensino básico e obrigatorio sexa gratuíto”. Porque, señor conselleiro, cos mesmos cartos que vostede emprega para pagar uns cantos libros, co sistema de préstamo universal podía garantir a totalidade da gratuidade de todos os libros de texto. Pero o señor conselleiro fai aquí unha serie de números que non lle interesa para manter unha cousa rara. Di o señor conselleiro que hai suficientes prazas

ofertadas, e estase a denunciar que hai 3.000 solicitudes, ¡3.000!, en educación infantil que non poden ser atendidas este curso na escola pública. En FP, 4.000 alumnos non poderán facer o ciclo solicitado porque tampouco hai onde facelo. E fala –e vou ir rematando, señor conselleiro– de que vostede está a favor de agradecer o traballo de todo o persoal docente. Non podía ser menos, e nós compartimos ese agradecemento, pero eu tamén lle recomendaría ao señor conselleiro que, para agradecerlle ese recoñecemento, comece por restablecer os dereitos sociolaborais do profesorado, non só os económicos, senón os que lle foron retirados; pero tamén os económicos, esa perda acumulada na era Feijóo que vai entre os 24.000 e 42.000 euros perdidos polo profesorado. Agradézalle o traballo tamén no tema económico.

E xa vou rematando, porque nos parece moi ben, señor conselleiro, que se empece con protocolos para a igualdade, para a atención domiciliaria, para a diabetes. Lamentamos que, cando o Grupo Parlamentar do BNG o trouxo ao Parlamento en reiteradas ocasións na Comisión de Educación, vostedes votaran en contra. E lamentamos que teña que aparecer unha nai na prensa reclamando a atención educativa domiciliaria para o seu fillo enfermo de cancro.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Resulta, señor conselleiro, que nós tamén, o Grupo Parlamentar, defendemos o dereito a un ensino público, de calidade e gratuíto para todo o alumnado, tamén para o alumnado enfermo. Pero eses protocolos lamento que os traian agora cando estamos no ano das eleccións e non os trouxeran antes, cando moitas veces se tratou neste Parlamento de darlle solución e o Partido Popular votou en contra.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Pombo.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, o señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Advertimos, señor conselleiro, dende o Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, certa mala conciencia na súa comparecencia, pois foi unha comparecencia absolutamente á defensiva. Artellou o seu discurso con base nas denuncias dos grupos da oposición, nas denuncias da cidadanía, o cal é un mal síntoma, certamente un mal síntoma.

Eu coincido en algo con vostede, coincido absolutamente con vostede nunha cousa: o inicio de curso levouse a cabo con total normalidade, con normalidade, cunha pasmosa normalidade. Porque vostedes recortan con absoluta normalidade, e lévano facendo sete anos. Por iso, para vostedes, o curso se iniciou con normalidade.

Pero nada do que está a pasar, señor conselleiro, é considerado normal por parte da cidadanía, porque non pode selo, señor conselleiro. Durante o mes de agosto –durante o período estival– vostedes anunciaron o peche de 13 escolas e de 82 aulas, fundamentalmente no rural. O balance destes sete anos alcanza xa as 532 aulas pechadas no rural e as 103 escolas desaparecidas do noso país. E iso para Alternativa Galega de Esquerda non é nin poderá ser nunca normal, porque é unha perda irreparable, irreparable para o noso país, e que está levando ao exterminio do noso ensino rural, que non só se ve falta e ausente de opcións de vida e de saídas no que ten que ver cos seus tecidos produtivos, senón tamén na defensa de servizos públicos esenciais como a educación.

Nesta lexislatura que remata, señor conselleiro, ademais destes peches de escolas, vostedes levan entregado 1.000 millóns de euros ao ensino privado, señor conselleiro, 1.000 millóns de euros, unha auténtica barbaridade, mentres se pechan escolas no rural.

Vostedes recoñeceron a desaparición de 1.250 prazas de profesorado, isto equivale a 1 millón de horas de docencia, 1 millón de horas de docencia. ¿E que facían eses docentes durante esas horas de docencia? Pois non estaban cruzados de brazos, señor conselleiro, sentábanse a carón da mesa daqueles nenos que tiñan e teñen máis dificultades. Realizaban desdobres, artellando unha atención máis individualizada para aqueles alumnos que máis o necesitan. Aplicaban apoios aos reforzos educativos onde era necesario. Coordinaban, planificaban e realizaban actividades educativas

complementarias: biblioteca, teatro, deportes... Actividades que permiten precisamente unha inclusión educativa daqueles nenos que tamén teñen máis dificultades. Todo iso perdeuse, e perdeuse dun xeito irrecuperable. Por iso nós entendemos que iso non é nin poderá ser nunca normal.

E a situación neste inicio de curso é consecuencia da súa nefasta xestión, da nefasta xestión deste goberno. Temos un 27 %, case 1 de cada 3 profesores de ensino secundario, que imparten docencia nunha materia da que non son especialistas. Temos profesores de latín impartindo docencia en grego, profesores de matemáticas dando clase de música, profesores de filosofía impartindo docencia de lingua galega. Esa é a identidade da calidade do ensino que vostede defende.

E temos un 12 % de taxa de interinidade, cando chegamos a rebaxala ata o 4,8 %. Vostede superou a taxa de interinidade básica establecida nun 5 %, e non só a duplicou senón que chegou ao 12 % na realidade. Temos un incremento das itinerancias docentes, profesores e profesoras que imparten docencia en máis dun colexio un mesmo día.

E ese é o resultado, señor conselleiro. Para as familias non é normal ter que asumir un gasto medio de 700 euros no mes de setembro para poder escolarizar os seus fillos, e pagar os libros de texto, o material escolar, o comedor, as actividades extraescolares e un longo etcétera, que en moitos casos as leva a ter que pasar fame e pedir préstamos para poder iniciar o curso escolar.

Pero os problemas dos nosos centros, señor conselleiro, non son só como consecuencia da falla e ausencia de recursos materiais e humanos, vostedes implantaron un caos organizativo nos centros coa súa teima por sacar adiante a xa insalvable LOMCE. Publicaron o Decreto de currículos en xuño, a Orde de optativas en xullo, e o profesorado a día de hoxe aínda está en moitos casos a rematar as programacións viventes, produto dos seus retrasos.

E ¿que podemos dicir das famosas reválidas, señor conselleiro? Non vou abundar nesta comparecencia no seu carácter segregador, pero, señor conselleiro, ¿viu vostede o informe de reválidas de 3º de primaria que se remitiu ás familias? ¿Viu vostede este informe? Ten dúas cruces: sobre a competencia en comunicación lingüística e sobre a competencia matemática. Este era o gran informe que ían recibir as fami-

lias sobre o rendemento dos seus alumnos, e que era fundamental ter esta información por parte das familias, que rexeitaron estas reválidas de xeito claro. Dúas cruces é o resultado dese informe, informe absolutamente innecesario e, desde logo, carente de datos para as familias.

¿Sabe vostede, señor conselleiro, que un alumno medio no noso país pode ter que chegar a pasar ata oito probas externas durante a súa escolarización? PISA, PIRLS, TIMSS, ICCS, EECL, reválida de 3º, reválida de 6º, e reválida de ESO. (*Murmurios.*) Oito reválidas externas para poder certificar ¿o que, señor conselleiro? ¿Dúas cruces? Unha na fronte e outra nas costas, iso é o que supoñen as súas reválidas.

E ¿que podemos dicir da universidade, señor conselleiro? ¿Viu vostede o informe presentado polo Tribunal de Cuentas sobre as universidades do noso país? As universidades galegas, segundo ese informe do Tribunal de Cuentas, perderon o 17,6 % do seu financiamento na primeira lexislatura, 123,9 millóns de euros que perderon as universidades galegas, señor conselleiro. Superamos en 9 puntos a perda de financiamento da media estatal. Niso tamén somos líderes, desgraciadamente.

Normalidade, señor conselleiro; permítame dicirlle que a súa normalidade, dende o meu punto de vista, é aberrante, é absolutamente aberrante.

Este é, señor Rodríguez, o seu primeiro inicio de curso, e presentouse vostede como novo conselleiro de Educación cunha nova impronta, unha impronta de alumno aplicado, para desenvolver o discurso da recuperación no que se empecina o Goberno galego. Pero a realidade é que está a resultar vostede un alumno copión –permítame a expresión–, un alumno copión e dos malos. Fíxese vostede, defendeu a supresión do sistema de préstamo universal de libros de texto, e defendeuno para establecer un sistema de cheque-libro. Pero despois anunciou a creación dun banco de libros, que era exactamente o que viñan realizando as familias para parchear o seu sistema. E anunciou vostede como unha medida absolutamente progresista que un goberno autonómico cree un banco de libros, un modelo de beneficencia para parchear os recortes que vostede mesmo implantou.

Diante das críticas que fixemos a oposición –porque o sistema de axudas deixaba fóra o material escolar–, vostede

anunciou un sistema de cheque de 50 euros para que as familias puideran comprar o material escolar; 50 euros de axuda para unha parella que, por exemplo, teña un fillo e non supere os 675 euros cada un deles –o salario da miseria–, a esas familias dálles 50 euros para comprar o material.

Plaxiou vostede, chegou a plaxiar, a proposta da Alternativa Galega de Esquerda para crear un bono cultural, que vostede devaluou para convertelo nunha medida que é absolutamente carente de incidencia real para desenvolver a cultura. Plaxiou tamén a nosa iniciativa dun plan de recuperación do cine, porque evidentemente a situación na que estaban as salas de exposición en Galicia é, dende logo, deprimente. Pero non o converteu nunha iniciativa verdadeiramente importante.

E todas esas propostas viñan da forza de AGE, que en teoría somos “a forza do non”, somos ese eixo do mal, ¿verdade? Pois vostede, como alumno aplicado na súa fase de deputado, plaxiounas, pero, evidentemente, devaluounas.

Señor conselleiro, vostede falou de moitos piares hoxe. Eu perdinme no cuarto piar, non sei se é que vostede o fixo porque lle daba reparo falar dos piares. Porque piar vostede piou bastante, pero a verdade é que leva feito moi pouco.

O que está a pasar, señor conselleiro, no noso sistema educativo non é normal, é aberrante, porque se está a atentar contra o dereito básico á educación, e iso é algo que, dende logo, non deberíamos permitir no noso país. Non sei se o que vostede quixo dicir cando dixó que o inicio de curso fora normal, o que é no seu caso é, simplemente, reincidente.

Máis nada de momento. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Vázquez.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Bueno, hoxe parece que veu voluntariamente, non veu pola orella hoxe, comparece vostede voluntariamente.

Bueno, grazas, presidente. Señorías, señor conselleiro, bos días.

Comprenderá perfectamente, señor conselleiro, que a miña intervención do día de hoxe non varíe en exceso nos argumentos en relación coa interpelación que lle fixen hai aproximadamente un mes, naquel momento si que era inicio de curso. Non entendía, señor conselleiro, hai un mes que non comparecera vostede para falar do inicio de curso cando correspondía, que era en setembro. E non entendo hoxe por que comparece para falar dun inicio de curso que tivo lugar hai cincuenta días.

Señor conselleiro, en política, como na vida, as formas son moi importantes. Eu creo –e así llo dixen o 30 de setembro– que o momento de comparecer era aquel, como creo hoxe –e así llo digo– que neste intre comparece vostede a destempo. E estou absolutamente convencido de que comparece vostede para tapar a non presenza dos seus novos compañeiros e compañeiras do Goberno, que si tiñan que comparecer no día de hoxe ante este Parlamento. E estou a falar dos novos conselleiros e conselleiras; e non o fixeron, señor conselleiro de Educación. En todo caso, está vostede aquí e, non se preocupe, non imos desaproveitar o momento no Grupo Socialista e a oportunidade que nos dá para falar da educación galega e das súas dificultades, claro que si.

A miña intención no día de hoxe estará centrada en poder contrastar con vostede o estado de saúde polo que pasa o noso sistema educativo, e vostede deu hoxe moitísimas cifras. Fareino como o fago sempre, señor Rodríguez, poñendo enriba da mesa críticas e propostas, como corresponde a un partido que a día de hoxe é o principal partido da oposición neste Parlamento pero que aspira lexitimamente –aínda que a vostedes lles fai moita graza– a ser goberno, tanto aquí en Galicia como en Madrid. Unha cousa é que veñan aquí Sarkozy, Merkel, Cameron ou Berlusconi aplaudir-lles a vostedes as políticas que fan; e outra moi distinta é o que votarán os cidadáns de a pé nas vindeiras eleccións xerais o próximo 20 de decembro, tempo ao tempo.

Eu poñerei hoxe de novo enriba da mesa, señor conselleiro –aínda que vostedes nunca o agradecen– propostas viables, sensatas e que poidan cumprirse. Pois é precisamente o que nos piden que fagamos aquí os diferentes integrantes da comunidade educativa galega.

Señor conselleiro, temos en marcha o segundo curso da era LOMCE, e témolo –diga o que diga vostede– en marcha con máis

defectos e problemas dos que xa denunciáramos o ano anterior. Diga o que diga vostede, houbo premura; diga o que diga vostede, houbo improvisación; e, diga o que diga vostede, houbo certa chapuza. E hai malestar na comunidade educativa galega: equipos directivos, as ANPA, profesores, sindicatos do ensino... E diga tamén o que diga vostede, seguen faltando recursos humanos e materiais en moitos centros galegos. E non é que o diga este humilde portavoz do Grupo Socialista, dino –e iso debería ser moito máis importante para vostedes– as ANPA, o profesorado, os equipos directivos e os sindicatos máis representativos do noso ensino.

Vostede falou hoxe de moitas cousas positivas, e fai ben en facelo –fai ben en facelo, señor conselleiro–, pois algunhas mesmo as comparto e non teño reparo en dicirllo. Non teño ningún problema en recoñecer cando as cousas se fan ben, e en criticalas, señor conselleiro, cando se fan mal.

Sabe tamén que me gusta poñerlles cara aos problemas e non falar dos problemas en abstracto. Vostede e o seu equipo téñense comportado coma un disco raiado –e hoxe fíxoo de novo– durante o pasado mes de setembro falando dun inicio de curso totalmente normal. E hoxe insistiu vostede moito nesa normalidade. Eu poño por testigo do que vostede dixo a comunidade educativa galega. E aínda lembro como o pasado xoves o propio director xeral de Educación, o señor Corredoira, cando eu lle pedía unha moratoria para a elaboración das programacións didácticas de secundaria e bacharelato a el non lle parecía relevante. Hoxe pídollo de novo a vostede no Pleno deste Parlamento, dea vostede unha moratoria para que o profesorado galego poida facer as novas programacións didácticas con tempo e en forma. Alá vostede se me quere escoitar ou non, pero hai malestar con ese tema na comunidade educativa.

Hai tamén –aínda que digan o que digan– carencias de persoal en moitos centros, houbo chapuza –digan tamén o que digan, señor conselleiro– coa xestión que fixeron dos libros de texto, e na implantación que fixeron tamén dos decretos de secundaria e bacharelato, cuestión esta que ten dificultado moito a elaboración de programacións didácticas, dos horarios e tamén da propia matriculación nos centros educativos.

Señor conselleiro, o próximo xoves debateremos os orzamentos da súa consellería e o Grupo Socialista considera que debe ser un punto de inflexión para empezar a corrixir as

dificultades que ten o noso sistema educativo por mor das políticas austericidas levadas a cabo nos últimos anos. Por indicación xustamente deses amigos do señor Rajoy que viñeron a Madrid a semana pasada para gritar sen o máis mínimo rubor e con profundo descoñecemento do sentir da cidadanía galega ¡viva Mariano! Pero non, non se chamen a engano, o 20D non votará Sarkozy, non votará Cameron, nin Merkel, nin Berlusconi; o día 20 de decembro votaremos os cidadáns deste país.

O certo e verdade é que no tempo que leva vostede no cargo o único cambio importante que teño observado son as súas maneiras amables e correctas, señor conselleiro, pero non houbo ningún outro cambio digno de mención na política educativa, cultural ou lingüística do noso país. Vostede sabe mellor ca ninguén —é un gran experto en educación, señor conselleiro— que os recortes producidos no sistema educativo galego dende 2009 teñen producido importantes consecuencias; consecuencias que vostedes sempre intentaron agochar co mantra de que era posible facer máis con menos, e hoxe repetiuno aquí ata a saciedade. Pero a realidade é tozuda, señor conselleiro, temos menos recursos para becas, temos menos recursos para educación compensatoria, temos menos profesores, e dispostos a marchar en canto poidan á xubilación porque están desanimados e desmotivados. Xestionaron vostedes de maneira nefasta o tema dos libros de texto —e non é que llo diga eu, pregunte nos centros, por favor, señor conselleiro—, puxeron en marcha de présa e correndo a FP básica sen poñer un só euro —e, vólvollo dicir hoxe, sen poñer un só euro o curso pasado—. E díxome esta semana o señor Corredoira que cada alumno recibirá nos próximos días un ordenador, aínda que probablemente as necesidades nos centros da FP básica non sexa precisamente de ordenadores senón doutro tipo de materiais e equipamentos.

E ¿que dicir, señor conselleiro, das consecuencias que esa implantación terá para o alumnado matriculado actualmente no segundo curso da FP básica para efectos de acadar unha posible titulación en educación secundaria? É moi sinxelo de arranxar, escóitame o que lle digo hoxe, fale co señor ministro de Educación e arranxen ese tema. É simplemente cuestión de cambiar un artigo dun decreto.

Eu quero tamén reiterarlle no día de hoxe, señor conselleiro, que os humildes logros acadados —e sei que non lle gusta a

palabra humilde— nos últimos anos foron posibles grazas a un profesorado que nunha situación difícil foi quen de conseguir eses humildes avances. E creo que son importantes —tampouco hai que negalos—, humildes avances nun momento difícil; claro está, nun momento de grandes recortes. Vostede prefire falar máis pomposamente de revolución silenciosa, e hoxe, de novo, fixoo. E ata aquí falábao sempre referido á formación profesional, agora xa o estendeu a todo o sistema educativo galego.

E claro que si, señor conselleiro, eu estou hoxe por recoñecer que Galicia mellorou, ¿como non?, a súa educación. Pero entenderá vostede que eu desexe compararme cos mellores e non cos que teñen peores resultados, e diso poderíamos falar moito, e tamén dos porqués deses mesmos resultados, das situacións de partida duns e doutros, ou dos tecidos produtivos dunhas comunidades autónomas e doutras. É certo que Galicia sae ben en relación a algúns, pero sae mal en relación a outros, e todo iso ao amparo dunha mesma lei. Eu quero que nos comparemos co País Vasco, con Navarra, con Aragón, con Castela-León, coa Ríoxa, con Cantabria ou con Asturias. Ou, se o prefire, eu quero que nos comparemos con Finlandia ou con Francia, e non con México. Elixan vostedes con quen queren compararse e nunca olviden que levan vinte e cinco dos últimos trinta anos xestionando en Galicia a educación.

Señor conselleiro, en educación sobran as cuestións máxicas e milagreiras; en educación as cousas conségúense con paciencia, con medios, con estabilidade e respectando e valorando profundamente o profesorado. Galicia ten mellorado a súa educación nos últimos anos, ¡faltaría máis!, e non serei eu quen o negue, señor conselleiro, porque eu vivo en Galicia, traballo en Galicia e desexo que ao sistema educativo galego lle vaia moi ben, porque del saín e a el penso volver.

Señor conselleiro, sabe vostede moi ben que para o Grupo Socialista —e creo honestamente tamén que para vostede— é moi importante a equidade do sistema educativo, e hoxe alégrome de que vostede falase moito disto. Señor conselleiro, eu critiquei duramente a implantación da LOMCE en Galicia e o sucedido coa xestión dos libros de texto. E díxenlle moitas veces que un país decente non pode permitir que nin un só neno vaia a clase sen libros e material escolar, e sigo afirmando hoxe coa mesma contundencia esa cuestión. O que si conseguiron co tema dos libros foi cabrear a comuni-

dade educativa, deixen de marear a perdiz, recuperen o sistema de préstamo universal que chegaba ao cen por cento da poboación. E se o queren facer co libro dixital, perfecto, pero garantan que ninguén vaia a clase sen libros.

Señor conselleiro, parece que o austericidio vai chegando á súa fin, parece que as contas deste ano –como teremos ocasión de ver o próximo xoves– pintan algo mellor xa que vostede terá uns 100 millóns de euros máis que en 2015. E, se iso é así, teremos que salvagardar a equidade, seguir mellorando os resultados, recuperar condicións do profesorado e non soamente en campaña electoral, recuperar gastos de funcionamento dos centros, equipamentos didácticos, afrontar obras de RAM alí onde non se puideron abordar e corrixir en serio, non con propaganda, a fenda dixital. E tamén é moi importante recuperar os centenares de prazas de profesores perdidas nos últimos anos. E para iso convoque vostede unha potente oferta de emprego público e fágao co tempo suficiente para que a xente teña certeza no horizonte da preparación.

Para facer cousas así, señor conselleiro, sabe que poderá contar sempre co Grupo Socialista. Para a propaganda e o autobombo, para iso, non poderá contar con nós.

Moitas grazas neste primeiro turno, e agardo algunha outra reflexión para o meu segundo turno de intervención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Docasar.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Grazas, señor presidente.

Señorías, señor conselleiro, asistimos hoxe á súa comparecencia, unha comparecencia áxil, unha comparecencia densa, cargada de boas novas para o sistema educativo galego, *(Murmurios.)* e de moi malas novas para os voceiros da oposición, que, como dicían eles, pois, efectivamente, repiten argumentos pero esta vez como a orquestra familiar aquela que ía tocar a unha festa campestre, que cando se lles acabou o repertorio dicían: meu pai, ¿que facemos agora? Nada, neno, tocamos outra vez as mesmas pero cárgalle á trompeta, que estes de música non entenden. E nós si somos

os que entendemos de música, e nós si somos os que presentamos un modelo alternativo que funciona, que sacou os datos de onde estaban neste país que se chama Galiza cun sistema noso. *(Murmurios.)* Non lles gustou o do país que se chama Galiza... *(Murmurios.)* Nin prestaron atención. *(Murmurios.)*

A cuestión, señorías, é que estamos ante dous modelos, e a vostedes un gústalles, que é o seu, precisamente o que non funcionou, que non deu ningún resultado; e o que non cumpriu precisamente, señor Vázquez, con iso do dereito á educación. Porque o dereito á educación cúmprese educando, cúmprese sacando resultados e obtendo os mellores números de titulados ao final de cada proceso educativo. E iso foi o que non sucedeu, xustamente o que si está sucedendo agora, que se mellora en todos os índices, en todos. Saia vostede aquí no segundo turno e dígame un índice no que o sistema educativo galego non teña mellorado nos últimos seis anos. En ningún, absolutamente en ningún.

Presentamos dous modelos, o do caos, barbarie, confusión, *(Murmurios.)* penoso sistema educativo galego. Falan mal dos mestres. Non queren, pero fano, porque ao final están falando mal do sistema educativo. Aquí parece que hai deputadas que marchaban do colexio no mes de xuño e volvían a mediados de setembro, pero coa responsabilidade, a competencia e profesionalidade dos profesionais docentes do sistema público educativo galego non marchan a mediados de xuño e volven a mediados de setembro, non, non, cumpren coa súa función.

E paréceme unha tolemia estar a estas alturas aquí falando das programacións pedagóxicas. Pero é que, vamos ver, ¿é que non saben como hai que facelas, señor Docasar? Eu non sei en que colexio sucede iso, ao mellor nalgún dos que vai vostede –como di– no recreo a coller apuntes sobre certas cousas, como as probas de avaliación individualizada. Se volve a ese colexio verá que todos os mestres teñen as ordes en tempo e forma, coas instrucións tanto da Consellería como da Dirección Xeral como da Inspección para facer o seu traballo; e sábeno facer perfectamente. Que algún non o sabe, pódese ilustrar, que pregunte, seguramente se ilustrará; pero eu dubido que haxa un só que non saiba facer o seu traballo.

Pola outra banda, estase falando aquí tamén de que se lles retirou, señor conselleiro –non sei se entendín mal–, entre

28.000 e 42.000 euros ao ano aos mestres. Pero ¿canto cobraban, home? ¿Canto cobraban os mestres, para retirarlles 42.000 euros ao ano? É dicir, están mentindo. Empregan os datos, manipúlanos e abusan deles estirándooos. Como dicía... ben martirizados, os números din calquera cousa. Pois é o que están facendo aquí, contando mentiras. Falando mal do Sistema educativo galego para ver se son capaces de sacar algún rédito en positivo.

Señora Iglesias. ¿Das ANPA que quere que lle diga? As ANPA foron as que estiveron pedindo eternamente os bancos de libros; eran os que os pedían. Agora, convenientemente manipuladas algunhas, son as que están en contra do que pedían hai ben pouco tempo. Iso é o que está sucedendo. E repito, algunhas, non todas.

Dicía vostede que os mestres son excelentes e os únicos responsables dos bos resultados do sistema educativo. Eu agrádezoille que recoñeza os bos resultados do sistema educativo. Home, ¿soamente unha parte do sistema é a que funciona? ¿A consellería non ten nada que ver? ¿As instrucións, ordes e modificacións dos sistemas de ensinanza non teñen nada que ver? Pois entón, moi mal está falando vostede dos mestres que exercían a súa función docente xustamente antes de chegar nós, porque os resultados eran todos malos. Claro que daquela a culpa está por dilucidar de quen era.

E fala vostede dos currículos. Claro, poden falar dos currículos. Preséntanse en tempo e forma, segundo o previsto, non a mediados de setembro –como se facía con algunha consellería que había gobernando en Galicia antes–, unha vez empezadas as clases. E claro, veñen aquí contarnos unha película respecto dos currículos que se sacaron a raíz da LOMCE. Non, non, falen vostedes dos que sacaron a raíz da LOE e xa verán o refrán aquel: *Busque, compare, y si encuentra algo mejor, cómprelo*. Pero non o van atopar, señor conselleiro.

Cumpriuse estritamente co calendario. Ese calendario dunha lei coa que vostedes é verdade que estiveron en contra continuamente. Estiveron en contra do borrador antes de que se sacara o borrador. Despois estiveron en contra do borrador, do anteproxecto, do proxecto, da aplicación, dos decretos, das probas de avaliación individualizada. Por certo, “franquistas” dixo aquí algún voceiro que eran as probas. Señores do Partido Socialista de Galicia e de

Madrid, acaban de chamarlles franquistas a vostedes e non se inmutou o señor voceiro do Partido Socialista. Porque a lei que puxo encima da mesa e no sistema educativo as probas de avaliación individualizada foi a LOE, que saiba eu; e a LOE é do 2006. ¿Quen gobernaba no 2006? ¡Adiviñen, adiviñen! Pois franquista. Esa lei que nós solidariamente cumprimos aquí en Galicia tamén, porque gobernamos coa vixencia da LOE aquí en Galicia, e fixéronse as probas de avaliación individualizada. Fixéronse porque somos un partido honesto; honesto coas leis e honesto cos cidadáns, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e cumprimos a norma lealmente. E vostedes, deslealmente, están a chamar ao boicot, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡ao boicot! Mesmo presionando familias, mesmo presionando... ¿Foi vostede un deles? ¿Foi vostede un deles? É unha pregunta. ¿Foi vostede un dos que presionou familias para que non foran á escola o día das probas? *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, falo, si.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señor Fajardo. Señor Fajardo, chamada á orde.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Si, si, señor Fajardo.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señor Fajardo, chamada á orde.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ¿Presionáronas para que non foran, para que boicotearan as probas, que eran segregadoras e franquistas? ¡Pero se son as mesmas probas que se seguen a facer alí onde governa o Partido Socialista! As mesmas probas que se fan onde gobernou o Partido Socialista todo o tempo desde que hai democracia, e incluso desde antes, na preautonomía. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Nada, ¡imposible! Alí podían ir aprender algo, porque a señora consejera, que tamén fai as avaliacións de 3º, introduce unhas de 2º, as probas de escala. Porque claro, vai a cousa tan ben que fan dúas probas en vez de unha. E di, textualmente, non traduzo: *Se hacen para poder disponer de elementos y tiempo suficiente para que permitan actuar sobre el fracaso escolar. Su objetivo no es obtener un ranking, sino contribuir con un mayor conocimiento a la mejora de los procesos educativos, así como ayudar al profesora*

rado a realizar su importante tarea diaria con información adicional a la que ya obtiene de su alumnado.

¿Sóalle, señor conselleiro, esta argumentación? Porque é do que nos están acusando aquí continuamente. Exactamente diso. E iso é o que están facendo vostedes en Andalucía. E presume a señora consejera dos bos resultados que obteñen. Por certo, moi por debaixo dos que se obteñen en Galicia, ¡moi por debaixo! E en cambio están presumindo. Bueno, pois nós estamos contentos de que en Andalucía tamén lles vaia ben.

E, señor Docasar, comparándose coas comunidades do norte. ¡Claro que nos comparamos coas comunidades do norte! Fíxese vostede: número de alumnos por grupo, que parece que é un mantra ultimamente, cando temos a ratio profesor-alumno máis baixa de todo o Estado, con 10,3. Datos do último curso, datos do 2014-2015, señor Docasar.

Pero ¿que quere vostede comparar? A masificación esa que nos din aquí, de aulas. Pero ¿que masificación? Número de alumnos por aula. España, media en primaria, 21,4; País Vasco, que é o que vostede quere, 20,7; Finlandia, que tamén o quería, 19,4. ¡Ah!, Galicia 19,0; ¡19,0! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Increíble.

¿Queren ver os da ESO?

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non se escoita.

Por favor, comproben a megafonía da tribuna. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor FARIÑAS SOBRINO: Podo continuar. Continúo, señor presidente.

Se vamos aos datos da ESO aínda son máis significativos. É dicir, Galicia ten 20,1 alumnos por aula. ¿Cantos teñen en Finlandia? 20,3. E no País Vasco, 20,4. ¡Ah! En Andalucía 26. (*Murmurios.*) Polo tanto, ¿con que queren comparar? ¿Con equidade, dicía vostede, con Finlandia? Non quere México, que somos os segundos da OCDE despois de México. ¡Moi ben...!

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Pois vaiamos á equidade real.

Estudo do IVIE, Instituto Valenciano de Estudios Económicos, traballo feito polo BBVA, (*Murmurios.*) dos máis prestixiosos de España. Equidade real. Únicas comunidades homologables nos seus datos de equidade real: País Vasco e Galicia. Ningunha máis, País Vasco e Galicia, con 106 puntos; a 7 décimas nada máis de Finlandia en equidade real. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Remato, señor presidente, desexándolle ao señor conselleiro que siga empezando cursos ano tras ano, que nós tamén queremos que cumpra vostede o seu sexenio, que ben lle toca.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fariñas.

Turno do señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, é un inicio de curso normal. E normal é a postura política que están a realizar nestes momentos os partidos da oposición, porque as súas críticas son absolutamente normais; son as coñecidas, son as que se prevén. Eu creo que a normalidade quizais sexa o punto máis importante neste ámbito, xunto co feito de que teñamos un bo sistema educativo. E a única cuestión que quizais non sexa normal é que o Partido Socialista –neste caso a través do señor Docasar– comeza a recoñecer que, efectivamente, hai melloras humildes, que se vai mellorando e que, efectivamente, temos un bo sistema educativo. Iso –digamos– é o que o diferenza a vostede do resto das intervencións. E eu agradézollo, porque realmente se ve que coñece mellor o sistema educativo e está máis cos pés na terra. Porque é imposible dicir –e non poñerse colorado– que todo está mal, que pouco menos que o sistema educativo español é case terceiromundista. É, absolutamente, para dicilo e poñerse colorado. Vostede, polo

menos, reconece que hai avances, e eu agradézollo. Obviamente, a todos nos gustaría que fose a cousa moito mellor, e eu supoño que a vostede tamén.

E no ámbito das réplicas vou facer como dous niveis. Vou facer primeiro unha cuestión individualizada por algúns dos grupos, de cuestións concretas dos grupos, e despois falarei de cuestións xerais que todos os grupos tocaron dun xeito ou doutro.

Gustárame comezar polo Grupo Mixto, que aquí plantexou unha visión de parte. Nós entendemos, señorías, que vostedes que interveñen en moitos debates parlamentarios teñen pouco tempo para preparar as intervencións. Eu reconezo o seu esforzo e reconezo o traballo que fan, que é importante; só dúas persoas interveñen en moitísimos debates. Pero, obviamente, coller unha visión de parte, coller un teletipo e unha nota de parte, e arrogarse que esa parte é o todo no sistema educativo, a verdade, permitírame que polo menos o poña en cuestión, porque a visión que vostede deu é unha visión moi particular e moi negra do sistema.

Vostede tamén falou das familias con menos recursos. Mire, as familias con menos recursos neste país non pagan nada polo comedor escolar. Teñen axudas económicas directas en función da renda. As familias con menos recursos teñen materiais educativos. E nós, xa llo dixen, rexeitamos o café para todos, rexeitamos a política de café de todos. O que nos gusta é priorizar as axudas naquelas familias que realmente o precisan, e iso creo que é algo importante.

Vostede, señoría, tamén falou de que as familias saben. Mire, as familias saben que co novo decreto hai máis horas de matemáticas, hai máis autonomía nos centros, hai novas metodoloxías educativas. E as familias saben que nos últimos anos os resultados académicos e educativos melloraron de xeito notabilísimo.

Falou vostede de persoal administrativo. Ben, entón supoño que vostede non estivo todo o atenta que hai que estar no debate da Autonomía. Incluso haberá que repasar as votacións, e vostedes apoiaron unha proposta de resolución do Grupo Parlamentario Popular na cal se dicía que se ía poñer persoal administrativo nos centros de primaria. Repasaremos as votacións, porque vostede agora o reclama, e non sei se naquel momento votou a favor ou votou en contra.

Vostede tamén dixo que non era favorable á autonomía dos centros e que non era favorable á liberdade organizativa dos propios centros. Voulle dicir que nós somos favorables á autonomía dos centros e somos favorables á liberdade organizativa dos propios centros, porque ninguén mellor que os propios centros coñece as súas debilidades e as súas potencialidades.

Tamén citou vostede unha nota de Comisións Obreiras, e di que Comisións Obreiras non coñecía os currículos de ESO e de Bacharelato. Pois mire, non o sei, non sei como se pode dicir iso cando ese borrador de decreto de ESO e Bacharelato foi presentado publicamente, foi exposto na páxina web e foi debatido no Consello de Educación. Non o entendo. Non entendo como se pode dicir que non se coñecía ata o día que estaba publicado. E foi debatido na Mesa sectorial tamén, por certo, que me esquecía. Co cal, realmente, non podo entender como vostede pode utilizar un argumento deses.

Debería saber que o decreto de ESO e de Bacharelato estivo en participación pública, pasou por Mesa sectorial, onde están os sindicatos, e estivo no Consello Escolar de Galicia, onde están os sindicatos, co cal creo que improvisación, señoría, a xusta. Improvisación é facer discursos con base en notas de prensa que non teñen rigor. ¡Iso si que é unha auténtica improvisación!

E tamén lle digo que vostede fixo aquí unha cualificación creo que grave, ¡creo que moi grave! Chamoulles xenófobos e racistas aos dirixentes europeos que democraticamente foron elixidos nos seus países.

Mire, voulle dicir unha cousa. Eu estou moi orgulloso de ser galego, moi orgulloso de ser español e moi orgulloso de ser europeo; e voulle dicir por qué. Porque a Unión Europea, afortunadamente, é o espazo rexional onde hai máis liberdade individual, onde hai máis dereitos individuais, onde hai un maior progreso colectivo e individual. E visto o que vostede di, pediríalle, se é posible, que nos concrete na súa seguinte intervención cales son os seus referentes, os seus países homólogos, aos cales a vostede lle gustaría mirar. A nós gustaríamos mirar a estes países, e fálase aquí.

Miren vostedes a Finlandia, miren vostedes a Alemaña, miren vostedes a Dinamarca. E vostede está chamándolles aos dirixentes centroeuropeos, pertencentes á Unión Europea

—dirixentes democráticos— racistas e xenófobos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, señora deputada, é a súa opinión, e eu, obviamente, non a comparto.

E tampouco comparto as referencias que demagoxicamente fai vostede aquí aos bancos de alimentos. Mire, aquí falouse moito dos bancos de alimentos no seu momento e demostrouse que unha cousa é facer demagoxia literaria e outra cousa é a realidade, e que algúns que cuestionaban moito e dicían que había necesidade de abrir os comedores escolares no verán, cando chegaron aos gobernos municipais —que chegaron en forma de marea aos gobernos municipais—, de repente ese problema xa non existía, ou dicían que non era preciso, co cal, señora deputada, permítame que lle faga estas precisións.

Respecto do BNG, o señor Pombo falaranos dalgún xeito do que xa estamos acostumados: das avaliacións franquistas, da segregación do alumnado... Non escoitou o que dixo o deputado do Grupo Popular, que é a definición da avaliación; é dicir, de ter información para corrixir e xerar auténtica equidade social, corrixindo mediante avaliación aquelas dificultades que hai no proceso de aprendizaxe. Falou de recortes, de privatización, da LOMCE.

Bueno, díxonos un dato que supoño que estaría mal e que corrixirá, que é que o Goberno do Partido Popular lle sacou a cada profesor en torno aos 42.000 euros. ¡Fantástico! Ese dato supoño que será un erro e que pode corrixilo, pero si é certo que este goberno, a nivel do Estado e a nivel da Xunta de Galicia —os gobernos do Partido Popular, na Xunta de Galicia e no Estado—, lles está devolvendo aos docentes moitos dereitos económicos que vostede citou e que o Partido Socialista lles quitou. Porque ¿quen baixou os salarios aos profesores?, ¿quen eliminou a taxa de reposición?, ¿quen está recuperando a taxa de reposición?, ¿quen está recuperando os salarios? Verá vostede que quen fixo os recortes, están sentados no seu espazo, e os que están repoñendo os recortes están sentados neste espazo. (*Aplausos.*)

E tamén falou do Decreto do plurilingüismo, que hai que derrogalo; díxonolo tantas veces que xa case por aburrimiento o deberíamos facer. Pero, mire, con datos obxectivos, o que certifica e o que posibilita este decreto é un ensino en igualdade e en equilibrio, e os datos obxectivos que vostedes utilizan para dicir que non se usa o galego na xuventude

—que son certos—, tamén din que temos o maior nivel de coñecemento oral e escrito dos galegos —o maior coñecemento oral e escrito dos galegos—, outra cousa, señora Pontón, é o uso, que aí podemos compartir o uso, pero o sistema educativo garante o coñecemento do galego sen ningún tipo de dúbidas, e estamos nos datos maiores da historia.

Respecto do que dixo o señor Vázquez, creo que vostede dixo medias verdades e medias mentiras. Sempre se di que a media verdade é a peor das mentiras. Vostede di que este goberno lle pagou mil millóns de euros á concertada. Oia, ¿a quen lle pagou este goberno? Pagou a 5.000 profesores, ¿ou vostede non lles querría pagar a 5.000 profesionais docentes que traballan no ensino concertado? Non o sei, porque os 1.000 millóns ou a cantidade que vostede diga que este goberno dedica á concertada é para pagar os salarios dos profesores. A non ser que vostedes os queiran enviar ao paro, entendo que terán que estar a favor destas medidas. E tamén fala das horas, que se perderon moitas horas, que se perden moitas horas. É unha media verdade, porque vostede esquece de xeito deliberado a reorganización horaria dentro da xornada laboral, que posibilitou pór a dispor dos alumnos, para facer clases de reforzo, para facer clases de apoio, máis de 60.000 horas, co cal, tamén estamos ante unha media verdade.

E, claro, vostede falounos aquí de moitas cuestións tamén que non teñen que ver... Permítame que non lle responda. Falounos do cine, do bono cultura, das universidades... Bueno, entenda que non sexa este o momento, que non ten que ver co obxecto desta comparecencia, aínda que o bono cultura, que foi presentado no orzamento do ano pasado, estou seguro de que vostede o votou en contra, aínda que agora veña reivindicalo.

Falounos das avaliacións, e, claro, é curioso, vostede agora cuestiona que se entregue pouca documentación ás familias. Antes non se entregaba ningunha, coa lexislación da esquerda. E o que debería saber —e tamén é unha media verdade— é que en cada centro hai un informe individualizado por cada alumno, que poden ir consultalo. Polo cal, non hai peor mentira que unha media verdade, porque queda no aire unha especie de nebulosa que parece que é verdade, pero non é verdade, porque falta a outra parte.

E, claro, vostede chamoume a min alumno copión, obviamente, en termos figurativos. Eu nunca fun moi bo copian-

do, iso tamén o recoñezo, nin no instituto nin no colexio nin na facultade. Pero o que si fun foi fraile antes de cocineiro.

E, claro, ¿vostede como pode explicar que os bancos de libros cando eran impulsados e promovidos polas ANPA eran moi positivos e tiñan uns efectos tremendamente positivos en moitísimos aspectos e, sen embargo, cando son apoiados e impulsados pola Administración pública, polo sector público, cando son xestionados por funcionarios públicos e se xestionan con base na renda, onde as familias con menos recursos teñen maior dispoñibilidade para acceder a eles, vostedes os cuestionan? Eu non sei que nota lle pon a iso, pero non sei como é vostede capaz de poñerlle nota a ese cambio de apoiar algo que é xestionado por unentes privados, as ANPA, e cuestionar o que é xestionado polo servizo público e por funcionarios públicos con base en criterios de renda.

No tocante ao Partido Socialista, eu quixera, antes de entrar, comentar unha cuestión de forma. É moi importante; as formas son moi importantes, señor Docasar, e eu comparto as súas boas formas. Pero vostede vén aquí cuestionarnos que vimos comparecer, segundo vostede, polas orellas. Pois, mire vostede, este grupo político, cando estivo na oposición, no Bipartito, foi incapaz de traer polas orellas ningún ano á conselleira socialista. Ou as tiña moi pequenas ou tiña pouca forza, porque a conselleira socialista do Bipartito nunca compareceu polo inicio do curso. Co cal, ¿que quere que lle diga? E nós comparecemos no momento xusto. ¿Por que comparecemos agora? Porque non queremos tocar de oído e porque agora están os datos pechados e agora están os datos reais, (*Murmurios.*) ¡os datos pechados e os datos reais!

E, mire, vostede fala de políticas austericistas co ensino e co profesorado. Xa llo dixeran ao señor Pombo: quen puxo en marcha a taxa de reposición foi un goberno socialista, quen propón as baixadas salariais consolidadas é un goberno socialista e, curiosamente, é un goberno do Partido Popular quen vén repoñer os dereitos laborais e os dereitos profesionais dos profesores. ¡Mire vostede as voltas que dá a vida: que o Partido Popular veña repoñer no ámbito educativo o que vostedes lles sacaron no ámbito educativo e aos seus profesionais!

E, mire, falou vostede tamén das eleccións; tamén se falou aquí das eleccións, do 20 de decembro. Eu espero unha

cousa, como todos os que estamos aquí –seguramente vostede tamén–: que os cidadáns voten en liberdade, voten pensando no ben do país e voten pensando nas dinámicas que tivo o país nos últimos anos. E se cremos todos que os cidadáns van pensar no ben do país, no interese xeral, ao mellor esa LOMCE que vostede di que se vai derrogar ao día seguinte non se derroga, co cal, non poñan –porque o levan facendo moito tempo– o carro antes que os bois –como se di na miña terra– porque realmente poden levar moitas sorpresas. E, en todo caso, se hai outras sorpresas diferentes ás nosas, igual de lexítimas, pois, obviamente, en democracia todos as acataremos e todos intentaremos facer o noso traballo político o mellor posible.

E hai unha cuestión, señor Docasar, que vostede di sempre e que a min particularmente me molesta, e é a crítica que vostede fai da Formación Profesional Básica. Dixeran na primeira intervención que é unha ferramenta de primeira orde para combater a exclusión social, unha ferramenta pedagóxica educativa de primeira orde para combater o fracaso escolar, para fomentar a equidade social. E sempre di que se está incrementando a custo cero. ¿Quen paga aos profesores? As ampliacións que se fixeron de centros, ¿quen as paga? ¿Quen paga os talleres novos que se fixeron? Non o entendo, non entendo como se pode cuestionar deste xeito tan forte o que ten que ver coa Formación Profesional Básica.

E, miren, agradézolle –xa llo dixeran ao principio–, agradecemos, que fale de que hai avance, de que houbo avances; humildes –certo–, pero que houbo avances. Bueno, imos mellorando. Se utilizamos referencias educativas, progresa vostede adecuadamente, porque vostede, polo menos, está percibindo que hai melloras, que hai cambios, que hai avances. Outros, sen embargo, teñen un velo por encima dos seus ollos e son incapaces de ver nada positivo. E se o que ten avanzado o sistema educativo cara adiante, o tivera avanzado cara atrás, sería algo que realmente non tería ningún tipo de razón.

E, mire, compartimos unha cousa con vostede: nós queremos mirar as comunidades autónomas que van por diante, queremos mirar o País Vasco e non queremos mirar a Andalucía; iso tamén llo dicimos, nós queremos mirar o País Vasco e estámonos achegando ás ratios, aos niveis, que hai nestas comunidades autónomas, e estamos abrindo a brecha

con Andalucía, algo terán que ver aí as políticas educativas que dende sempre puxo en marcha o Partido Socialista.

E eu insisto: temos un bo sistema educativo. Cuestións xerais que se faloron aquí: unitarias. Pecharon unitarias, por suposto, pero é que se levan pechado durante moitísimos anos; e hai unha diferenza substancial: este goberno unha unitaria con seis alumnos mantena. Outros gobernos con menor crise demográfica e menor crise económica pechaban unitarias ata con nove alumnos. O maior período de peches de escolas unitarias foi durante o Bipartito. Bueno, a partir de aí podemos dicir o que se queira e a partir de aí podemos falar dunha perda irreparable, e eu estou de acordo. Creo que non é unha boa nova que se peche unha unitaria, non é unha boa nova, pero, obviamente, hai que axustar, xa non só os recursos económicos á realidade, senón os servizos á demanda dos cidadáns, neste caso dos alumnos. E temos que ter en conta que debaixo destas decisións sempre hai unha realidade demográfica que nos leva a determinadas áreas xeográficas, fundamentalmente zonas periurbanas, nas que medra o alumnado e nas que se están facendo investimentos de ampliación e novos centros, e en zonas rurais –dígoo con pesar–, desgraciadamente, non hai alumnos e o que se fan son agrupamentos para permitir e posibilitar un ensino de máis calidade, porque o que non ten sentido é manter unha unitaria cando non hai alumnos ou cando o número de alumnos é tan cativo, tan pequeno, que incluso, dende o punto de vista pedagóxico, non é nada recomendable, como din moitísimos profesionais.

E miren, docentes, bueno, afortunadamente, xa non estamos –aínda que hoxe escoitamos algunha cuestión tamén por aí pouco rigorosa– naqueles tempos en que vostedes dicían un dato á mañá e outro dato á tarde, e ao día seguinte outro diferente. Miren, Galicia ten máis de 30.000 profesores no ensino non universitario. É unha magnífica ratio; de feito, Galicia é a comunidade autónoma con mellor ratio de toda España. A ratio é dun profesor por cada 10,3 alumnos; é a mellor ratio de España.

Téñase tamén en conta que se está cumprindo sempre o Catálogo de persoal docente fixado no ano 2007 polo Goberno bipartito.

E tamén quero dicirlle que os profesores non desaparecen, nin os alumnos, vanse movendo, e vanse movendo en función das situacións xeográficas. E, mire, non se adoptou nin

este ano nin os anteriores ningunha decisión de poñer ou quitar un profe, ou de poñer ou quitar unha unidade con criterios arbitrarios ou caprichosos. Sempre se tiveron en conta informes obxectivos dos equipos directivos e informes obxectivos dos servizos de orientación e dos equipos directivos dos propios centros.

Miren, Galicia, no seu momento, non incrementou as ratios alumnos/aula, como si fixeron outras comunidades autónomas de diferente cor política, moitas delas de esquerdas. Galicia non o fixo, e ten a mellor ratio alumno/profesor.

E outra cuestión que dicían vostedes aquí: asignaturas afíns, interinidade. Galicia ten a menor –insisto, a menor– taxa de interinidade das comunidades autónomas españolas. Vostedes criticano. Bueno, ¿que farán coas que están nos rankings superiores, que están polo sur de España gobernadas pola esquerda? ¿Que dirán vostedes?

E miren, no tocante ás afíns, é algo que se fai e se leva facendo sempre, desde o punto de vista, nos últimos anos e sen ningún tipo de problema, do sistema educativo. Hai unha cuestión de fondo, e eu non me canso de marcar esa diferenza. Vostedes son partidarios, por dicilo dun xeito rápido e para que nos entendamos todos, do café para todos. Nós non, nós non o somos.

Comedores. Co sistema que tiñan vostedes, un alumno que ía ao colexio transportado –que podía vivir nunha área residencial periférica dunha cidade–, como ía en transporte escolar ata o centro educativo, comía gratis. E ao mellor un neno que vivía ao lado ou en fronte dun colexio, nun barrio periurbano dunha cidade ou nun barrio dunha cidade, pero que ía andando, e as súas familias estaban en situación económicas difíciles ou no paro, con vostedes pagaban.

Esa é a diferenza, que vostedes entenden que o *café para todos* vale para todo e nós entendemos que non. Nós entendemos que hai que priorizar sempre, pero máis aínda nos momentos de dificultade económica como son estes. Temos que priorizar sempre os aportes e as axudas económicas da Administración en función da renda.

E non me digan –unha expresión que dixeron aquí– uns cantos libros. Vostedes deberían saber o importantísimo esforzo que non é que o faga o conselleiro ou o presidente da Xunta,

senón que fan os galegos, a través dos seus impostos, para poder dispor dun programa de subministro de libros ás familias. Estamos a falar de máis de 11 millóns de euros que todos os galegos, a través dos seus impostos, poñemos á disposición das familias con menos recursos para que os seus fillos teñan material escolar e teñan libros.

Iso é o que non é *café para todos*, e iso é o que nós facemos diferente ao que vostedes fan.

E xa para rematar quero reivindicar a idea quizais máis importante do que levo dito ata o momento. Galicia conta cun bo sistema educativo. Entendemos que fagan críticas políticas, entendémolo, é o normal, é o xogo político. Agora, deben de ser conscientes de que gran parte das críticas que vostedes fan, desproporcionadas e inxustas, están indo directamente contra os máis de 30.000 profesores e profesoras que todos os días van ás súas aulas a traballar e a dar o mellor de si no sistema. Porque unha cousa é atacar o Goberno, e outra cousa é poñer en tela de xuízo o Sistema educativo galego.

Creo que vostedes deberían comezar –como fixo o Partido Socialista– a ver a realidade. Deberían sacarse ese velo partidista que lles nubra a percepción das cousas e deberían comezar a falar de resultados, a falar de avances, e así quizás o ano que vén poidamos dicir que vostedes tamén progresan adecuadamente. Mentres, teremos que seguir mandándoos para setembro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor conselleiro.

Rolda especial de aclaracións. Grupo Mixto. Señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidenta.

Señor Fariñas, cando fala vostede das ANPA manipuladas, preguntolle, ¿manipuladas por quen? ¿Pola conxura comunista-xudeo-masónica ou por esta deputada? Preguntolle, nada, xa me contestará.

Cando falan de normalidade no inicio do curso, pois si, a normalidade corresponde a un partido, normalidade para o

PP, coas súas políticas e cos seus criterios. Pero non é normal que un inicio de curso sexa tan caótico.

Agradézolle ao señor conselleiro que recoñeza o traballo das deputadas do Grupo Mixto, de verdade. Co que non estou de acordo é con que critique as fontes ás que acudimos, ou ás que acudo, para facer as intervencións, porque son fontes que teñen a mesma categoría que ten vostede: son os sindicatos de clase, son as ANPA de alumnos, e son casos concretos de persoas que, aínda que lle pareza que non, se achegan a esta deputada para explicarlle cousas que están a ocorrer nos centros onde teñen os seus fillos. Se vostede non lles dá crédito, pois é o seu problema. Segundo o seu discurso, crédito non lle debe dar ningún, porque ¡vaia como está o ensino galego de ben!

Estou de acordo en que non todo está mal, estou de acordo. Pero é que o que queda ben son os restos do naufraxio. E por suposto non volva dicir que esta deputada, ou a oposición, polo que eu sei, atacamos os profesores. Son os que sustentan as eivas, son os que cobren as eivas que están vostedes impondo no ensino público.

Eu entendo que non lle gusten as opinións dos sindicatos nin das ANPA nin da xente que se achega aos grupos da oposición, porque, claro, é que contradín absolutamente o seu discurso, e eu creo que corresponden moito á realidade. Vostede está aquí, na Xunta de Galiza, pero eles están nos centros, teñen os fillos e fillas alí, traballan neses centros. Non vaia pensar que o profesorado está contento. Tampouco, ¡para nada! E, de feito, repítolle que os seus representantes sindicais elaboran documentos, comunicados, nos que se manifesta o rexeitamento destes profesionais cara ás políticas do Partido Popular.

Non quero rematar o tempo sen insistir en que o discurso fascista, xenófobo e racista non dos países, señor conselleiro, dos dirixentes de certos países, ¡dos dirixentes...! Eu non falo dos pobos nin da xente. Houbo o outro día unha manifestación en Alemaña posicionándose para que houbese unhas políticas de acollida á impresionante invasión de refuxiados –chámolle invasión por chamarlle de algunha maneira–, de mareas de refuxiados que están chegando a Europa. Non me diga que comparte as opinións do presidente de Hungría ¡fágame o favor!, porque entón xa non sei con quen estou falando.

Eu dixen que son os dirixentes os que aplauden a don Mariano; que é unha vergonza e unha tristeza que sexa aplaudido pola ultradereita máis xenófoba que temos tido nos últimos tempos, e que vai seguir medrando, por desgraza.

Tamén nos chama demagogos. ¡Por favor! (*Risos.*) Iso si que xa me dá a risa. ¡¿Que fan vostedes máis que demagogia?!

Eu estou de acordo, señor conselleiro, en que a relación que ten co PSOE porque son partidos de goberno, de alternancia, e tal e cal...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...¡pero que nos chame demagogos aos outros grupos parlamentares! Pois non. Nós traemos aquí realidades, e vostede trae un discurso demagórico e electoralista.

Non sei se me queda máis tempo.

Dixo tamén que as deputadas do Grupo Mixto improvisamos. ¡Que va! Non, non, para nada, ¡en absoluto! Non damos puntada sen fío, dígollo de verdade, ¿eh?, dígollo de verdade. Temos un traballo ao lombo que xa quixeran ter o orgullo de ter ese traballo ao lombo moitas das deputadas e deputados que se sentan nesa bancada, aos que por certo non lles coñezo a voz nin ningunha iniciativa presentada por eles. ¡É que non lles coñezo a voz, señor conselleiro! ¿Como pode vostede dicir que as deputadas do Grupo Mixto improvisamos, que copiamos, que isto e o outro, cando hai parlamentarios do Grupo Popular que, bueno, deputado florero que se chama?

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

Señora Iglesias, se non lle importa, aquí non hai deputados florero, aquí hai deputados normales e corrientes.

A señora IGLESIAS SUEIRO: A próxima vez que me chamen a min piollo, que o retiren tamén.

A señora PRESIDENTA: Pois tamén.

Dende logo, eu non o consinto.

Ten a palabra o señor Pombo Rodríguez polo BNG.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, estamos no sétimo curso. No Grupo Parlamentar do BNG pensabamos que este sétimo curso des-cansaría de deteriorarse o ensino público galego, mais non.

Vostedes continuaron coa imposición da LOMCE, imposta a toda présa, con total improvisación, en contra da totalidade da comunidade educativa, de todas as forzas sindicais e políticas galegas, excepto o Partido Popular, e da maioría das comunidades autónomas. E nesa LOMCE aparecen unhas reválidas, que son para segregar o alumnado, que a min me lembran a época franquista, ¡que quere que lle diga! Están pensadas para ir apartando o alumnado da progresión as reválidas que se contemplan nesa propia LOMCE. Non as avaliacións, señor Fariña. Lea con detemento a LOMCE e verá que hai unhas reválidas aparte das avaliacións. ¡Non confunda o persoal!

Aparece un novo curso que nós entendemos que é demasiado caro para unhas familias —as galegas— que non estamos na abundancia. Hai máis de 200.000 familias no paro; a metade non cobra ningunha axuda; o 23 % do noso país está en taxa ao borde da pobreza. Polo tanto, o ensino público obrigatorio, que por lei é gratuito... Non me veña vostede facer aquí números e despistando. Nin tampouco me veña dicindo que a eses 30.000 abnegados profesores a oposición os está calumniando. É o propio grupo de goberno quen está cuestionando o traballo dese profesorado porque hai un recorte continuado. Houbo 4.000 xubilacións —e vostede sábeo—, e só houbo oferta de emprego público en 1.000. Bote contas. E tampouco manipule, porque en Galiza vostedes están aumentando a interinidade. Non me veña comparando. En Galicia vostedes aumentárona entre un 15 % e un 20 %.

Non me veña comprando con outras comunidades. En Galiza o profesorado que fai afíns aumentou —con respecto a Galiza, non cos demais— nun 12 % en primaria e nun 35 % en secundaria. En Galiza, non comparádonos con ninguén de fóra, a inestabilidade do profesorado en primaria chega ao 20 %, e en secundaria ao 24 %. E esa inestabilidade, o que cambian cada ano, non é a mellor maneira para atender a calidade do ensino público nin é a mellor maneira no tema

da atención á diversidade; que, por certo, vostedes aquí agora a anuncian a bombo e platillo.

Polo tanto, señor conselleiro, sexamos rigorosos. Supresións de escolas, desas que pechou o Bipartito. Eu non oín que vostedes abran ningunha; non oín que abran ningunha. E o que si é certo é que, no sétimo ano de Goberno, hai centos da pública pechada, e centos da privada que se abren, jollo! Polo tanto, o Partido Popular ampara o ensino concertado e está denigrando o ensino público.

Por certo, hai 15 millóns de euros, deses que foron declarados ilegais, que vostede non quixo retirar do privado cando eran dedicados a centros que segregan o alumnado polo seu sexo.

Fala vostede de que o BNG está obsesionado co Decreto do plurilingüismo. A ver, o BNG está obsesionado con defender o noso idioma, e quen está obsesionado en mantelo é vostede, a pesar dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que manda retiralo; a pesar de que a propia Real Academia Galega lle pediu a vostede que o retire; a pesar de que as ANPA de Galicia o piden, e todos os sindicatos e todos os partidos políticos.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Vou rematando, queda pouco tempo.

Estamos nunha época mala, nunha época con moita precariedade laboral; nunha época na que non é necesario o café para todos, senón que é necesario que o ensino sexa gratuíto obrigatorio. Eses que vostedes din que teñen moito diñeiro, que paguen os impostos.

Hai uns días saía un home famoso que seica entregou 17 millóns, ¿verdade? Falaban de 1.000 millóns que non pagan. Vostedes acaban de anunciar que lles quitan os impostos a eses que teñen 400.000 euros. ¿E venme dicir aquí que un pai que paga, con 9.000 euros, o máximo do comedor é o mesmo que o que ten 90.000? ¿E a eses que teñen 400.000 que non lles cobran agora os impostos eses? Pero ¿de que falamos?

O ensino público obrigatorio por lei é gratuíto. Polo tanto, hai mecanismos e ferramentas gastando o mesmo que voste-

des gastan, ¡eh! Gastando o mesmo poderíase garantir. Pero vostedes non teñen ese interese.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Don Ramón Vázquez Díaz ten a palabra.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: O señor conselleiro acusoume de verter verdades a medias. Eu directamente o vou acusar a vostede de mentir. ¡De mentir directamente!

A min me parece tremendamente grave que vostede, en referencia aos gastos do ensino concertado, minta dun xeito tan grave, cando di que o diñeiro entregado aos concertos é directamente para pago de nóminas do profesorado. Iso é absolutamente falso, e vostede teno que saber. O módulo de concertados ten tres compoñentes. Un, o pago de profesorado, e tres compoñentes máis: persoal complementario —que non é profesorado—, outros gastos e gastos variables. Todos eses gastos non son para profesorado, senón para gastos de funcionamento dos centros concertados. Polo tanto, o diñeiro non vai só para as nóminas dos profesores, debера vostede sabelo; e, por suposto, estando ao cargo dunha das consellerías que máis inviste en ensino privado: 1.000 millóns de euros cada catro anos.

Por certo, o número de profesorado concertado incrementouse —levemente pero incrementouse—, e o número de profesorado no ensino público diminuíu —segundo as súas cifras, señor conselleiro— en 1.250 efectivos. Creo que a comparación non admite, dende logo, a mesma táboa de medir.

Con respecto ao señor Fariñas, bueno, se o señor Fariñas di que o Partido Popular é un exemplo de honestidade, todo o resto da súa intervención, cando menos, permítame que lle diga que é cuestionable. Pero o señor Fariñas fíxome unha pregunta, e eu, contrariamente ao Goberno, teño o costume de responder as preguntas. Díxome: dígame vostede un só indicador no que Galicia teña empeorado ou que sexa peor. Voulle dar tres, son aos que primeiro puiden recorrer. Primeiro. Taxa de escolarización en nenos menores de 3 anos, por debaixo da media estatal, e, dende logo, baixando;

investimento por alumno, por debaixo, por suposto, do investimento medio estatal e por debaixo do investimento medio europeo; investimento en I+D+i, se falamos do investimento na universidade en I+D+i podémonos romper os botóns da camisa lamentándonos; incremento medio no número de alumnos por aula, un 1,6 %. Señor Fariñas, poderíamos seguir.

Pero, mire, hai índices, hai indicadores, nos que os estudos europeos –eses que lles gustan tanto, PISA, etc.– non reflicten a situación do ensino no rural de Galicia. Non hai un indicador de satisfacción das familias para poder asumir os gastos educativos que imponen os seus copagos. Non todo se mide en estudos e en informes europeos, señor Fariñas.

E hai unha cuestión que tamén lle quixera aclarar respecto dos informes e das estatísticas. Mire, se vostede –é un exemplo simplemente– ingresa 5.000 euros e eu ingreso cero euros, a media dos nosos ingresos son 2.500 euros cada un, iso non quere dicir nada. Dígollo porque a ratio por alumno en Galicia é baixa, e iso non é bo. ¿Por que? Porque é produto dun desequilibrio territorial profundo, onde temos aulas que se teñen que pechar porque non teñen alumnos, e iso convive con aulas que teñen 35 alumnos; e dentro deses 35 alumnos, alumnos con necesidades educativas especiais, alumnos que necesitan apoio educativo, etc. E iso dá unha media que é da que vostede presume. Pero cando nunha aula hai 9 alumnos, un de educación infantil, tres do primeiro ciclo de primaria, dous do segundo ciclo de educación primaria, e así sucesivamente, iso non é un bo dato...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...por moito que a media lle favoreza.

E hai algo que ao señor conselleiro non me gustaría deixarlle pasar por alto. Vostede insiste ata a saciedade no termo “café para todos”. Mire, señor conselleiro, cando falamos de educación –e é do que falamos agora aquí–, facer unha comparación co “café para todos” –a pesar de que calquera persoa pode tomar un café ao día, non me parece nada abusivo–, non podemos dicir “café para todos”, porque que todo o mundo teña dereito a unha educación básica de calidade, que poida acceder a un servizo de comedor de calidade, que poida acceder a un material escolar e a uns libros de texto en

condicións de gratuidade, e a un transporte escolar, iso non é “café para todos”, iso é un dereito básico que custou moitísimo traballo –sangue, suor e lágrimas– conseguir. Polo tanto, non faga vostede un exercicio de demagogia falando de educación e equiparándoa a “café para todos”. A chave da calidade educativa –e remato con iso– é a capacidade dun sistema para atender a diversidade. Non entendo a diversidade como os nenos que teñen só necesidades educativas especiais...;

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...diversidade de capacidades, de ritmos, de intereses, de motivacións. E iso é o que vostedes están a cargarse establecendo un modelo de educación estandarizado, que o único que lles permite é aforrar custos...,

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...pero empeorar a calidade do ensino.

Máis nada, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo Socialista. Señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Grazas, presidenta.

Señor Hipólito, don Hipólito, vino ben coa trompeta e coa música. Estivo ben vostede coa trompeta e coa música, e un pouco peor coa información que manexa sobre o que está a pasar nos claustros de profesores. Aí vino un pouco máis baixo. Aí non o vin tan potente. Tamén o vin ben noutra cousa. Veu vostede aquí un pouco a embarrar o campo. Estaba o terreo de xogo limpo, non estaba mollado, imos ver se o embarramos un pouco. E, claro, para embarrar o campo nada mellor que Andalucía, (*Murmurios.*) nada mellor que o Bipartito, Andalucía, as leis socialistas malvadas... Esas son as cuestións coas que embarramos habitualmente o campo.

Señor conselleiro, unha precisión do que vostede dixo. Vostede dixo aquí –e consta no *Diario de sesións*– que a conselleira na etapa do Bipartito –a conselleira socialista, Laura Sánchez Piñón– non comparecera nunca. *Diario de Sesións*, día 16-10-2007, repase ese diario e verá como ese día compareceu; por certo, bastantes días antes que vostede agora,

fixoo o día de hoxe.

Insiste moito vostede, señor conselleiro, en que fomos nós os que lle baixamos... Claro, o Partido Socialista, efectivamente, cando gobernaba en Madrid baixoulles o 5 % aos profesores. Pero nada está escrito para que despois vostedes, cando chegaron, non cambiaran iso. Non soamente non fixeron iso, senón que a min, como profesor, vostedes quitáronme a paga dobre do 2012. E non ma quitou o señor Zapatero, quitouma o Partido Popular, quitouma o Goberno en Galicia do señor Feijóo. (*Murmurios.*) Polo tanto, se vostedes queren tratar o tema de reposición e outras cousas, pódeno facer. (*Murmurios.*)

FP básica. Díxenlle a custo cero porque quero dicir –e explícoo no Parlamento– que non se puxo nin un só euro para gastos de funcionamento, non se realizaron practicamente adaptación nos centros onde era necesario, os de FP non o precisan. E practicamente non se mandaron equipamentos. Vanse mandar este curso, pero o ano anterior implantouse e a custo cero. Insisto niso, señor conselleiro.

¿Ratios? Tamén o dixo o meu compañeiro, o señor Vázquez. Efectivamente, as ratios en Galicia son boas precisamente polo tema do rural, casualmente polo tema do rural. Pero se mirásemos as ratios das cidades galegas, as ratios non teñen nada que ver, señor Fariñas.

¿Avances? Eu recoñecín avances, ¿como non vou recoñecer avances? Eu son un profesional da educación, e eu ben vin que houbo avances, pero, claro, hai un matiz. Vostedes limitan os avances só á etapa máxica do presidente Feijóo, e eu cifro os avances que se veñen producindo –e fun testemuña directa diso– dende a época do señor Fraga –que vostedes renegan del– e dende a época do señor Touriño. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Prego silencio, por favor.

O señor DOCASAR DOCASAR: Polo tanto, os avances en educación, señor conselleiro, non son milagreiros. As cousas en educación conséguense con pausa, con tranquilidade, con paciencia e con estabilidade.

Eu agardo tamén que os 100 millóns de euros máis que imos ter na educación o próximo ano, señor conselleiro, sir-

van para corrixir cousas que nestes momentos non están tan ben ou están directamente mal. Temos que recuperar as 1.250 prazas de profesores perdidas, temos que facelo. Non digo de golpe pero haberá que facer unha convocatoria potente, aproveitando que temos máis recursos no ano 2016. E eu agardo que se faga esa convocatoria á maior brevidade que sexa posible, para que a xente que prepara oposicións teña certidume, teña un horizonte e as poida preparar cunhas mínimas garantías. Porque hai miles de opositores e de opositoras en Galicia preparando oposicións, en academias ou pola súa conta, e merecen o noso respecto e que este Parlamento lles faga caso e atenda as súas necesidades.

Falou tamén vostede do tema dos centros dos administrativos. Eu pedinlle a vostede un tema –sabe que lle pedín unha cuestión. Creo que se pode mellorar o que aquí se aprobou no debate do estado da Autonomía. Eu creo que se pode chegar a máis centros de Galicia se se fan as cousas mellor; se se permite, por exemplo, que os centros poidan solicitalo agrupadamente por zonas. Sería un pequeno avance. Eu pedinllo, creo que vostede está en boa sintonía nese sentido, e eu agardo simplemente que o fagan.

Hai tamén outro tema que quero comentarlle no día de hoxe, e sei que é un tema un pouco delicado porque non é un tema de legalidade. Ou sexa, transporte escolar; aquí tamén se falou hoxe moito do transporte escolar. Temos unha dificultade, fundamentalmente...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor DOCASAR DOCASAR: ...no medio rural. Unha dificultade para o alumnado que vive en aldeas e en pobos pequenos que non teñen un transporte regular ordinario. Eu pídolle que sexan xenerosos e que, por exemplo, casos como un que se está dando en Rianxo –pero que seguramente se dará en máis sitios–, no IES Félix Muriel de Rianxo, sexa atendido. Mandáronlles unha carta a vostedes. Contéstennlles. Tamén presentaron no Valedor do Pobo unha protesta. Simplemente están pedindo que poidan asistir a clase os alumnos que cursan a educación postobrigatoria porque non hai outro medio de poder ir aos seus institutos de referencia.

Pola miña parte máis nada. Agardo, señor conselleiro, que teñamos ocasión de seguir debatendo e que o orzamento de

2016 sirva para corrixir cousas que se fixeron mal nos últimos anos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Docasar.

Grupo Popular. Señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señora presidenta. Señorías.

Señor conselleiro, xa ve que non hai variación, nada nuevo bajo el sol. Simplemente seguimos cos mesmos argumentos, sen recoñecer absolutamente nada. Cústalles traballo recoñecer que os demais fagan algo ben. Tan só saen as cousas ben cando as fan eles; e despois así nos atopamos cos resultados que nos atopamos cando chegamos, tanto dá que sexan económicos, sociais, educativos... Imposibilidade de recoñecer nada que estea ben. Aínda que boa parte desa responsabilidade de que estea ben a teña o pobo de Galicia e non soamente o Goberno. Pero nada é recoñecible. En todo caso, porque canto peores sexan os datos e peor lle vaia a Galicia, seguramente mellor lles irá á meirande parte deles.

E despois, señora Iglesias, perdóeme a brincadeira, pero, ¡home!, desde a posición que ocupa vostede no Grupo Mixto, coa lexitimidade que lle acompaña, ¡vir criticar a persoas que obtiveron un recoñecemento explícito –implícito incluído– e maioritario deste grupo respecto da súa capacidade como deputadas ou deputados! E que mo diga vostede desde o Grupo Mixto, despois de abandonar a lexitimidade do grupo que a amparou para vir a esta Cámara, parece un pouco, cando menos, ousado. *(Aplausos.)* Legal, pero ousado. *(Aplausos.)*

Por outra banda, señor Vázquez, creo que ou se equivocou –que pode ser– ou incluso pode que me equivocara eu ao escoitar. Pero atribúe vostede mal os datos neses índices que andou rebuscando por aí e que non atopou, porque non os atopou. Vén vostede con educación infantil, de 0 a 3 anos. Home, que lle achague vostede a Educación eses temas, cando a educación de escolas infantís de 0 a 3 estaba ata o de agora en Traballo e Benestar, que nunca estivo en Educación, é un problema seu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non é un problema de Educación, non.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) En calquera caso, como xa sabíamos que ía facer algún aspavento, voulle dar o dato real. Desde 2009 ata hoxe, en 0 a 3, máis 96 % de prazas. *(Murmurios.)* Polo tanto, revise vostede o dato. *(O señor Losada pronuncia palabras que non se perciben.)* O señor Losada disto de estatística sabe moito, e non me deixará mentir. E sabe que teño razón. *(Murmurios.)*

Por outro lado, dixo outro indicador vostede no que tamén se equivoca; *(Murmurios.)* no gasto público por alumno en educación. Home, señor Vázquez, é verdade que todas as comunidades autónomas e o Estado baixaron recursos –motivos non lle vou dicir cales que xa os imaxina–, non só a Educación, senón a todos os departamentos. Pero é que precisamente Galicia neste asunto, referenciado á media do gasto nacional, é onde mellorou. Gústalle ao señor Docasar, País Vasco, que é o que máis dedica a isto na clasificación: 6.582 euros; media española: 5.431; Galicia, 1.000 euros por encima. Non sei de onde sacou os datos, nin sequera por que os dixo aquí. Pero se quere ir á eficiencia do gasto, home, á comunidade autónoma, que o gasto non arranza todo, señoría, non o arranza todo; aquí arránxase con bos profesionais e metodoloxía; innovación, tecnoloxía e calidade dentro do sistema, que é o que se está tratando aquí. Pero o que menos gasta é Madrid. Sen embargo, é máis eficiente no gasto e o que é estandarizadamente mellor en todos os indicadores.

Respecto da concertada –teño que dicilo en datos rápidos porque me queda pouco tempo–, último Goberno Fraga, 3.504 unidades; último curso de responsabilidade do Goberno seguinte a don Manuel, 3.836 unidades, máis 332 unidades. Actualmente, curso 2015-2016, unidades concertadas, 3.853. Teñen vostedes razón, 17 unidades concertadas máis que vostedes.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: E agora veñen aquí falar de dispendio. ¡Home!, hai que ser un pouco máis serios en todas estas cousas, e non badúen. É que vostedes, na época do Goberno socialista, meteron 2.400 millóns de euros máis en Madrid adicados á ensinanza concertada. ¿Por que renegan da ensinanza concertada? Ninguén o sabe.

En calquera caso, señorías, nós estamos, señor conselleiro, falando dun curso no que se nos reclamou hoxe máis, máis,

máis, sen embargo, estamos falando dun curso que puxo en escena a maior rede educativa de Galicia da súa historia. Ademais, os nosos alumnos estudan en aulas; e outros por aí están discutindo se estudan en caracolas ou en aulas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Aquí estudan nunha aula, en nunha ramal.

Moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para pechar o debate.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Xa para rematar esta comparecencia, eu creo que é lóxico que teñamos discrepancias políticas, que manteñamos diferenzas. Pero máis alá desas diferenzas, que incluso son boas, o que temos que recoñecer é que o sistema educativo ten avanzado moito nos últimos anos en calidade e en equidade. Creo que debemos recoñecer que se incrementou a equidade e se incrementou a calidade.

Creo que hai que ser positivo, e hai que facelo con humildade e hai que facelo tamén con realismo. Tamén somos conscientes de que hai que seguir mellorando, por suposto, pero todos estaremos de acordo en que algo se estará facendo ben cando todas as variables, cuantitativas e cualitativas, que definen un sistema educativo nos últimos anos melloraron. Cando baixou o fracaso escolar, por exemplo, respecto da época do Bipartito; cando os nosos alumnos dos nosos centros conseguen premios, non só en España, senón a nivel internacional; ou cando a nosa comunidade autónoma en todos os ránkings educativos, nomeadamente en PISA –algo que non lles gusta a vostedes–, incrementa nos últimos anos a súa posición. Algo estaremos facendo ben. E cando digo algo estaremos facendo ben, non digo o Goberno, que tamén, digo o sistema educativo no seu conxunto.

Porque miren, vostedes poderán admitilo ou non o poderán admitir, pero foi o Goberno Feijóo o que puxo á disposición de moitos o que antes era só duns poucos, con medidas de equidade social reais. E temos moitísimos exemplos que xa

os dixeran ao principio. E temos tamén moitísimos exemplos para poder pór en valor o noso sistema educativo.

Agradezo que a señora deputada do Grupo Mixto xa dixera que non todo está mal, que pasara dun negro moi negro a un negro un pouco menos negro. Dixo vostede: non todo está mal. Pero é que estamos cos restos do naufraxio. Pero, señora, se todos os índices se incrementaron nos últimos anos, ¿que naufraxio é ese? É xusto ao revés, é xusto ao revés.

E miren, eu creo que –xa o dixo o señor portavoz do Grupo Parlamentario Popular– aquí todos os deputados teñen unha función e fan un traballo. Eu recoñezo que vostedes fan un traballo importante e, sobre todo, custoso, porque son poucas deputadas, e que iso obriga a veces a coller fontes e dar por verdade o que non é verdade, ou dar por verdade o que é a opinión dun colectivo, por moi importante que sexa ese colectivo. Pero realmente eu non lle permito, non lle podo permitir, que lles falte ao respecto aos deputados do Grupo Popular. Non se lle pode permitir a vostede que lles falte ao respecto a estes deputados.

E miren, Bloque Nacionalista. Vostede entende... entendemos ao revés o que son as reválidas. Vostede di que son para segregar, nós lle dicimos que é xusto ao revés. Que son para ter información e para poder aplicar medidas correctoras das deficiencias educativas que se poidan percibir. Vostedes enténdeno ao revés. Bueno, é o seu problema. Pero as reválidas... que, por certo, non deben ser tan franquistas cando se fan en Francia, en Dinamarca, en Alemaña. Cando se fan nos países do noso entorno, non deben ser tan malas. Pero vostedes teñen un discurso ideolóxico de serie e non se apean dese discurso ideolóxico. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Son como os faros antinéboa, non ven máis alá. Bueno, estamos encantados. E mire... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, señor Pombo, vou...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...estar de acordo nunha cuestión con vostede. Alégrome de que vostedes respecten o profesorado, alégrome. E non me cabe a menor dúbida de que si o fan. Pero debían ser conscientes de

que cando fan unhas críticas tan duras, tan atroces, ao sistema educativo, están descargando esa crítica, precisamente, sobre os profesionais do sistema educativo. Está ben que nos critiquen a nós politicamente, si; pero non critiquen, non critiquen, por favor, o sistema educativo, porque hai 30.000 persoas que todos os días –como dixen antes– están a traballar para facelo mellor; para facelo mellor para os alumnos, para os 400.000 nenos e nenas que están no ensino non universitario de Galicia. Critiquennos a nós, fágano, pero respecten o profesorado, que estou seguro de que si o fan.

E claro, vostede tamén utiliza media verdade e media mentira. Fálanos de que se suprimen unidades, pero tamén se crean outras unidades, señor Pombo; créanse outras unidades. Nas áreas periurbanas, porque hai demanda e necesidade, créanse. Nas áreas rurais, onde non existe, por desgraza, suprimense, como fixeron todos os gobernos; pero sempre buscando a racionalidade e buscando o mellor para os estudantes.

Respecto de AGE, señor Vázquez, eu xa sei que hai gastos de funcionamento na concertada, pero máis do 90 % do gasto ou do investimento que fai este goberno no ensino concertado é salarios. Vostede sábeo, vostede sábeo, non veña dicir agora aquí que... Non, máis do 90 %, pero moi longo, é salarios. E en torno ao 8 %, ao 7 %, é gasto de funcionamento. ¡Home, ata aí podíamos chegar!

Hai unha cuestión na que non estou de acordo con vostede, ou na que si. Unha na que si e unha na que non. Estou de acordo con vostede e cos grupos da oposición en que o ensino é gratuíto e é igual para todos, está garantido por lei. Iso non o discute ninguén. Outra cousa diferente son os servizos complementarios, onde vostedes seguen a súa teoría, que entendemos que é menos xusta socialmente cá nosa, pois nós entendemos que os servizos complementarios deben ser subministrados aos cidadáns en base á renda destes cidadáns.

O Partido Socialista. Señor Docasar, ese dato que vostede dixo está mal. A señora Sánchez Piñón nunca compareceu nesta Cámara para facer un balance do inicio de curso, como sempre compareceu este goberno; primeiro co señor Vázquez e agora comigo. A señora Piñón compareceu unha vez en pleno para informar sobre as principais novidades de cara ao curso 2007-2008. Pero iso non é unha comparecencia de

balance de inicio de curso. É simplemente, como a que fixen eu nos meses pasados, para dicir o que iamos facer no inicio de curso. Co cal me reafirmo na miña afirmación. A vostede, que entende que é moi necesario que se faga balance do inicio de curso, recórdolle que a súa conselleira non o fixo nunca; fixo outras comparecencias, pero non unha comparecencia para facer balance de inicio de curso, como sempre fixo este goberno, porque entende que é un exercicio de responsabilidade, de transparencia e de respecto ao conxunto da Cámara.

E miren, certamente vostede, igual que algún deputado máis, din casos puntuais: neste colexio falta isto, neste colexio falta aquilo outro. Recitan constantemente 6, 7, 10, 15 casos, e saben o nome de memoria, coñecémolos todos, e tomamos medidas neses centros. Pero non se esquezan de que hai 1.400 centros educativos, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) 1.400 centros educativos, e vostedes utilizan de mantra sempre os 7 ou 8 casos que vostedes, a través dos medios de comunicación, coñecen. A moitos dos cales se lle foi dando solución co inicio do curso, e moitos dos cales algunha das reivindicacións que plantexan non encaixa cos informes de Inspección nin encaixan cos informes do Servizo de Orientación, e incluso non encaixan cos equipos directivos, co cal deben ser moderados e non ser excesivamente ousados. Porque, insisto, poñer como exemplo de non normalidade 10, 12, 15 casos, que os repiten sempre, fronte a 1.400 centros educativos onde non hai eses problemas que vostedes din, iso nos reafirma do que dicimos: normalidade no inicio de curso e ter un bo sistema educativo con recursos humanos, con recursos materiais, á disposición do que máis nos importa, do que máis lle importa a este goberno, que é ter un servizo educativo de calidade e un servizo educativo de equidade.

E xa para rematar, avanzouse moito. Humildemente avanzouse moito. Hai un mellor acceso á educación, hai máis equidade e máis solidariedade no ámbito educativo, creo que iso se pode recoñecer. Hai máis idiomas, hai un modelo plurilingüe. Hai máis tecnoloxía nas aulas; hai máis autonomía dos centros. Hai un maior prestixio –e aí estaremos de acordo, seguramente o señor Docasar estará de acordo comigo–, moito maior prestixio, na formación profesional do que había hai uns anos, aí creo que si se avanzou notablemente. E estamos agora buscando que haxa unha maior convivencia nas aulas; é dicir, traballar naqueles aspectos

cualitativos que sexan garantes de que haxa nas propias aulas un mellor clima que favoreza a aprendizaxe integral dos nosos alumnos.

Puxéronse en marcha moitas medidas; medidas que entendemos fundamentais para o conxunto do modelo educativo; medidas que non excluiron a ninguén e que posibilitaron tamén ter mellores infraestruturas ou ter unha mellor oferta docente. Moitas delas xa foron citadas, non as vou repetir. E o que si quixera, xa para rematar, é dicir que nos últimos anos se ten avanzado moito. Nos gobernos Fraga, no Goberno bipartito e no Goberno actual avanzouse moito.

Sempre hai unha cuestión que eu cuestiono e poño encima da mesa. Vostedes en moitas ocasións só asocian educación a máis presuposto público. E o que fixo este goberno, dende o ano 2009, foi demostrar que en educación, como en calquera outra política pública, non hai unha asociación directa entre orzamento e resultados. E podemos coller moitas variables que nos momentos máis álxidos a nivel orzamentario nas últimas décadas, no Bipartito, as variables educativas e os resultados educativos baixaron, e, sen embargo, cun modelo educativo que entendemos máis xusto, máis planificado, máis racional, máis pensado e mellor aplicado, con menos recursos fomos capaces de mellorar a inmensa maioría das ratios educativas neste país.

Co cal creo que a boa educación, e a xestión da boa educación, non é para nada un monopolio da esquerda, pese a que se pense, e a esquerda pensa, que teñen o monopolio do bo ensino. Pero nos resultados a nivel de España, e nas comunidades autónomas onde sempre gobernou a esquerda, vese que ese monopolio está na mente dalgúns, pero non está na realidade.

Toca seguir traballando, toca seguir esforzándonos por mellorar o sistema educativo, e realmente o que lles pedimos con humildade é que recoñezan que Galicia ten un bo sistema educativo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleiro.

Continuamos co desenvolvemento da orde do día co punto 4, de mocións.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sistema educativo en Galicia

A señora PRESIDENTA: A esta moción non se presentaron emendas. Para formulala ten a palabra o señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Grazas, presidenta.

Segundo turno para falar de educación. Aínda ben non sae de aquí o conselleiro, xa volvo logo aquí outra vez.

En fin, toca así e temos unha moción para defender. A orde non a elixín eu. Estaría igual ben tela cambiado para non seguir falando de educación e cansar o auditorio. Pero bueno, é así.

En todo caso, hai case un mes, xustamente un mes, o Grupo Socialista presentara neste pleno unha interpelación para poñer enriba da mesa o estado de saúde da nosa educación, e tamén —jo que son as cousas!— para conseguir con aquela iniciativa que o señor conselleiro de Educación puidera dar explicacións en sede parlamentaria do sucedido no inicio do curso, xa que non o fixera *motu proprio* no momento en que tiña que facelo. E xustamente vén de facelo no día de hoxe, 50 días despois de terse iniciado o curso escolar, cando as cousas que sucederon practicamente xa non son noticia nos nosos centros. Entendiamos naquel momento no Grupo Socialista que sobran razóns para que o fixera, e foi a única maneira que atopamos de traelo aquí.

Dito iso, imos ao tema que plantexamos nesta moción, señorías.

Como ben saben, este Parlamento recibiu a semana pasada o proxecto de orzamentos para 2016, e cremos no Grupo Socialista que é o momento axeitado para poñer enriba da mesa unha serie de propostas que entendemos poden e deben ser acometidas en 2016 pola Consellería de Educación, tras sete anos de recortes brutais no Sistema educativo galego; uns recortes que acadaron os 400 millóns de euros durante estes anos que acabo de relatar.

No recente debate do estado da Autonomía, o señor presidente da Xunta anunciounos a chegada dunha etapa expan-

siva na nosa economía, e que nesa nova etapa expansiva poderían abordarse cousas que durante os anos da crise non puideran ser abordadas por falta de recursos.

As cifras que vimos de coñecer dinnos que a Xunta de Galicia terá no ano 2016 preto dun 5 % máis no seu orzamento –é dicir, preto de 500 millóns de euros máis que en 2015– e que a Consellería de Educación e Cultura contará por ese motivo cuns 100 millóns de euros máis que no exercicio anterior. Recoñezo que non é unha cantidade desprezable, se a comparamos cos 600.000 euros a maiores que tivemos en 2015 en relación co ano 2014, pero a este ritmo, señorías, necesitaríamos varios anos –e a poder ser anos con procesos electorais– para volver aos niveis de investimento que a nosa educación e a nosa cultura tiñan no 2009; é dicir, acadaríamos aproximadamente en 2009 o nivel que tiveramos unha década antes.

Estes son os datos certos, señorías, e así deben ser contados.

Aclarado iso, o Grupo Socialista cre que é chegado o momento de empezar a recuperar –no sentido literal da palabra– cousas que se perderon durante os anos de austericidio, e de aí nace precisamente a moción que hoxe defendemos neste Parlamento; unha moción, señorías, en positivo, como corresponde a un partido que ten vontade e votación de goberno. E, por esa vontade que temos, queremos poñer hoxe enriba da mesa unha serie de propostas viables, sensatas e que poidan cumprirse, pois precisamente é o que nos piden que fagamos aquí os diferentes integrantes da comunidade educativa galega, co único fin de poder mellorar na medida do posible as condicións dos nosos colexios e institutos e de recuperar de paso as condicións laborais e salariais que lles foron arrebatadas aos profesionais de educación durante a etapa da crise.

Paso agora a falarlles brevemente, señorías, das dez cuestións que nós consideramos deben ser acometidas por parte da Consellería de Educación nesta nova etapa expansiva da economía galega.

Unha primeira cuestión sería convocar en 2016, e facelo de maneira consensuada coas forzas sindicais representadas na Mesa sectorial de educación, unha potente oferta de emprego público docente para repoñer a gran cantidade de prazas perdidas durante a crise, e anunciar –tamén é un tema

importante– a citada convocatoria en tempo e forma para que os milleiros de persoas susceptibles de preparar esas oposicións poidan facelo cun horizonte de certidume e saiban cantas prazas van ser convocadas e de que especialidades concretas.

Unha segunda medida: elaborar un cronograma concreto e pactado coas forzas sindicais representadas na Mesa sectorial de educación para repoñer ao profesorado galego as condicións laborais e profesionais arrebatadas durante a crise e que iso non dependa da dinámica electoral.

Unha terceira medida: ralentizar o calendario de implantación da LOMCE e comunicar aos centros educativos unha moratoria para entregar as novas programacións didácticas que emanan da mesma; esa data podería ser perfectamente en nadal, e con iso poderíamos tranquilizar bastante o profesorado galego. Unha demanda esta, señorías, que non custa diñeiro, pero que sería ben recibida polo conxunto da comunidade educativa.

En cuarto lugar: rematar co caos da xestión dos libros de texto e garantir que ningún neno ou nena de ensino obrigatorio de Galicia vaia á clase sen libros de texto e material escolar.

Unha quinta medida –que tampouco custaría diñeiro ningún– sería elaborar un listado preciso de centros educativos das catro provincias galegas coa velocidade real de acceso a internet que teñen na actualidade, e, en función diso, facer un plan para corrixir esa desigualdade existente entre uns centros e outros.

Unha sexta medida consistiría en elaborar un plan transparente de RAM, provincia por provincia, para abordar as necesidades de obras nos centros educativos que quedaron sen atender durante a crise.

Unha sétima medida: elaborar un plan de reposición de material didáctico, provincia por provincia, para repoñer fundamentalmente equipamentos informáticos e de Formación Profesional, que foron tamén quedando obsoletos durante os últimos anos.

Unha oitava medida: fornecer os centros educativos que implantaron a FP Básica no curso 2014-2015 cos recursos

necesarios para impartila con dignidade e realizar neses centros as adaptacións de espazos e dotacións de equipamentos que foran precisas.

Unha novena medida sería garantir aos estudantes que iniciaron os estudos de FP Básica en 2014 a posibilidade de acceder á titulación da ESO ao remate dos seus estudos en xuño de 2016.

E unha décima medida –e última– trataría de fomentar a excelencia do Sistema educativo galego, creando nas provincias de Lugo e Ourense un par de centros públicos que impartan o denominado bacharelato internacional, ao seren estas as únicas provincias que actualmente non contan co citado servizo.

Como ven, señorías, son dez medidas concretas que poden e deben ser acometidas. Agardo o apoio dos diferentes grupos parlamentarios, e en especial agardo o apoio do Grupo Popular, non por nada, senón por ser o grupo maioritario desta Cámara.

Señorías, se a recuperación é un feito, se estamos realmente nunha etapa expansiva da nosa economía e que non é froito das campañas electorais que se aveciñan, pensamos no Grupo Socialista que estas dez medias son viables, posibles, sensatas e que serían moi ben acollidas na comunidade educativa galega.

Agardamos, pois, o apoio dos diferentes grupos a esta moción do Grupo Socialista.

Pola miña parte, máis nada neste primeiro turno, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Docasar.

Intervención dos grupos.

Polo Grupo Mixto, señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidenta.

Esta moción poderíamos dicir que dá continuidade á comparecencia que acaba de ter lugar neste hemicycle, na que comparece o señor conselleiro presentándonos un balance de

inicio do curso que non responde á realidade e que ademais rexeita a realidade e rexeita e desautoriza os axentes educativos que proporcionan os datos, como son as ANPA e os sindicatos de clase.

É unha realidade caótica, señor conselleiro; é un sistema educativo que camiña cara á precariedade e á privatización, aí está o conflito do centro do Pino ou do centro de Vite. A situación nestes dous centros é tan paupérrima en persoal que hai estritamente un profe por cada 25 alumnas, chegando nalgúns aulas a 28 –isto incumpe a normativa–, e non impide, ademais, que vostedes supriman tamén os desdobramentos.

Hai precariedade en canto a recursos humanos, iníciase –xa o dixen antes– con 116 profesoras menos, e a estas hai que sumar as que xa se perderon ao longo da recesión, as taxas de interinidade son altísimas, tamén se incrementa o criterio de afinidade, máis de 300 centros –¡300 centros!– non contan con profesionais suficientes para a atención á diversidade e ao alumnado con necesidades especiais porque non cobren as vacantes, e ademais os docentes orientadores están a tempo parcial –isto tamén o sabe vostede– e comparten centro. ¿Por que? Porque aplican criterios economicistas que nada teñen que ver coa calidade da educación nin coa pedagogía: profesorado con salarios recortados e que ademais ten que facer a dobre función, a función docente e a administrativa, xestionando o xa manido tema dos libros. É un sistema fracasado, ineficaz, no que se refire á gratuidade, se se compara co préstamo universal, que é un sistema de probada eficacia e equidade.

O profesorado comparte co alumnado espazos educativos en estado lastimoso de conservación, sen acceso ou con acceso deficitario a internet, sen calefacción, sen ximnasios, coas aulas abarrotadas, e falta material didáctico. Estamos fartas, moi fartas, de escoitar e debater iniciativas impulsadas polas ANPA –ás que vostede non dá crédito ningún– e traídas a este Parlamento polos grupos da oposición sobre a mellora de infraestruturas de certos centros educativos sen que vostedes recollan as demandas de practicamente ningunha delas. Todo está estupendo e non chega o presuposto; é o de sempre.

Bueno, volvo coa FP, non se ofertan as prazas públicas suficientes. É de tal xeito a improvisación que xa dixen que non

sei se vostede sabe que o 21 de xullo son vacacións escolares, que os centros están pechados, e ao mellor queda alguén de garda, pero o 21 de xullo non hai clase nin docentes.

Así que, xa para rematar, o punto 3 desta moción traída a pleno polo PSdeG tería que ser de obrigado cumprimento: ralentice o calendario da implantación da LOMCE e comunique aos centros educativos unha moratoria para entregar as novas programacións didácticas que emanan dela.

Apoio esta moción que contempla unha serie de medias paliativas para a mellora do sistema educativo na Galiza, e mentres espero con impaciencia que o cambio de ciclo político que se avestiña permita rematar dunha vez por todas con esta lei, coa medida dos postulados neoliberais máis agresivos que poñen en perigo, que están poñendo en perigo, que xa están pregando, o ensino público de calidade, porque ataca dun xeito feroz a igualdade de oportunidades.

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Pombo Rodríguez.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Moi bo día a todas e a todos.

Señor Docasar, o Grupo Parlamentar do BNG vai apoiar esta moción do Grupo Socialista. Apoiaremos estes dez puntos que nos propón porque coincidimos basicamente no fondo da cuestión. Vostede é consciente de que o Bloque redactaría estes dez puntos doutra maneira, nomeadamente algúns deles, mais imos apoiar, digamos, polo fondo da cuestión, o que nela se reclama.

Sobre o tema da excelencia, nós xa lle temos abondado en que o BNG é partidario de que os centros públicos galegos deben estar dotados dos recursos necesarios para facer un ensino de calidade que garanta a igualdade de oportunidades e para poder desenvolver proxectos educativos de calidade.

O BNG tamén apoia, como non pode ser doutra maneira, reclamar mellores accesos a internet, como así tamén o reclama a comunidade educativa maioritariamente, reclamar un plan para a recuperación, ampliación e mellora dos cen-

tros, esquecidos durante sete anos ou moi retardados, reclamar recursos non só económicos senón tamén materiais, equipamentos e espazos necesarios para impartir un ensino de calidade en todos os centros públicos e nomeadamente tamén na FP Básica.

Señorías, en varias ocasións puxemos en destaque dende esta tribuna que coa desculpa da crise económica a política educativa do Goberno galego nas dúas últimas lexislaturas do señor Feijóo non foi outra que o desmantelamento do ensino público, a persecución do noso idioma e tamén a destrución do emprego, que implicou supresión de centros, de unidades escolares que se contan por centos, e de milleiros de postos de traballo docentes.

Por esta razón, señoras e señores deputados, o Grupo Parlamentar do BNG reclamaba o pasado mes do Goberno galego que procedese a unha convocatoria de oferta de emprego público suficiente que, como mínimo, alcanzase repórter os postos de traballo recortados na era Feijóo; única maneira, ao noso ver, para atender as necesidades fundamentais do ensino para unha atención á totalidade dos especialistas que reclama a comunidade educativa, para atender a diversidade e para atender a orientación, o reforzo e o apoio escolar.

O Grupo Parlamentario do BNG, señor Docasar, tamén estamos a prol da gratuidade do ensino público e consideramos que unha ferramenta fundamental é voltar ao préstamo universal de libros e material didáctico para todo o alumnado do ensino obrigatorio. Tamén estamos a prol de repórter as condicións sociolaborais do profesorado, dese profesorado que está a manter a dignidade do ensino público, a pesar de sérenlles recortadas as condicións sociolaborais dende o ano 2010, a pesar de non valorar debidamente o seu esforzo e a pesar de sobrecargalos de traballos con funcións que son impropias do seu traballo.

O Grupo Parlamentar do BNG apoia máis unha vez tamén adiar no noso concepto a aplicación da LOMCE na Galiza como única maneira de evitar aplicar unha lei letal para o ensino público galego, unha lei –dixémolo moitas veces– que privatiza, que mercantiliza a educación e unha lei que, ademais, reforza a confesionalidade –que, ao noso ver, debería estar fóra da escola– e que promove mesmo a segregación do alumnado galego. Mesmo o Consello Escolar de Galiza reclamou adiar a aplicación da LOMCE no noso país o pasa-

do curso. Tamén reclamou este adiamento á secundaria e ao bacharelato a maior parte da comunidade educativa, que xa está farta de présas, de improvisacións, de recortes orzamentarios, de recortes de persoal e de imposicións de última hora que mesmo impiden establecer os cadros de persoal e as cargas horarias para unha oferta educativa de calidade.

Remato a miña intervención abondando no apoio do Grupo Parlamentar do BNG.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Pombo.

Polo Grupo da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Ron Fernández.

O señor RON FERNÁNDEZ: Esta iniciativa ímola apoiar, aínda que hai certos aspectos que nós matizaríamos, sobre todo o punto 3 e o punto 10. Pero ímola apoiar porque estamos en contra da tiranía do modo de vida neoliberal que se quere impoñer, non só na vida cotiá senón no propio sistema educativo, coma unha parte máis, esencial e fundamental, para que se perpetúe este modo de vida, este sistema capitalista que tanto dano nos está facendo.

Por iso imos apoiar que fronte á imposición, fronte á precariedade, fronte á inestabilidade, fronte á provisionalidade, pois é preciso, como se di no punto 1, diálogo, participación e creación de emprego estable. Porque non é, dende logo, diálogo e participación o que está facendo a Xunta de Galicia, que é forzar á resignación, sen marcos de negociación ou marxe de manobra reais, ás directivas. De aí que despois veña o señor Román a dicir que o curso comeza con normalidade, porque o que está acontecendo son marcos de resignación sen vantaxe de manobra.

Tamén, loxicamente, pedimos que se recuperen todas as condicións laborais e profesionais arrebatadas durante a crise, pero tamén que se melloren. Non pensemos de forma inxenua que o que había antes era ideal. Estabamos avanzando, e co Partido Popular o que sucedeu foi unha regresión, por iso hai que recuperar e mellorar.

Nós, desde logo, no que disetimos é no de ralentizar a implantación da LOMCE. Para nós a LOMCE non pode

existir. A LOMCE terá unhas consecuencias devastadoras para a igualdade de oportunidades, xa as está provocando. Aspectos fundamentais, porque a LOMCE en si mesma é negativa para a atención á diversidade, pero se a unimos aos recortes de profesorado de apoio, as implicacións para a atención á diversidade son devastadoras.

Vostede falaba antes das reválidas, as probas externas que lles chaman, e nós preguntámonos: ¿para que serven? ¿para analizar os déficits ou analizar as potencialidades do alumnado? Pois para vostedes unicamente os déficits, e non as potencialidades, porque esas –as potencialidades– avalíanse de forma continua, é o proceso pedagóxico educativo que realizan os profesores e as profesoras.

Por iso non serven esas reválidas –esas probas– máis que para poñer atrancos no percorrido continuo deses alumnos e alumnas. Aqueles que máis dificultades teñan, máis atrancos terán, e vostedes facilitarán así a segregación, porque en vez de avanzar nunha educación integradora –malamente establecida, pero integradora–, en vez de ir cara a unha educación inclusiva –xa alertou o propio Valedor do Pobo de que así non se avanza cara a esa educación inclusiva–, estamos camiñando cara atrás, porque con recortes e coa LOMCE o que se vai permitir, con ratios de 30 e 35 alumnos por aula nas grandes cidades, é a segregación dentro da aula, e iso non se pode permitir. Hai que poñer en marcha todos os mecanismos precisos para que a atención á diversidade, para que a educación inclusiva, sexa un dereito garantido por vostedes, e non o que está acontecendo. Por iso nós matizaríamos ese punto 3.

Loxicamente, tamén estamos a favor da gratuidade de material escolar e libros de texto.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor RON FERNÁNDEZ: Gratuidade plena, pero non por economía, que é o argumento que sempre se usa, senón porque é un dereito básico de todo alumno e alumna, é un dereito básico de toda a cidadanía, acceder á educación, e para iso ten que ser gratuítas, para iso libros e materiais complementarios teñen que ser gratuítos. Non por economía, senón porque falamos dun dereito fundamental.

Por iso estamos a favor, loxicamente, do aire, do fondo da iniciativa, non dos aspectos concretos –como dicíamos– do

punto 3 e do punto 10, porque pra nós a excelencia constrúese no día a día, a excelencia constrúese en que todo alumno, toda alumna, chegue ao máximo das súas capacidades en calquera centro de Galicia; estea onde estea, no rural ou no urbano. Iso é a excelencia, e non determinados lugares para determinados elixidos.

Nós por iso falamos de que, efectivamente, a educación ten que ser para todos e todas, e coas políticas do Partido Popular non se vai conseguir. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Ron.

Grupo Popular. Ten a palabra o señor Fariñas Sobrino.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, substanciamos hoxe unha moción consecuencia da interpelación que se debateu aquí no último Pleno. Respecto do que o señor Docasar dicía aquel día, que viña con catro puntos para interpelar o conselleiro de Educación, hoxe as cuestións veñen a dez puntos, para as que teño 5 minutos, e seguramente non poderei facerlle razoamento a todas elas, pero en calquera caso vouno intentar.

Empezaba a súa interpelación dicindo que tiña vostede contemplanza con certo estupor os avances do sistema educativo galego na interpelación que formulou. Home, estupor seguramente no será o que vostede quere dicir, porque asombro ou sorpresa esaxerada que a algún lle impida falar non creo que sexa, porque vostede falar fala, co cal teremos que quedarnos coa segunda acepción, que quere dicir estado de inconsciencia parcial caracterizado por unha diminución da actividade das funcións mentais e físicas. Espero eu que non sexa o caso, porque, consciente ou inconscientemente, o que si fan vostedes é botarlle sempre a culpa ao PP de todo o que pasa no mundo enteiro. E na educación por suposto. Cando as cousa van ben, é que a lei é socialista, e cando as cousa van mal, é que levan vostedes non sei cantos anos gobernando en Galicia. Claro, claro, é que gobernemos ou non gobernemos en Galicia a lei segue sendo a mesma, co cal será boa para as cousas boas e non para as malas, co mesmo razoamento.

Respecto da moción, do bacharelato internacional non imos falar; xa tratamos o tema en comisión, explicouse profusa-

mente, ou trateino de facer. Nin a Xunta de Galicia nin o Estado poden crear nada respecto do bacharelato internacional. É dunha institución privada –suíza, para máis datos–, que é a que despois incluso xestiona este tipo de bacharelato. Non sei, non escoitei a ningún dicir que era clasista, que é o que acostuman a dicirnos a nós habitualmente; será integrador co sistema educativo galego para o Bloque Nacionalista, porque o vai aceptar, parece ser.

Respecto da FP, xa explicou o señor Corredoira o outro día na Comisión, señor Docasar, todo o equipamento que se remitiu este ano e o ano pasado. Explicou hoxe o conselleiro, ademais, que se implementan as partidas en 3,5 millóns de euros para equipamento de alto valor tecnolóxico. Tamén se falou das titulacións, que efectivamente van ter titulacións. Non entendemos por que vén outra vez con isto aquí.

Respecto da FP, non creo que haxa moito que dicir. Dende logo co noso sistema da FP dual, da FP básica, incorporar os alumnos para que sigan no sistema educativo, ímolo facer con medios ou sen medios. O que non imos é destrozarmos a igualdade de oportunidades como fixeron vostedes, que botaron á calle un millón e medio de persoas sen ter posibilidade ningunha no futuro de obter ningunha acreditación profesional por abandonar os estudos.

Bátense records de matriculación en Formación Profesional, e iso por 5º ano consecutivo. Hai máis alumnos matriculados en FP que en bacharelato, e iso chámase prestixio, non é outra cousa.

Respecto do banco de libros e da Defensora del Pueblo, eu vou ler o que dicía a Defensora del Pueblo respecto dos libros, que invita a crear bancos solidarios de libros de texto como el de Galicia en todas as comunidades autónomas. Fomentan valores y actitudes de uso responsable entre los escolares y generan conductas de ejemplaridad en la sociedad. Iso era o que dicía a señora Defensora del Pueblo respecto do banco de libros que se impuxo aquí en Galicia.

Libros, xa dixo o señor conselleiro, 216.000 equipos de libros a disposición; case que o 100 % dos que recibiron axudas para primaria este ano entregado xa nos colexios, e máis de 90.000 axudas concretas...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...—remato, señora presidenta—, e 83.000 beneficiarios do cheque, que pode gustarlles ou non, pero antes non o había.

Seguimos coa dixitalización das aulas para rachar esa fenda dixital, de 11,2 millóns de euros, fortalecendo, como non, as infraestruturas para que os nosos alumnos poidan estudar en aulas. E como non me quedou tempo antes, dígoo agora: caracolas. Din en Andalucía, señor conselleiro, que como alí non hai furacáns, non pasa nada. E que ademais se parecen moito a *las casitas de las películas americanas*. Aquí non se parecen ás *casitas*, pero non caen, señor conselleiro.

Moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Señor Docasar, ten a palabra.

O señor DOCASAR DOCASAR: Moi ben.

Quero agradecerlle ao Grupo Mixto, ao BNG e a AGE o seu apoio. E explicareilles dous matices pequeniños que o señor Ron tiña dúbida.

O Partido Socialista, evidentemente, está en contra da LOMCE, este é un efecto evidente. Temos compromiso firmado para derrogala; levámolo dicindo por activa e por pasiva dende hai moitísimo tempo.

Polo tanto, agora mesmo, co curso en marcha, o único que se pode facer é ralentizar. Eu non son tan insensato de dicir lle agora ao conselleiro: pare o curso porque a LOMCE non me vale. Iso non o pode facer un partido que é crítico con este tema, pero que ten vontade de Goberno e temos a capacidade e tamén a sensatez de velo.

No punto 10, eu o único que afirmo é que ¡claro que a excelencia é para todos os niveis! Nós traballamos e debemos pedir a excelencia para todo o sistema educativo galego. Pero hai un feito evidente. Na provincia de Lugo e na provincia de Ourense non hai ningún centro que imparta o bacharelato internacional. Sen embargo, eses centros téñenos as provincias de Coruña e Pontevedra. ¿Que pido eu? Que se acabe con esa discriminación; tan sencillo e simple coma iso. Pedino en comisión e non me entendeu o señor

Fariñas, porque fala do que lle dá a gana. Eu non sei de que fala, pero do que lle dá a gana, nunca fala de cousas que digo eu.

E por certo, deixo para o último ao señor Fariñas para atender a diversidade. Vou atender a diversidade do señor Fariñas.

Señor Fariñas, señor Fariñas, agora vou atender á súa diversidade. Vostede, evidentemente, non leu o que eu pedín, non leu. E diríxome aos medios de comunicación: son dez puntos concretos, dez puntos concretos e non sei cal non entendeu; se é un tema de comprensión lectora ou simplemente que non quere comprender, porque son dez puntos.

Un primeiro punto, basicamente convocar unha potente oferta de emprego público para corrixir o desaguizado de perder 1.250 prazas de profesores.

Unha segunda cuestión, ralentizar de momento a LOMCE e darlle ao profesorado esa opción que nos están pedindo, para poder entregar as programacións en tempo e forma e que podan facelo axeitadamente.

O tema que dixeran dos libros de texto é tan sinxelo como dicir que queremos volver ao sistema de préstamo universal de libros, ¡claro que si!, porque chegaba ao 100 % da poboación escolar.

¿Que dicimos que hai unha fenda dixital? ¡Pois claro que a hai! ¡Claro que hai unha fenda dixital! E se non que lle preguntan aos centros que están no rural. Evidentemente.

¿E que queremos un plan de RAM e de reposición de material didáctico que foi quedando nos últimos anos obsoleto? Pois é evidente que queremos iso, e aí o expresamos con claridade.

E da FP básica levamos falado moitísimo. Eu dixeran que se implantou a custe cero, e é verdade. Implantouse sen poñer un só euro o primeiro ano. Agora mandarase diñeiro para gastos de funcionamento. A ver se me entende, gastos de funcionamento, que aínda hoxe non recibiron nada.

E despois, para rematar, o tema que dicíamos, desa excelencia, simplemente que non se faga coa provincia de Lugo

—que é a miña provincia— e coa provincia de Ourense unha discriminación co tema do bacharelato internacional. É tan sencillo coma iso. Hai que ler os textos antes de votar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Docasar.

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de camas hospitalarias e de persoal, así como a situación das listas de espera no Sergas

A señora PRESIDENTA: A esta moción presentáronse emendas do Grupo Mixto e do Grupo Socialista.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada e vicevoceira, Consuelo Martínez García, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta Moción.

Emenda de adición.

Propónse engadir ao final do parágrafo segundo do 4º guión da parte resolutiva o seguinte texto: "...e das razóns que xustifican cada unha de ditas derivacións."

Quedando redactado o parágrafo do seguinte xeito:

"O número de derivacións realizadas á sanidade privada durante os últimos cinco anos, con indicación dos centros sanitarios aos que se realizou a derivación como a tipoloxía (intervención, proba diagnóstica...) e das razóns que xustifican cada unha de ditas derivacións."

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Carmen Acuña do Campo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta Moción.

Emenda de adición.

Débese engadir ao final do último parágrafo a seguinte expresión:

Despois de: "... para cubrir as mesmas" engadir: ", así como o tipo e a duración de cada contrato."

Débese engadir outro parágrafo ao final, que quedará redactado co seguinte contido:

"O número de vacantes que foron cubertas só parcialmente, tanto en Primaria como en Especializada, e a forma en que foron cubertas (só uns días á semana, só unhas horas ao día, só unha quenda, pero repartindo esas horas de traballo a varios servizos...) nos últimos anos."

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para formular a moción, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde a todos e a todas.

O BNG presenta hoxe aquí esta moción, consecuencia da interpelación que lle faciamos no anterior Pleno á cesada conselleira Rocío Mosquera. E presentamos unha moción pedindo rectificación á política sanitaria do Partido Popular e tamén pedindo información, pedindo transparencia, nos datos que existen, porque neste momento existe unha sanidade pública real en Galiza, a sanidade pública que padecen a maioría dos galegos e das galegas, e existe a sociedade da mentira e da propaganda do Partido Popular, que tenta convencernos aos galegos e galegas dunha realidade virtual que pouco ten a ver coa que vivimos todos os días. E infelizmente as consecuencias da política sanitaria do Partido Popular non son abstractas, teñen consecuencias sobre as persoas; persoas reais, persoas de carne e óso, persoas con nomes e apelidos.

En días pasados, diversos medios de comunicación facíanse eco da denuncia dos familiares dunha doente, dunha muller que acudiu ao CHUAC para que a atenderan e que morreu no mesmo. Os familiares desta muller de 73 anos denunciaron que ingresou o día 12 de outubro no CHUAC, e desde que a atenderon en urxencias permaneceu 72 horas nunha cadeira. Denuncian que o luns 12 de outubro chegaron a unhas urxencias caóticas, con xente polos corredores, sen espazo, e doentes desatendidos. Din que o médico que a atendeu indicou que debería ser ingresada en planta para ser tratada. Mais, logo de pasar horas nun corredor sentada nunha cadeira, ten que agardar ata o día seguinte, martes á noite —todo un día—, para que a pasaran a un box improvi-

sado e sen medios; xunto con outros doentes, sen persoal para prestar atención, e os doentes axudábanse entre eles. Tiveron que agardar á noite do mércores –un día máis– para que, logo de moito protestar, a pasaran a unha unidade de preingreso, planta de preingreso na que permaneceu ata o xoves ás catro da tarde, que a ingresaron na planta de oncoloxía.

Planta de preingreso, cadeira de rodas, padiola, tres días en urxencias e un en preingreso; é dicir, catro días a unha enferma de cancro que o médico que a atendeu dixo que había que atendela e había que ingresala, pero tardou catro días en chegar á planta na que teoricamente había que tela ingresado desde o primeiro día.

Esta denuncia dos familiares é unha denuncia tremenda. Din textualmente que deixaron morrer a unha persoa en condicións inhumanas. Podía ser unha lamentábel situación se non fora porque reflicte a realidade do día a día en moitos dos centros hospitalarios do noso país. Mentres isto acontecía, permanecían pechadas camas no CHUAC. Mentres isto acontecía, permanecía pechada a cuarta planta do Abente e Lago, con 25 camas pechadas. Mentres isto acontecía, seguen cos recortes de persoal e seguen detraendo recursos. Mentres isto acontece, seguen camas pechadas nos hospitais galegos. Mentres isto acontece, o Sergas practica unha política de persoal infame. Mentres isto acontece, seguen a derivar enfermos á sanidade privada mentres hai camas pechadas nos hospitais galegos; seguen a derivar enfermos de traumatoloxía á sanidade privada mentres no HULA de Lugo acaban de pechar toda unha planta de traumatoloxía.

Por iso pedimos rectificación na política de persoal; unha política de persoal que maltrata o persoal fixo, que maltrata o persoal contratado, aos das listas de contratación; sobrecarga asistencial que trae consigo mobilidade, rotación, precariedade, inestabilidade.

Dende logo, no BNG consideramos que é urxente que se faga outra política laboral totalmente diferente; que se contrate polo principio de causalidade; que, se unha persoa está de baixa por maternidade, sexa substituída por unha persoa...

A señora PRESIDENTA: Perdoe, señora Prado. Achéguese aos micros un pouquiño.

A señora PRADO CORES: ...que cubra a totalidade da baixa. Que deixe de vulnerar o sistema de vinculacións e chamamentos. Que deixe de usar os contratos establecidos para cuestións puntuais e perfectamente definidas, de curta duración, para cobertura de ausencias puntuais como norma. Que remate cunhas contratacións totalmente irregulares, como é contratar os profesionais inscritos na lista xeral para contratacións puntuais. En resumo, que empece a respectar os profesionais e que empece a respectar os doentes, que merecen e necesitan unha asistencia sanitaria de máis calidade.

Dende a chegada ao poder de Alberto Núñez Feijóo, no ano 2009, o Partido Popular iniciou unha campaña de recortes, desmantelamento e privatizacións da sanidade pública sen parangón. Este sexenio negro, que foi como llo cualifiquei á anterior conselleira –o seu período, o período do Partido Popular, significa un sexenio negro para a sanidade galega–, significa que o orzamento sanitario en Galicia sufriu un recorte de máis do 12 %, cunha perda acumulada neste sexenio negro de máis de 1.200 millóns de euros; 1.200 millóns de euros que deixaron de investirse na sanidade pública galega. Supuxo a eliminación de cerca de 3.000 postos de traballo de traballadores sanitarios e traballadoras sanitarias. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois non sei se é problema... Ben, a ver así. Significa o peche de máis de 600 camas do sistema sanitario... *(Murmurios.)* –non era eu, está claro– *(Murmurios.)* público en Galiza. É dicir, o Partido Popular en seis anos eliminou máis de 600 camas do sistema sanitario público. Ademais, supón que o 48,8 % –é dicir, case o 50 %– do orzamento sanitario de Galiza vai parar xa directamente ao sector privado. E só un pouco máis do 7 % vai para investimento e funcionamento dos centros públicos.

En Galiza unha cuarta parte das camas hospitalarias xa son privadas; máis de 2.300 camas en Galiza son privadas. ¿Que significa isto? Que os centros privados teñen cada vez máis camas e actividade, e as aseguradoras privadas incrementan a súa penetración a medida que diminúen os orzamentos sanitarios; é dicir, os galegos e galegas cunha peor asistencia sanitaria, e a sanidade privada facendo caixa.

En Galiza o avance da sanidade privada é máis que evidente; é evidente na privatización das infraestruturas. Creo que xa levamos tratado abondosamente neste Parlamento a situación do novo hospital de Vigo, pero a isto hai que sumar

outras actuacións. ¿E para isto que leva feito o Partido Popular? Pois aumentar o orzamento para a sanidade privada e aprobar disposicións normativas para favorecer esta situación. Disposicións normativas como foi a Lei de garantías. ¿Para que se fixo? Pois para ocultar legalmente as listas de espera. En vez de publicalas cada tres meses, agora a lei que aprobou en exclusiva o Partido Popular permítelle que só se publiquen cada seis meses. E tamén para derivar legalmente os doentes á sanidade privada; é dicir, modificar as leis que fagan falta para favorecer ese lucro directamente do negocio da sanidade privada.

Por iso o BNG nesta moción pide esa rectificación. Pedimos que se proceda á apertura inmediata das camas que se pecharon no verán. Que non pase como todos os veráns, que se pecha un número de camas e logo, pasado o verán, non se abren todas; e acumuladamente –como dixen– se levan perdido máis de 600. Que se proceda á dotación de xeito estábel de persoal para que esas plantas e esas camas estean atendidas; e non á demanda de cando fagan falta, senón que necesitamos unha sanidade pública a tempo completo, non a tempo parcial. Que se contrate persoal, que se remate con esa política infame de persoal, de mobilidade permanente.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: E que se presente no Parlamento galego un informe de como están as listas de espera e que derivacións está a facer o Sergas cara á sanidade privada.

Pedimos rectificación porque non se pode permitir que haxa nin un só doente nunha cadeira de rodas ou pasando a noite nunha padiola, sobre todo cando está grave, mentres hai camas abertas. Cremos que esa rectificación é o mínimo que se pode facer. Non se pode estar derivando enfermos á sanidade privada mentres se pechan plantas enteiras na sanidade pública. E pedimos outra política de persoal polo que acabo de explicar.

Tamén pedimos información. Soamente non dá información quen ten algo que ocultar. Entón, pedimos información de cal é a situación das listas de espera, das listas de espera que ensinan e das listas de espera que ocultan; esas listas de espera non estruturais, que sistematicamente non sabemos como está esa situación.

Parécenos que son cuestións perfectamente asumibles por un Partido Popular...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...que, se é democrata e está no Goberno para favorecer os galegos e as galegas e non para enriquecer os amigos, non debería ter...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...ningún problema en apoialas.

Moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Intervención dos grupos. *(Pausa.)*

Grupo Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Bo día a todas e a todos.

Vou dar apoio a esta moción despois do que levamos vivido ano tras ano durante os veráns; onde neste último verán, por exemplo, pecharon 1.015 camas públicas dun total de 7.315 camas coas que conta o Sergas.

É unha reorganización que se vén facendo todos os anos dende o ano 2009. Pasou no ano 2009, pecháronse 454 camas; e no ano 2014, 1.095 camas. É dicir, duplicouse o número de camas sen ningún tipo de explicación nin xustificación. Segundo o Sergas, péchanse por dous motivos, porque no verán se reducen as patoloxías e, polo tanto, os ingresos; e porque hai unha demanda de vacacións por parte do persoal. En todos os casos, o Sergas o que fai é tratar de pechar unidades enteiras porque di que beneficia a atención aos pacientes, que teñen máis recursos dispoñibles. Pero non é certo, pechar por servizos, pechar as unidades, supón que as unidades que quedan abertas son polipatolóxicas; é dicir, que hai moi distintas variedades de patoloxías que deben ser atendidas polo mesmo persoal.

Ademais, tamén hai que ter en conta que precisamente os pacientes e as pacientes que ingresan en épocas como o verán, Semana Santa ou Nadal, son desas patoloxías especialmente graves, que requiren por esa cuestión unha atención moi especial e que levan unha maior carga de traballo.

Polo tanto, non se está pensando nos pacientes nin se está pensando no persoal, senón que só se está pensando en aproveitar recursos e en abaratar a asistencia sanitaria que se presta.

O sindicato O'Mega, por exemplo, di que a falta de médicos é só a escusa que utiliza o Sergas para pechar as camas. Ou sexa que, por un lado, o bloqueo das camas e o peche das camas vai moito máis alá do verán, chegando ao inverno; e despois bloquéanse urxencias cos casos de gripe e teñen que abrir plantas, como ocorreu este ano, o que obrigou ao propio presidente da Xunta a recoñecer que había un problema de dotación de camas e un exceso de camas pechadas.

Pero tamén é certo que non todas as especialidades médicas teñen problema para contratar no verán, e moito menos nestes tempos, cando os facultativos galegos están emigrando, buscando traballo noutros lugares do Estado ou en terceiros países. Polo tanto, esta época de verán si se pode utilizar para outras patoloxías e tamén se pode utilizar para reducir a lista de espera non estrutural; é dicir, desas persoas que pretenden mandar á sanidade privada e que non o aceptan. Polo tanto, hai métodos, tanto de contratación de substitución por vacacións como a pacientes para atender nesas épocas.

A sanidade galega está, dende logo, nunha auténtica crise. Ten maior falta de transparencia que en ningún momento da historia. Hai unha negativa total a dar información, a publicar as listas de espera, a publicar as listas de espera non estruturais. Hai unha demora media moi superior á que está establecida pola Lei de garantías, aínda coa desviación de pacientes aos centros privados. E ademais o sistema que se está xerando vulnera claramente o modelo establecido pola Lei xeral de sanidade –vou rematando– e a Lei galega de saúde, que está baseado na promoción e na prevención da saúde na atención primaria; unha atención primaria que está totalmente abandonada por vostedes, que buscan o seu deterioro para garantir así o negocio da sanidade privada. Que a privatización non é a solución aos problemas sanitarios de Galiza demostrao o concerto con Povisa, o hospital que ten a maior lista de espera de todo o país, por non dicir de todo o Estado, con 157,3 días/media de espera.

Aínda así, aínda que vou votar a favor desta moción, eu presente unha emenda porque, aínda que estou totalmente de

acordo en que se informe sobre as desviacións á sanidade privada, creo que non é soamente informar sobre esa derivación e a tipoloxía de cada un dos pacientes, senón tamén das razóns que xustifican cada unha desas desviacións, de por qué esas persoas...

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...non poden ser atendidas polo servizo sanitario público.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra a señora Acuña do Campo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Lamento non poder darlle os bos días ao novo conselleiro. Temo que non lle importan moito os asuntos de sanidade que se tratan nesta Cámara.

No pleno pasado, efectivamente, a señora Prado preguntáballe á señora Mosquera polo que toda a cidadanía galega coñece como peche de camas, pero que o PP de Feijóo se empecina en seguir chamándolle “reordenación asistencial”. E a por fin cesada señora conselleira xustificaba o peche masivo de camas da rede sanitaria pública afirmando que non se podían manter camas abertas e desocupadas nos hospitais públicos porque era despilfarrar os cartos. ¡Menudo perigo! ¡Calquera día retiran vostedes os bombeiros porque non hai lumes todos os días!

Cada ano ao chegar o verán, Feijóo, o ideólogo sanitario do Partido Popular, suprime o 14 % das camas nos hospitais galegos. Iso segundo as súas cifras. Peche veraniego lle chaman, que comeza no mes de xuño e remata no mes de outubro. Ou sexa, dura practicamente medio ano. E este peche faino escudándose en dous motivos: a redución da demanda nos meses do verán e que o persoal marcha de vacacións. Pois ben, se baixa a demanda, pechen vostedes a razón dese 14 % pero en cada planta. É dicir, pechen vostedes 3 ou 4 camas en cada planta e non plantas enteiras, porque o motivo de pechar plantas enteiras só pode ser o de aforrar, por-

que suprimen vostedes o persoal, e non o de reordenar a demanda.

Ademais, as plantas que se pechan non son precisamente onde baixa a demanda. Pechan vostedes paliativos, oncoloxía, xeriatria, obstetricia... en fin, plantas que pouco teñen que ver coa redución da actividade cirúrxica estival.

En canto á desculpa das vacacións, todo o persoal sanitario, señorías, sabe moi ben, sabemos moi ben, que temos que coller as vacacións de forma escalonada, sempre atendendo as necesidades do servizo, e que, en última instancia, é o Sergas quen autoriza ou denega as vacacións. Ademais, todo o persoal tamén sabemos moi ben que hai xente moi ben formada nas listas do paro; nas listas do paro e nos aeroportos camiño de Europa, onde, por certo, os nosos profesionais son moi ben acollidos.

Pero ademais, señorías, cando remata o verán, o señor Feijóo non remata o peche. Ano tras ano, con este truco, verán a verán, vai recortando o número de camas hospitalarias da rede pública galega, e iso que na nosa comunidade autónoma temos menos camas a pesar de ter a poboación máis envellecida. E logo, unha vez que lle quedan menos camas, o que fai é xuntalas. Xúntaas todas nunha planta, aínda que sexan de especialidades moi diferentes, porque así utiliza o mesmo persoal e o mesmo espazo para coidar enfermos con patoloxías moi diferentes, co cal se reduce a calidade asistencial, pero tamén —e isto quéroo recalcar— o pronóstico deses doentes é moito peor.

Pero nin as desculpas nin os enganos nin as mentiras poden tapar as consecuencias deses peches: colapsos continuados nas urxencias, proliferación de almacéns —si, chámolle así—, de almacéns de doentes á espera de cama para ser ingresados, que para que non se vexan nos pasillos de urxencias, agora métenos vostedes neses almacéns.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Altas prematuras, deterioro da atención sanitaria e da calidade asistencial, incremento das listas de espera e unha maior e caprichosa derivación á medicina privada. Porque, dende que está Feijóo no Goberno, a medicina privada xa non é complementaria da pública, senón directamente substitutiva.

Está claro —remato—, señora Prado, que quen paga as consecuencias son as persoas, e tanto as enfermas, como esa señora da que vostede falaba, como os profesionais. Por iso o Grupo Socialista vai apoiar esta iniciativa, iniciativa que, sen embargo, emendamos para tratar de evitar que Feijóo siga estafando a caixa da Seguridade Social. Non pode facer contratos de vacantes dun mes da seguinte maneira: contrata o luns, dá de baixa o venres, e así aforra de pagarlle ao profesional o sábado e o domingo e tamén de cotizar á caixa da Seguridade Social. Contratos mequinos e tamén ilegais.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Esperamos que sexa aceptada a nosa emenda, pero, en todo caso, apoiaremos a súa proposta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

En AGE levamos pedidos, dende o inicio da lexislatura, un montón de datos acerca da situación da nosa sanidade, dende o propio número de camas ao número de persoal en vacacións por centro hospitalario e mes durante os meses de verán; a cobertura desas vacacións; a petición de contratos; petición de datos de concertos privados; petición de datos de listas de espera... E reiteradamente veñen sendo denegadas. Denegadas as peticións de información, non contestadas correctamente as preguntas escritas, non contestadas moitas veces as preguntas orais, e incluso chegar a votar aquí en contra de proposicións non de lei e mocións que pedían precisamente aportar datos á Cámara.

En xuño de 2014 eu mesma defendín nesta tribuna unha moción que solicitaba aproximadamente os mesmos datos que hoxe se piden nesta moción do BNG que por suposto, obviamente, imos votar a favor. E nese momento dicía eu que cumpría sacar o medidor de democracia para ver cantos demócratas e cantas demócratas había na sala e votaban en contra de proporcionar información a esta Cámara. Efectivamente, sen disimulo, os deputados e deputadas o Partido

Popular votaban antidemocraticamente en contra de informar á Cámara.

A estas alturas, eu a verdade é que xa non me sorprendo, pero por iso non deixa de ser menos grave que continúen ocultando a información. A situación de paro e de precariedade do persoal sanitario que se acaba de describir aquí mesmo, exactamente é a mesma que hai un ano. ¿Cantas vacacións se cubriron con persoal eventual? ¿A canto persoal fixo obrigaron, en mobilidade forzosa, a cubrir vacacións doutro persoal fixo? As respostas nunca chegan.

¿Por que seguen pechando camas —en 2015 case un 14 %— cando a lista de espera non diminúe en verán? ¿Por que a estas alturas aínda hai camas pechadas dende o verán? ¿Por que cada vez se alongan máis os períodos nos que pechan as camas? As respostas nunca chegan.

¿Por que, se a Xunta sostén que sobran camas e que hai consultas de sobra, seguen facendo precisamente eses traslados aos centros privados e concertados? ¿E cales? ¿E cantos? As respostas nunca chegan a esta Cámara, e non chegan porque vostedes, porque o propio Goberno, tamén se considera por enriba de todo. Dá a sensación de que o Partido Popular se considera por enriba mesmo das galegas e galegos, permitindo non responder.

Tres anos xa, e eu a verdade empezo a estar xa cansa de que se perpetúe esta situación de ausencia de democracia nesta Cámara. Moi presente moitas veces para censurar a oposición cando eleva o ton do debate, ou mesmo os convidados e convidadas do pleno, e sempre ausente cando non se contestan as cousas que se preguntan ou cando non se responden as peticións de información de obrigada proporción.

A ausencia de democracia entre estas paredes é probablemente, aínda así, seguramente pequena en comparación coa falta de transparencia que ten a Xunta, que a fin é parte da mesma cousa. As listas de espera non estruturais que xa denunciámos aquí, manipulables e que poden estar a dobrar o número de persoas que agardan nas listas de espera que se facilitan, as que se fan públicas, seguen agochándose. A pesar de que —e eu non me vou cansar de repetilo, non lembro xa cantas veces o dixen aquí— o señor Feijóo cando era oposición falaba de que estas listas non estruturais eran un burato negro e exixía que foran proporcionados os datos. O

que antes para o Partido Popular era un escándalo, en concreto sete anos atrás, agora, despois de sete anos de goberno, parécelles normal, e seguen sen facilitar cantas persoas seguen agardando para ser entrevistadas ou tratadas nas listas do Sergas.

En abril votaron as señorías do Partido Popular en contra dunha proposta de AGE de auditar as listas de espera. Non lles interesaba ter máis datos sobre a mesa que confirmaran, precisamente, o fracaso do Goberno Feijóo en materia sanitaria; un fracaso que xa non se pode ocultar a pesar dos ceses, das dimisións ou das maquillaxes varias; un fracaso que non se oculta porque o seu ideólogo, que non está agora mesmo, segue sendo o mesmo morador de Montepío, o mesmo presidente que se senta na cadeira azul e o mesmo que leva vinte anos poñendo en práctica e ensaiando a privatización da nosa sanidade. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Solla.

Grupo Popular. Ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidenta.

Bos días ou boas tardes, señorías.

En primeiro lugar quería, en nome dos deputados e deputadas do Grupo Popular, comunicar que lamentamos o falecemento da enferma á que se referiu a señora Prado. Por suposto, a nosa solidariedade coa familia e respectamos a denuncia, pero nos gustaría que por parte dos grupos políticos se esperara á investigación que ten aberta a inspección, a investigación xudicial que hai, e pedimos un pouco de prudencia nestes casos, que moitas veces, ao remate, non son o que parecían ao primeiro.

Por outra parte, señora Prado e señora Solla, o Partido Popular é un partido total e absolutamente democrático, aínda que non coincidamos nas votacións. Eu penso que teñen que respectar tamén os nosos posicionamentos.

Este tema é recorrente todos os anos, por suposto, e a min gustárame que se puxeran de acordo, porque unhas veces as camas son máis, unhas veces son 1.300, outras son 1.015; son 400 cando a realidade di que son 170... As cifras parece ser que non cadran moito.

A señora Mosquera, na súa intervención no pleno, na interpelación explicou claramente os motivos e non nos queda máis que repetilos, aínda que sexa de xeito resumido. Esta reorganización, por suposto, faise en todos os servizos de saúde do Estado, non é exclusiva da comunidade autónoma de Galicia, como parece que se di aquí. Falouse nesa interpelación da responsabilidade da sanidade pública galega de garantir a seguridade e calidade asistencial dos pacientes, da reactivación de camas reorganizadas se é preciso –houbo un exemplo este mesmo verán en Vigo–, do dereito dos profesionais a desfrutar das vacacións nos meses do verán, da imposibilidade de substitución de moitos equipos. Aquí fálanse moito de especialistas. Eu recoñezo que para operar fan faltan anestesistas, e creo que anestesistas, por exemplo, non hai moitos no paro. Xa me dirán vostedes se se pode operar sen anestesista. Creo que é francamente difícil.

O concepto da eficiencia da xestión e uso racional de recursos físicos e humanos; o aumento significativo da actividade cirúrxica, incluso nas épocas de verán, con respecto a anos anteriores; os baixos índices de ocupación hospitalaria na época estival. E neste punto teño que dicir que neste verán, nos meses de verán, a ocupación media das camas hospitalarias de Galicia –a media das camas non reorganizadas, non do total de camas do hospital– estivo por debaixo do 80 %, oscilando entre o 82 % de Ourense e o 55 % do Salnés, cunha media inferior incluso ao 77 %. É dicir, das camas que quedaron sen reorganizar, este verán en Galicia ocupouse o 77 % desas camas.

Por suposto que no verán hai unha diminución de patoloxías respiratorias e ingresos en medicina interna, e perdeuse un pouco o valor do recurso cama porque cada vez os ingresos son máis curtos, cada vez a cirurxía ambulatoria é maior, o aumento de resolutividade da atención primaria fai que cada vez vaian menos enfermos tamén aos servizos de urxencia, e a potenciación dos hospitais de día, e a potenciación dos hospitais de día e a hospitalización a domicilio.

Vostedes deostan moito esas unidades, e eu creo que calquera enfermo que tivera ese servizo está realmente encantado de poder marchar do hospital e que o atenden no seu domicilio.

Sempre afirman que as listas de espera aumentan, e as cifras da consellería din que diminúen. Falan da saturación dos servizos de urxencias. Este verán houbo dous problemas, un

problema puntual un día en Ourense e un problema no Hospital de Vigo que se resolveu abrindo unha planta inmediatamente; unha das plantas que estaban reorganizadas.

E despois, por parte dos grupos da oposición é repetitivo. A señora Prado Cores díxolle textualmente á conselleira na interpelación que “mentres siga habendo dificultades para ingresar doentes que van unha, outra e outra vez a urxencias e que son mandados para casa ata que logo conseguen ingresar, e non por culpa dos profesionais, senón por culpa das directrices que reciben de vostedes e do seu equipo directivo...”. Eu supoño –xa llo dixen na Comisión–, que vostedes levarían xa ese tema ao xulgado. Paréceme o suficientemente serio, se fose certo, como para que vostedes, ou mesmo os profesionais supostamente afectados, tomasen esa medida.

Desde logo, non escoitará nunca a un portavoz do noso grupo, sexa apoiando o Goberno ou estando na oposición, dicir nunca iso dos nosos profesionais. Acusalos de mala praxe por obedecer ordes inxustas das xerencias ou da propia consellería parécenos insultante para calquera facultativo que traballe no Sergas.

Falouse tamén do peche dunha unidade de Hemodinámica de Lugo que era falso. Mantén as camas e o persoal. Cambiouse de sitio, abriuse o preingreso e abriuse curta estancia. Servizos que a señora Acuña cualifica e cualificou na Comisión de almacéns de enfermos e de sitios para dar altas rapidamente. Polo menos, desta volta non se nos acusou de cobrar por esas altas.

Vou rematando, señora presidenta.

Este ano procedeuse a reorganizar unidades de hospitalización nos centros do Sergas en cifras inferiores aos do ano 2014, sen xerar problemas asistenciais ademais dos antes citados. A día de hoxe todas as camas e unidades están novamente funcionando, por iso non imos apoiar a súa moción.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grupo autor da moción. Ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: En primeiro lugar, agradecer aos grupos que manifestaron a súa vontade de apoiar a iniciati-

va que presenta o BNG; e si vou aceptar as dúas emendas presentadas porque melloran a proposta que nós presentabamos.

Eu lamento, señor deputado do Partido Popular, que vostedes, ademais de pedir prudencia, non rectifiquen, porque o mellor xeito de ser prudentes é de que neste Parlamento non teñamos que facernos eco de novas desa dimensión e desa crueza, é que non aconteza. E para que non acontezan hai que tomar medidas, non basta con ser prudentes, hai que tomar medidas. E a iso é ao que vostedes se negan sistematicamente unha e outra vez.

Vostede non falou para nada da moción que presenta o BNG. O BNG xa non pregunta polas camas que se pecharon no verán, o que dicimos é que se abran todas. Que pasado o verán, pasadas esas xustificacións de mal pagador que todo o mundo sabe que non son certas, que non é nin por culpa das vacacións do persoal nin porque non haxa demanda asistencial, que este inxente peche de camas non ten xustificación máis alá de favorecer o negocio á privada, que se abran todas. E vostede a respecto diso non dixo nada, co cal debe estar de acordo en que cada ano se vaian perdendo camas.

Se van votar en contra, van votar a favor de que se sigan perdendo camas no sistema sanitario público de Galiza, mentres –e eu deille un dato– na sanidade privada de Galiza seguen aumentando as camas; mentres a sanidade privada de Galiza segue aumentando o volume de negocio; mentres os servizos privados levan xa o 50 % do orzamento da Consellería de Sanidade. Esa é a realidade, e iso é o que pedimos no BNG que se rectifique, que se cambie ese sistema de cousas. Entón, vostedes van votar en contra e van votar a favor de que iso se manteña así.

Igual que pedimos que se proceda a unha contratación decente de persoal, señoras e señores do Partido Popular, decente. E vostedes van volver votar en contra desa cuestión.

E pedimos logo información. Se non teñen nada que ocultar, ¿por que van votar en contra de que se presente neste Parlamento un informe de como están as listas de espera e como están as derivacións da sanidade pública á sanidade privada? ¿Por que vostedes teñen tanto medo a que se saiba que están facendo vostedes coa sanidade pública deste país?

Pedimos un informe, que se presente un informe, ¿por que votan en contra de que isto sexa así? Porque se vostede está tan convencido de que non se dan reingresos, señor Núñez Centeno, vote a favor de que se faga un informe de cal é a situación. Non teñan medo de que se coñeza a realidade, non teñan medo de que se coñeza a realidade. Co cal, lamentamos profundamente que, lonxe de representar e apostar pola sanidade pública deste país, máis unha vez voten en contra de medidas para mellorar esa sanidade pública e voten a favor da sanidade privada. Tamén deben ter medo de que se saiba que non é só que deriven enfermos... –remato, señora presidenta– á sanidade privada...,

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES:senón que ademais os ameazan e os quitan das listas de espera se se negan a ir á sanidade privada.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Diso é do que teñen vostedes medo, de que se saiba cal é a auténtica situación das listas de espera e das derivacións á sanidade privada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Suspendemos a sesión ata esta tarde ás dezaseis trinta, catro e media.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás tres e once minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e tres minutos.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sustentabilidade do sistema sanitario público de Galicia

A señora PRESIDENTA: A esta moción presentáronse emendas do Grupo Mixto, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada e vicevoceira Consuelo Martínez García, ao abeiro do disposto no Regula-

mento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta moción.

Emenda de adición.

Proponse engadir unha nova aliña 6. co seguinte contido:

“6. Avanzar na cohesión territorial, achegando as prestacións sanitarias básicas á poboación máis alonxada das mesmas, como é o caso do Servizo de Hemodinámica 24 h do HULA, o CAR de O Morrazo, as urxencias pediátricas de Ourense, así como a expansión dos Centros de Atención Primaria, Unidades de Ictus e Centros de Alta Resolución”.)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 42371.

Emenda de adición.

De adición, engadir no punto 1 despois de Goberno central o seguinte:

“...a derogación de toda a normativa que permite a privatización da sanidade pública, a comezar pola Lei 15/97 e o ...”

Emenda de substitución.

Substituír o punto 2 polo seguinte:

“Que proceda á recuperación para a xestión integramente públicas das infraestruturas construídas polos chamados sistemas “público-privados”, e a reverter todas as privatizacións e externalizacións de servizos realizados polo Goberno galego (mantemento dos equipos sanitarios, equipamento tecnolóxico, esterilización, laboratorio central...), e a rematar coa derivación de recursos da sanidade pública para empresas privadas(ben sexan servizos, doentes...)”)

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (Esquerda Unida-Anova), a través do seu voceiro, e por iniciativa da súa deputada, Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara presenta a seguinte emenda de adición a esta moción.

Emenda de adición.

Engadiranse os seguintes puntos:

“6.-Demandar ao Goberno central a derogación da lei 15/97 de novas formas de xestión do Sistema Nacional de Saúde.

7.-Derogar a Lei 14/2013, do 26 de Decembro, de racionalización do sector público autonómico.

8.-Establecer un financiamento da sanidade erixido en base ás recadacións de impostos e aos recursos de fondos públicos abandonando a introdución de fundacións e empresas privadas no sistema sanitario.

9.-Asumir no sistema sanitario público as fundacións e entes existentes, integrándoos no mesmo.”)

A señora PRESIDENTA: Para formular a moción ten a palabra a señora Acuña do Campo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Teño que lamentar de novo que non poida dar a boa tarde ao conselleiro de Sanidade. Isto confírmame que non lle interesan moito os debates que sobre a súa materia se dan nesta Cámara.

Tras escoitar a señora Mosquera explicarse no pleno pasado en relación coas declaracións que ela mesma fixera poñendo en dúbida a sostibilidade do sistema sanitario público, eu rematei a miña intervención asegurando que a única que era insostible era ela mesma e, por suposto, as políticas sanitarias do PP –e que, afortunadamente, tanto a ela como ao PP lle quedaba moi pouco tempo–.

Dende logo, acertei na primeira parte, pois a ela quedábanlle, nese momento, dous ou tres días, aínda que nin eu nin ela o sabíamos. Por non sabelo, eu penso que ela non o sabía nin o mesmo domingo no que foi cesada, porque me consta que, sobre as once da mañá –ou once e media–, estaba organizando o traballo da semana seguinte cos seus colaboradores a través do correo electrónico. Penso que se enterou cando viu as noticias, onde saía o presidente anunciando o seu cese.

Ben, vostedes saberán o que fan e como o fan.

Pero da miña predición aínda falta a segunda parte: o cese das políticas sanitarias do PP, algo imprescindible. Eu recoméndolles, señores e señoras do Partido Popular, que non se enganen vostedes mesmos nin traten de enganar a Galicia; non chega con cambiar as caras: o fracaso sanitario é de Feijóo e non remata cesando a señora Mosquera: ela marchou, pero os problemas quedaron, pois quedou o ideólogo, quedou o señor Feijóo; quedou a estafa do hospital PP de Vigo, os recortes, as supresións, as privatizacións, as listas de espera disparadas, os profesionais e as profesionais desesperadas e en folga, a cidadanía molesta e preocupada, quedou o deterioro e, por suposto, quedou a sospeita de insostibilidade.

O PP asegura sempre que o seu obxectivo en sanidade era baixar o orzamento incrementando as prestacións e mantendo a calidade; pois ben, señorías, levan vostedes tres persoas –un conselleiro e dúas conselleiras– e o resultado é xusto o contrario: baixaron, si, pero as prestacións, e incrementaron, si, pero os gastos, e provocaron un deterioro no sistema sanitario público sen precedentes. E iso ten un nome, chámase fracaso: fracaso da señora Farjas, fracaso da señora Mosquera, fracaso –verémolo pronto– do señor Vázquez Almuiña e, por suposto, fracaso do señor Feijóo.

Feijóo, que privatizou todo o que puido e máis sen pensar que, cando tivéramos que pagar todo o privatizado, podería –e isto é gravísimo, señorías– facer inviable o noso sistema sanitario público.

Sen falar deses millóns e millóns de cartos europeos, millóns e millóns de euros tirados nestes anos tan críticos, utilizados para mercar cousas tan pouco necesarias neste momento como o camión-quirófano, por poñer un exemplo, ou esas miles de maquiñas que lles van a poñer vostedes aos enfermos crónicos da montaña ourensá e lucense; ou ese multimillonario gasto, xa inmedible –inmedible–, que é o que levan vostedes gastando en equipamento informático. Non sabemos, señorías, a día de hoxe, a canto ascende.

E sen falar do esperpento e da estafa –que non me vou cansar nunca de repetilo– na que se ten convertido o hospital PP de Vigo, máximo expoñente do desastre das políticas sanitarias do señor Feijóo.

Pero non quero esquecer desta desfeita o papel do Partido Popular de Madrid, do señor Rajoy, un señor Rajoy que, a golpe de decreto lei, mudou o modelo sanitario, de forma que agora, aínda que vostedes se empeñen en negalo, a sanidade xa nin é nin pública, nin é universal, nin é gratuíta nin é de calidade. Non nos deixaron nada de nada.

E por todo isto, señorías, os socialistas presentamos hoxe esta moción, que vai servir para comprobar se o cese da señora Mosquera leva aparelado, ou non, o cambio nas políticas sanitarias fracasadas –insisto– do señor Feijóo.

Unha moción que consta de cinco puntos, todos penso que asumibles, e todos na liña do cambio que anunciou o presidente para este último ano de lexislatura, para este ano electoral.

Vexamos –mañá verémolo– como vota el, e así poderemos medir o grao real de compromiso.

Se de verdade queren, como din, unha sanidade universal e gratuíta, terán que demandarlle ao seu Goberno que derroque o Real decreto lei 16/2012.

Quédanlles a vostedes dous meses á fronte do Goberno do Estado, ¿que máis lles dá? Fagan o xesto, pois sen dúbida o novo Goberno que entre o vai derrogar.

Dende logo, se votan que non, deixarán claro que Feijóo está de acordo con que a atención sanitaria sexa un servizo, un servizo que o Goberno ten que prestar tan só ás persoas aseguradas e non –insisto– un dereito universal.

Ademais, deixará claro que Feijóo quere que ese servizo estea ligado a toda sorte de copagos, o que complica o acceso aos máis pobres. Quedará claro que co PP e con Feijóo a sanidade xa non é universal, pero ademais cada vez a asistencia é menos equitativa.

No segundo punto da moción pedimos paralizar as privatizacións sanitarias previstas e comezar a reversión de todas as que xa levan feito.

Señorías, eu preguntome que máis lle van consentir á empresa propietaria do hospital PP de Vigo. Despois de ter cometido tantas irregularidades e tantos incumprimentos non

deberían vostedes consentir que continuara á fronte dese proxecto nin un segundo máis. Esa estafa e ese fracaso non se solucionan abaratando o parking, nin se solucionan creando un comité técnico, a estas alturas, dos profesionais.

Por certo, por fin cesaron vostedes a señora Ana Sánchez, ata agora directora da oficina técnica coa que xa contaba o novo hospital; cesárona e aínda hoxe non sabemos quen pagaba o salario desa señora, se a empresa, se a consellería. Parece que a pagaba a empresa, a mesma empresa que a señora Ana Sánchez tiña que controlar, pero resulta que agora a despide Sanidade. ¡Coidado, coidado, señorías! Igual esa señora non se dá por despedida e o hospital privado de Vigo se atopa con dous comités técnicos: o privado e o público. Eu pregúntome, de ser así, que criterio prevalecería dos dous, porque teño moi claro que non van ser coincidentes.

Pero falemos tamén do lío que montaron vostedes co socio tecnolóxico, un modelo privatizador polo cal son as propias empresas privadas tecnolóxicas as que deciden as necesidades do sistema sanitario público en alta tecnoloxía. Pero velaquí que vostedes tardaron cinco anos, ¡cinco anos!, en facer esa adxudicación, de maneira que agora a adxudicaron xa está obsoleta.

Por certo, que se o ía financiar Zara non sei por que tardaron vostedes tanto. E, por certo, outra advertencia: coidado, coidado, señorías, pois ao mellor os galegos e as galegas, prefiren votar a Amancio Ortega, porque ao final é quen lles está a solucionar os problemas.

(Murmurios.) Si, tonterías..., si, *¡como la vida misma!*

No terceiro punto pedimos repor os cadros de persoal. Éncheselles a boca falando do respecto que lles teñen ás persoas que traballan no sistema público –por certo, os grandes heroes nestes anos de recortes e de crise–; pois ben, se de verdade os respectan, acepten a nosa proposta.

Cuarto punto, recuperar e aplicar o Plan de mellora de atención primaria, o piar do sistema sanitario público –que, por certo, aínda que isto parece imposible, volven recortar no orzamento do próximo ano–.

E por último, un último punto, se realmente queren e teñen interese pola sanidade pública, eu plantéxolles un pacto, un

pacto pola sanidade. Sentémonos, sentémonos a falar; miren o que lles digo, sentémonos a falar, analicemos as necesidades orzamentarias reais do noso sistema ¡público! –e recalco o de público–, e comprometámonos todos e todas a que, governe quen governe, señorías, esas necesidades e esa sostiabilidade estean garantidas.

Espero contar co apoio dos demais grupos nesta moción.

De momento, máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Acuña.

Intervención dos grupos parlamentarios, polo Grupo Mixto, a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Vou votar a favor desta proposición non de lei en todos os seus puntos, vou dicir por que e tamén explicarei o sentido da miña emenda.

Primeiro, vou votar a favor do punto número 1, de derrogación polo Goberno do Estado do Real decreto lei 16/2012, entre outras cousas porque este Real decreto elimina a universalidade da sanidade pública; afecta os pacientes con enfermidades raras, crónicas e as súas familias, xa que somete á fórmula do copago os medicamentos que son prescritos aos pensionistas, a prestación ortoprotésica, ambulatoria –como muletas, férulas ou cadeiras de rodas–, o transporte non urxente de enfermos para desprazamentos por causas clínicas e que non poden facerse por medios ordinarios de transporte, e os produtos dietéticos que, aínda que vistos así, son fundamentais para a alimentación de moitos e moitas pacientes.

Tamén pola exclusión dos medicamentos de prestación farmacéutica, seguen ampliándose o número de medicamentos de prestación farmacéutica. A min pasoume o outro día, unha prescrición farmacéutica de máis de 20 euros nun medicamento que non cobre a seguridade social. Eu, por sorte, podo aboar eses 20 euros, pero haberá moitas persoas que non reciban esa medicación por non poder pagala.

Polo tanto, votarei a favor do punto número 1 da moción.

No punto número 2 tamén votarei a favor de paralizar as privatizacións sanitarias previstas e reverter as existentes, porque o propio Consello de Contas advirte á Xunta da falta de xustificación de moitas delas, así como do dubidoso beneficio económico para as arcas públicas das mesmas, porque non hai ningunha razón nin ningunha proba que demostre nin os beneficios económicos para a administración nin os beneficios asistenciais para as persoas usuarias nas privatizacións sanitarias.

A calidade da prestación concertada é inferior á calidade da prestación dos servizos públicos, cunha diferenza que se xustifica, fundamentalmente, nos beneficios empresariais da empresa concertada. E é porque a precariedade laboral existente nas empresas beneficiarias de concertos e contratos coa administración é altísima.

Votarei tamén a favor do número 3, de repor os cadros de persoal, cubrir as asistenciais e devolver aos traballadores e traballadoras públicas as súas condicións salariais, laborais e sociais. E eu aquí inclúo que se debe volver cubrir o 100 % do salario nas situacións de baixa por enfermidade.

Non hai excusas para non cumprir o que pide esta moción, xa que o propio presidente anuncia a fin da crise, a creación de emprego, a devolución á sociedade do esforzo realizado –e, especialmente, aos traballadores e traballadoras públicos–.

Polo tanto, é hora de que o presidente pase das palabras aos feitos e da propaganda ao compromiso.

Votarei a favor do punto 4 de mellora do Plan de atención primaria porque Galicia, cunha poboación maior e dispersa, precisa reorientar o sistema sanitario, outra vez, cara á atención primaria.

Porque a atención primaria é sinalada por todos e todas os expertos e expertas, como eixo fundamental do sistema sanitario, porque o seu papel é fundamental para garantir o uso racional dos recursos, porque diminúe a presión dos servizos de urxencias, porque realiza actividades de prevención e control das doenzas crónicas, porque proporciona educación sanitaria e promove hábitos saudables na poboación.

Votarei tamén a favor do número 5 –analizar e garantir as necesidades orzamentarias– porque así tamén o recomenda o Consello de Contas, que sinala que hai un abuso de modificacións orzamentarias dentro do Sergas.

Polo tanto, votarei a favor e presento unha emenda que trata de acercar os servizos sanitarios básicos a toda a poboación, e o que pide é que se estenda a rede de atención primaria –moitos lugares, sobre todo do interior de Galicia, están lonxe dos seus centros de atención primaria– e que se cree a unidade de hemodinámica 24 horas do HULA, o CAR do Morrazo; ou, como hoxe dicía o propio Partido Popular que a oposición non lle daba valor –eu si llo dou–, que se estenda o servizo de ADO e o servizo de coidados paliativos a todo o territorio galego. Non se despreza, estase reclamando e é o propio Goberno o que non dá este servizo a moitos e moitas galegos e galegas, fundamentalmente do interior das provincias de Lugo e de Ourense.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Nada máis, moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

A sanidade pública galega perde progresivamente calidade e, se non conseguimos reverter esta situación, o nivel de degradación a que está sometida levará a que teñamos unha sanidade de beneficencia, unha sanidade para ricos, unha sanidade para quen poida pagala e, logo, unha mera sanidade asistencial para o resto.

E a sanidade pública galega, tal como a coñecemos, é evidente que está en risco, por moito que tente o Partido Popular botar toneladas de propaganda para tapar esta situación, é obvio que non o dá conseguido. E a esa sanidade pública tan gravemente enferma é preciso aplicarlle tratamento e ese tratamento require ir ao fondo do problema e non exclusivamente aos síntomas. Porque esa brutal agresión que está a sufrir só é posible solventala se somos quen de ir á causa primeira e básica desa situación.

E a causa fundamental é, primeiro, o convencemento ideolóxico dos que xa hai varias décadas puxeron en marcha toda

unha campaña para convencer a poboación da necesidade de reverter esa sanidade pública, convencer a poboación do derroche que significaba o público, convencer a poboación para que, nese nicho de mercado, puideran entrar a saco as empresas privadas.

E o primeiro que se fixo foi culpar as propias vítimas desta situación –que son a maioría do pobo, a maioría da poboación– de que enfermaban por encima das súas posibilidades; convencelas para que, logo, asumiran sen ningún tipo de problema eses repagos, ese volta a pagar unha parte da sanidade ademais de facelo a través dos impostos. O segundo paso foi destruír a imaxe da sanidade pública, é dicir: para que haxa menos resistencia a esa entrega da sanidade pública á empresa privada houbo que facer –fixérono os centros de poder aos que tan ben serve o Partido Popular– toda unha imaxe de descrédito do público, de necesidade de que a austeridade se impuxera tamén no eido sanitario.

E a terceira actuación que se puxo en marcha foi a modificación lexislativa. O que se foi facendo foron modificacións lexislativas que –como dixeran na moción que presentou o BNG antes desta– eran imprescindibles para que todas as actuacións que se están levando a cabo se fagan baixo o paraugas da legalidade; e, evidentemente, para que se poida facer baixo ese paraugas de legalidade antes hai que facer todas as modificacións lexislativas que permitan que sexa así, porque as cousas non son unha maldición bíblica, senón que se producen e se permite a privatización porque hai quen vota, quen lle dá ao botón de cambiar esas lexislacións para permitilo.

E esas modificacións lexislativas pois xa veñen de lonxe, por iso o BNG presentamos unhas emendas a esta iniciativa do Partido Socialista onde demandamos a derogación de toda a normativa que permite a privatización da sanidade pública, a empezar pola Lei 15/1995, que é a lei das novas formas de xestión, a lei das fundacións, a lei que abriu o camiño e que, evidentemente, logo foi ese camiño sucado...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: ...de xeito moi destemido por parte da lexislación seguinte –como, efectivamente, o Decreto 1, de xullo de 2012, que cambia radicalmente o concepto de prestación sanitaria–.

Por iso imos apoiar esta iniciativa pero presentamos esta emenda porque cremos que hai que cambiar absolutamente toda a lexislación que permite esa privatización, e tamén presentamos unha emenda no sentido de que se recuperen –integralmente, para a xestión pública– non soamente as infraestruturas, senón todos e cada un dos recursos privatizados durante estes seis anos de goberno do Partido Popular; recursos cuxa lista é máis que abundosa: podemos falar da xestión de raios, dos laboratorios, da esterilización, da central de compras...; é dicir, a lista é interminable.

E consideramos que non basta con atallar, evidentemente, as causas destas medidas privatizadoras...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...senón que hai que ir, efectivamente, á lexislación que permite ese novo modelo privatizador. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Ten a palabra a señora Solla.

(Murmurios.)

Prego, por favor, silencio, que hai un murmurio de fondo que é bastante incómodo para a xente cando está aquí.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Ben, señoría, resulta moi interesante falar agora pola tarde, debater sobre a sostibilidade do sistema sanitario. Resulta interesante pois, precisamente, xusto no momento no que estamos a debater uns orzamentos que pretenden facer un lavado de cara á nefasta xestión sanitaria deste Goberno, e no momento no que se están a dar présa precisamente por deixar atadas e ben atadas as privatizacións que veñen.

A ofensiva sobre o sistema sanitario é unha estratexia a nivel internacional, de grandes empresas, dos grandes poderes económicos, tendo en conta, precisamente, a gran proporción do orzamento que se dedica, por parte dos estados e dos países, á sanidade, e que supón entre o 30 % e o 40 % do orzamento do gasto total das comunidades autónomas.

Facerse con eses cartos, entrar no negocio coa nosa saúde leva parello un cambio de modelo sanitario que no Estado español se vén xestando dende a caída da ditadura, preparando o terreo ás futuras –actuais xa– privatizacións. O deterioro do sistema sanitario –acabamos de debatelos pola mañá– é unha estratexia encamiñada a destruílo e xustificar as privatizacións posteriores, e a colonización por parte de empresas privadas de todo tipo de servizos na sanidade pública. É unha estratexia bastante antiga.

A entrada de capital privado na nosa sanidade, a entrada de negocios –como pode ser Povisa–, a entrada da privatización na alta tecnoloxía, a entrada da privatización na esterilización, tivo entrada precisamente con esa aprobación da Lei 15/1997, de novas formas de xestión, que se aprobou no Congreso das deputadas e deputados co voto favorable do Partido Popular, Partido Socialista, Convergència i Unió, Partido Nacionalista Vasco e Coalición Canaria. E que favorece, precisamente favoreceu, o inicio da privatización sanitaria a partir dese punto. Temos pedido nesta Cámara, en reiteradas ocasións, o rexeitamento dos grupos a esta lexislación, a esta lei, a última no pasado Pleno do debate do estado da Nación cunha resolución que ningún dos grupos maioritarios votou a favor.

Dende logo, nós consideramos que nada se pode solventar falando por un lado e, polo outro, apoiando as normativas que facilitan ou impulsan as privatizacións. E por iso volve-mos presentar, en modo de emenda, o compromiso que lle solicitamos á Xunta de Galicia de solicitar ao Goberno central a derogación desta lei. Solicitamos, polo tanto, compromisos reais non só no discurso, compromisos que son necesarios para cumprir, precisamente, co punto 2 da moción, de reverter as privatizacións.

Totalmente de acordo cos puntos 3 e 4 –non vou abondar, son coñecidos, e as posicións deste grupo–, de acordo co punto 1. E así o levamos tamén no Debate do estado da Nación, denunciando que o Real decreto 16/2012 representou a fin da universalidade na atención sanitaria, que iniciou ese *apartheid* sanitario ou o coñecido decreto da vergoña –e tamén iniciou, por certo, o repago farmacéutico–.

Eu a verdade é que agardo a votación do Partido Popular neste punto, porque votaron a favor dunha resolución da AGE no Debate do estado da Nación que exixía ou pedía

volver á universalidade na atención sanitaria. E, polo tanto, entendemos que este punto deberían votalo a favor.

O sistema sanitario é sostible, nós considerámolo así, polo tanto, de acordo tamén co punto 5, que pide analizar a necesidade orzamentaria. O que ten o sistema sanitario son malos xestores, que o que están é facilitando o seu deterioro para a posterior privatización, o mesmo que sucede coas nosas pensións. Por iso presentamos tamén na emenda un punto que solicita establecer que o financiamento para a sanidade sexa en base a unha recadación impositiva e aos fondos públicos dispoñibles...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora Solla Fernández: ...–os fondos propios, os fondos do Estado, os fondos europeos–, e abandonar a introdución de fundacións e de empresas privadas. Temos a metade do orzamento dedicado á empresa privada –a última, a caridade de quen debe pagar impostos, a fundación dun multimillonario para sufragar un servizo que xa está privatizado–.

A saúde é un dereito, por iso tamén plantexamos a loita contra a elusión fiscal, que debe de ser tamén motivo dunha maior recadación fiscal.

E solicitamos tamén, neste senso, a derogación da Lei 14/2013, de racionalización do sector público autonómico, que ataca frontalmente o sector público e introduce, ademais, a creación da Axencia de Sangue e Tecidos, algo que vén aportar máis opacidade a un terreo que xa debiera estar introducido na sanidade pública.

E, polo tanto –remato xa–, queremos cen por cento sanidade pública e non imos conformarnos con nada que sexa menos que iso. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Santalices Vieira.

O señor SANTALICES VIEIRA: Grazas, señora presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

Eu creo que todo este debate, señora Acuña, empezou por unhas declaracións da anterior conselleira de Sanidade nas que eu creo que tanto ela, coma min e moita xente, facemos unha interpretación posiblemente errónea do concepto de sostibilidade –penso–, e vou explicar por que.

Sempre temos a tendencia a falar dun sistema que sexa sostible e eu penso que sería máis oportuno –por un libro que lin ultimamente– que deberíamos de falar dun sistema que sexa solvente. Porque a sostibilidade está sempre ligada ao PIB: «¿Canto pos ti do teu PIB para destinar a sanidade?», en Galicia sabemos que é o 6,4, polo tanto, neste tema é sostible.

Outra cousa é se falamos de solvencia, porque a solvencia está ligada á equidade, á eficiencia e á calidade. Quere dicir, ¿con isto somos capaces de dar unha cobertura universal e garantir as mesmas prestacións a toda a poboación? Este é o concepto do que eu son máis partidario agora; insisto, despois de ler este libro son máis partidario de utilizar o concepto de solvencia –hai que ler sempre–.

Polo tanto, eu penso que nós somos solventes (*Murmurios.*), penso, o Goberno galego e a sanidade creo que é solvente. Primeiro, nós fomos quen de non ter desfases como os que se daban en anos anteriores, concretamente no ano 2008, de 645 millóns de euros –que é unha auténtica barbaridade– no capítulo de gasto corrente. Algo que eu non me invento e que así reflectiu o Consello de Contas no informe que fixo correspondente ao ano 2008 –claro, desviar 645 millóns de euros no capítulo de gasto corrente é unha auténtica barbaridade, así non pode ser un sistema solvente–. Nós creo que fomos quen de corrixilo e as nosas contas terminan sen ningún tipo de desviación.

Nós implantamos o catálogo de fármacos, igual para toda a poboación: mesma prescrición, un principio activo que ía para toda a poboación e, polo tanto, acceso igualitario. E isto tivo a súa rendibilidade, a súa eficiencia, porque nós aforramos moito diñeiro ligado, ademais, a un tema que foi o aumento na prescrición de xenéricos: estabamos nun 11 % e hoxe podemos dicir que temos unha prescrición de xenéricos que está por riba do 43 %.

Outra das medidas que nós implantamos para ter un sistema solvente foi a xestión integrada, nós creamos a xestión integrada, aquí moi deostada, pero que aporta moitos beneficios

porque evita duplicidades con respecto á atención dos pacientes.

Somos un sistema solvente porque eu creo que nós, pese a todos os inconvenientes económicos en manter ese 6,4 % do PIB destinado á asistencia sanitaria, construímos hospitais. Eu xa sei que a vostedes non lles gusta que nós construíamos hospitais e, cada vez que poden, atacan o tema da construción dos hospitais e dos centros de saúde.

Tamén fomos quen de renovar a tecnoloxía, a alta tecnoloxía está renovada. ¡Ai!, ¿que sería da nosa tecnoloxía se non implantáramos o socio tecnolóxico? Estarían caendo as gammagrafías, estarían caendo as resonancias, estarían caendo os TAC e todo iso estaría caendo.

O señor Amancio Ortega fixo o outro día unha doazón importante, cousa que lle agradecemos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Hai que lle agradecer, todo o que sexa doazón para o sistema sanitario... Non creo que a ningún lle pareza mal que faga unha doazón o señor Amancio Ortega e nós, desde logo, agradecemosllo.

Mire, temos... Eu non sei como aínda dubidan de se temos unha sanidade (*Murmurios.*) de cobertura universal. En Galicia, por suposto. Galicia foi a comunidade que deu o primeiro paso para cubrir dentro do sistema sanitario a poboación inmigrante, fomos nós, si, plan especial de saúde.

O outro día, señora Solla, que vexo que me indica que non, aprobamos unha resolución súa –de AGE– na que falaba da cobertura universal. Polo tanto, nós non temos ningunha dúbida en afirmar que a cobertura para nós é universal, ningunha, ¡ningunha!

E outro tema moi importante: nós non temos copagos. Non hai copagos, (*Murmurios.*) pese aos anuncios.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Santalices. Remate.

O señor SANTALICES VIEIRA: Miren que sacamos aquí o papel roxo, non o imos volver sacar, ese papel xa non o imos volver sacar... Teño o copyright dese papel, pero xa o cedín (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) por aí para... (*Murmurios.*)

Nós, afortunadamente...,

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Santalices, por favor.

O señor SANTALICES VIEIRA: ...non temos copagos. O que si temos –señora presidenta, xa remato– é calidade, porque temos uns bos profesionais, uns xefes de servizo e uns traballadores sanitarios que fan algo máis que xogar ao golf, algo máis que xogar ao golf, e sei o que digo.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Santalices.

O señor SANTALICES VIEIRA: Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grupo autor da moción. Ten a palabra a señora Acuña do Campo.

Déanlle voz, por favor, ao escano da señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

¡Que pouco dura a alegría na casa dos pobres! Lavaron vostedes a cara cesando a señora Mosquera, pero, polo que se ve, nada máis.

Eu quero empezar agradecendo o apoio dos grupos da oposición, todos emendantes, o que demostra o interese e a preocupación que existe pola sustentabilidade do noso sistema sanitario público coa política sanitaria que está a facer o señor Feijóo. Pero vanme permitir que, aínda estando de acordo con case todo o que vostedes propoñen, non incorpore á iniciativa os seus textos, pois trátase de medir o compromiso do Partido Popular para este ano que lles queda, trátase de medir o cambio nas políticas da consellería tras o cese da señora Mosquera e, para iso, queremos facer unha proposta moi sinxela.

Cinco cousas: sanidade universal, paralizar as privatizacións e reversión do hospital de Vigo, repoñer a atención primaria, repoñer os recursos humanos e, por suposto, garantir, non sei se con solvencia ou sen ela, o orzamento necesario para a nosa sanidade pública. Cinco propostas, señor deputado do Partido Popular. Propostas reais, propostas posibles, propostas de consenso pero, sobre todo, propostas imprescindibles para demostrar que vostedes queren cambiar e que, ademais,

esa recuperación que vostedes anuncian a bombo e platillo non vai quedar só en contar con dúas consellerías máis.

Supoño, señores e señoras do PP, que todo ese sufrimento que lle aplicaron ao pobo galego, todo ese deterioro da nosa sanidade pública, non vai servir só para pasar de oito consellerías a dez consellerías. Supoño que non tivemos que loitar tanto para conseguir que cesaran por fin a señora Mosquera para que todo continúe igual.

Señor Santalices, pacto. Señor Santalices, sentémonos e falemos dos cartos que necesita realmente a sanidade pública. Mire, solvente era o Tío Gilito, non sei se o recorda, pero non gastaba nin un peso. Entón, eu creo que a solución non é a solvencia.

Falemos con seriedade e con rigor, que estamos a falar do sistema sanitario público, que non é universal, señor Santalices, que non é universal como se recolle na lei.

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Un pacto, señor Santalices. Acordemos o que necesita, o orzamento que necesita o sistema sanitario público e universal e garantamos entre todos que, governe quen governe, a sanidade pública vai contar con ese orzamento.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Espero que voten a favor. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña, ¿e as emendas?

A señora ACUÑA DO CAMPO: Xa o dixeran, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Non o escoitei, perdón.

Votación das mocións

A señora PRESIDENTA: Pasamos á votación das mocións... *(Murmurios.)*

Señor Santalices, ¿vai subir ou...?

Ben, pasamos á votación das mocións. (*Murmurios.*) Comezamos pola primeira... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Prego silencio, por favor, para que non haxa ningún problema coas votacións.

Empezamos coa votación da moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do señor Docasar, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sistema educativo en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA: Votamos a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Prado, que dixo que aceptaba as dúas emendas presentadas.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de camas hospitalarias e de persoal, así como a situación das listas de espera no Sergas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA: E votamos, por último, a moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciati-

va da señora Acuña do Campo, que dixo que aceptaba as tres emendas presentadas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

É que eu non a escoitei, señora Acuña. Síntoo, perdóeme. (*Murmurios.*) ¿Non acepta as emendas? Perfecto. Non aceptou ningunha das tres emendas presentadas.

Votamos.

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sustentabilidade do sistema sanitario público de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA: Continuamos co desenvolvemento da orde do día, co punto 5 de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e sete deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a cobertura poboacional da vacinación contra a gripe

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Mixto e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada e vicevoceira, Consuelo Martínez García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Propónse substituír a parte resolutiva da proposición que quedaría redactada do seguinte xeito:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar a cobertura poboacional con respecto á vacinación da gripe, garantindo a súa gratuidade a toda a poboación.”)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“1.-Poñer en marcha o Plan de Mellora da Atención Primaria coa dotación dos recursos económicos que sexan precisos.

2.-Dimensionar as plantillas, a comezar pola reposición das prazas eliminadas desde a aplicación da taxa de reposición, e a dotar de recursos aos centros de saúde de Atención Primaria, de xeito que @s profesionais non se vexan sometidos continuamente a sobrecarga de traballo e poidan ofrecer unha boa calidade asistencial.”)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para formular a súa proposición non de lei, señor Santalices.

O señor SANTALICES VIEIRA: Grazas outra vez, señora presidenta. Perdoe o incidente de antes, pero pensei que íamos seguir, despiesteime.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Home, non creo que sexa motivo para chamar á orde, todos nos podemos despistar, pero se é necesario que por iso me chame á orde, ¡válgame Dios!

Señora Acuña, eu retomo a última palabra... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor SANTALICES VIEIRA: Non, non... Eu creo que a última verba pronunciada por vostede sobre un pacto sobre a sanidade, penso que desde esta tribuna se teñen feito ofertas para falar sobre un pacto sobre a sanidade. Polo tanto, se

agora vostede vén con iso, pois paréceme razoable, a min paréceme razoable, a ver se somos quen de facelo.

Imos falar dun tema que tamén ten moito interese, sobre todo para unha poboación que pode estar en risco como é, e como explicaremos ao longo desta proposición non de lei, a poboación maior de 60 anos.

O 19 deste mes iniciouse a campaña de vacinación antigripal, un feito que se repite todos os anos por estas datas, e esta proposición non de lei o que pretende é incidir na importancia que ten vacinarse para paliar os perversos efectos da gripe e que son moitos: complicacións de determinadas patoloxías, especialmente aquelas patoloxías crónicas, enfermidades metabólicas e outras enfermidades como pode ser o cancro.

Iniciada xa a campaña de vacinación, parece oportuno que neste Parlamento falemos deste asunto porque me parece un tema bo, un tema razoable, que o Parlamento se sume a concienciar a poboación da importancia que ten a vacinación. O Parlamento ten o seu eco na sociedade e eu creo que debemos de aproveitalo para determinadas mensaxes en positivo para a nosa sociedade, non creo que a ninguén lle moleste que poidamos... Ademais, non vai pasar nada porque o Parlamento aprobe que se incida na importancia que ten a vacinación, neste caso da gripe. Creo que non lle debería de molestar a ninguén que nós intentemos difundir mensaxes en positivo desde o Parlamento. Polo tanto, eu espero que neste asunto cheguemos a un acordo.

A gripe, indubidablemente, é unha enfermidade leve pero que afecta moitísima xente e xa non falamos de epidemia cando falamos de gripe, chegamos xa a falar incluso de pandemias. A gripe afecta especialmente uns determinados colectivos, persoas que teñen outras patoloxías como son as enfermidades pulmonares crónicas ou, especialmente, tamén enfermidades cardiovasculares.

Xa se publicitaron datos con respecto á mortalidade da gripe, datos que arrojan unhas cifras certamente preocupantes. En concreto, no período 2013-2014 foron 58 persoas as que faleceron en Galicia como consecuencia da gripe, o triplo das persoas que falecen nas nosas estradas. Polo tanto, non estamos ante unha cuestión menor. Un dato que eu entendo preocupante e na medida en que nós incrementemos

a vacinación estaremos diminuíndo a porcentaxe desta mortalidade.

Tamén dixemos que a gripe, e isto comproboouse, se asocia ás complicacións das enfermidades crónicas. Entre o 2014 e o 2015 que xa estamos próximos a finalizar, das 1.978 persoas atendidas por gripe, 709 tiveron que ser ingresadas –unha cifra certamente importante– non como consecuencia en si da gripe senón como consecuencia das complicacións que lles provoca a gripe. A estancia media –sen entrar agora en análises de custos, que entraremos ao final– dos procesos que tiveron que ingresar como consecuencia das complicacións da gripe foi de ata once días, unha estancia media certamente elevada porque indubidablemente estamos ante complicacións tamén graves.

Como dicía ao principio, dado que a campaña comezou o 19 de outubro, parece que convén que recordemos e incidamos en cales son as persoas que deberían de vacinarse: persoas con risco de complicacións, fundamentalmente persoas maiores de 60 anos, e moi especialmente aquelas que teñan máis de 65 anos.

Tamén debemos de incidir naquelas persoas de calquera idade que residan en institucións pechadas. Tamén, por suposto, en mulleres embarazadas e en persoas de menos de 60 anos con patoloxías que poidan ter complicacións respiratorias, cardiovasculares, etc. Habería tamén que vacinar persoas que poidan transmitir a gripe ou que poidan transmitir a gripe a persoas cun alto risco de complicación. Tamén, e isto xa se vén facendo dende hai moitos anos, o persoal que traballa en centros sanitarios e o persoal que convive con persoas e grupos de risco.

En fin, unha poboación diana importante, numerosa, pero coa vacinación eu creo que diminuíríamos o impacto sobre a poboación.

Neste momento, e segundo datos que recadei da consellería, hai dispostos 900 puntos de vacinación ao longo da comunidade autónoma. Están especialmente nos centros de atención primaria e especializada, centros médicos, consultas privadas, centros penitenciarios, residencias da terceira idade e calquera outro que se solicite e que sexa autorizado pola consellería. Tamén hai 530.100 doses de vacina.

E aquí entramos no dato que realmente é máis preocupante, ata aquí son datos contrastados que podemos analizar e que teñen a súa importancia, pero quizais o máis importante é cal é o nivel de porcentaxe de cobertura da poboación, cales son os datos de cobertura sobre a poboación tomando como referencia a poboación diana. Isto, se o comparamos cos datos do ano pasado, está por debaixo dos obxectivos que nos marcamos para este ano.

Así, nós para este ano marcámonos que os maiores de 65 anos teñan unha cobertura por riba dun 65 %. Se tomamos como referencia o dato acadado o ano pasado, no que a cobertura foi dun 52,3 %, estamos trece puntos por debaixo do obxectivo marcado. Polo tanto, merece este asunto que se faga un esforzo.

Se analizamos tamén a poboación comprendida entre os 60 e os 64 anos, marcamos para este ano un obxectivo dun 35 %. Pero se tomamos como resultado o acadado o ano pasado, este dato baixa sensiblemente porque a cobertura foi dun 20 %, quince puntos por debaixo do obxectivo que nós marcamos para este ano.

E se tomamos como referencia os traballadores sanitarios, marcámonos para este ano un obxectivo dun 35 %. Os datos do ano pasado son dun 18,27 %, estamos, polo tanto, ante unha porcentaxe certamente baixa.

Isto é un problema, e aquí é onde hai que incidir, e hai que incidir dende a Administración, hai que incidir dende os consultorios de atención primaria, de atención especializada, hai que incidir desde a Facultade de Medicina e, ¿por que non?, tamén dende este Parlamento, dende as escolas e dende calquera sitio onde nós poidamos chegar á poboación para que ela se sensibilice coa importancia que ten esta vacina. Tamén hai que dicirlle que hai outra vacina para as persoas maiores de 75 anos, que hai moita desinformación para isto, e que tamén hai vacinas para as persoas que teñan alerxia.

Todo isto débese de contar, e eu creo que non pasa nada porque se conte no Parlamento, non hai que vir só ao Parlamento a que discutamos, eu creo que tamén debemos utilizar o Parlamento para mensaxes en positivo. (*Murmurios.*) Polo tanto... Si, isto é unha mensaxe en positivo e votedes tamén se poden vacinar, por suposto, ¿por que non? Isto é para todos..., (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Santalices.

O señor SANTALICES VIEIRA: ...hai que vacinarse, todo o que sexa inmunizarse é positivo.

Polo tanto, nós o que propoñemos é que o Parlamento inste a aumentar os esforzos que se veñen realizando para mellorar a cobertura poboacional con respecto á vacinación da gripe. Demos aquí datos que son preocupantes, un esforzo, unha mensaxe desde o Parlamento para que se incremente o nivel de cobertura vacinal.

Creo, señorías, que é unha proposición dende logo en positivo e espero que teña o apoio de todos vostedes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Santalices.

Intervención dos grupos parlamentarios. Grupo Mixto, señora Martínez.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Señor Fajardo, por favor.

Señora Martínez, ten a palabra.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

A verdade é que acabo de quedar alucinada despois da intervención do señor Santalices, porque realmente eu creo que o Parlamento non é o sitio onde facer propaganda nin publicidade, nin o sitio para educar a poboación sobre o ámbito sanitario e sobre o que se debe facer ou non se debe facer; o Parlamento suponse que está para legislar e para facer as normas que despois outros terán que levar adiante. Polo tanto, non entendo a intervención que acaba de facer o señor Santalices.

É certo que a vacina da gripe é gratuíta para maiores de 60 anos e para os colectivos en risco —xa falou o señor Santalices de cales son eses colectivos en risco, aínda que non os dixo todos—, pero eu realmente non podo tomarme en serio esta proposición non de lei do Partido Popular cando hai nada votaba en contra de normalizar a vacina da meninxite B e cando non toma realmente esa política preventiva en

sanidade, senón que ao se dedica é a que soamente os que poidan pagalo poidan previr as enfermidades e os máis pobres teñan que sufrir as enfermidades. Así, a pesar da insistencia do Partido Popular e do Sergas en que se vacinen as persoas, case a metade das persoas maiores de 65 anos non se vacinaron no ano pasado e tan só o fixo unha de cada cinco persoas entre 60 e 64 anos.

O ano pasado, como dicía o voceiro do Partido Popular, houbo 58 mortes por gripe e rexistráronse máis de 700 ingresos hospitalarios, o cal provocou un colapso nas urxencias hospitalarias galegas das que a ex-conselleira Rocío Mosquera responsabilizou os pacientes dicindo que a culpa a tiña o gran número de cidadáns que acudían ao servizo de urxencias e, ademais, que o 70 % dos que acudían ao servizo de urxencias por gripe non estaban vacinados. Pois precisamente haberá que insistir no papel que ten a atención primaria na educación sanitaria, e volvo repetir: hai que facer unha aposta pola atención primaria, se non todos os esforzos sanitarios serán inútiles.

Queixábase a señora ex conselleira de Sanidade da afluencia dos pacientes a urxencias, e eu digo: claro é que os pacientes e as pacientes son uns auténticos egoístas que acoden ao hospital cando se atopan mal, a cidadanía ten que saber que cando se atopan mal teñen que ir ao bar ou a unha biblioteca, pero que non se lles ocorra ir a un hospital porque os hospitais non son para que vaia a xente cando se atopa mal. Parece realmente mentira que vostedes cheguen a facer semellantes afirmacións.

Ademais, non se pode responsabilizar os pacientes que van a urxencias por gripe da falta de camas, da falta de persoal, da falta de padiolas e de todas as carencias que ten o sistema sanitario. Para o Goberno, segundo parece, non teñen nada que ver estes andazos de gripe co desmantelamento da atención primaria, coa falta de centros de saúde, co copago farmacéutico, co desemprego de longa duración, co aumento da pobreza, que obriga a unha alimentación deficiente e unhas condicións de vida pouco saudables, ou coa pobreza enerxética, que condena a milleiros de galegos e galegas a vivir en condicións de baixas temperaturas e alto grado de humidade.

Pero agora, e a pesar de todo isto, eu quero pensar que o Partido Popular ten realmente a preocupación porque este ano non volvamos padecer o que padecemos o inverno pasado...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...—vou rematando— con eses espectáculos nas urxencias. Por iso presento esta emenda, para garantir que o Partido Popular olvida a súa preocupación e poida vacinar a toda a poboación, facendo que toda a poboación reciba esa vacina de forma gratuíta, se non todo será propaganda.

Polo tanto, eu espero que o Partido Popular, se realmente quere dar unha cobertura da vacina a toda a poboación, acepte a emenda, que ademais reduciría tremendísimos gastos en asistencia hospitalaria e reduciría tremendamente o colapso que sofren no inverno as urxencias galegas.

Esperando que acepte a emenda, nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

É evidente cal é o modelo sanitario do Partido Popular. Amancio Ortega antes era o modelo de referencia da ex conselleira de Traballo —agora reconvertida en conselleira de Medio Ambiente—, mais agora vemos como tamén é o modelo a seguir do conxunto do Partido Popular, empezando polo seu propio presidente e seguindo polos voceiros; é lamentábel.

Señor Santalices, isto non vai da importancia da vacinación da gripe, esta iniciativa non vai da importancia de aumentar o espectro de vacinación; o que fixo hoxe vostede aquí —e xa o ten feito noutras ocasións— é un exercicio máis de propaganda, isto do que vai é do departamento de publicidade e propaganda do Partido Popular, e a súa intervención pareceu máis unha publirreportaxe que unha defensa de algo serio.

No BNG lamentamos profundamente que o Partido Popular, cos gravísimos problemas que ten a sanidade pública neste país, decida traer a este Parlamento cuestións desta grandísima envergadura e que opte por un anuncio publicitario na vez de tomar con rigor os graves problemas da sanidade pública.

Mire unha cousa, para mellorar a cobertura poboacional con respecto á vacinación da gripe fai falta algo máis que discursos e publirreportaxes, fai falta algo máis que o departamento de publicidade e propaganda, señor Santalices. Por iso no BNG presentamos unha emenda a esta súa iniciativa na que demandamos, primeiro, poñer en marcha o Plan de mellora de atención primaria coa dotación de recursos económicos que sexan precisos, e, segundo, dimensionar as plantillas, comezar polas reposicións das prazas eliminadas desde a aplicación das taxas de reposición e dotar de recursos os centros de saúde e atención primaria, de xeito que os profesionais non se vexan sometidos a unha sobrecarga de traballo continuamente. Para facer ese aumento da cobertura fan falta recursos.

Vou comentarlle, se quere, a situación concreta dun centro concreto de saúde —o do meu concello—: mire, alí vacínanse unha media de 2.000 persoas en cada campaña de vacina da gripe; ou sexa, cerca de 2.000 persoas que hai que citar e 2.000 persoas ás que hai que poñerlles a vacina da gripe nun período de dous meses, ¿verdade? Este ano a campaña é do 19 de outubro a 19 de decembro —vale, nun período de dous meses—. ¡Unha imaxe fantástica! Habilitase unha consulta específica para a vacina da gripe, non se habilita ningún persoal a maiores, o persoal de enfermería rula por esa consulta, o persoal administrativo ten que citar a esas persoas —é dicir, unha media de arredor de 50 persoas diarias—, carga asistencial, evidentemente. ¿Canto persoal a maiores? Cero. ¿Cantos recursos a maiores? Cero. ¿Substitución de persoal? Ten que haber dous ATS de baixa para que cubran una persoa unhas cantas horas.

Mire, no día de onte, 26 de outubro, houbo dous ATS que non acudiron a traballar por diferentes razóns, unha única persoa contratada ata as 12 da mañá exclusivamente e resultou que houbo dúas urxencias graves, un infarto e unha convulsión nun centro de ensino do concello; teñen que saír a atender esas urxencias, teñen que atender as súas consultas. ¿Que pasa coa vacina da gripe? Solución: chámase e á persoa que estaba ata as doce prolóngaselle *una horita*.

¿E vostede vén aquí a dicir que queren ampliar a cobertura de vacinación da gripe? Por suposto, pero poñan recursos, señor Santalices, enriba da mesa; non maltraten o persoal nin veña vostede aquí facer unha publirreportaxe mal feita do ben que fan as cousas, cando o que están é desmantelando.

do totalmente a atención primaria, porque non teño que repetir aquí a perda de capacidade resolutiva, rebaixa de orzamentos, persoal –como acabo de dicir–; é dicir, máis unha, máis unha, máis unha..., e resulta que, con menos recursos, vostedes o que queren é quitar peito dicindo que se pode facer máis. Pois non, con menos recursos e con menos persoal, non se pode facer máis sen maltratar o persoal e sen que as cousas se fagan medianamente ben. Porque, a maiores, señor Santalices dígolle que esas persoas que se van vacinar son citadas e, como na mili, posta a vacina, non consta na historia nin se fai absolutamente nada máis. Co cal, un pouquiño de rigor, deixen as plurireportaxes para a campaña electoral que empeza nuns días e teñan un pouco de seriedade coa sanidade pública deste país.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: Sería bo que por unha vez tiveran un pouco de seriedade coa sanidade pública deste país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda.

Señora Solla.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

A verdade é que estaba tentada a saír e non falar nin da iniciativa, pero logo pareceume apropiado recorrer a Marx para definir esta situación. Non a Karl Marx, que a situación tampouco é de tanta altura como para iso, senón a Groucho Marx, con aquilo de que a política é a arte de buscar problemas, atopalos, facer un diagnóstico falso e aplicar despois os resultados equivocados.

Dende logo, só recorrendo á traxicomedia se pode entender este tipo de iniciativas do Partido Popular, que neste caso pide aumentar os esforzos para mellorar a cobertura poboacional da vacina da gripe; ou sexa, nada concreto. Veñen falar dunha vacina que xa se administra dende hai moitos anos, efectivamente, que xa ten uns grupos poboacionais definidos. E se a Xunta de Galicia considera que se está a vacinar menos xente, ou que non é suficiente, pois que faga

un estudo dos motivos e que poña os medios, porque aquí non hai ningunha cousa concreta que se propoña a través da iniciativa. Eu pregúntome qué piden nesta iniciativa. É unha publireportaxe, probablemente para lembrarnos que estamos en plena campaña de vacinación da gripe, pero é que o Parlamento non está para iso, señor Santalices. Para iso está a Xunta, e para iso existen responsabilidades políticas e responsabilidades sanitarias en como se teñen os servizos sanitarios, incluída a propia atención primaria. Debater isto aquí a verdade é que eu non lle vexo sentido.

Sen embargo, o pasado ano sobroulles a vostedes tempo para botarlle a culpa á xente de que non se vacinaban e de que por iso colapsaban as urxencias. Eu non o esquecín, e supoño que ninguén esqueceu isto. E os colapsos das urxencias, as saturacións, si son un problema real. ¿Por que non falamos diso? ¿Por que non falamos diso, que segue sucedendo? ¿Van relacionar outra vez este ano a diminución da vacinación cos colapsos? Ese sería un bo tema para discutir.

Os servizos de urxencias sabe vostede que seguen con saturacións durante todo o ano; puntualmente pero cada vez durante máis tempo continuado. A situación na que está Ourense, a situación na que está o CHUAC, e agora a situación na que está mesmo o novo hospital de Vigo. Vostede sabe que xa tiñan problemas as semanas anteriores, porque incluso despois da fusión de dous servizos –que se fixo de maneira fatal, fíxose fatal, o traslado foi unha chapuza, non hai unha guía para a fusión, e xa está habendo problemas– perdéronse camas de observación de urxencias, perdéronse postos de urxencias, co cal ese sería un bo tema para falar.

Ou se queren falar de vacinas, poderíamos falar da súa estraña política de vacinas, que permite comercializar a vacina da meninxite B e, sen embargo, non permite que sexa para todos os nenos e nenas de Galicia. Eu xa llelo dixen o outro día na comisión, non entendo a súa política, porque se é válida, se hai evidencia científica para comercializala, haina para todos os nenos e todas as nenas.

E deberían explicar –falaremos o venres diso– por que no orzamento de 2016, despois de ter reiterado durante anos e ter defendido a baixada nas partidas para os programas de vacinación dicindo que eran froito da compra centralizada, este ano –oh! curiosidade, que estamos en ano electoral– aumentan vostedes a partida para os programas de vacinación.

Señoras e señores do Partido Popular, manteñamos debates reais con propostas reais. Aquí non hai ningunha proposta, aínda que a verdade é que resulta difícil, porque, visto o visto, parece que máis aló da estratexia sanitaria orientada en función do interese económico, pouco teñen vostedes que aportar á nosa sanidade.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Sinceramente, se as propostas que vai traer o Partido Popular no que queda de lexislatura van ser as privatizacións e as publrreportaxes, a verdade é que sería mellor que foran pensando as súas señorías do Partido Popular en ir mudando de bancada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Socialista, ten a palabra a señora Acuña do Campo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas de novo, presidenta.

Señor Santalices, a verdade é que a min me gustaría que vostede nos dixera aquí alto e claro qué busca cunha iniciativa tan transcendental.

Mire, no peor momento da sanidade pública galega, ao Grupo Parlamentar do Partido Popular que sustenta o Goberno o único que se lle ocorre é pedirlle ao seu goberno máis esforzo coa vacina da gripe.

Mire, non sei se pensan que talvez falando da gripe nos imos esquecer do absoluto fracaso da xestión sanitaria do señor Feijóo ou imos esquecer a estafa tan absoluta na que se ten convertido o hospital PP de Vigo.

Pero mire, teño que dicirlle, señor Santalices, que se equivoca vostede de estratexia. Porque, mire, con esta iniciativa o único que vostede consegue poñer en evidencia é que a deterioración da sanidade coas políticas do señor Feijóo é tal, é tal, que xa non funciona ben ni a vacinación da gripe, señor Santalices, nin a vacinación da gripe!

Por certo, dende o Grupo Parlamentar Socialista, advertímoslle moi clariño en moitos debates do risco de reducir en 4 millóns –4 millóns desde que chegaron vostedes ao Gober-

no– a partida para a vacinación dun monto de 20 millóns. Efectivamente, este ano soben creo que 500.000, non sei se é que se estropeou o da compra centralizada.

Pero miren, se de verdade queren máis esforzo en vacinación, introduzan a vacina da meninxite B no calendario vacinal. Señor Santalices, onte era un neno en Boiro, e hoxe creo que un neno en Carballo. ¿Cantos máis nenos e nenas galegas van ter que enfermarse, señor Santalices, para que vostedes cambien de idea? Eu fágolle esa pregunta e déixoa no aire.

Mire, efectivamente, o inverno pasado a conselleira pretendeu culpar a cidadanía dos colapsos xeneralizados dos servizos de urxencias de todos os hospitais galegos. A culpa tiñana as persoas, tiñana as persoas porque enfermaban, e enfermaban porque non se vacinaban da gripe.

Este ano, como xa ven vostedes de novo aproximarse os colapsos, pois veñen correndo aquí, non sei, pedindo esforzo, pedindo que se vacine máis a xente. Pero non teñen en conta na súa solicitude, señor Santalices, que efectivamente quen vacina é atención primaria, e é precisamente ese nivel o que teñen vostedes máis machucado. Ademais, vano seguir machucando, porque nos orzamentos para o ano 2016 –insisto, contra todo prognóstico e lóxica– volven reducir os orzamentos de atención primaria. E sen ter en conta, señor Santalices, que quen pon a vacina da gripe é enfermería.

Mire, se enfermería non pode aplicar ningún fármaco que non fora antes prescrito polo médico, tal e como lle di agora o seu ministerio, igual tampouco poden vacinar da gripe, pois que eu saiba a vacina está indicada, señor Santalices, pero non prescrita. ¡Menudo lío! Menudo lío que ten agora o señor Alonso con toda a enfermería, e tamén con toda a medicina, señor Santalices.

Pero o que no dixo vostede é en qué se vai concretar ese esforzo que lle pide ao Goberno da Xunta, porque a súa iniciativa só expresa un desexo. Non sei se queren vostedes baixar a idade da vacinación, se facer especial incidencia nalgún colectivo máis exposto, non o sei. Pero, mire, voulle dar unha idea. Se quere vostede incrementar a resposta da vacinación no colectivo que está agora, de maiores de 65 anos, pois poden vostedes facer unha oferta...:

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...toda aquela persoa que se vacine da gripe adiántana dez postos na lista de espera. ¿Que lle parece? Ao mellor así conseguimos que se aumente a vacinación, porque é tal o desastre, é tal o desastre, señor Santalices, que non sei se xa lle temos que contestar neste sentido.

Mire, os socialistas non imos contribuír a perder o tempo falando da gripe nestas circunstancias tan dramáticas que vive a sanidade pública. Porque, mire, o incremento na vacinación da gripe non vai solucionar o fracaso da política sanitaria de Feijóo –remato–, nin a estafa do hospital de Vigo, nin sequera os colapsos xeneralizados. Porque, señor Santalices, os nosos servizos de urxencias tamén, desgraciadamente, se colapsan no mes de agosto. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Acuña.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Santalices Vieira.

O señor SANTALICES VIEIRA: Grazas, señora presidenta.

Eu, despois deste debate, non sei se vostedes o que queren é que a xente non se vacine. *(Murmurios.) (Risos.)* ¡Home! quedou claro, quedou absolutamente claro.

Eu busco claramente que a xente se vacine, porque ten unha importancia fundamental para previr enfermidades. A vostedes esta parécelles unha iniciativa... A min paréceme unha iniciativa que está moi ben plantexada para que o Parlamento decida sobre algo que ten un impacto sobre a cidadanía. Eu creo que isto é o normal, ¿para que está o Parlamento?

Eu aquí non veño a facer propaganda, todo o contrario *(Risos.)*, todo o contrario, todo o contrario. Ou, se non, non estiveron atentos. Eu dixen que temos un problema moi importante, que temos unha cobertura poboacional a nivel de vacina moi baixo. Este é un problema. E aquí o que está pedindo este deputado e este grupo parlamentario é que a Administración faga o posible para que se incremente iso. Iso é traballo da Administración, pero nós, como deputados –polo menos eu e o meu grupo–, ímolo pedir. Porque nós queremos evitar que morra a xente, que-

remos evitar enfermidades; máxime cando esta é evitable coa vacina. Vostedes non queren. Ben, alá vostedes, voten que non, voten que non, iso téñeno fácil. Isto é fácil aquí: si, non ou abstención. Voten que non, así queda claro que non queren.

Mire, vostede dime que podemos lanzar algunha proposta. Claro que se pode lanzar algunha proposta. Hai un colectivo especialmente vulnerable, xa o dixemos aquí: maiores de 65 anos con patoloxías con complicacións. Pois que se lle faga unha chamada activa dende o centro de saúde: Oia, é vostede de un colectivo de risco, véñase vacinar.

¿Parécelle mal iso? ¿Parécelle mal? É que a vostedes isto parécelles mal; sen embargo, a vostede, que lle parece isto mal, recordo eu –que xa levo aquí algún tempo– que me fai unha proposta de como promocionamos o cachibol. ¡Por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, proposta de resolución, o xogo do cachibol. Compáreme vostede o xogo do cachibol con que a poboación se conciencie da importancia que ten vacinarse. *(Murmurios.)* ¡Alá vostedes!

A gripe é unha enfermidade leve, nós podemos evitar as súas complicacións. O obxectivo desta proposición non de lei era subir esta baixa cobertura que temos no persoal sanitario e no persoal que é máis vulnerable.

Levamos dez anos mirando como cada ano que pasa cae isto case 10 puntos –a cobertura poboacional a nivel de vacinas–, e quedamos quietos. Pero ¿para que serve o Parlamento tamén? O Parlamento terá que espabilar e dicir: Oian, increméntese o nivel de cobertura poboacional coa vacina, porque estamos evitando ingresos, estamos evitando un montón de cousas.

Non me vou meter no tema económico. Son 2 millóns o que se inviste no tema da vacina da gripe, pero estamos evitando hospitalizacións –xa dixen antes o dato–...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor SANTALICES VIEIRA: ...que é moito máis caro. E o fundamental: estamos evitando mortes.

Alá vostedes, voten que non, coa súa conciencia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para garantirles a todas as mulleres a posibilidade de acceso ás técnicas de reprodución asistida no Sergas

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Popular de Galicia e do Grupo Socialista de Galicia.

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de supresión.

Débase suprimir na parte resolutiva o seguinte texto:

“...e que a actual lexislación estatal exclúe da carteira de servizos sanitarios.”)

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Carmen Gallego Calvar, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir ao final da parte resolutiva da proposición non de lei a seguinte expresión:

Engadir in fine: “..., garantindo que estes tratamentos non queden suxeitos á lista de espera algunha, dentro do sistema sanitario público e, tendo en conta para aplicación destas técnicas os mesmos criterios de idade que se utilizan na rede privada.”)

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Boa tarde.

Grazas, presidenta.

Bueno, a reprodución asistida sempre foi das prestacións máis desiguais do sistema de saúde. As longuísimas listas de espera e as diferenzas de tempo de atención e de criterios entre as administracións foron constantes. Tanto que o Defensor del Pueblo e o Consejo Económico y Social teñen solicitado explicacións ás comunidades autónomas.

A Lei de reprodución asistida humana, aprobada no ano 2006, establece que toda muller maior de 18 anos e con plena capacidade de obrar poderá ser receptora ou usuaria das técnicas reguladas nesta lei, con independencia do seu estado civil e orientación sexual. En outubro do 2014 os dereitos que contempla esta lei foron restrinxidos cando se publica no *Boletín Oficial do Estado* a Orde ministerial, coa nova carteira básica do Sistema nacional de saúde, SSI2065/2014 pola que se modifica o punto 5.3.8.1 sobre os tratamentos de reprodución asistida. E fixa que para o acceso aos mesmos exige demostrar a ausencia de consecución de embarazo tras un mínimo de doce meses de relacións sexuais con coito vaxinal sen emprego de métodos anticonceptivos. Non especifica se esas relacións sexuais se realizarán con un ou varios portadores de esperma nin como debe acreditarse tal feito. O que si resulta evidente é a discriminación da que as mulleres sen varón –lesbianas e mulleres soas– son obxecto. A cuestión dirímese en que o Partido Popular e a súa ex ministra Ana Mato contemplan a aplicación desta prestación só por causas clínicas, contradicindo claramente a lei –como xa queda claro–.

Trátase, señorías, do dereito das mulleres a seren nais, prescindindo –como deixa ben claro a lei– do seu estado civil ou orientación sexual. O custo para o sistema sanitario da aplicación destes tratamentos en mulleres sas é mínimo, pois na meirande parte dos casos trátase de técnicas sinxelas como as inseminacións, cun custo na rede pública duns 300 euros; fronte á fecundación in vitro, moitísimo máis cara e menos segura, e que é utilizada por parellas heterosexuais con problemas de fertilidade. Así que queda claro que as razóns para discriminar as lesbianas e as mulleres soas non é económica nin médica –son tratamentos inofensivos e altamente eficaces–, só nos queda atribuír a modificación da lei a motivos ideolóxicos; motivos que, por outra banda, non son compar-

tidos por toda a militancia e os votantes e as votantas do Partido Popular. Isto é sabido e é de dominio público, vostedes mesmos neste Parlamento aprobaron a Lei pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza. E nas súas filas, mesmo en postos de responsabilidade política, teñen lugar con toda naturalidade novas formas de familia que non seguen o patrón da familia heterosexual. Por iso non entende esta deputada o seu recurso da Lei do matrimonio entre persoas do mesmo sexo perante o Tribunal Constitucional, nin a modificación por orde ministerial desta Lei de reprodución asistida, froito dunha dobre moral e dunha ambigüidade por parte do Partido Popular.

A secretaria xeral técnica da Consellaría de Saúde, dona Josefina Monteagudo Romero, á pregunta desta deputada na Comisión de Sanidade, amosa a vontade –a vontade– da Consellaría de ignorar as restricións que contén a orde ministerial para as mulleres lesbianas ou sen parella. E así llo aseguran tamén ás representantes do colectivo Nós Mesmas, ás que saúdo porque se atopan aí arriba –¿que tal, compañeiras?–, nunha recente entrevista, garantíndolles a prestación. Iso aquí na Galiza.

Por outra banda, Cristina Cifuentes, presidenta da Comunidade de Madrid, do Partido Popular, en declaracións ao xornal *El Mundo* o 7 deste mes anuncia que a Administración rexional dará entrada de xeito inmediato a todas as mulleres nos tratamentos públicos de reprodución asistida, con independencia da súa condición sexual e de se teñen ou non parella. Todas as mulleres –di Cristina Cifuentes– deben estar en igualdade de condicións, independentemente de se teñen parella ou se a mesma é do mesmo sexo ou hetero, e ter o mesmo dereito á reprodución asistida. E afirma a nova presidenta da Comunidade de Madrid que isto será de aplicación na Comunidade de Madrid a través da lexislación contra a discriminación sexual que o seu propio equipo está a preparar. E insiste no que supón que todas as mulleres, con independencia da súa situación, deberían estar incluídas na carteira de servizos para toda España como paso importante para acadar unha igualdade real en canto á non discriminación por orientación ou identidade sexual.

Con estas palabras estase a referir a señora Cifuentes á decisión do Ministerio de Sanidade de xullo do ano 2013 de

aprobar unha nova carteira básica do Sistema nacional de saúde na que o financiamento da reprodución asistida se ofrecía por motivos terapéuticos ou preventivos. O que deixa a aplicación do tratamento a criterios médicos que poden chegar a ser tan dispares que dentro dunha mesma comunidade algúns centros atenden as mulleres sen varón –palabras da ministra, non desta deputada–, e noutros non. A igualdade e a non discriminación están por riba da cerrazón de políticos e médicos que segundo os seus principios ideolóxicos, lexítimos pero individuais, nos queren impoñer un modelo único de familia, o modelo heteropatriarcal das relixións monoteístas.

O Ministerio de Sanidade debe arranxar de inmediato o desaguizado dunha orde ministerial que contravén unha lei, norma de maior rango. Mentres tanto as comunidades autónomas deben garantir a prestación do servizo a todas as mulleres sen importar a súa identidade, orientación sexual e estado civil, ou estarán contravindo a lei; como así o sentenciou a xuíza Ofelia Ruíz do Xulgado do Social Número 18 ante a denuncia realizada por unha parella de lesbianas dirixida contra o Hospital Jiménez Ruíz á Consejería de Sanidad da Comunidade de Madrid e ao Ministerio de Sanidade pola interrupción do tratamento que unha delas estaba a recibir con base na cuestionada e cuestionable orde ministerial. A xuíza considera vulnerado o dereito fundamental da parella a non ser discriminada pola súa orientación sexual, e estipula unha indemnización de 4.875 euros que o hospital recorrerá, pero non así o fará a Comunidade de Madrid, como manifestou a súa presidenta. Exculpa a sentenza o Ministerio de Sanidade porque o Xulgado do Social non pode derrogar unha orde ministerial.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: E basea a condena en que tanto a Comunidade como o hospital fan caso a unha orde que contravén unha lei.

As comunidades de Extremadura, Andalucía, Canarias, País Vasco, Cataluña e Asturias, a todas estas comunidades, acábase de sumar a Comunidade de Madrid e o País Valenciano, dando a benvida a todos os modelos de familia. Que a Consellería de Sanidade asegure que non se vai aplicar a orde ministerial non é o mesmo que o Parlamento se pronuncie ao respecto. Así que espero, señorías, que co seu voto

afirmativo a esta PNL sumen Galiza ás comunidades mencionadas.

Moitas grazas. Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Iglesias.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Grupo Socialista.

Ten a palabra a señora Gallego Calvar.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Benvida tamén, en nome do Grupo Parlamentario Socialista ás mozas de Nós Mesmas que nos acompañan no público.

Dende logo, dende o Grupo Parlamentario Socialista imos apoiar esta iniciativa do Grupo Mixto e para iso presentamos unha emenda de engádegas, para que, ademais de tratar de que, efectivamente, en Galicia deixemos de facerlle caso a esa orde ministerial e nos atañamos ao que di a lexislación estatal, poidamos garantir que se fai esta prestación no sistema público de saúde, que se faga esta prestación no sistema público de saúde sen listas de espera e, ademais de facela no sistema público de saúde sen listas de espera, que os criterios para admitir as mulleres que queren ter estas técnicas de reprodución asistida se fixen coa mesma franxa de idade, cando menos, que se fai na sanidade privada. Porque é certo que en Galicia se están levando a cabo estes sistemas de reprodución asistida, pero tamén é certo que as listas de espera en moitos casos fan que as mulleres que queren ser nais a través deste sistema de reprodución asistida, polo tempo que transcorre en listas de espera, ao mellor de máis de dous anos, chega un momento en que xa non é viable facer esa reprodución asistida; porque, como saben as súas señorías, a idade que está fixada neste caso en Galicia é de 40 anos. E, polo tanto, nós entendemos que é unha idade moi baixa tendo en conta o que cambiou o comportamento da sociedade, coa incorporación da muller ao mundo do traballo, cunha tardanza maior da incorporación da muller ao mundo do traballo e, polo tanto, coa decisión de ter fillos hoxe moito máis tardía do que o era hai anos.

Efectivamente, como dicía a señora Iglesias, hai unha orde ministerial que deriva dun acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde de xullo do ano 2013, pero esa orde ministerial contradí, efectivamente, a lexislación estatal. O que sucede é que, mentres esa orde ministerial estea vixente, pode haber médicos e médicas que se acoflan a ela e que neguen o tratamento ou a entrada no sistema para poder acceder a unha prestación de reprodución asistida a moitas mulleres. E sabemos que en Galicia na sanidade pública non está sucedendo, pero si é certo que algúns médicos de familia, médicos de cabeceira, que lles chamamos comunmente, si que teñen certa confusión –nós queremos pensar que é certa confusión, non queremos pensar que sexan motivos ideolóxicos–; e que nalgúns casos a mulleres soas, teñan a orientación sexual que teñan, lles están dicindo que non teñen dereito a esas técnicas de reprodución asistida. E ademais está sucedendo tamén que no novo hospital, que os socialistas dicimos sempre pequeno, privado, caro e absolutamente precario, de Vigo xa non é que haxa lista de espera, é que non hai nada; é dicir, as mulleres que alí acoden neste momento non saben a que aterse para poder acceder a estas técnicas de reprodución asistida.

Polo tanto, a emenda do Grupo Socialista engade á iniciativa da señora Iglesias a necesidade de eliminar as listas de espera no sistema público, a necesidade de que se incremente a idade de aceptación para asistir a técnicas de reprodución asistida a mulleres máis alá dos 40 anos, e tamén, evidentemente, a necesidade de que se aclare a norma e de que se cumpra a lei e non a orde ministerial, para evitar a confusión...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...ou a ideoloxía dalgúns médicos de cabeceira.

E só quero dicir algunha perla que no seu día aquela ministra de Sanidade –afortunadamente que hoxe xa non o é– dicía cando lle preguntaban por que quería excluír as mulleres soas ou as mulleres lesbianas da reprodución asistida. Contestaba daquela a señora Mato que “*la falta de varón no es un problema médico*”. Claro que, vindo dunha señora que cando lle preguntaban cal era o seu mellor momento do día contestaba: “*por la mañana cuando veo como visten a mis hijos*”, ¿que podemos esperar dunha persoa tan carca e tan reaccionaria?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Boas tardes, señoras deputadas e señores deputados.

En canto á iniciativa que acabamos de escoitar do Grupo Mixto e que ten por obxecto instar a Xunta de Galicia a garantir o acceso ás técnicas de reprodución asistida no Servizo Galego de Saúde a todas as mulleres sen discriminación, comprometéndose a ofrecer este servizo sanitario público ás mulleres sen parella ou sen parella varón que o soliciten, o primeiro que me gustaría antes de nada, señora Iglesias, é dicirlle que pode estar tranquila, que na nosa comunidade autónoma non existe nin existirá ningún tipo de discriminación na aplicación dos tratamentos de reprodución humana asistida ás mulleres galegas.

A Orde da que vostede fala na súa iniciativa, orde do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, di literalmente: *“Finalmente, la reproducción humana asistida se contempla en el apartado 5.3.8 del anexo III del Real Decreto 1.030/2006, de 15 de septiembre, para los casos en que haya un diagnóstico de esterilidad”* –que foi, en principio, a intención da reprodución asistida nos seus comezos– *“o una indicación clínica establecida, de acuerdo con los programas de cada servicio de salud y citando específicamente las técnicas que incluye”, así como también actualizar –muy importante dados los avances que se están sucediendo en este tema– “las técnicas de acuerdo a la evidencia científica disponible”*.

Modifícase, polo tanto, o anexo III do Real Decreto, como vostede ben dicía, no punto 5.3.8.1 falando de que os tratamentos de reprodución humana asistida terán a finalidade de axudar a lograr a xestación aquelas persoas con imposibilidade de conseguilo de forma natural, no susceptible aos tratamentos exclusivamente farmacolóxicos ou tras o fracaso dos mesmos; tamén se poderá recorrer a estes procedementos a fin de evitar, como vostede sabe, enfermidades ou tras-

tornos xenéticos graves na descendencia. E logo establece as condicións da prestación, os criterios de acceso aos tratamentos e os criterios específicos no caso de cada técnica.

Vostede dicía na súa intervención que na Comisión de Sanidade do día 21 a secretaria xeral da Consellería de Sanidade compareceu precisamente para responder a unha pregunta que vostede lle facía e eu creo que a súa resposta foi suficientemente clara, literalmente dixo: *“No Servizo Galego de Saúde séguese un protocolo onde en absoluto se exclúe nin se discrimina as mulleres ás que vostede fai referencia porque non teñan parella ou teñan parella do mesmo sexo”*.

En Galicia, señoría, nós non temos ese problema, teremos moitos outros, pero non temos ese problema porque dispoñemos da Guía técnica do proceso de reprodución humana asistida, que ten unha serie de normas e recomendacións para as unidades de reprodución humana asistida e para os profesionais que teñen que tomar decisións respecto deste tema. Esta guía xa leva moitos anos funcionando e sen ningún tipo de problema. Evidentemente, revísase porque, como lle dicía antes, se producen avances no coñecemento e no tratamento da infertilidade e tamén porque se incorporan novas técnicas nos procesos asistenciais de reprodución asistida.

Nesa guía, na que se está usando actualmente –que é a revisada no ano 2011, que continúa en vigor ata a próxima revisión–, no punto 6, por exemplo, fálase dos criterios xerais de inclusión –fálase da idade, da esterilidade, da enfermidade hereditaria ou xenética, como lle dicía–, así como tamén de criterios de exclusión, como pode ser, por exemplo, a existencia dunha contraindicación médica para o tratamento ou para a xestación.

Polo tanto, señoría, na nosa comunidade autónoma e no Servizo Galego de Saúde non se vai discriminar nunca e nunca se discriminou o acceso a estas prestacións de mulleres que, evidentemente, cumplan os criterios de inclusión referidos á idade, ás condicións de saúde, etc.

Por iso nós, dende o Grupo Popular, presentámoslle unha emenda, xa que nós nos atopamos en Galicia e nos preocupan as mulleres galegas e, independentemente de que teñan parella do mesmo sexo ou de que non teñan parella, non se van excluír nin discriminar no acceso ao tratamento de

reproducción humana asistida, polo que esperamos que acepten a nosa emenda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado. Perdón, a señora Adán. É que eu teño aquí señora Prado, pero será un erro meu.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta.

Boa tarde, deputadas, deputados.

Boa tarde tamén ás mulleres que nos acompañan para escoitar este debate.

Parabéns, dende logo, á deputada que presenta esta iniciativa a debater hoxe aquí para que quede claro o posicionamento do Parlamento galego ante o que claramente era unha discriminación clarísima e ademais por uns motivos ideolóxicos que están no fondo e que deberíamos debater e que, ademais, eu creo que é o bo de debater esta iniciativa, como xa foi lido dende esta tribuna, pero eu creo que é importante que volvamos facer.

O que se somete a debate é que se inste o Goberno galego, en concreto o Sergas, a que todas as mulleres teñan acceso ás técnicas de reprodución asistida sen discriminación, comprometéndose a ofrecer este servizo de acceso ás técnicas de reprodución asistida no servizo sanitario público a mulleres sen parella ou sen parella varón que o soliciten e que a actual lexislación estatal exclúe da carteira de servizos sanitarios.

Deputadas e deputados, a lei ampara estas mulleres, é clarísimo o amparo que dá a lei a estas mulleres –tanto as leis galegas vixentes como as leis estatais–. Como xa se fixo referencia, o dereito das mulleres a formar a súa propia familia recóllese dende 1988 e está claramente recollido nunha lei de reprodución asistida dende o 2006.

Polo tanto, nin entendemos antes nin entendemos agora que poida existir algún tipo de debate ou algún tipo de problema a este respecto. No seu momento xa criticamos dende o grupo parlamentar, dende o BNG, a situación que creou a ministra Ana Mato; incomprendible, aquí déronse algunhas das súas citas famosas que van pasar á historia realmente por

non comprender nada a respecto do que son os novos modelos de familia e o respecto ás liberdades e á igualdade, pero é que aínda a día de hoxe estea vixente esa orde ministerial a respecto da carteira de servizos básicos é inaudito e xa que cada Comunidade Autónoma teña que ir modificando e que...

Efectivamente, escoitamos na Comisión como había ese compromiso por parte da secretaria xeral, pero é importante que tamén deste pleno saia o compromiso con todos os votos dos deputados e deputadas, porque o que estaba detrás de toda aquela argumentación á que se nos someteu durante –creo recordar– o 2013 era se, efectivamente, as mulleres soas poden ou non formar unha familia, iso é o que existía de base en toda a argumentación.

Claro, eu creo que teremos claro que as mulleres soas, os homes sos, os homes acompañados e as mulleres acompañadas poden formar diferentes modelos de familia. E, xa digo, despois das leis que existen, despois de aprobar unha lei galega para a non discriminación e a igualdade de trato durante esta lexislatura, que teñamos que volver debater isto, xa digo, realmente segue parecéndome inaudito.

Parécenos unha iniciativa importante porque é importante que repitamos constantemente que a igualdade se consegue todos os días e que nestes aspectos é onde se camiña claramente cara á igualdade, cando poñemos un espello e mostramos e sometemos a debate se efectivamente cremos na igualdade ou se seguimos discriminando ben sexa as mulleres, case sempre máis as mulleres, por razón da súa orientación sexual.

A vixencia da propia orde ministerial e que poidan existir facultativos ou facultativas que poñan en dúbida que as mulleres soas ou as mulleres accedan ás técnicas de reprodución asistida xa é un problema porque é redundar nun estereotipo, porque é seguir poñendo sobre sospeita se o sistema sanitario público ten que custear...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...estas técnicas.

Nós témolo absolutamente claro, imos apoiar esta iniciativa e todas as iniciativas que afonden na igualdade de trato e nos

dereitos de todas as mulleres.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla Fernández.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

“Futuro escríbese con *F* de fillos”, de fillas non, parece, bueno, depende; depende da orientación sexual da futura nai ou depende de se quere ter parella ou non. Este é o slogan da campaña de demografía da Xunta do ano 2015.

Como xa se explicou aquí a finais de 2014, xa o debatemos nalgunha ocasión, o Goberno central volveu decidir polas mulleres, volveu afianzar as medidas –digamos– nas que se basea o sistema patriarcal, heteropatriarcal, e aprobou esa orde que xa se nomeou aquí, a 2065/2014, do 31 de outubro, que modifica precisamente o real decreto que establece a carteira de servizos comúns do sistema nacional de saúde e no que, como xa se indicou, limita a posibilidade de acceder aos tratamentos de reprodución asistida, ao limitala ao fin terapéutico e a un fin preventivo.

O límite do acceso fíxase na existencia, como xa se explicou, dun problema documentado de capacidade reprodutiva ou a ausencia dun embarazo tras, como mínimo, doce meses de relacións con coito vaginal. É dicir, quedan fóra todas as mulleres que non van ter doce meses de intentos durante relacións cun home e, polo tanto, as mulleres non heterosexuais con parella feminina ou aquelas que non teñan parella ou non queren tela e que si queren ser nais.

Ademais, como xa se dixo aquí, só ata os 40 anos para as mulleres e só se non teñen ningún outro fillo ou filla previo. Ademais, remárcao nas especificacións, nas características das inseminacións artificiais e das fecundacións in vitro. É dicir, o Estado volveu discriminar as mulleres que non queren ter relacións con homes, o Goberno volve pensar que pode legislar pasando por enriba dos dereitos das propias mulleres igual que o fixo cando tentou modificar o dereito ao aborto e, posteriormente, fíxoo para limitalo

nas menores que teñen problemas familiares. Claro, ¿como se nos ocorre ás mulleres decidir sobre nós mesmas, sobre os nosos corpos?

O Goberno está para garantir os dereitos a todas e todos os cidadáns sen discriminación, e esta medida do Goberno central non é só que se fundamente nos piares, digamos, heteronormativos senón que ademais é profundamente clasista, porque as mulleres que si teñen capacidade económica poden acudir a unha clínica privada. Non sei se as súas señorías saben o prezo dos tratamentos, xa non falo das consultas, pero as inseminacións artificiais teñen un prezo que ronda unha media de 700 euros, de aí cara a arriba, e que son moito máis elevadas –a partir dos 2.000 euros– se estamos falando de inseminacións con semente de doante e unha fecundación in vitro pode ter un custo duns 5.000 euros. Polo tanto, non só é unha medida lesbófoba, misóxina, senón que ademais é unha medida que discrimina as mulleres de clase traballadora.

Polo tanto, no caso do Goberno galego, se están tan preocupados polo tema demográfico, non só deben asegurar que todas as mulleres teñan acceso aos tratamentos de reprodución asistida senón que ademais, como xa indicaba a voceira do PSdeG, deben mellorar os propios servizos de reprodución asistida, formando novos profesionais para diminuír as listas de espera porque a verdade é que no caso das fecundacións in vitro son insoportables e hai mulleres que se xa veñen de anteriores tratamentos poden pasar anos e anos ata conseguir o embarazo.

Claro que por enriba da demografía, non sei se para o Goberno galego, pero para o Goberno central parece ser máis importante pasar por enriba dos dereitos das mulleres e legislar unha vez máis sobre os nosos corpos. Nós consideramos que este tipo de medidas, señorías, son medidas que tamén significan violencia contra as mulleres, son medidas profundamente retrógradas.

Entendemos que se o Goberno autonómico pretende asegurar este dereito non só sería positivo o compromiso que saía desta Cámara senón a propia reclamación ao Goberno central de que retire esa medida ou esa publicación desa medida...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora Solla Fernández: ...que é profundamente lesiva para as mulleres e que ademais, como xa se dixo aquí, deixa aberta a interpretación dalgúns profesionais sanitarios.

O ser humano é diversidade, e obriga dos gobernos é, polo tanto, garantir os dereitos para todas e todos sen ningún tipo de distinción.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora Presidenta: Moitas grazas, señora Solla.

Polo grupo parlamentario autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Iglesias.

Déanlle voz ao escano da señora Iglesias, por favor.

A señora Iglesias Sueiro: Grazas, presidenta.

E grazas a quen se posicionou claramente a favor desta PNL. Aos outros grupos non lles podo dar as grazas porque non sei o que van facer. De todos os xeitos, voume manifestar sobre as emendas. Acepto a emenda do PP porque non desvirtúa en absoluto o que pretende esta deputada: que a reprodución asistida sexa no Sergas, é dicir, na pública, a todas as mulleres, sen discriminación, comprometéndose a ofrecer este servizo sanitario público a mulleres sen parella ou sen parella varón que o soliciten. Ademais, consultei co colectivo, porque non son quen de tomar unha decisión por min mesma, e están de acordo.

A que si non vou aceptar é a emenda do Partido Socialista, do PSdeG, porque me parece que é obxecto doutra PNL e que entorpecería a aprobación, se é que se dá, desta que estamos a debater. Non é o tema das listas, hai listas de espera para o cancro, hai listas de espera na Seguridade Social inmensas, pero iso é obxecto doutra PNL, que se me dá tempo, polo constreñido que está o Grupo Mixto e as deputadas do Grupo Mixto, se me dá tempo de levalo a unha comisión ou de levalo ao Pleno, tamén tentarei facelo, pero non é motivo para esta cuestión que estamos a tratar.

Se se aproba esta iniciativa é un bo día para Galiza, para os dereitos en igualdade de todas e todos. É un día estupendo para felicitármolos, porque me parece que é un paso cara adiante nos dereitos cara á igualdade.

Grazas, máis nada.

A señora Presidenta: Grazas, señora Iglesias.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Yolanda Díaz Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia relativas aos datos incluídos na Memoria sobre a situación económica e social de Galicia do ano 2014, aprobada polo Consello Económico e Social de Galicia

A señora Presidenta: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Ten a palabra, señora Díaz, para formular a súa proposta.

A señora Díaz Pérez: Boas tardes.

Voltamos traer un tema que ten que ver xustamente co informe que se emitiu o pasado 6 de xuño por parte do CES. Trouxémolo na forma de interpelación e mesmo tamén na forma de moción, e, como ben saben, en parte tamén en varias das propostas de resolución que trouxemos a debate e aprobación no debate do estado da nación e que foi profundamente rexeitado por parte do grupo maioritario desta Cámara.

Convén ter diante das nosas mesas este informe porque, como xa dixen, serve de emenda á totalidade da xestión que está a facer o Goberno da Xunta de Galicia. E mesmo como estamos en tempada de debate orzamentario, e sobre todo en tempada de propaganda e publicidade por parte do Partido Popular, pois supoño que vai axudar para que vostedes acepten algunhas das emendas que dende a oposición teremos a ben incorporar neste debate.

Por recordar algunhas das cuestións, o informe do CES era profundamente contundente contra o Partido Popular e a súa xestión sinalando que as políticas que practica o Partido Popular están xerando e agravando unha fenda de desigualdade social abafante no noso país. Decía, por exemplo, cousas tan grosas como que as políticas de conciliación laboral e familiar das que vostedes presumen son absolutamente imposibles no noso país. Decía cousas tan grosas como que as persoas que están en situación de desemprego e son parados ou paradas de longa duración non teñen ningún tipo de

cobertura social, e mesmo afirmaba que hai no noso país nada máis e nada menos que 177.000 persoas que carecen de calquera tipo de recurso. Falaba este informe de cuestións administrativas das que vostedes presumen, e das que supoño que a señora Rodríguez voltará presumir nesta Cámara, do incremento orzamentario en materia da Risga. Pero nós xustamente nesta iniciativa o que queremos é que vostedes atendan as reclamacións que se están a facer no informe do CES respecto das cuestións que impiden de facto a atención ou a concesión da Risga para as miles de persoas que están en trámite dela, ou, por exemplo, que atendan as miles de persoas que están en lista de espera –hoxe, que tanto se falou de sanidade– para unha prestación de dependencia.

Por exemplo, no que atinxe á Risga estaría moi ben que vostedes atenderan as reclamacións que formula o informe do CES ou mesmo os informes técnicos que xa temos que avalían a propia Risga no noso país. Por exemplo, as críticas que se están a facer polos técnicos e técnicas no que atinxe a ese descontento na existencia dese novo informe social de inclusión ou mesmo a cantidade inxente de documentación que se está pedindo para a tramitación dunha risga que, como ben saben vostedes, mesmo foi endurecida no acceso das persoas que estaban nela.

Tamén hai cuestións que digamos que nos chaman a atención e que teñen que ser reparadas inmediatamente por parte da Xunta de Galicia. E é que os datos que temos respecto da cantidade de risgas que se desestiman por parte da Xunta de Galicia dá unha cantidade que é sorprendentemente alta, exactamente un 41,27 %, e mesmo eses novos perfís que están nos informes públicos de persoas, por exemplo, traballadores e traballadoras que están en condicións absolutamente precarias –do precariado, do que levamos falado longamente nesta lexislatura–, que xustamente por eses condicionamentos que vostedes incorporan nas normas impiden de facto acceder a esta Risga a pesar de que eses traballadores e traballadoras son radicalmente pobres; ou mesmo tamén esas persoas que, como dixen antes, son parados de longa duración e non teñen acceso á mesma, ou, por exemplo, os inmigrantes en situación irregular. Pero sobre todo, as cuestións que seguen sendo as mesmas respecto da Risga e que xa están recollidas no informe do Valedor do Pobo e que agora volven estar recollidas no informe do CES e que vostedes desatenden, que é o trámite longuíssimo e os retrasos longuísimos que temos na tramitación da Risga; e non

soamente é iso, senón tamén os incumprimentos que dende a Xunta de Galicia se están a facer co pagamento dos atrasos aos que teñen dereito as persoas que peticionan a Risga no caso, como saben vostedes, do artigo 35.7. É dicir, a norma o que di é que no momento en que esa persoa usuaria entrega a documentación ten dereito a percibir a Risga, e, sen embargo, ese dereito e eses recursos non están sendo atendidos nin moito menos sufragados por parte da Xunta de Galicia.

Supoño que vostedes van falar de que incrementan as contías da Risga. Non se trata de falar dos incrementos das contías da Risga, trátase de falar ou ver ou examinar se a Risga está sendo adecuadamente tratada ou non. E nós, cos informes que temos –e non porque inventemos os datos–, podemos dicir absolutamente que non. Por iso se trata de que muden as condicións que temos na prestación da mesma.

E tamén o mesmo diríamos respecto da Lei de dependencia. Non está o conselleiro novo nesta cuestión. Decía o conselleiro que coa nova prestación e os orzamentos novos vostedes van atender un total de 10.000 persoas dependentes máis. Voltamos recordarlle que tan só en grao 1 hai 15.000 persoas en listas de espera, tan só en grao 1; polo tanto, os seus orzamentos non van servir para paliar, digamos que as situacións de maior gravidade. Pero o que é peor: temos máis de 27.000 persoas que están esperando as prestacións públicas da Xunta de Galicia, ás que vostedes están abocando realmente a ir aos tribunais para poder acceder aos seus dereitos.

Temos tamén os informes públicos da Lei de dependencia de carácter estatal que son demoledores contra a Xunta de Galicia, demoledores no que atinxe xustamente á inaplicación deste dereito nun 41 % dos casos, informes públicos que non son nosos e que están na páxina web do Ministerio de Sanidade e Servizos Sociais; o 41 % de desatención, di este informe literalmente.

Temos os casos por distintas prestacións –informe público, insisto– que desmenten os datos que a Xunta de Galicia, de maneira propagandística, está a dar. No caso desa prestación consistente na teleasistencia, temos 309; na axuda a domicilio, 1.800; nos casos, como lles dixemos xa, de centros de día, tan só 306 prazas novas. No caso de prazas de residencias, vostedes falan aquí de 2.000 prazas. Mentira, mentira e

mentira. Informe público: 46 novas prazas. E tamén temos, segundo os informes públicos –que llos podo deixar á señora Rodríguez aquí, se quere, para que poida ver que non estamos mentindo–, pois, efectivamente, un diferencial negativo brutal en relación co gasto que dedica a Xunta de Galicia á prestación de dependencia en relación coa media estatal. O Estado está investindo 104,49 euros nesta prestación e Galicia 88 euros. Gustaríanos que, lonxe desas medidas propagandísticas que vostedes están a lanzar nos medios de comunicación, desde logo isto fose recollido nos orzamentos que empezaremos a discutir nestes días.

O informe, insisto, da dependencia é brutal no que atinxe a Galicia, e desde logo esta iniciativa o que pide é, en cumprimento dese informe do CES, que xustamente vostedes cambien o sistema que teñen. E, por suposto, non se trata só de dedicar máis cantidades de diñeiro, non, trátase de xestionar correctamente ou coordinar as prestacións que temos no noso país.

E mesmo tamén neste informe do CES, como saben vostedes, falaba contundentemente respecto da situación de pobreza infantil. Sería conveniente que de maneira concreta, eficaz e determinante este país, digamos que de maneira non vergoñenta, expoña xa cales van ser as súas planificacións para evitar eses nenos e nenas dos que vostedes non queren falar –mesmo o señor presidente da Xunta, aquilo de Cáritas que causou tanta polémica–, pois son reais e teñen dificultades en Galicia para facer tres comidas ao día.

E tamén respecto da situación que fala o CES, obviamente, nada máis e nada menos do que se trata con esta iniciativa é, seguindo ese informe do Consello Económico e Social, pois xustamente de accións que rescaten as persoas, non veñan coa matraca de que dedican oito de cada dez euros do orzamento ás políticas sociais, porque estes informes públicos que temos desmenten o que vostedes, de maneira reiterada, están indicando todos os días.

E remato cunha das súas medidas estrela, a medida estrela que xurdiu despois da chegada das mareas a modo de tsunami contra o Partido Popular. Pois, efectivamente, votedes lembráronse agora de que había que facer algo co bono alugueiro, o bono social alugueiro, ao que dedican un millón e medio de euros. Bueno, como xa lles dixemos, ese bono alugueiro, cos requisitos que vostedes están incorporando nesa

norma, non servirá absolutamente para nada, porque os requisitos que vostedes incorporan non están acomodados aos perfís das persoas...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...que hoxe son vítimas desa crise que é unha auténtica estafa e que non foi causada por esas persoas que non viviron por riba das súas posibilidades.

Polo tanto, eu espero que, como se trata dun informe público que non é revolucionario, que é o CES, o Partido Popular, grupo maioritario desta Cámara, vote a favor desta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Díaz.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Volvemos falar do informe do CES, un informe moi importante, un informe moi completo, que reflicte unha realidade que o Partido Popular intenta agochar a base de propaganda. Pero eu, aínda que a voceira de AGE acaba de dicir que espera que o Partido Popular vote a favor, creo que vai correr a mesma sorte que correu a moción e que correu calquera iniciativa presentada pola oposición que fora no camiño de aumentar a igualdade e mellorar a calidade de vida das clases populares galegas. Polo tanto, lamento que seguramente hoxe volvamos ver o mesmo espectáculo do Partido Popular votando en contra dun informe do CES, algo que debería avergoñar ao Partido Popular.

Porque entre os gravísimos problemas que recolle o CES e que temos tratado neste Parlamento varias veces, vén darnos a razón á oposición sobre a realidade social e económica do noso país. Di o CES e resalta no seu informe a perda de peso da poboación galega respecto do Estado, unha perda de peso que nos leva precisamente a que as políticas estatais prexudiquen sempre o noso país: o despoboamento do rural, cun 35,5 % da poboación concentrándose nas sete cidades, e baixando a poboación rural ata converterse nun deserto poboacional; un saldo demográfico negativo, que sitúa a idade

media de Galiza nos 45,7 anos, mentres que no Estado é de 41,8; unha poboación maior de 65 anos que no 2014 representaba o 24 %, fronte a un 13 % de menores de 16 anos; é dicir, reflicte un país sen futuro, porque un país sen mocidade e sen nenos é un país sen futuro.

A maior parte da poboación que se perdeu nestes anos sitúase entre os 15 e os 39 anos, precisamente esa poboación en idade de xerar futuro e en idade de ter fillos, o cal tamén incide nos baixos índices de natalidade do noso país.

Houbo perda de poboación activa, que descendeu un 1,3 % en 2014; e dese 1,3 %, o 80 % eran galegos e galegas, non eran inmigrantes. Dende o comezo da crise, a poboación activa reduciuse en 150.700 persoas en Galiza, e a poboación ocupada en 203.200 persoas. Descendeu moito máis a poboación ocupada, incluso co descenso da poboación activa, é dicir, ademais da emigración, temos un problema de falta de creación de emprego, e de destrución de emprego, importante.

Aumento das persoas en desemprego de longa duración –tamén o temos falado múltiples veces neste Parlamento–, destaca o CES que pasa do 14,8 % no 2008 ao 49,8 % no 2014. É dicir, a metade da poboación desempregada galega é desempregada de longa duración, e polo tanto sen prestacións. Eu non sei como vostedes son capaces de votar en contra de tomar medidas para reverter esta situación. Unha precariedade que se concentra fundamentalmente nas mulleres e na mocidade. Unha creación de emprego baseada na precariedade e na eventualidade, con baixos salarios e aumento dos contratos a tempo parcial non desexados.

Aumento das persoas desempregadas maiores de 45 anos, cuxo futuro laboral está moi negro, por non dicir que é inexistente. Un 92 % dos contratos asinados no 2014 foron temporais, e a maioría deles non chegaron a superar a semana de duración. Dende logo, é un gran éxito das políticas laborais.

Podíamos seguir, pero acábaseme o tempo. Aumento de accidentes laborais con resultado de morte e accidentes graves; a precariedade do sector lácteo; a escasa superficie útil agraria; a gravidade dos incendios forestais; a perda de 4 puntos no índice de produción industrial; a perda de competitividade... É dicir, o CES reflicte claramente cal é a situa-

ción do noso país, e polo tanto debería de ser tomado en conta. Creo que é a terceira ou a cuarta vez que se insiste neste Parlamento que se tome en conta o informe do CES, e como fai habitualmente o Partido Popular, nin o informe do CES nin os informes do Consello de Contas nin ningún informe que ao Partido Popular lle vaia mal para as súas políticas de desigualdade e de fomento da riqueza duns poucos para que se consolide a pobreza da gran maioría.

Nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Deputados e deputadas, esta iniciativa é moi semellante a unha proposición non de lei da AGE, debatida na Comisión 3ª o pasado 4 de setembro, e a unha moción do mesmo grupo debatida no anterior pleno. Por tanto, como fixemos naquelas ocasións, o Grupo Parlamentar do BNG vai votar a favor, e inevitablemente reiteraremos algúns dos argumentos xa expresados naqueles debates.

As conclusións da Memoria sobre a situación económica e social de Galiza aprobada polo CES son total e absolutamente demoledoras. Fala da febleza en Galiza da presunta recuperación económica. De feito, en 2014 a economía galega foi a que menos medrou no conxunto do Estado, acentuándose a fenda entre Galiza e o Estado español, e os datos que coñecemos de 2015 corroboran esta tendencia.

O CES alerta tamén de como se acentuou a fenda salarial, como salientamos no debate do estado da Nación. Así, o CES sinala que a clase traballadora galega é xa a cuarta peor pagada do Estado; un dato que debería de ter en conta o Goberno galego antes de lanzar as campás ao voo polo descenso do paro rexistrado, porque o pouco traballo que se está a crear é traballo precario, que fai que ter un posto de traballo xa non exima de estar en risco de exclusión. Algo, por certo, señores do Partido Popular, que corrobora a EPA do terceiro trimestre, pese ao triunfalismo do Goberno galego.

A saúde do mercado de traballo dun país non se pode medir só en termos de paro rexistrado, este dato hai que poñelo sempre en relación coa taxa de actividade e de ocupación. Segundo a EPA, a taxa de actividade en Galiza é só dun 53,5 %. Na comparativa interanual, a poboación activa caeu en Galicia nun 14 %, a cuarta maior caída no conxunto do Estado. E mentres en España a taxa de ocupación é do 46,9 %, incrementándose nun 1,46 %, en Galiza é só do 44,1 %, e o incremento foi inferior á media estatal.

Ademais, a EPA confirma que o descenso do paro rexistrado en Galiza é froito, fundamentalmente, da precariedade. A respecto do trimestre anterior, os contratos indefinidos subiron só un 0,2 %, mentres os contratos temporais subiron un 13,8 %. E na comparativa interanual, os contratos indefinidos baixaron un 0,7 %, mentres que os contratos temporais subiron un 15,7 %.

O CES alerta tamén de que persisten os atrancos para que empresas e autónomos accedan ao financiamento, e non é de estrañar, pois dende 2009 Galiza foi a comunidade onde máis retrocedeu a concesión de crédito. O crédito per cápita en Galiza representa xa só a metade do crédito que se concede no Estado. E como temos denunciado, case 14.000 millóns de euros do noso aforro emigran para fornecer de crédito outros territorios.

A memoria do CES alerta do impacto na industria dos custos enerxéticos, e iso nun país excedentario na produción eléctrica, pero que non pode aproveitar esa vantaxe comparativa por mor da política tarifaria ditada polo Goberno central.

No social, o CES alerta do incremento brutal das desigualdades. Chama a atención sobre os atrasos e as dificultades de acceso á Risa e ás axudas de emerxencia social, ou sobre as listas de espera que sofren as persoas dependentes con dereito a unha prestación. Por iso o CES reclama, entre outras medidas, máis atención orzamentaria en sanidade, educación, protección e promoción social; medidas para erradicar a pobreza infantil ou atender as persoas con doenzas mentais; medidas tamén para asegurar a cobertura social e a reinserción laboral dos parados de longa duración que non reciben ningunha prestación.

Como xa manifestamos, en definitiva, nos anteriores debates, en moitos aspectos a memoria do CES representa unha

auténtica emenda á totalidade ás políticas do Goberno da Xunta, por iso coincidimos co grupo propoñente na necesidade de que Xunta presente un plan de actuación para cumprir o conxunto das consideracións contidas na memoria do CES.

Por esta razón, imos votar favorablemente esta proposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Jorquera.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde de novo, señoras deputadas e señores deputados.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista tamén imos apoiar esta iniciativa que nos presentou a señora Díaz, porque o que di o Consello Económico e Social é máis ou menos o que viñemos a dicir aquí os portavoces dos grupos da oposición no recente debate do estado da Autonomía. É dicir, que dende que o señor Feijóo goberna en Galicia hai menos persoas con emprego; hai menos persoas traballando. Hai menos persoas; é dicir, Galicia perdeu poboación. Hai máis pobreza; a pobreza severa incrementouse en máis de 2 puntos, e se tomamos como referencia os últimos tres anos, en máis de 3 puntos. Temos arredor de 645.000 persoas en risco de pobreza ou exclusión social. E todas as medidas de carácter social que tomou o Goberno Feijóo o que fixeron foi afondar nesa pobreza e nesa desigualdade.

Se empezamos por falar das medidas adoptadas polo Goberno central aplaudidas polo Goberno Feijóo en materia de desregularización laboral, de recorte das prestacións por desemprego, de rebaixa nos tempos e nas contías das prestacións por desemprego. Se seguimos falando de que renda de inclusión social de Galicia apenas cobre o 30 % das persoas que non teñen ningún ingreso. Ou se seguimos falando do Plan Prepara, que criticaba o Goberno do Partido Popular, e cando quixeron poñer en marcha un remedo do Plan Prepara, recortaron máis as prestacións.

Se a iso lle sumamos os novos copagos introducidos en materia farmacéutica; ou o incremento nos prezos das matrículas das escolas infantís, cuxa referencia dende o ano 2002 viña sendo o salario mínimo interprofesional e a partir do Goberno Feijóo é o IPREM, que é a metade do salario mínimo interprofesional. E se despois diso sumamos que os copagos en materia de servizos sociais se incrementaron dende que Goberna o señor Feijóo nun 40 %, e que a día de hoxe moitas persoas que queren acceder ás prestacións por dependencia teñen dificultades porque se endureceron as condicións de acceso, se burocratizaron e se incrementaron nun 40 % os copagos, de maneira que moitas familias teñen que optar por sacar dos centros de día ou das residencias a esas persoas porque non son capaces de facer fronte aos copagos. Ou o endurecemento das condicións de acceso dos requisitos para a renda de inclusión social de Galicia, que a pesar de ter unha lei que di que en 3 meses hai que responder, hai unha lista de espera de 7 ou 8 meses. E se ademais de ter unha lista de espera insoportable, moitas persoas que antes accedían a esa Risga hoxe non poden facelo, e, como dicía antes, só accede o 30 % das persoas, pois ao final o retrato que temos é que case 7 anos despois de que o señor Feijóo iniciara o seu goberno en Galicia, Galicia é máis pobre, máis pequena, máis desigual; as condicións das persoas que teñen traballo son moito máis precarias, cunha taxa de temporalidade do 93 % segundo os datos da enquisa de poboación activa, ou mesmo dos datos de paro rexistrado, e ningunha das medidas que se están adoptando por parte do Goberno galego van ao fondo do problema. Todo o contrario.

O que se está facendo por parte do Goberno galego é lexislando para que o que eran antes dereitos que garantían ese Estado do benestar que facía que cando había dificultades as familias tiveran un colchón para evitar caer en pobreza, hoxe son recortes de dereitos, e substitúense os dereitos por prestacións máis semellantes ao que viña sendo en tempos a beneficencia ou a caridade.

Así que o que di o Consello Económico e Social non é nin máis nin menos que ratificar o que vimos denunciando aquí, de xeito sistemático, os portavoces da oposición, e nomeadamente os portavoces do Grupo Parlamentario Socialista. E para facerlle fronte a esta situación de máis paro, máis pobreza, máis desigualdade, máis precariedade laboral; unha Galiza máis empequenecida e con graves problemas demográficos porque estamos expulsando de Galicia as xeracións

de mozos e mozas que poderían incrementar as taxas de natalidade, pois o resultado é este. E se os orzamentos do ano 2016 –como estamos estudando estes días– afondan aínda máis nesa situación e non remedian de verdade, non van de verdade, ao fondo do problema, que é erradicar a desigualdade, evidentemente, señora Díaz, eu non teño moita esperanza de que os señores do Grupo Popular vaian apoiar esta iniciativa.

Vaia por diante que o Grupo Parlamentario Socialista dende logo que si.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Gallego.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente. Boa tarde a todos e a todas.

Efectivamente, señora Díaz, non é a primeira vez que debatemos neste Parlamento unha iniciativa presentada polo seu grupo relativa á memoria económica do CES sobre a situación económica e social na nosa comunidade no ano 2014. Recórdolle que vostede presentou unha interpelación no Pleno do 15 de setembro, onde interpelou á conselleira, daquela de Traballo e Benestar, sobre diversas cuestións. Concretamente, sobre 23 cuestións relacionadas coa educación, a sanidade, a demografía, o emprego, o sector industrial, o sector primario, a pobreza infantil, a dependencia, a Risga e a emerxencia social, entre outras cuestións.

Despois desa interpelación, presentaron a correspondente moción, que se debateu o 29 de setembro en Pleno, onde vostedes solicitaban á Xunta de Galicia que puxera en marcha un programa de emerxencia social con cinco medidas moi concretas: protección social para as persoas en situación de desemprego, extensión da Risga e das axudas de inclusión social, iniciativas para erradicar a pobreza infantil, un plan para a dependencia e unha rede de centros para as persoas con doenzas mentais. Ben, pois hoxe vostedes presentan outra iniciativa distinta, unha proposición non de lei, cunha exposición de motivos –algo que nos parece lóxico– idéntica á exposición de motivos da interpelación, pero o

que nos chama a atención é que vostedes agora non piden un plan específico con medidas concretas, vostedes agora deixan un acordo solicitando que a Xunta presente un plan de actuación.

Efectivamente, nós temos estudado o Informe do CES –como o teñen estudado vostedes–, o que pasa é que veñen aquí destacar determinadas cuestións e non queren destacar outras. Non queren destacar que hoxe estamos mellor que hai un ano; non queren destacar que hai distintos indicadores económicos que sitúan a Galicia nunha situación moito mellor que no ano 2014. Póñolle por exemplo o Informe da Funcas, que sitúa a Galicia entre as catro comunidades autónomas que máis crecerán este ano, coa aceleración dalgúns indicadores que permitiu revisar á alza as previsións de crecemento para o 2015 en catro décimas. Fálolle tamén do Informe da Rede Europea de Loita Contra a Pobreza e a Exclusión Social; segundo o cal en 2014 a taxa de risco de pobreza en Galicia era do 15,4 % –a terceira comunidade autónoma coa taxa de pobreza máis baixa–; e Galicia foi a única comunidade autónoma onde a renda media por persoa creceu nos anos da crise.

Polo tanto, cando din aquí que non atendemos as recomendacións dos informes do CES, non é certo. A Xunta de Galicia atende as recomendacións do Informe do CES, xa llo explicamos nas anteriores iniciativas que vostedes presentaron. ¿Con que fin? Pois co que pide o Consello Económico e Social: que a recuperación chegue aos fogares, que a recuperación chegue ás familias. Por iso xa lle explicamos que a Xunta puxo en marcha o Plan social contra a desigualdade económica, que está dotado con 20 millóns de euros. Un plan no que, entre as súas medidas para loitar contra a desigualdade en Galicia, hai medidas na área de sanidade, con bonificacións de medicamentos ou con material de apoio á mobilidade; hai medidas para loitar contra a desigualdade en materia de vivenda e desafiuzamentos; hai medidas en materia de educación; hai medidas en materia de axudas eléctricas para evitar cortes de luz por impago.

Por iso, señora Díaz, para nós está claro que o compromiso se demostra en cifras, vostede acabao de dicir, pero aínda non acabamos de debater e de analizar os orzamentos da Consellería de Política Social para o ano 2016, aínda non o coñecían vostedes, e xa o estaban criticando. Entón, cando fala de propaganda e publicidade, a min gustárame

falarlle de que o compromiso se demostra en cifras; demóstrase con máis de 521 millóns de euros con esa Estratexia de inclusión social; demóstrase cos máis de 53 millóns de euros destinados á Risga; demóstrase coa contratación de persoas perceptoras da Risga, ao que se destinan 10 millóns de euros; demóstrase duplicando o orzamento da dependencia; demóstrase loitando contra a pobreza infantil, co Plan nacional de inclusión social dotado con máis de 136.000 millóns de euros; demóstrase cun fondo extraordinario de 17 millóns de euros para loitar contra a pobreza infantil; e demóstrase nos orzamentos do ano 2016, onde os cidadáns teñen que pagar menos impostos e van contar con máis orzamentos para as persoas, *(Aplausos.)* máis orzamentos para axudar a aquelas persoas que máis o necesitan. *(Aplausos.)*

Polo tanto, nós non imos votar a favor ou en contra do Informe do CES, nós o que imos é votar en contra dunha proposta súa que realmente non sabemos que propoñen, porque o que din é que a Xunta de Galicia presente un plan para poñer en marcha as recomendacións do CES. Polo tanto, señora Díaz, ten vostede que entender que a situación non é a mesma, e convida a estudar polo miúdo os orzamentos do ano 2016.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Rodríguez Arias.

Réplica do grupo autor da proposición non de lei. Señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Si, señora Rodríguez, a verdade é que vostede é capaz de defender calquera cousa. Efectivamente, nós imos estudar os orzamentos da Xunta de Galicia con moitísima atención, pero xa os temos, señora Rodríguez, e mire, unha das recomendacións que lle fai o CES para cambiar, para mudar a estrutura produtiva deste país, por exemplo, é incrementar as porcentaxes que dedican vostedes ás mesmas neste exercicio orzamentario –o 0,86 %– ao I+D+i. O CES está alertando nun parágrafo –pode lelo– de que para cambiar e mellorar a estrutura produtiva, laboral e social

deste país necesitamos investigación; isto de que sobran investigadores en España, señora Rodríguez. Pois fíxese, a ver se vostede é capaz de conseguir que o conselleiro de Facenda ausente modifique esta parte concreta dos orzamentos da Xunta de Galicia.

Pero mire, señora Rodríguez, teñen un problema, e o problema é esta gráfica do Informe do Ministerio de Sanidade sobre o que vostedes dedican á dependencia e o que dedica o Estado; este é o problema que teñen. Déixese de dicirnos aquí mil veces máis que van incrementar os requisitos ou os recursos económicos da dependencia ou da Risga, porque, por moito que o incrementen, temos datos dabondo. A min gustárame que me dixera vostede: ¿está de acordo vostede en adxudicar provisionalmente a Risga?, ¿si ou non, señora Rodríguez? ¿Está de acordo en eliminar as trabas burocráticas na Risga?, ¿si ou non? ¿Que van facer cos dependentes que están á espera, señora Rodríguez?, ¿van deixalos como os teñen, 27.000 persoas?, ¿si ou non? ¿Desmente vostede eses datos do Ministerio de Sanidade? Eran 46 prazas o ano pasado, señora Rodríguez, Estes son os datos reais, dío o Ministerio de Sanidade non o di a Alternativa Galega de Esquerda: 46 prazas, 309 en centros de día, señora Rodríguez. Vostedes falan de 2.000 que non aparecen en ningunha parte.

E mire, señora Rodríguez, teñen un problema de relato. Eu voulle ler unha parte dos orzamentos deste ano da Xunta de Galicia. Aclárense, ou hai recuperación económica –que é mentira–, e aínda vostede deixounos sen contestar por que Galicia está crescendo ao 1,8 mentres que o Estado español o está facendo ao 3,8. Non foi quen de contestarnos. Non é capaz de dicirnos por que imos moito peor en situación de desemprego que as medidas estatais, señora Rodríguez. Por tanto, pode estar vostede dando voltas mil veces ao que queira, que está, dende logo, desmentindo con datos reais a realidade do nos país.

E mire o que di o conselleiro de Facenda na parte que atinxe á materia social: “Existe unha situación persistente de crise económica que eleva a porcentaxe de poboación galega con carencia de recursos económicos”. Señora Rodríguez, aclárense. Ou a recuperación está chegando aos fogares do noso país, ou, como di esta memoria –que non o estou inventando– na parte social deste ano, dende logo a crise persiste, señora Rodríguez. E se persiste, vostede, dende

logo, por ética debería votar e premer o botón de si a esta iniciativa. Dándolle marxe, señora Rodríguez, porque pode vostede coller algunha das partes que recomenda o propio CES, algunha das partes. Quizais interlocucionar na parte do crecemento económico é complexo. Pero na parte da Risga e na parte da dependencia estamos seguras de que si é posible facelo se vostedes queren. E como vai votar que non, nós encargáronos de...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...dicirlle á sociedade galega...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...que vostedes están en contra das mesmas.

E tamén imos volver presentar esta iniciativa a modo de interpelación para que o actual conselleiro –este da estafa da auga de Ferrol–...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...o conselleiro actual da estafa da auga de Ferrol, volva contestar a esta iniciativa. (*Murmuros.*) Si, señor Tellado, a estafa da auga de Ferrol.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

A señora DÍAZ PÉREZ: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Díaz.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo e dous deputados/as máis, sobre o inicio dunha campaña de concienciación contra a violencia de xénero dirixida ao medio rural

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: unha do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, e outra do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir un novo punto na parte resolutiva co texto que segue a continuación:

“4. A través do Consello Galego das Mulleres propoña a elaboración dun estudo sobre a incidencia da violencia de xénero nos concellos de ámbito rural.”)

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, a través do seu voceiro, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadiranse os seguintes puntos:

“4.-Que organice en colaboración cos e coas profesionais sanitarios, da educación, dos corpos e forzas de seguridade e dos axentes xudiciais formación obrigatoria neste eido, computable coma formación continua.

5.-Que avalíe anualmente, facéndoo coincidir co informe de aplicación da Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, o resultado das anteriores medidas adoptadas.”)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra a señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señorías, o Grupo Parlamentar Socialista quere falar unha vez máis da violencia machista, das vítimas do machismo, tamén das vítimas do machismo institucional: desas mariscadoras de Noia e desa muller valente que se atreve co baltarismo ourensán; desas catro mulleres asasinadas en Espa-

ña nos últimos catro días e desas corenta no que vai de ano; das oito galegas mortas, sete aquí, asasinadas en Galicia, e delas, dúas menores; e invitar a todos e a todas vostedes a que o día 7 de novembro nos acompañen a Madrid, para alí, en Madrid, gritar todos e todas xuntas que ¡basta xa!, que ¡nin unha menos! Que nos acompañen a dicirlle non, alto e claro, a todas as persoas, e, por suposto, a todos os gobernos que miran para outro lado mentres nos matan.

O día 15 de outubro celebrouse un ano máis o Día Internacional da Muller Rural. E un ano máis denunciouse a dobre invisibilidade que sofren esas mulleres: invisibles por ser mulleres e invisibles por ser do rural. Invisibles a pesar de ser máis do 50 % da poboación mundial. Invisibles a pesar de que en España 6 millóns de mulleres, coas súas familias, viven no rural. E invisible tamén o rural, que en Galicia supón o 83 % do noso territorio. Invisibles as mulleres do rural no traballo, como o demostra o feito de que, de cada 10 mulleres que traballan máis de 45 horas á semana nunha explotación agraria, só 3, señorías, cotizan á Seguridade Social. Ou, dito doutro modo, de cada 10 mulleres que traballan, 7 non cotizan, 7 non existen, e mañá non terán dereito a unha pensión. E iso a pesar de contar coa Lei 35/2011, de titularidade compartida das explotacións agrarias, que, por certo, o Partido Popular non está potenciando, como o demostra o feito de que en Galicia só 13 mulleres cada ano solicitan esa titularidade compartida.

Pero se as mulleres do rural non son visibles para o traballo, tampouco o son como vítimas da violencia de xénero; o malo, señorías, é que, visibles ou non, a esas mulleres tamén as matan. Hai quen pensa que o machismo está especialmente presente nese medio, por ser un medio máis conservador ou por estar máis exposto aos costumes e tradicións máis rancias. Eu non estou en disposición de aseguralo pero, sen dúbida, a maneira de vivir do noso rural pode estar influíndo negativamente na violencia de xénero. No rural as persoas viven moito máis próximas, conectadas familiarmente, á vez que máis illadas, o que sen dúbida favorece a ocultación desa violencia. Ademais, a muller do rural, xeralmente, é menos independente e está moito máis controlada e influenciada polo entorno, sexa este amigo ou hostil.

Na Comisión de estudo que sobre a violencia de xénero se está desenrolando nesta Cámara tivemos a oportunidade de escoitar a testemuña, entre outras, da señora Rosa Arcos,

representante de Fademur, que con gran acerto e claridade nos informou sobre as peculiaridades da violencia de xénero nese entorno, das súas carencias e das necesidades máis primordiais. Segundo a señora Arcos —e leo textualmente—: “No rural ao mellor non se dan máis condicións para a violencia de xénero, pero o que si parece claro é que se dan condicións distintas. E lamentablemente esas diferenzas, señorías, non se están tendo en conta nas medidas para combatela, e por iso as mulleres e os homes do rural nin sequera se identifican coas campañas de prevención da violencia, posto que non se recoñecen nelas.

Ademais, se para unha muller urbana resulta difícil dar o paso de denunciar, para unha muller do rural case é imposible. Vive rodeada da familia do maltratador, e ademais para denunciar ten que desprazarse lonxe, cando no rural a muller dificilmente se move soa.

Por outra parte, os recursos contra a violencia de xénero tamén son moito máis escasos neste medio e están moito máis lonxe. Por poñer un exemplo, señorías, en toda a zona do Courel non se dispón de CIM. ¿Imaxínanse, señorías, o difícil e o complicado que pode resultar para unha muller, por exemplo, das Nogais ou de Folgoso chegar ao CIM de Lugo para pedir consello, para pedir axuda? Sen esquecer que naqueles recursos que teñen máis próximos non sempre atopan nin a formación nin a sensibilidade necesaria para abordar estes temas. Está claro que a resposta ante unha denuncia non vai ser a mesma para unha muller que viva ao lado do Xulgado de violencia de xénero que para unha muller que viva e se acerque a calquera medio, cuartel da Garda civil ou calquera outro, na montaña de Ourense ou de Lugo. Aínda que, señorías —e isto quero recalcarlo—, nos dous lados sempre haberá alguén que cuestione a súa testemuña.

Ademais, a muller do rural ten outro problema tamén moi grave, pois unha vez que fai a denuncia, ¿onde vai, señorías? ¿Onde vai? O desarraigo nestes casos é total, pois coa denuncia perde a familia, perde a casa, como todas elas, pero é que tamén a muller do rural perde o traballo, perde a empresa, perde a aldea, perde o pobo e a vida enteira.

Pero non todo é malo neste medio, pois no rural tamén hai outros recursos que se poderían aproveitar para esta loita. Hai un tecido asociativo propio, de maneira que unha muller

maltratada no Courel pode encontrar máis facilmente axuda nunha oficina, por exemplo, dun sindicato agrario ou dunha asociación de mulleres rurais que no cuartel da Garda civil ou no CIM de Lugo. Pero para iso, señorías, nesa asociación, nesa oficina sindical, teñen que ter os recursos e a información adecuada para darlle resposta.

Por outra parte, está claro que debemos mellorar o seguimento estatístico da violencia de xénero tamén nese ámbito. Si se menciona a localidade da vítima cando a muller é asasinada, pero habitualmente non se ten en conta a procedencia, medio rural ou medio urbano, cando falamos de denuncias.

Por todo isto, os socialistas presentamos hoxe esta proposición non de lei, na que solicitamos tres cousas. Tres cousas que consideramos poden axudar a visibilizar as vítimas e a singularizar a violencia de xénero no rural. Cousas que, por certo, se plasmaron na Comisión de estudo e que consideramos que non teñen por qué esperar á elaboración do ditame, pois se trata de cousas básicas, de cousas imprescindibles, para poder coñecer e para poder cuantificar o problema da violencia no rural galego.

Unha das cousas solicitadas é precisamente isto último, que na elaboración das estatísticas sobre violencia se teña en conta se os feitos se producen no medio rural ou urbano, pero tanto nas mortes como nas denuncias.

Unha segunda cousa que solicitamos é que se aproveiten todos os recursos cos que conta ese medio, coordinándoos, para así poder utilízalos contra o maior problema que ten a nosa sociedade: a violencia de xénero.

E por último, señorías, pedimos realizar campañas propias de concienciación contra a violencia de xénero, dirixidas ao medio rural, para que así todas as mulleres e todos os homes que vivan alí se sintan identificados nelas.

Esperamos contar co apoio de todos os grupos ante estas solicitudes tan necesarias. De momento, máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Acuña.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Voulles describir unha situación. Home asasina muller. Algúns, ou moitos medios, din que mataron unha muller. Todas e todos nos lamentamos moito. Gardamos un minuto de silencio, como esta mañá, pasa un día máis, e xa ninguén se acorda do asasinato desa muller. Penso que lles soa a todos e a todas.

Logo vén o debate do estado da Nación, o debate dos orzamentos ou calquera outro debate importante, e recórtanse os medios da Xustiza; recórtanse as partidas adicadas á prevención; recórtase e atácase o sistema educativo, o modelo educativo; apróbanse leis que expulsan as mulleres do mercado laboral; apróbanse leis que devolven as mulleres ao coidado dos dependentes, das nenas, dos nenos, dos maiores. Pasan os días, home asasina muller. Algúns medios din que a mataron. Todas e todos o lamentamos moito, gardamos un minuto de silencio e así sucesivamente.

Vivimos no día da marmota en canto á violencia de xénero. Fálase de transversalidade sen aplicala en ningunha consellería; recórtanse os dereitos sociais, os servizos públicos e os medios que teñen as mulleres para abandonar a situación de violencia; refórmase de xeito regresivo a educación pública, e logo pregúntanse por que se perpetúa a violencia de xénero.

Dende o inicio da Comisión de Igualdade, que estuda precisamente a situación de violencia de xénero no noso país –como xa se dixo aquí–, houbo múltiples comparecencias denunciando incumprimento das leis de violencia de xénero, a ausencia de medios, a descoordinación, a ausencia de formación. Téñense denunciado situacións extremas, reais, por mulleres que sufriron violencia de xénero, e nin unha soa medida se tomou por parte do Goberno galego. Todo o contrario, neste tempo, desde que se iniciou a Comisión, votaron en contra da coeducación; votaron en contra de ter en conta –valla a redundancia– o termo feminicidio e o que isto implica; votaron en contra de tomar medidas concretas, caso do debate do estado da Nación; votaron en contra de investigar o asasinato dunha muller no hospital de Ourense, etc. Pero logo láméntanse moito e botan as mans á cabeza. Está

claro que non imos rematar coa violencia de xénero nunha lexislatura nin en dúas nin en tres, pero a obriga do Goberno é loitar contra ela con medidas sociais, políticas e económicas.

O medio rural é –como se dixo aquí e como estamos a ver na Comisión de Igualdade– o maior esquecido, onde máis afecta, precisamente, a falla de recursos e de servizos públicos. Onde afecta, por exemplo –xa se mencionou–, a falla dun transporte público ou a dificultade que poden ter algunhas mulleres para chegar a un punto onde poidan denunciar o agresor, ou mesmo a dificultade de poder moverse e de poder abandonar a vivenda do agresor. Onde non chegan esas axudas á vivenda, que agora xa nin hai, pero que nin sequera chegaban antes. Onde moitas mulleres nin sequera poden permitirse denunciar porque –como xa se dixo– o seu testimonio é posto en cuestión moitas veces pola persoa –das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado ou pola Garda civil– que a vai atender, ou porque a situación social, na que todos os veciños e veciñas se coñecen, non lle permite á muller que non ten medios ir denunciar porque despois non vai ter de que vivir e ademais vaille crear unha problemática engadida.

¿Que acceso teñen á Xustiza as mulleres que viven no rural se en moitos xulgados se están a acumular os expedientes, se o Partido Popular unha vez máis, no debate do estado da Nación, hai só dúas semanas, votou en contra dunha resolución que pedía dar medios á Xustiza para resolver os expedientes e crear xulgados de violencia de xénero?

¿Que formación teñen os axentes xudiciais? ¿Que formación teñen as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado? ¿Que formación teñen os profesionais e as profesionais sanitarias que teñen que atender e detectar posibles casos de violencia de xénero?

En violencia de xénero son innumerables as medidas que se poderían tomar para previla e para loitar contra ela. Dado que esta iniciativa fala en concreto –ímola apoiar, por certo– dunha campaña de concienciación contra a violencia de xénero no rural, plantexamos unha emenda de adición con dous puntos, na que se engade, precisamente, a solicitude de que a Xunta organice a formación dos profesionais e das profesionais públicos que poden atender a posibles vítimas; formación obrigatoria, porque a cuestión da igualdade non

pode ser optativa; que, evidentemente, ten que computar como formación continua para que non vaia en contra dos dereitos laborais do persoal público; e que se avalíen anualmente as medidas para saber se teñen utilidade real, porque iso non se fai, tráese un informe sen avaliación.

A violencia de xénero –remato xa– combátese con medidas reais, económicas, sociais e políticas, e non con minutos de silencio e con laciños morados e logo practicando ou modificando e legislando contra os dereitos das mulleres. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Hoxe é outro día de loito en Galicia pola morte dunha galega, pero todos os días deben de ser igual de importantes na loita para evitar a violencia de xénero; unha loita coa que non podemos baixar a garda e pola que temos que seguir traballando cada día en todos os ámbitos. Dende o Goberno e dende os grupos parlamentarios sen excepción, os que apoiamos o Goberno e tamén os que están na oposición; dende os concellos, dende a educación, dende a sanidade, dende a xustiza, dende os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, porque só dende a unidade podemos facer fronte a esta lacra.

Saben vostedes, señorías, que sempre son partidaria de chegar a acordos no ámbito da igualdade e de non utilizar as vítimas como arma arrojadiza política. Hai que mandar unha mensaxe á sociedade clara; que os violentos interpreten que non hai fisuras na loita contra a violencia de xénero; que saiban que non atoparán cobixo en ningures; que cada proposta está pensada para sumar e para loitar contra eles e non para desgastar politicamente o adversario.

Hoxe debatemos unha iniciativa, unha batería de iniciativas, para actuar no ámbito da violencia de xénero no rural. Como ben saben, este é un ámbito que quedou excluído na Lei orgánica 1/2004, de violencia de xénero, pero non así da

nosa Lei integral de violencia de xénero galega do ano 2007, tanto no artigo 4 como no artigo 6, que inclúe especificamente as actuacións no ámbito do rural para as mulleres, e nese sentido a Xunta de Galicia saben vostedes perfectamente que cumpre con estes dous artigos, tanto coas campañas de sensibilización que se levan a todos os concellos galegos, cun orzamento para 2016 de 200.000 euros, e tamén para as entidades de iniciativa social, cun orzamento de 1.777.500 euros.

En relación co punto 2 da proposición non de lei, piden vostedes que nos datos e estatísticas que analizan os casos de violencia de xénero se contabilicen os acaecidos no medio rural. E dicía a señora Acuña que no medio rural non se daban estas cifras ou que as cifras eran superiores ao urbano. Como ben sabe, señora Acuña, nas memorias anuais dos centros de información á muller si que se fai a estatística por consultas no medio rural e no urbano. Pero nós estamos de acordo con que aínda se visibilice máis esta estatística, por iso estamos tamén de acordo con este punto.

En canto ao esforzo da Xunta de Galicia en dotación de recursos e servizos para a prevención, a atención e o tratamento das vítimas, tamén temos que recoñecer o esforzo que está facendo a Xunta no peor contexto económico, onde, lonxe de reducir o orzamento para a igualdade e tratamento da violencia de xénero, incrementouse. Así, por exemplo, nas subvencións para a convocatoria da promoción da igualdade neste ano supuxo un aumento de 1.219.000 euros. Podía dicirlle máis partidas, pero non teño tempo. Pero, por exemplo, no programa concreto de tratamento integral da violencia de xénero, tamén se incrementou en 72.000 euros, un 26 % máis que no ano 2014.

No punto 3, relativo aos órganos consultivos e de participación, propoñen que se organicen e coordinen os recursos. Como ben sabe, señora Acuña, no ano 2012 creouse o Consello Galego das Mulleres, que estaba previsto na lei do 2007. Polo tanto, cremos que aí se configura como o órgano de participación das mulleres. E aí especificamente, ademais do pleno, hai tres comisións, e unha delas é a Comisión da Muller Rural, que se vén de reunir o 22 de xaneiro de 2015.

Neste sentido nós presentamos unha emenda, para que dende o Consello Galego das mulleres se propoña a elabora-

ción dun estudo sobre a incidencia da violencia de xénero nos concellos de ámbito rural.

Cremos importante ter unha diagnose para poder propoñer actuacións concretas que vaian directamente ao problema. Non o que nós imaxinemos aquí, senón que haxa unha diagnose concreta, feita polo órgano que está habilitado para o efecto.

Falan vostedes de actividades de formación. Ben, onte mesmo se iniciou unha actividade de formación porque mañá saben que entra en vigor o Estatuto da vítima. É para as oficinas de igualdade que actúan nas sete cidades onde hai Xulgado de violencia de xénero, tanto a Dirección Xeral de Xustiza como a Secretaría Xeral de Igualdade. E mañá tamén se iniciarán na EGAP xornadas no ámbito da formación dos Corpos e Forzas da Seguridade do Estado, no ámbito da xustiza e no ámbito da educación. Polo tanto, eu creo que nese sentido se está traballando, pero nos parece ben que se forme. Incluso eu estaría disposta a presentar unha iniciativa para que dende a Mesa, dende a Presidencia do Parlamento, se forme as deputadas que formamos parte da Cámara.

Señora Acuña, o que vostede acaba de dicir aquí é moi grave. Vostede acaba de facer unhas manifestacións que desincentivan a denuncia das mulleres do rural. Vostede acaba de dicir aquí que non pasa nada porque denuncien, e iso é moi grave, señora Acuña. As nosas verbas desde esta tribuna teñen moitísima repercusión mediática, e esa é a peor campaña que se pode facer para que as vítimas de violencia de xénero no rural non denuncien. Revise o *Diario de Sesións* de hoxe, revise o que dixo...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...porque creo que é fundamental non dicir cousas como as que vostede acaba de dicir aquí.

E señora Solla, eu non estou de acordo con introducir a palabra feminicidio porque nós non vivimos en Ciudad Juárez, porque por sorte non morren seis mulleres diarias en Galicia, e ademais... Si, si, asasinadas. E non estou de acordo, porque ademais...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...temos a lexislación máis avanzada do mundo, e o Partido Popular non está disposto a dar nin un paso atrás no que á lexislación en defensa das mulleres vítimas de violencia de xénero se refire.

E remato xa, señorías. Nós propoñemos hoxe un pacto de unidade de todas as forzas políticas que formamos parte desta Cámara para loitar contra a violencia de xénero. Nós imos votar favorablemente todas e cada unha das propostas que se fan aquí, pero isto non pode ser para un só día.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Creo que todas as propostas que se fagan aquí teñen que ser para sumar e non para utilizar como arma arrojadiza á política do adversario.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Nas zonas rurais hai moita máis violencia machista que nas cidades. No campo, as mulleres sempre asumiron a superioridade do home. Esa actitude é a que fomentou que sexan maltratadas acotío nas aldeas e nas vilas. Neste contexto, o rural, está moi presente un mandato de xénero aliado da violencia contra as mulleres dende a noite dos tempos: a visión da familia como ben supremo a preservar.

Segundo este enfoque, as mulleres rurais e as súas necesidades aparecen subordinadas a un interese superior, o da unidade familiar e os seus compoñentes principais, entre eles o marido; que coincide, que non é outro que o maltratador.

Nun entorno cercano, no que todo o mundo se coñece, a violencia social sobre o cumprimento dos roles, as expectativas relacionadas coa familia e as relacións amorosas é moi estreita. O medio rural é un ámbito de control social primario, onde todo o mundo coñece o que pasa no vecindario. Nese entorno pode ocorrer –e ocorre– que se chegue a culpabilizar a propia vítima da situación de violencia na que vive.

Hai un feito ilustrativo ocorrido neste Parlamento hai pouco. Nunha das comisións de igualdade, as mulleres dunha asociación de mulleres rurais que compareceron chegaron a afirmar: “As mulleres somos moi malas. ¡Hai cada unha! ¡Provocamos o marido!”

Que unha muller argumente como un maltratador, dános unha idea de como está o tema, e de que algunhas asociacións –curiosamente esta á que me refiro, anteriormente recibe axudas da Xunta– non cumpren co obxectivo fundamental de informar e reeducar en igualdade as mulleres do rural para loitar contra a lacra do terrorismo machista.

Se a violencia de xénero de por si é unha condena, sufrila nun pobo multiplica a tortura. No contexto rural hai unha maior presión sobre as mulleres para ocultar o maltrato no que viven. Ao ser unha sociedade máis pechada, paradoxicamente as estreitas relacións de vecindade, lonxe de axudar, aumentan o estrés da vítima, a vergoña e mesmo o sufrimento da soidade e da indefensión, algo que pola contra non lle ocorre ao agresor. E é que, señorías, as principais asociacións de mulleres rurais teñen carácter folclórico, festexos, manualidades, bailes populares, andainas e excursións... Teñen que promover vostedes que esas asociacións sexan específicas e constituídas por mulleres pero tamén por profesionais, pero que abundan as primeiras.

As mulleres atopan moitas trabas para enfrontarse á violencia machista no medio rural: menos información, máis presión. ¿Fai grazas, señor Tellado, a violencia machista? Si, recórdame cando o PP aplaudiu cando entraron na guerra de Iraq. A vostedes fanlle grazas estas cousas.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor. Silencio.

A señora IGLESIAS SUEIRO: É motivo de risa para vostedes. Estamos falando de asasinatos, falando de feminicidio, e vostedes rinse. ¡Por favor! ¡Por favor! Iso delata quen son vostedes.

Señor Tellado, delátalo. Si, de verdade que si. *(Aplausos.)*

¿Podo seguir, señor presidente?

Grazas, señor presidente.

Hai menos información....

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor. Deixen rematar á señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...máis presión, control e medo á hora de denunciar e peor acceso aos recursos dispoñibles. Ademais, eses recursos, a día de hoxe tan recortados polas políticas de austericidio –nunca mellor dito neste caso–, son claramente insuficientes. O acceso a estes recursos resulta moi dificultoso, cando non imposible, ao estar ubicados nas cidades.

A todo isto hai que engadir un tipo de violencia de xénero que os agresores empregan contra as vítimas e que queda impune porque non se relaciona coa violencia machista. Estoume a referir á violencia económica que se exerce no campo contra as mulleres, ao ser o varón o que controla os recursos económicos.

Compren políticas e programas específicos para o desenvolvemento rural que contemplan a igualdade de xénero como un dos seus principais obxectivos. Políticas e estratexias dende as institucións...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...que inclúan a perspectiva de xénero no ámbito rural, co obxectivo de que as mulleres rurais se empoderen e loiten pola igualdade dos seus dereitos: os dereitos sociais, laborais, familiares e culturais. Esta deputada e o Grupo Mixto apoiamos a iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Despois das últimas horas, dos últimos días, non sei, señora Paula Prado, como é capaz de subir a esta tribuna e utilizar

como argumento que feminicidio é unha palabra para Ciudad Juárez. Non acabo de entender ese argumento. Pero tere-mos tempo a debater, señora Paula Prado, porque se de ver-dade vostede considera que a violencia machista é un pro-blema tan importante, non será problema que nos poñamos de acordo sobre que termo temos que introducir para cam-biar, para mudar, as actitudes das persoas, para mudar tamén as actitudes de todas as institucións e para mudar as leis.

Eu creo que aí seguiremos ese debate, que o daremos nesta Cámara, que o daremos na rúa e que o daremos onde faga falta, porque, efectivamente, estamos vendo como a situa-ción non mellora. E teñamos este debate sen paternalismo, sen dicir que unhas mulleres ou outras sofren máis violencia de xénero, porque calquera... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Si, si, sen paternalismo. Non, non, se as mulleres rurais, se as mulleres deputadas, se cal-quera muller en calquera situación económica deste país ou deste planeta neste momento está sufrindo a violencia de xénero porque é a primeira causa de mortandade das mulleres de entre 18 e 45 anos no planeta Terra. ¡Esa é a realidade! ¡Esa é a realidade! E non acenen coa cabeza, porque o problema que temos é que cando imos discutir de violencia de xénero, cando imos falar de violencia machista, comezamos a pedir pactos. Pero ¿como é posible un pacto se non nos poñemos de acordo en que significa a igualdade? Velaí o maior problema que temos neste momento: temos visións diverxentes a res-pecto desta situación, e iso dificulta que teñamos un diálogo franco e sincero a respecto de que sufrimos machismo, repro-ducimos esas actitudes machistas, e, polo tanto, como as esta-mos reproducindo dende a escola ata os medios de comunica-ción, que ningún estará escoitando, pero levamos toda esta última semana e todo este mes escoitando que as mulleres morren. Non, non, estas señoras non morreron, non lles deu un ataque ao corazón nin tiveron un ictus, ¡matáronas!, ¡foron asasinadas! E mentres que noutros delitos pon claramente asa-sinado, aquí simplemente ocultamos a palabra. As mulleres son asasinadas, e son asasinadas todos os días.

Entón, nós imos apoiar esta iniciativa. Coincidimos, efecti-vamente, coa presidenta de Fademur en que é necesario facer campañas específicas, tal e como xa recolle a propia lei galega que está sen desenvolver. Pero tamén coincidimos

con ela –e eu quedo co titular– en que non hai máis violen-cia de xénero no rural, senón que é unha violencia distinta. Eu tamén creo que nós mesmas non debemos movernos en estereotipos; nin mulleres urbanas nin mulleres rurais, nin mulleres mozas nin mulleres maiores, todas as mulleres sofren violencia de xénero.

É verdade que as características da situación que viven difi-cultarán máis ou menos o acceso aos recursos, o acceso ás axudas, o acceso á información, efectivamente. As mulleres que viven no medio rural –que viven, porque eu non sei que é ser muller rural ou ser muller urbana, será vivir no medio rural ou vivir no medio urbano, porque non é unha categoría en si mesma– teñen maior dificultade porque teñen problemas de desprazamento. Os problemas de non acceder aos servizos coñecemos, e eu creo que aí podemos estar todas de acordo.

Agardo que se aprobe esta iniciativa por unanimidade. Seño-ra Paula Prado, nós, este grupo parlamentar –e vostede sábeo–, as propostas de resolución sobre violencia sempre as apoiamos. Vostedes sempre están agardando que aproben ou que poñan a debate as iniciativas que nós traemos a respec-to da violencia machista. Nós seguiremos apoiando todas as iniciativas, por unha razón: todo o que levamos feito tam-pouco nos ten que impedir que avancemos. Vostede dicía aquí que temos lexislación moi avanzada no Estado español, e en concreto en Galiza. Pois será un orgullo, e haberá que pensar en que sitios é feble.

Eu hoxe tamén quero –e permítame que o faga– facer unha pequena reflexión, porque aquí se falou de moitísimas cou-sas a respecto da violencia machista. Eu sei que é difícil e que hoxe é un día complicado a ese respecto, pero quero recordarlles que tamén na lei galega se recolle como violen-cia machista o acoso sexual, e que todos e todas temos que ser absolutamente firmes en rexeitar calquera forma de machismo e de violencia que se dea contra as mulleres. Dígolle así, co máximo dos respectos e a maior educación, pero ninguén, ninguén, pode ser cómplice.

Estou farta de escoitar que nós utilizamos as vítimas. Creo, señora Paula Prado, que hai que ser respectuosos coas acti-tudes dos grupos políticos e coas iniciativas que traen a debate a esta Cámara. E se traemos a debate, por exemplo, o feminicidio é porque estamos absolutamente convencidas de que é necesario mudar o marco no que nos estamos moven-

do e mudar tamén o estatuto de vítima. E aínda que entrara neste momento o estatuto de vítima de delito en vixencia hai que mudalo, porque os aspectos sociais non están recollidos.

Teremos tempo para o debate, e igual non é nesta lexislatura, pero seguro que nos atoparemos mudando o marco de iniciativas e introducindo a categoría de feminicidio, porque á rúa nós non lle imos poñer cancelas, e imos sempre moi por detrás.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

Grupo autor da proposición non de lei. Señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio dos grupos e dicir que imos aceptar a emenda que presenta a AGE, pois afonda nunha das eivas que temos na cuestión da violencia de xénero, que é a falta de formación –por suposto, aínda que algunhas deputadas lles moleste escoitalo, moito máis evidente no rural–. Ademais, consideramos que está moi ben suxerido que as medidas que se leven a cabo se avalíen para poder, así,ilas modificando segundo vexamos como se van comportando ou que resultados se van obtendo.

En canto á intervención da deputada do Grupo Parlamentario Popular, pois vou sinalar algúns dos lapsus que cometeu no seu discurso.

En primeiro lugar, señora deputada, non falamos de mulleres mortas: falamos de mulleres asasinadas.

A lei estatal non exclúe para nada o medio rural, ademais, vostede mesma a cualificou coma unha das mellores leis do mundo; recórdolle que foi da época Zapatero, e recórdolle que tamén temos unha marabillosa, incluso máis moderna, máis... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* –se me permite...–, máis moderna que a lei estatal, porque se fixo posteriormente, que é a lei autonómica, feita na época do Bipartito.

E esta deputada non dixo nada de que cando denuncian non sei que... Eu o que dixen é que, cando unha muller no rural

denuncia, é moito máis duro porque perde a casa, a familia, a empresa e o traballo –porque é o seu medio–, a aldea e todo o pobo, señora deputada.

Mire, paréceme estupenda a idea de que a presidenta nos dea formación ás deputadas, pero a min gustárame invitar a esas clases o presidente da Deputación de Ourense, que creo que lle fai moitísima falta. *(Aplausos.)*

En canto a votar, señora deputada, é unha pena que vostedes –tan estupendos– votaran en contra da iniciativa que se levou á Comisión de Pesca e que deixa fóra unhas mulleres mariscadoras de Noia vítimas da violencia machista. ¡Unha vergoña! ¡O que votaron é unha vergoña ao discurso da deputada que participou no debate! *(Aplausos.)* ¡Unha vergoña!

Mire, en canto á súa emenda, vou dicirlle que non lla vou aceptar, señora deputada, e voulle explicar por que razón. *(Murmurios.)* Tranquila, que lle vou explicar a razón.

Vostede di que sexa a través do Consello das Mulleres onde se propoña un estudo sobre a incidencia de violencia nos concellos do rural. Pois mire, señora deputada, o Consello Galego das Mulleres hai case un ano que non se reúne; é máis, creo que se reuniu dúas veces, cando se constituíu e hai un ano. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, será falso, vale...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate. Remate, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Nese consello xa se conformou unha comisión específica para traballar sobre o rural, o problema é que non está traballando porque non funciona. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate. Remate, por favor, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: A esa comisión facilitóuselle numerosa documentación, suxestións e ata un encargo moi concreto, señora deputada: a elaboración dun mapa de recursos contra a violencia no rural galego.

Todos eses encargos aínda os estamos esperando. ¿Sabe por que, señora deputada? Porque este goberno fai os consellos á súa imaxe e semellanza, e logo non funcionan.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, grazas, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Esperamos contar con ese apoio, pero que o apoio non consista só en votar a favor, senón que despois leven á práctica o que nesta iniciativa se solicita.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Acuña.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a creación dunha comisión parlamentaria de estudo para o rural galego

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boa tarde.

Creo que aínda non se fixeron citas literarias neste Pleno, debe ser porque aínda non falou o señor Abel Losada, que é o que soe facer, pero eu se cadra vou inauguralas: vou citar a William Shakespeare e vou dicir “algo cheira mal, algo cheira mal na Deputación de Ourense.”

Non sabemos se se lle aparece a pantasma do pai ao fillo ou se, neste caso, se lle aparece a pantasma do fillo ao pai, pero o que si que vemos é unha cara dun xeito de facer política que nós queremos desterrar deste país.

Eu non entro en determinadas cuestións, pero si que o que demostra é a utilización que fai o Partido Popular en Ourense das institucións en beneficio propio, a creación de relacións de dependencia...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Á cuestión, á cuestión, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...a cadea de favores.

Esta é unha cuestión importante, señor Santalices...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non, non, pero á cuestión: a cuestión é o rural galego.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Algo cheira mal na Deputación de Ourense, algo cheira mal. (*Aplausos.*)

Xa vemos que o Partido Popular non está disposto a tomar medidas neste asunto, (*Murmurios.*) que é gravísimo, gravísimo que se siga, en pleno 2015, a utilizar as institucións para prometer postos de traballo, para discriminar as persoas en función de se es amigo ou non do señor Baltar, ou se teñen que emigrar...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Á cuestión, señor Sánchez, á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...mozos e mozas de Ourense porque non son amigos do señor Baltar ou non lle xuran fidelidade e lealdade.

É unha auténtica vergoña. Este señor non pode seguir máis no Partido Popular, non máis de presidente da Deputación.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señor Sánchez, vaimos vostede forzar a ter que retirarlle a palabra, pero xa van dúas chamadas á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non, non lle forzo.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Pois á cuestión, vaia vostede á cuestión.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Á cuestión. Ben.

Pois a cuestión, señor presidente, se pode falar...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Si, pode falar, como non, pero á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, eu entendo que a vostede este tema o poida poñer nervioso.

Vou á cuestión.

O problema dos lumes, o despoboamento, o envellecemento, a perda de poboación agraria, ou a grave crise do sector lácteo que vivimos aínda agora, lévannos a cuestionarnos a nós que as políticas que levaron a cabo os sucesivos gobernos no rural galego sexan as apropiadas para o desenvolvemento equilibrado deste país, e non é un discurso catastrofista; os datos de abandono, de envellecemento, incluso da masculinización –como se dicía antes na anterior iniciativa–, é certo que existe incluso un problema en moitas zonas do rural galego de masculinización, porque as mulleres moitas veces son as primeiras en abandonar o rural porque están condenadas, en moitas ocasións, a ter moitas peores condicións na casa que os homes e cuns servizos públicos moi deficientes.

O abandono é un feito nun país que nos últimos cinco anos perdeu 48.000 habitantes, moitos deles –a maioría–, posto que nas cidades aumentou a poboación, foron no medio rural: as comarcas de Lugo perderon un 3,1 % e as de Ourense un 3,8 % de poboación nos últimos case catro anos –case un 1 % de poboación–.

A media de idade do rural galego é unha das máis altas do Estado, só superada por Castela e León. Non é catastrofismo, nós creemos que é unha realidade. E, a pesar de que a tendencia no mundo desenvolto é a de transferir habitantes do rural ás cidades, en Galicia provoca graves consecuencias, como a non xestión e abandono dos recursos –como é a terra–, a ocorrencia dos problemas dos lumes –en moita maior medida que noutros países–, ou a perda de patrimonio pola destrución de aldeas e outras edificacións.

A propia crise do sector lácteo na que vivimos actualmente debe de levarnos a repensar o modelo agrario que queremos, se queremos para Galicia seguir alimentando o abandono ou precisamos políticas que o freen.

A profundización na liberación no sector levará á concentración da produción e á desaparición de máis explotacións, co conseguinte efecto nun medio rural galego que depende en gran medida da economía xerada polo lácteo.

O envellecemento da poboación agraria é unha das cuestións que, só por iso, merecerían medidas extraordinarias dun goberno que queira reverter a situación, onde só o 4,68 % dos titulares de explotacións agrarias teñen menos de 40

anos, e hai un 59,6 % de titulares de explotacións agrarias que teñen 60 ou máis anos. ¡Só ese dato debería de facer reaccionar ao Goberno galego!, a non ser que o Partido Popular xa considere que no rural non hai futuro e xa considere que isto é normal e que non hai nada que facer para revertelo.

O modelo forestal baseado en especies de crecemento rápido, de baixo valor engadido, non é un modelo que cree riqueza nin emprego; é contrario, ademais, a unha visión multifuncional do monte e á diversificación da actividade económica.

Os lumes están a consumir case un de cada catro euros no orzamento da Consellería de Medio Rural, e non albiscamos un cambio na tendencia, na tendencia para utilizar máis fondos para proxectos produtivos e non para a extinción de incendios.

A cuestión da terra: este país non se pode permitir o luxo de ter un millón de hectáreas abandonadas, a mobilización desa terra debería de ser un obxectivo que non acadou ata o de agora o Partido Popular, a pesar dos moitos anos de Goberno que leva.

O abandono, ademais, trae máis abandono. Falábase antes dun tipo de servizos públicos, hai que cambiar diametralmente a política de servizos públicos no rural, non se poden facer cálculos puramente economicistas e a curto prazo, hai que poñer servizos no rural para atraer xente, para fixar xente, para que non se vaia a xente, e para que algún día eses servizos si que cheguen incluso a ser rendibles.

Hai que facer ao revés do que vostedes están facendo. Non se pode eliminar unha escola no rural porque hai poucos nenos, porque en canto se elimine vai haber menos nenos, hai que facer contrariamente ao que se está facendo: non se poden retirar comedores, oficinas de correos, oficinas bancarias, etc.

Hai que reconsiderar as políticas actuais de dotacións dos servizos; polo tanto, o asesoramento á investigación, o desmantelamento que están a sufrir, como vemos no centro de investigacións agrarias de Mabegondo, vai en contra do desenvolvemento de novos sectores que teñen potencial de creación de emprego e que neste país están desatendendo e

que poderían estar dando oportunidades á xente formada e con escasas perspectivas laborais nas cidades, e que poderían ter unha forma de vida no rural.

Nós cremos que hai que abrir, polo tanto, un proceso reflexivo ante esta situación para cambiala; ese proceso reflexivo, dicimos na nosa iniciativa, que debería de ter tido lugar no proceso de elaboración do programa de desenvolvemento rural, que é o plan que vai dicir onde imos a investir os diñeiros no rural do 2014 ao 2020. Pero ese proceso reflexivo e participado non se deu porque o Partido Popular preferiu a opacidade e a falla de transparencia, e fixo un exercicio burocrático de continuísmo, cando o que requirían os tempos era un exercicio de participación de toda a sociedade e, sobre todo, darlle voz ao propio rural. Iso non se fixo porque o único que se buscou é o reparto de diñeiro entre consellerías para cadrar as contas, e non para darlle un impulso novo ao rural.

Por iso, nós propoñemos nesta proposición non de lei que se cree unha comisión de estudo para o rural galego que teña como obxectivos a análise da situación actual, a análise das políticas que se levan aplicado –algo que non se fai no programa de desenvolvemento rural, non se fai unha análise de como se aplicaron determinadas políticas e dos resultados que se tiveron para ver se se segue con esas políticas, ou hai que mudalas–, o estudo de sectores específicos –como dicía– con potencial para desenvolver, sobre todo, emprego; propostas para o futuro e que nós creemos que debería de contar cando menos coa comparecencia de representantes de organizacións agrarias veciñais, ecoloxistas, de consumidores das organizacións políticas, de técnicos en ordenación do territorio, desenvolvemento rural, agrónomos, forestais, etc., e todos aqueles que as forzas políticas poidan propoñer e que poidan aportar algo.

Nós dicimos, dende que empezou esta lexislatura, que se está a perder unha oportunidade neste país, unha oportunidade de crear riqueza, de crear emprego, e de que a xente moza poida aplicar os seus coñecementos no rural, e cremos que se está perdendo pola falta de vontade e a falta de ideas do Partido Popular, que segue cunha inercia herdada, que parece que non ten forzas nin vontade para cambiar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Se hai un ámbito da nosa sociedade e da nosa economía que se ten revelado desde sempre como un valor seguro, ese é o noso rural. O agro, a gandería e o forestal teñen atesourado plenamente a confianza do noso pobo para ver unha saída de futuro nestes tempos tan difíciles que nos toca vivir a esta hora. Este feito non se dá por un romanticismo trasnoitado –que tamén–, senón que se percibe sinxelamente se un mantén os pés na terra: neste senso de manter os pés da terra, Galiza ten a alma no rural, xa que a meirande parte do noso territorio –ao redor do 84 % da superficie– dispón desa condición.

O sector agrario emprega directamente ao redor do 5 % da poboación activa e está a actuar a modo de colchón en tempos de crise; a actividade agraria xera máis do 3 % do PIB galego e agocha potencialidades capaces de ofrecer novas oportunidades neste país: alimentos sans e de calidade, protección medioambiental, industria de transformación agraria e agroalimentaria e servizos turísticos e sociais.

Por todo isto, por formar parte do noso cerne socioeconómico, e polo carácter estratéxico da produción primaria, debemos contemplar o rural como un elo fundamental da nosa vida; como o que é: unha parte viva da Galiza.

Por iso debemos xuntar esforzos e propostas para traballar no impulso dos cambios necesarios para converter o rural nun destino e remover os obstáculos que se presentan, porque é certo que persisten elementos estruturais que lastran o seu desenvolvemento: o avellentamento da poboación, as carencias na vertebración dos sectores produtivos, as insuficiencias na ordenación territorial e a escasa participación da produción primaria na comercialización.

Os anos vindeiros marcarán o futuro do noso rural. En tempos de crise cómpre focalizar a escaseza de recursos en investimentos clave con capacidade de impulsar iniciativas secundarias e de reverter beneficios á sociedade galega no seu conxunto –é dicir, debemos manter un mundo rural vivo–.

Xa que logo, resulta fundamental seguir na loita polo impulso e modernización do campo, obxectivo de gran relevancia nunha situación de cambio socioeconómico, social, que

pode atopar no medio rural unha alternativa de vida. Faise necesario, pois, que sexa potenciado, tanto de xeito produtivo como social, pois as posibilidades que ofrece de converterse en motor xerador de riqueza e emprego son moitas. Por iso é preciso adoptar medidas para equiparar a calidade de vida no campo á das contornas urbanas e, do mesmo xeito, facer máis rendible o rural afondando na diversificación económica, buscando alternativas que, xunto co sector primario, consoliden un marco que permita a fixación da poboación no noso territorio.

Apostar por aproveitar todo o potencial que o noso rural ten para conformalo como auténtico referente de emprego e rexeneración económica. Para iso hai que conxugar medidas en todos os ámbitos e dende varios puntos de orixe e destino, dende o normativo ata o financeiro, pasando polo formativo ou o da promoción económica a través de mercados para os produtos galegos.

As principais liñas estratéxicas no rural deben ir destinadas á promoción de medidas dirixidas a tres ámbitos fundamentais de traballo: agrícola-gandeiro, forestal e o desenvolvemento rural. Ningún traballo a desenvolver pode ter éxito se tratamos de levalo a cabo en solitario, nunca un esforzo foi tan baldío como aquel que se fai dende unha soa orixe ou destino, dende un só punto de vista. Son precisas moitas vontades e enfoques para ter a perspectiva exacta da nosa dimensión e da que queremos acadar para que o rural reviva.

Por iso, iniciativas como esta que presenta a Alternativa Galega de Esquerda supoñen un exemplo dese carácter transversal e multidisciplinar de acción que cómpre aplicar no medio rural.

Supoño que as señorías do Partido Popular votarán que si a esta PNL nese esforzo no que todas e todos somos necesarias e no que vai o futuro de Galiza, para que a nosa terra teña un rural vivo.

Máis nada, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Boas tardes, señoras e señores deputados. Señor presidente.

Desde logo, creo que hai poucos asuntos nos que os debates se produzan con menos paternalismo que cando falamos do rural e cando falamos seguramente das mulleres, dos problemas das mulleres e, sobre todo, da violencia que se exerce contra as mulleres. Eu levo moitos anos asistindo neste Parlamento a debates que parten da premisa de que o rural ten un devalo demográfico, social e económico imparábel e que é imprescindíbel que por parte das distintas administracións se bote man para intentar frear ou, cando menos, minimizar ese devalo. E creo que canto máis falamos do mal que está o medio rural, do malas que son as condicións de vida, do dramática que é a situación dos nosos sectores produtivos –neste caso, do sector lácteo pero tamén do sector da carne, tamén poderíamos falar dos problemas no sector do viño, no sector da horta e moitos outros sectores produtivos–, do impacto que ten a desaparición dos servizos públicos no rural na vida das persoas; pois, como digo, canto máis falamos diso parece que o Goberno da Xunta menos intención política ten de poñerlle freo a esas políticas.

Por iso, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, consideramos que a proposta que se formula hoxe por parte da Alternativa Galega de Esquerda –de crear neste Parlamento unha comisión de estudo para avaliar a situación do medio rural e para poñer encima da mesa medidas para poñerlle solución a esa situación– pode ser unha boa iniciativa para ver se, no caso da problemática do medio rural, empezamos a pasar da retórica aos feitos, empezamos a pasar de laiarnos permanentemente, de *¡qué verde era mi valle!*, a empezar a facer algo para que, efectivamente, no rural poida seguir habendo actividade produtiva.

Falouse aquí do Plan de desenvolvemento rural, que representa unha oportunidade de, aproximadamente, 1.300 millóns de euros para investir desde o ano 2014-2020 para intentar modificar esas tendencias. Un plan de desenvolvemento rural que o Partido Popular ten secuestrado e que incluso naquela parte –arredor do 7 %– que lle corresponde executar á base territorial a través dos grupos de desenvolvemento rural, están tomando decisións que van en contra, precisamente, da participación social e do establecemento de políticas de desenvolvemento rural de abaixo a arriba porque nin sequera se conta cos concellos e co tecido social para

definir cal vai ser o novo marco do Plan Leader para o 2014-2020.

Estamos na hipocrísia de que deputadas e deputados do Partido Popular veñen a esta tribuna denunciar a mala situación –por exemplo, como na iniciativa anterior– dos servizos respecto das mulleres no medio rural, ao mesmo tempo que todos os días se desmantelan servizos públicos.

Estamos vendo como, cada día, desaparecen aulas ou escolas no medio rural; ou, xa directamente, estamos vendo agresións que constitúen un auténtico insulto ás persoas que viven nas aldeas como, por exemplo, esa última idea da Consellaría de Sanidade de atender en camións as persoas que viven no medio rural –os doentes–, en lugar de nos centros de saúde. E así vemos, por exemplo, como no concello da Gudiña un centro de saúde en perfectas condicións, que funcionaba perfectamente, leva practicamente un mes pechado porque a Xunta de Galiza tivo a ocorrencia de que as persoas se atenden mellor nun camiión que nun centro de saúde que xa tiñamos –nun camiión no que só caben catro persoas, eu non sei se o señor conselleiro ou algún deputado ou deputada do PP, dentro dun mes, lles ha prestar moito estar esperando a ser atendido na Gudiña, media hora fóra, porque no camiión, efectivamente, só caben catro persoas–.

E polo tanto, señoras e señores do Partido Popular, cremos que, tanto desde o punto de vista produtivo, do punto de vista dos servizos, do punto de vista das políticas, é necesario implementar para acabar cos incendios forestais, é imprescindible unha comisión de estudo na que se bote luz sobre todos eses problemas que temos no medio rural. Na que todos e todas abramos as orellas para escoitar o que ten que dicirnos a sociedade que vive no medio rural, as persoas que viven e traballan e queren seguir traballando no medio rural,...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PRAZ FRANCO: ...as persoas que saben de desenvolvemento rural, para ver se por fin somos capaces de empezar a pasar das palabras aos feitos e deixamos de tratar a problemática do medio rural con ese paternalismo que adoitamos utilizar desde esta tribuna como se as persoas que viven nas aldeas fosen cidadáns de segunda.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidente. Señorías.

Bueno, pois o que propón esta proposición –como xa se dixo aquí– é a creación desa comisión de estudo para o rural galego e –como tamén se dixo aquí– aparentemente é algo no que deberiamos estar todos de acordo, ademais. E incluso é algo que socialmente se reclama, e os problemas, cando xorden sistematicamente eses problemas que se nomearon –dos incendios forestais, de mobilidade de terras, das dificultades de vida no rural–, case todo o mundo está de acordo ou todo o mundo está de acordo.

É máis, sempre asistimos a que ilustres informadores e ilustres persoas que se dedican a escribir nos xornais –marcando a liña editorial de determinados xornais– veñan reclamando de forma sistemática que se saque isto fóra do debate político. É verdade que sempre, cando din que hai que sacalo fóra do debate da política, é cando goberna o PP; pero reclámano, co cal imaxino que todos eses que escriben eses artigos de opinión, mañá escribirán pedindo explicacións ao Partido Popular de por que non aproba esta comisión de investigación, ou por que non está de acordo con ela, ou por que non se fixo; porque, se era tan demandada e era algo no que debiamos estar de acordo, imaxino que pedirán explicacións.

E, polo tanto, obviamente, nós cremos que é importante crear esa comisión, pero para abordar esa creación desa comisión eu creo que ten que haber dúas premisas básicas. Unha: que efectivamente se considere que o rural é necesario e é importante para este país, é dicir, que na concepción que cada grupo político ten –lexítima– deste país lle dea unha importancia ao rural superior incluso aos propios termos cuantitativos que poida ter; e, polo tanto, ten que haber ese recoñecemento expreso, cousa que o Partido Popular ata o de agora non fixo –lexitimamente, porque pode ter outra concepción de país, como de feito ten, onde quere que toda a poboación deste país viva na franxa da AP-9 e o resto do territorio xa o xestionaremos a través de empresas, se poden ser privadas mellor, e se poden ser privadas e de amigos do

Partido Popular ou de altos cargos do Partido Popular pois aínda moitísimo mellor, e esa concepción é lexítima por parte do Partido Popular, o que non é lexítimo é non recoñecela—. E a segunda premisa ten que ser tamén clara, que é que, se o Partido Popular vai a esa comisión, ten que ir cando menos coa apertura suficiente como para emendar de pleno toda a política que se veu levando nos últimos anos, e isto non é porque o digamos nós, non é porque o diga a oposición, é simplemente porque os datos así o constatan de que efectivamente non están sendo políticas útiles, ou cando menos non están dando os resultados que deberían dar.

E outra das cousas que tamén deberíamos ter claras —falando de obviedades, que supoño que despois, cando se traducen á realidade, xa non son tan obvias— é se afirmamos ou se queremos esa comisión para chegar a unhas conclusións de políticas a desenvolver. É dicir, se a conclusión desa comisión, ou a conclusión —como tamén parece ser ou é por parte deste Goberno—, é que isto se vai arranxar ou se podería arranxar cunha campaña publicitaria de inserción nos xornais do slogan de “volva ao rural”, ou “volta ao rural”, ou “hai que vivir no rural”, ou “¡que marabilloso é vivir no rural!”, pois, claro, estaríamos arreglando o dos opinadores de antes, que vai directamente proporcional á publicidade institucional insertada no seu xornal, pero non estaríamos actuando sobre os verdadeiros factores que poderían influír niso. Porque, aínda que parezan obviedades, o que teríamos é que responder a esa pregunta de por que a xente abandona o rural e en que podemos incidir para que non sexa así. E, repito, se é que estamos pensando nunha campaña publicitaria, pois efectivamente seguiremos errados. Para que a xente viva no rural, primeiro ten que ter de qué vivir e, polo tanto, ten que ter unha ocupación. Polo tanto, máis alá de que teña que retornar a xente ao rural ou que veña outra xente de fóra, o primeiro que hai que facer é evitar que aqueles que se están marchando... Todos os días marchan; é dicir, neste país temos tido a contradición de ver todos anuncios na prensa dicindo que hai que volver ao rural mentres estamos pechando as explotacións e estamos botando os que están alí porque non poden vivir diso. E aí, se atendemos os nosos sectores produtivos, que é no que se afianza o rural...; é dicir, os sectores produtivos...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...é verdade que sustentan despois todos os servizos. Pero ten que estar baseado nos sectores

produtivos. Non imos entrar en detalles de como están, e témolo analizado.

Se falamos da creación doutras formas de emprego. Home, pois tamén bastante pouco fixemos. É verdade que, cando tocou, enchemos este país de polígonos industriais. Pero é verdade que os temos a monte. E, como me dixo a min unha vez un alcalde, o peor é que os asfaltamos e agora nin sequera podemos meterlle o arado para volver reconvertelos en pasteiros. Pero non se creou ningunha alternativa.

Se falamos de servizos, aquí xa se dixo que...,

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...cando se pechan todos os servizos, onde primeiro se pechan e con máis forza é no rural.

E se falamos de servizos sociais, cunha poboación das máis envellecidas de Europa, coas pensións máis baixas do Estado, os servizos sociais deste país, onde a renda mínima só cobre a 9 de cada 1.000 habitantes...,

A señora PRESIDENTA: Remate, señor García, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...onde ocupamos o posto número 14 nas comunidades autónomas que menos dedicamos a servizos sociais, pois, efectivamente, as expectativas non son moi boas.

Oxalá o Partido Popular, nesa nova era que parece que empeza sempre o señor Feijóo cando fala, e que parece que volveu empezar o outro día...,

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...estea por cambiar todo iso. Se non é así, sexan coherentes, esta vez si, e voten que non.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo Popular.

Señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Eu creo que a convivencia nesta Cámara tiña moito que aprender dos valores que tradicionalmente perduran no rural. Sinto vergonza de debates estériles que buscan confrontación e non respostas. O rural, señorías, é vontade, amizade, esforzo, solidariedade, onde todos, homes e mulleres, valoramos, defendemos e intentamos compartir. *(Aplausos.)*

O cerne do asunto, señor Sánchez, é que a iniciativa que vostede trae hoxe a debate, cuestiona os actuais modelos produtivos, critica as políticas seguidas nos últimos anos, que os defenden, das que segundo vostede foron e son responsables gobernos populares. E afirma que son a causa e propician as situacións identificativas. Somos a causa de todos os males: dos lumes, do despoboamento, do envellecemento, da perda de poboación agraria, da crise do sector lácteo... Señoría, con esta reflexión tan simplista, ¿espera que tomemos en serio a súa proposta?

Segundo vostedes, os modelos produtivos actuais non xeran riqueza, mesmo falou hoxe do modelo forestal e da ordenación dos montes con base en cultivos de especies de crecemento rápido, que afirma que non é un modelo especialmente creador de emprego e riqueza, e é o contrario a unha visión multifuncional do monte e á diversificación da actividade produtiva forestal que vostede procura ou quere acadar. Señoría, vostede cualifica estes dous modelos de contrarios. Nosoutros entendemos que son complementarios, non excluíntes. Afirmar que o abandono provoca o abandono, que se fai cálculo economicista que repercute na prestación dos servizos. Señoría, nunca estiveron tan errados. De verdade, ¿refírense vostedes ás escolas que pechaban cando había responsabilidades que non eran do Partido Popular, cando daquela escolas con 9 alumnos pechaban e agora son menos de 5?

Señorías, comedores escolares, pero ¿que me din?, cando se crearon máis de 11.000 prazas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Eu creo que os atendín con total respecto, aínda que todo o que dixeron realmente faltaba ao respecto, porque hoxe os descualificativos sobraaron nestes debates e nesta Cámara.

Oficinas de correo, señoría, tamén desaparecen. Pero vostede o que non di é que hoxe case toda a poboación do rural

pode ter un bo acceso á internet. *(Murmurios.)* Vostedes seguen a trasladar a mensaxe: o rural, menos atractivo; menos escolas, escolas infantís que non existen, menos servizos en materia... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: ...social, servizos de axuda á dependencia que non existen... Totalmente falso, falso. Porque á realidade me remito, señorías, á realidade. Nunca tanto se investiu no rural, co que supón na creación de emprego, e non só en sectores produtivos, senón en sector servizos e noutros sectores que vostede esquece na súa iniciativa. *(Murmurios.)*

Cuestionan, ademais, dos modelos produtivos actuais as políticas de subvencións e de axudas que se veñen facendo ata o de agora. Señorías, ¿que cuestionan vostedes cando cualifican, por exemplo, no sector lácteo de esmola ou, como lle chamaron, de propinas as axudas con fondos propios de gobernos do Partido Popular, tanto a nivel de Madrid como a nivel da Xunta, que foron gobernos do Partido Popular os únicos que trouxeron fondos adicionais para o lácteo, para os sectores produtivos galegos, señorías, non outros. Non se lles enchan as bocas de falar de que se pode facer... Hai que facer feitos, hai que demostralo con feitos.

Quere vostede abrir un proceso reflexivo e acusa de opacidade e de falla de transparencia a tramitación do novo PDR. Pero xa é casualidade, señoría, que sexan esas as palabras que utilizaron os funcionarios, a Administración, cando nacionalistas deseñaron o anterior PDR, o que vimos de aplicar nós. Daquela si que eran opacos, daquela si que consultaron aos concellos para formar 31 grupos de acción local. Señorías, eu creo que hai exemplos de que realmente no novo PDR se manteñen liñas, porque seguimos traballando, continuamos coas liñas deseñadas por nacionalistas, señorías, continuamos coas liñas de incorporación da mocidade á actividade agraria. Varía e permitirá acadar ao que se instala un límite de 70.000 euros por explotación, dependendo de moitos factores, entre eles o nivel de investimento. Liñas novas no vindeiro período como a que non existía no anterior, que é a relacionada co desenvolvemento de pequenas explotacións que queiran realizar investimentos para facelas máis rendibles, ata un total de 15.000 euros por explotación. E continuarase, señoría, cos plans de mellora,

con liñas de investimento en activos físicos, apoios e medidas importantísimas no PDR.

Pero máis aló do PDR, que servirá como unha ferramenta futura, quedan os orzamentos, señoría. Os orzamentos que actualmente están en tramitación, e onde as bonificacións fiscais, onde o programa de impostos cero no rural, onde a axuda ao fomento da natalidade, que xa se viña practicando con bonificación no anterior exercicio...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: ...pero que agora terá axudas de 100 euros por neno a partir de xaneiro de 2016... Realmente non me chega o tempo para cuantificar todas as accións, todas as medidas, activas, eficaces, que todos os gobernos tomaron e toman en prol dos seus obxectivos, señor Sánchez. Pero a iniciativa realmente está baleira de contido. A iniciativa pretende que sexan todos (*Murmurios.*) os que...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: ...opinen sobre o rural menos os que realmente teñen competencias do rural. Poden vir os partidos políticos, pode vir o señor Besteiro, o señor Vence, como voceiros das forzas políticas, pero non pode vir a Administración. Os que teñen competencias realmente son os que xestionan os fondos e os que están a carón do rural. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pacín.

Grupo autor da proposición non de lei.

Ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non me quedou claro se o Partido Popular vai “Baltar” a favor ou vai “Baltar” en contra desta iniciativa, non me quedou moi claro. (*Murmurios.*) Si, señor, non me quedou moi claro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, acaba de dicir unha cuestión que define perfectamente o que entende...

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...do funcionamento das institucións. Di precisamente que quen debe de estar é a Administración, que é a que xestiona. Claro, é que hai unha cousa que é o legislativo e hai outra cousa que é o executivo, e hai que diferenciar. Vostede xa sei que non diferencia.

Mire, mal se van solucionar os problemas se non se recoñecen. ¿Sabe canto emprego se destruíu na agricultura deste país en dez anos? 44.000 empregos en dez anos, nos últimos datos do Instituto Nacional de Estadística, 44.000 empregos, un auténtico escándalo.

Pero é máis, é que xa lle dixen: a idade dos titulares das explotacións agrarias. Vostedes están dicindo que non pasa nada porque neste país o 5 % dos titulares de explotacións agrarias non chega a 40 anos e haxa un 60 % que ten 60 ou máis anos. ¿Que situación vai ter este país dentro de cinco anos se non se toman medidas? E vostedes seguen negándoo, porque vostedes pretenden iso, pretenden e pretenderon a desertización do rural, porque, se non, non se entende. Porque é tan obvio que os datos do noso rural son de abandono, de envellecemento, que, se vostedes non actúan, é evidentemente porque non teñen vontade de facelo e porque lles interesa. E porque lles interesa tamén seguir mantendo as relacións de dependencia, como as que, por exemplo, utiliza o señor Baltar para obter determinados favores.

Quería dicirlle que non é baleirar de contido, é que nós o que si defendemos é que se encha de contido este Parlamento, e que veñamos falar, evidentemente, despois de trinta anos dunhas políticas determinadas que baleiran o rural, de se se pode cambiar o rumbo deste país e que o rural poida ter futuro. Porque neste país, dende que goberna o señor Feijóo, somos 48.000 habitantes menos, a xente emigra por falta de oportunidades, e no rural, no agro e no monte hai oportunidades.

E eu o que veño dar aquí son datos. Vostede fala do modelo forestal. Mire, dea algún dato que demostre, que apoie, os argumentos que vostede di. Neste país, en Galicia, prodúcese o 50 % das cortas do Estado español, e significan o 13 % da facturación. Iso significa un modelo baseado en especies de pouco valor. E vostedes negan e non queren entrar a dar argumentos porque non os teñen. A única saída, polo visto, xa que con vostedes non se pode razoar, é desaloxalos de aí, que entre un goberno que queira cambiar as cousas.

Nada máis. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Tal e como foi anunciado, substanciamos a continuación a seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Cristina Isabel Romero Fernández e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución dos datos turísticos en Galicia ao longo do ano 2015

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para formular a súa pregunta dona Cristina Romero, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, señor vicepresidente, boa tarde.

O sector turístico constitúe un dos sectores máis activos e con maior capacidade de desenvolvemento nas economías europeas. Realidade á que non é allea a economía galega, onde o sector representa o 12 % do PIB galego e o 12 % do total do emprego da nosa comunidade. Pero, ademais, presenta unha característica que o singulariza sobre outros sectores económicos, que é a capacidade que ten de incidir sobre eles.

Un alto recoñecemento de Galicia a nivel global sen dúbida facilitará unha porta de entrada para o desenvolvemento internacional doutros sectores empresariais. O sector turístico ten a capacidade de amosar Galicia como unha marca de prestixio que apoiará e fortalecerá a recuperación económica na que xa estamos inmersos.

Por outra banda, e dende unha perspectiva interna, o turismo constitúe, xunto co sector do comercio, un sector con maior capacidade de aportar cohesión social e capacidade de acadar o tan necesario equilibrio territorial.

Por todos estes motivos o Goberno galego elaborou o Plan estratéxico de Galicia, unha folla de ruta que busca a desestacionalización e cunha visión a longo prazo imprescindible para acadar un sector sólido e sostible.

Pois ben, neste Plan integral de turismo marcábanse uns obxectivos estratéxicos para o ano 2016, obxectivos, a maioría deles, amplamente superados xa no ano 2014. Así, os turistas en establecementos regrados superaron no ano 2014 os 4 millóns, obxectivo marcado xa para o ano 2016. E os turistas internacionais regrados superaron o millón no ano 2014, obxectivo marcado para o 2016. E no que respecta ao gasto total do turismo internacional, alcanzou os case 900 millóns de euros, superando en 60 millóns de euros o obxectivo marcado tamén para o ano 2016.

Respecto do ano 2015, cada vez que se daban a coñecer os datos turísticos, atopabamos que sempre ano tras ano eran mellores, e alcanzando en moitísimas ocasións máximos históricos.

¿Podería, señor vicepresidente, dar a coñecer a esta Cámara e facer unha valoración dos mesmos?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Romero.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, don Alfonso Rueda.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Romero, efectivamente, este está sendo –non rematou aínda– un bo, eu creo que un magnífico, ano para o turismo en Galicia. Ademais, era o ano que tiña que selo, especialmente porque, aproveitando o comezo da recuperación económica, o que hai que facer é andar camiño para cando sexa máis evidente poder aproveitar todo o que se vaia facendo durante este ano. E, polo tanto, eu creo que dicir que no ano 2015 a nosa comunidade autónoma, Galicia, rexistrou o incremento máis alto de viaxeiros de toda España, que xa durante catro meses consecutivos, contando o mes de setembro, o último que está rematando, lideramos o crecemento en turistas de toda España, creo que fala ben ás claras de que as cousas se están facendo ben. Subimos nestes nove meses que van do ano 2015 un 12 % respecto das cifras do ano pasado, tres millóns de viaxeiros, e ademais están subindo –tamén importante á parte do número de viaxeiros– as

pernoctas destes viaxeiros. E a maior abundamento, creo que o dato especialmente importante de cara á consolidación é que está subindo tamén o turismo internacional, que é o que interesa máis consolidar e o que pode, sen dúbida, deixar máis cartos en Galicia polo seu poder adquisitivo.

Estamos xa en 970.000, practicamente un millón, de viaxeiros este ano e 1,5 millóns de pernoctas, o cal quere dicir que está subindo. Eses son os turistas estranxeiros en Galicia, un 30 %, case a terceira parte; e as noites que pasan aquí un 24 %, a cuarta parte, das pernoctas totais. E á parte, loxicamente, ademais isto provoca que estea subindo tamén o gasto do turismo internacional, datos de Egatur. A datos pechados do mes de setembro, 780 millóns de euros, un 12 % máis do que deixaba o turismo internacional en Galicia o ano pasado. Non se chegou nunca no histórico dos datos de Egatur a máis de 700 millóns nun mes de setembro. Neste ano, 780 millóns de euros, e quedan os datos de tres meses nada máis.

Polo tanto, eu creo que estes datos amosan que se vai polo bo camiño. Que suba o número de viaxeiros, especialmente os estranxeiros, que suba o número de pernoctas, que aumente o gasto destes turistas en Galicia, ao final o que fai é consolidar a importancia do turismo; fundamental, e ten que selo moito máis aínda. É o 12 % do total do emprego da nosa comunidade; arredor, en números redondos, de 110.000 empregos en Galicia no ano 2014 foron derivados directamente do turismo e máis de 6.000 millóns de euros do noso PIB. Polo tanto, creo que se están a facer as cousas ben, e se todo apunta a que o escenario de mellora económica se consolida, aínda haberá que facelas mellor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

A señora Romero, polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Si, moitas grazas de novo, señora presidenta.

Señor vicepresidente, se xa o ano 2014 foi un ano bo en termos turísticos para Galicia, cun aumento do número de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros do 8,1 %,

cando no total de España medraba só un 4,8 %, no que atinxe ao ano 2015, tal e como vostede apuntou, Galicia rexistrou a porcentaxe máis elevada do conxunto do Estado en termos de viaxeiros, e sitúase como cuarta comunidade cun maior incremento das pernoctas.

O turismo internacional segue a marcar máximos históricos neste mes de setembro, a datos deste mes de setembro, con máis de 170.000 viaxeiros aloxados e 267.000 pernoctas, cifras que superan un 12 % e un 13,2 % respectivamente os niveis do pasado ano. Pero se observamos os outros segmentos do mercado, atopámonos tamén con subidas neste mes de setembro. Así, o turismo interno sobe o 1,2 % en pernoctas e un 8,6 % en viaxeiros, superando a cifra dos 100.000 o número de viaxeiros residentes en Galicia, a cifra máis elevada desde o 2007. E o turismo receptor nacional mellora no 5,1 %, acadando preto de 450.000 pernoctas.

Ante estes datos, señor vicepresidente, ninguén dubida do mellor comportamento ano tras ano do turismo de Galicia, e ninguén dubidará tamén que a laboura e o empeño do Goberno galego é para que así fose, en algo terá que ver para ter estes datos turísticos. Dende logo, este grupo parlamentario así o recoñece e mesmo quere aproveitar este turno de palabra para felicitar o Goberno polo traballo feito en materia de turismo. Pero unha vez coñecidos estes últimos datos do ano 2015, ¿cal vai ser a aposta do Goberno galego neste ano que resta de lexislatura para mellorar aínda máis estes resultados, mesmo para acadar unha maior ocupación hoteleira e unha estadía media superior, tan demandada polo sector?

E por outra banda, señor vicepresidente, visto que o indicador...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Romero. Moitas grazas.

(Aplausos.)

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señora Romero, o obxectivo é seguir medrando e aproveitar esta liña ascendente, e seguir consolidando o turismo que

está chegando aquí; e que repita, non interesa só que veña senón que veña máis veces e, como vostede dicía, que pase máis tempo, que aumente o número de pernoctas, ese quizais sexa o dato máis desexable en todos os datos xerais, que aumente o número de pernoctas, que a xente que vén visitarnos pase máis tempo en Galicia, que coñeza máis, non só os destinos máis habituais, especialmente Santiago, que sen dúbida é un destino moi atraente para a xente que se achega a Galicia, pero que despois ten que aproveitar para coñecer outros moitos recunchos, que sen dúbida os hai e de moitísimo valor.

Este ano levamos 250.000 peregrinos, que fora dun ano xacobeo é o mellor dato histórico a mes de setembro pechado, que é cando temos os datos. E todo parece indicar que nos podemos acercar moitísimo, se non superalo, á cifra rexistrada no derradeiro ano xacobeo, no ano 2010, con todo o que iso supón de diferenza entre un ano que é xacobeo e un que non o é. Xa nos estamos achegando ao número de peregrinos que visitaron Galicia no derradeiro ano xacobeo.

Polo tanto, creo que ese é o camiño, aproveitar a potencia atraente do Camiño para que se coñeza toda Galicia, e, mentres, mellorar a calidade dos destinos e da formación dos profesionais de hostalería. Somos a segunda comunidade autónoma en España con máis distintivos “Q” de calidade turística. Hai que mellorar aínda máis a formación. A Escola de Turismo Itinerante, sen dúbida, vai supoñendo nese senso un pulo importante, e o Plan director do Camiño de Santiago, que planifica a moitos anos vista o que teñen que ser os camiños, non só o Camiño francés senón o resto dos camiños de Santiago, para, sen perder a súa esencia, que sigan sendo o polo principal de atracción, como lle dicía, de turistas a Galicia e de persoas que fan o camiño e que despois aproveitan para facer turismo na nosa comunidade autónoma. E, ao final, eses obxectivos que xa estaban marcados, que están para o ano 2020, xa foron superados mesmo no ano 2015 como vostede recordaba na súa derradeira intervención, e o que hai que facer é marcar uns obxectivos máis ambiciosos e despois poder cumprilos. ¿Cales son para o ano 2020? É achegarnos aos 5 millóns de turistas en establecementos regradados, 1.250.000 turistas estranxeiros con todo o valor, ao que me refería na miña primeira intervención, que ten potenciar, fixar e aumentar tamén o turismo estranxeiro polo seu poder adquisitivo e pola súa capacidade de aumento, e tamén superar os 1.000 millóns de euros de

gasto do turismo internacional. Eses son os obxectivos para o ano 2020 unha vez superados os que xa se fixaran tamén para o ano 2020 cinco anos antes, e oxalá que durante a década que queda se poida dicir que se volveron romper eses récords e que se poden fixar obxectivos aínda máis ambiciosos e que en principio estaban previstos para moitos anos máis adiante do que se está, afortunadamente para Galicia, para o seu produto interior bruto e para o seu emprego, marcando con moita antelación...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...e dende logo eses son todos bos sinais e polos que hai que seguir.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Pregunta de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas e D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da realización dunha investigación en relación coas novas referentes á intención dun grupo neonazi de sufragar a defensa dos presuntos autores do falecemento dunha persoa, de xeito violento, o 30 de decembro de 2014 nas inmediacións do estadio Manzanares, en Madrid

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Jorquera para formular a súa pregunta.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Señor Rueda, son futbolero pero aborrezco todas as actitudes violentas que usan o fútbol como coartada. Mais esta pregunta non vai de fútbol, vai de que un brutal asasinato non fiquen impunes. Mire, dende que coñecín o asasinato de Jimmy sentínome indignado, polo feito en si e por como se presentou: “*Muere un ultra del deportivo tras una pelea con radicales del Atlético*”, dicía a prensa de Madrid, en vez de “asasinado un seareiro do deportivo por ultras, ou –se se prefire– nazis, do Frente Atlético”.

Falaban dunha quedada, aínda que logo se demostrou que era falso, que o que houbo foi unha encerrona, unha auténtica “caza al gallego”, como antes houbera unha caza ao vasco

asasinando a Aitor Zabaleta. Dende o primeiro minuto, intentouse converter as vítimas en culpábeis, fíxoo a señora Cifuentes, quizais para tapar que en pleno centro de Madrid houbera unha agresión multitudinaria e que a policía tardase media hora en aparecer, ou para tapar tamén que, mentres Jimmy agonizaba nas augas do río Manzanares, ninguén acudise a socorrela.

Mire, señor Rueda, na miña cidade catro policías deron a súa vida por socorrer a un estudante nas augas bravas do mar do Orzán. A señora Cifuentes preguntouse a qué foran os seareiros do Dépor a Madrid; é dicir, nesa España que tanto nos une seica é pecado ir animar o teu equipo ao estadio Calderón. Fíxoo tamén o señor Tebas, presidente da Liga de Fútbol. Quizais o seu pasado en Fuerza Nueva explique por que ao principio intentou culpar os seareiros do Deportivo. Fíxeron tamén algúns medios, cebándose con Jimmy, ignorando a dor da súa familia. E nun país no que o respecto á morte é sagrado até foi motivo de sospeita acudir ao seu enterro. Presentaron a Jimmy coma un paria, coma un ninguén. Mire, eu creo que non existe ningún ninguén, pero aínda que os houbera, até un paria e até un ninguén ten dereitos, e non hai dereito a que a súa morte fiquese impune. E sempre que houbo un asasinato fascista a táctica para encubrilo foi intentar envilecer a vítima.

Por iso, señor Rueda, ¿que vai facer a Xunta de Galiza para que este salvaxe asasinato non fiquese impune?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor Jorquera.

Ten a palabra o vicepresidente, conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, don Alfonso Rueda.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):
Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Jorquera, en primeiro lugar —seguro que vostede tamén pensa o mesmo pero vouno dicir expresamente—, total respecto á memoria do seareiro e á súa familia. Creo que nisto non hai ningunha diferenza entre vostede e eu. Eu tamén son futbolero, ao mellor non tanto coma vostede, pero subscribo completamente o que vostede dixo: rexeita-

mento absoluto de calquera tipo de violencia no deporte e en calquera eido, pero agora estamos falando de deporte.

E a partir de aí, sinceramente, non entendo moi ben, e perdoo que llo diga, cal é o obxecto da súa pregunta. Se é dicir se estamos de acordo en que se investigue ata o final e caian os culpables con todo o peso da lei sobre os que asasinaron o seareiro do Deportivo, supoño que non lle cabeirá ningunha dúbida. O que non imos facer é nin xuízos paralelos nin dar por amosadas cousas que quen ten que amosalas é a investigación policial. Eu si confío na investigación policial. Vostede, polo que dixo, non confía en absoluto. Eu confío na investigación policial e, dende logo, confío na actuación da xustiza, que é a que está investigando e é a que ten que dar cos culpables. E creo que iso é o que hai que dicir, e que o fagan canto antes e que o fagan sen ningunha dúbida. Todo o demais, os xuízos paralelos, tamén políticos, que entendo que fixo vostede, non creo que axuden en absoluto a que se clarifique o que todos queremos que se clarifique.

Hai mecanismos legais non só para dar cos culpables senón tamén para previr que non se produza —oxalá que nunca teñan lugar, nunca máis— este tipo de situacións, este tipo de violencia deportiva que leva ao extremo da morte dun seareiro. Para iso están os mecanismos legais, e, se non son dabondo, que se cambien. Agora, facer xuízos paralelos, dar por amosadas cousas que aínda están en investigación, ver vostede intencionalidade política na actuación dos responsables públicos, que estou seguro de que tamén o que queren, por riba de todo, é que isto se clarifique, creo que é errar o tiro, errar a solución do problema e, dende logo, non axudar nada a que se clarifique e caia todo o peso da lei sobre os culpables da morte de Jimmy.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Señor Rueda.

Réplica do señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Señor Rueda, vou darlle datos. Mire, varios seareiros galegos foron acoitelados, ningún do Atlético de Madrid, e hai 57 multas executadas de 60.000 euros cada unha, todas contra seareiros do Deportivo, ningunha contra os integrantes do grupo nazi.

E respecto do asasinato, o xuíz Diz di que non se pode determinar se os presuntos culpábeis asasinaron a Jimmy ou, pola contra, o que fixeron foi apalea e tirar ao río a outro seareiro do deportivo que resultou ferido. Pero mire, o que é indubidábel é que intentaron cometer un asasinato, consumado ou non, e resulta que os deixan libres e sen cargos.

Pero mire, ¿imaxina vostede o que pasaría se fose ao revés? Pero, ademais, atenda. Agora sabemos que dende xuño hai unha testemuña protexida, hinchado do Atlético do Madrid, que, di quen foron os asasinados e como cometeron os asasinatos, e nin o xuíz nin o fiscal o citan a declarar. ¿Non terá que ver isto con que entre os presuntos implicados hai un garda civil e un militar? ¿Non terá que ver con que o avogado da defensa dos presuntos criminais sexa un antigo fiscal da Audiencia Nacional coñecido polas súas posicións de dereita extrema? Fala de investigación policial. ¿É tolerábel que presente escritos censurando o exceso de celo da policía por non pechar a investigación?

Mire, eu tamén respecto a xustiza, mais cando a xustiza é tan inxusta, vénme á memoria o poema de Rosalía *Xustiza pola man*. Pero mire, non lle pedimos á Xunta que interfira na xustiza, pedímoslle unha declaración, que faga unha declaración pública exixindo que haxa xustiza, iso é o que lle estamos pedindo, que se sume ao clamor que hai na cidade da Coruña, que exixa que se investigue ata ao final, que, por tanto, carguen coa súa culpa os culpables e que este crime, en definitiva, non fiquen impune.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra don Alfonso Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Pois se iso é o que vostede quere, señor Jorquera, declaración pública, que se faga xustiza e que carguen coa súa culpa os culpables ata o final, ¡pero é que faltaría máis! (*Aplausos.*) Pero vostede ¿que me está pedindo? ¿Que lle está pedindo á Xunta de Galicia? ¿Iso é o que quere? ¿Ten dúbidas? ¿Que pasa?, ¿que iso non hai que pedilo sempre? ¿Que pasa?, ¿que vostede cre que hai que pedilo segundo os casos, e hai casos que si e casos que non? Hai que pedilo sempre, señor Jorquera, que caia o peso da lei sobre os culpables, e que se faga xustiza.

Claro, se empezamos a distinguir despois —e falo xa en xeral— de que a xustiza é xusta ou non, que hai que acatala pero no respectala segundo a vostede lle guste o que se está facendo ou non, entón, señor Jorquera, perdoo que llo diga, pero a xustiza desaparece absolutamente.

Se vostede o que pretende é que a Xunta de Galicia faga un xuízo paralelo, que empece a dicir quen ten a culpa e quen non, que digamos que, en función das ideoloxías, a unhas persoas o que faga a xustiza lles encaixa a a outras non, simplemente pola súa ideoloxía, eu dígolle que a xustiza, con independencia das ideoloxías, ten que actuar sempre. E que a vostede lle caiban dúbidas e crea que fai falta facer unha declaración pública para que isto quede claro fai que me preocupe bastante o seu concepto de xustiza, perdoo que llo diga.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta de D. José Ramón Val Alonso e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para posibilitar o mantemento da actividade da frota do cerco

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Val para formular a súa pregunta.

O señor VAL ALONSO: Ben, boa tarde a todos e a todas.

Señora conselleira, hoxe novamente voltamos traer ao Pleno desta cámara o problema que dende hai xa máis de dous anos vén afectando a unha parte moi maioritaria da frota do cerco galego. E desta volta traémolo por diferentes razóns.

Primeiro porque a situación ten mudado claramente nos últimos días, agora xa non se trata dunha ameaza constante de falla de rendibilidade das empresas pesqueiras, agora estamos falando xa de que a frota leva máis de dez días amarrada a porto, con todo o que iso significa, señora conselleira: máis de 1.200 mariñeiros que non teñen ingresos nin os terán nos dous próximos meses, e moitos postos de traballo inducidos que están no aire.

E traemos tamén esta iniciativa por outro motivo máis, unha cuestión que nos parece moi pouco elegante, por non utilizar

outra palabra, e que foron as declaracións da ministra Tejerina dicíndolles aos armadores do cerco que non se queixasen, que amarrados están ben, que xa gañaron bastante durante este ano. Indignante, de verdade, señora conselleira, a súa actitude e a do Ministerio; a do Ministerio por esas declaracións, e a súa por consentilas.

A xente leva moito tempo na rúa reclamando de vostede, señora Quintana, a atención que non lle prestou durante todo este tempo. ¿Que ten pensado facer, señora Quintana? Porque na reunión que mantivo vostede a semana pasada, o sector mesmo pensou que estaba vostede cambiando de opinión, e mesmo pensou que ía entrar no fondo da cuestión, que é o cambio de repartición. Pero, claro, duroulles pouco, duroulles pouco esa alegría que tiveron, porque, en canto viron a nota de prensa que o seu gabinete enviou reclamándolles mellor xestión, deuse conta de que ten vostede dúas facianas.

Señora conselleira, co xurelo e o bocarte pechados na 8C e na 9A —aínda que hoxe o Ministerio acaba de facer público unha repartición, un novo aumento de cota, para a zona 9A de 300 toneladas, das que a Galicia lle van corresponder 3 toneladas—, coa sardiña sometida a un plan de xestión, sen xarda despois dun cambio realizado coa Segepesca o pasado venres, ¿que lle queda ao sector, señora Quintana? ¿Que lle ofrece o Goberno galego? ¿Que lle ofrece a conselleira do mar? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Val.

Ten a palabra a conselleira do Mar, dona Rosa Quinta Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Val, onte mesmo pola tarde tiñamos ocasión de falar unha vez máis do tema do cerco, e hoxe dígolle o mesmo que lle dicía onte: o único que estamos a facer na Xunta de Galicia, o único que estou a facer eu e todo o meu equipo, o único que están a facer no Ministerio polo cerco de Galicia, é traballar, traballar, buscar os mellores datos científicos para aportalos na Unión Europea e conseguir cada día máis

e mellores posibilidades de pesca. Por iso, por eses datos científicos, por ese traballo, conseguimos a suba das cotas das principais especies que captura o cerco, e dende o ano 2009 —repito, e xa o dixer— estas cotas se teñen incrementado un 52 %.

Ademais, no ano 2013, o actual Goberno do Estado corrixiu a repartición feita polo anterior Goberno, e procedeu a formular un aumento xeneralizado das cotas asignadas á frota do cerco, rebaixando as do arrastre, en todas as especies e cos mesmos criterios de repartición que hoxe se critican. Deste xeito, o cerco subiu no xurelo na zona 8C, dun 46 % a un 53 %, e na 9A dun 50 % a un 54,8 %. E na xarda medrou dun 27 % a un 34 %.

Con estes criterios de repartición que lle permitiron subir a súa porcentaxe foi cos que se procedeu a efectuar a repartición interna, e neste caso temos que dicir que, fronte a unha participación histórica do 21 % na cota da xarda, agora logramos o 24,8 %; e neste ano, tras as correccións, pasamos ao 26 %.

Ademais, agora parece que o problema este ano é o xurelo, e nesta especie temos case o 44 % da cota das tres zonas, e a maiores destacamos que na zona 9A temos o 98 %. Do mesmo xeito tamén afrontamos a flexibilización das sancións que temos por sobrepesca. Asemade, no caso do xurelo, onde a cota se atopa dividida entre as zonas 8B, 8C e 9A, conseguimos unha flexibilización do 50 % da zona 8B para a 8C, co cal a maior parte da nosa frota galega pode pescar un xurelo que antes non podía pescar.

Do mesmo xeito, mediamos en varias ocasións diante da Segepesca e das comunidades autónomas para conseguir adiantos ou intercambio de cotas, ben con outros países ou con outras froas.

Señoría, traballo, traballo, traballo e conseguir incrementar as cotas ano tras ano, niso é no que estamos na Xunta e no Ministerio.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Quintana.

Réplica do señor Val Alonso.

O señor VAL ALONSO: Mire, señora conselleira, a verdade é que, para tanto traballar, a verdade é que o sector non o nota nada. Aí ten o exemplo, ás portas de San Caetano, levan aí máis dunha semana acampados máis de 120 armadores do cerco, que levan máis de dez días amarrados a porto e sen ningunha expectativa de poder traballar ata que volva comezar o próximo ano 2016. Polo tanto, parécese que esas cifras que dá vostede non serven absolutamente para nada, porque non se dá conta vostede de que onde está o problema é no modelo de repartición que vostedes veñen defendendo dende hai máis de dous anos.

E vostede tamén nos ten moi acostumados neste Parlamento a fuxir das súas responsabilidades e a botarlles a culpa a gobernos pasados, sen darse conta de que vostede é a máxima responsable do Goberno galego en materia de pesca dende o ano 2009, señora Quintana; polo tanto, algunha responsabilidade ten sobre o que está pasando no sector.

Eu díxenllo onte na Comisión 3ª tamén: leva vostede sete orzamentos xestionados neste Goberno –sete orzamentos–, máis de 800 millóns de euros destinados á pesca. E o seu balance neste tempo é o de máis de 5.000 persoas que renunciaron a seguir cotizando no réxime especial do mar. E ese é o fracaso do seu modelo, o fracaso do modelo do Partido Popular.

Mire, onte rematou o seu discurso nesa comparecencia, dicindo que o seu obxectivo era xerar emprego, era xerar emprego no mar. E eu preguntome se cre vostede que este é o camiño. Repítolle, dende hai dez días, 1.200 traballadores do mar sen poder ter un só ingreso da súa actividade. ¿Ese é o modelo co que vai xerar emprego no mar, señora conselleira? ¿Non se deu conta de que o problema é o modelo de repartición? Entren vostedes no fondo, señora conselleira. ¿Non se dá conta de que este modelo o que está a xerar é unha importante desigualdade xa dentro da frota galega, e moito máis grande aínda respecto das doutras comunidades do Cantábrico? Esa é a realidade, non valen parches, non vale adiantar o 10 % correspondente á cota do ano seguinte, non chega cos intercambios. Do que se trata, señora Quintana, é de ir ao fondo da cuestión. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Val.

Ten a palabra a conselleira do Mar, dona Rosa Quintana.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Val, xa onte falabamos e o dicíamos, e eu pídolle que non confunda as cifras cando se dan, porque ao mellor pódese conducir a un error. Vostede di que na miña xestión desapareceron 5.000 postos de traballo. Non, o dato é ao revés. Durante os anos 2005 ao 2008 desapareceron 4.500 postos de traballo, e dende o ano 2009 ata setembro do 2015, desapareceron 2.000. Esas son as diferenzas; non, non, bote os números como os ten que botar. *(Murmurios.)*

Mire, agora mesmo vostede di que están amarrados e non poden saír a traballar. Ofrecéuselles o intercambio de xarda –se non querían xarda– por xurelo para poder traballar. E eles teñen aínda posibilidades, teñen 600 toneladas de xarda que aínda podían seguir pescando. Se prefiren nestes momentos pescar xurelo e non xarda, ofrecéuselles esa posibilidade de cambiar xarda por xurelo, e non quixeron aceptar o cambio. Teñen agora novas posibilidades de pescar sardiña, que estamos nun plan de xestión, que aínda sobra moita sardiña, que os meses que tiñamos reservados de veda non van facer falta porque aínda sobran toneladas para poder pescar. *(Murmurios.)* ¿Que non lles chegan os 6.000 quilos á semana? Pois poden solicitar o incremento a 10.000, porque aínda nos queda sardiña no mar, e hai outra xente que a está pescando.

Mire, eu díxenlle ao sector –e non teño unha dobre faciana, porque o que digo mantéño– que levamos dous anos con esta repartición. Non hai ningún problema en falar co Ministerio, en falar co resto das comunidades autónomas, e en xaneiro volvernos sentar e ver como van as reparticións. Porque mire vostede do que estamos a falar: na zona 9A temos o 98 % do xurelo, que é a especie fundamental da nosa frota do cerco. É o que eu viña dicindo cando nos montaban o jaleo pola repartición da xarda, o 98 % témolo nós. Acerga, os barcos de xestión conxunta da Acerga, dese 98 % teñen o 72 %. Cando se fala de repartir por tripulante, hai que facer ben as contas. E eu a vostede o único que lle pido é que faga vostede as contas, que se sente co sector e que os axude a reflexionar, non que vaia cambiando de posición en función do que lle van contando cada día.

Se imos á repartición por tripulante, entran tamén nesa repartición os 850 mariñeiros que teñen en Andalucía. E *jojito!*, non vaiamos pasar do 98 % do xurelo ao 34 % e quedemos cunha anchoa que uns anos entra e outros non.

Polo tanto, eu nunca darei un paso sen antes analizar ben se imos gañar ou perder na xogada.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Quintana.

Suspendemos a sesión ata mañá ás 10.00 horas.

Boa noite e moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás oito e corenta e cinco minutos da noite.



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25